A Constitución establece que o Estado está organizado territorialmente en municipios, provincias e CC.AA. (artigo 137), ademais de permitirla creación de agrupacións de concellos diferentes da provincia e de definir as peculiaridades máis xenéricas da Administración das illas nos arquipélagos canario e balear (artigo 141, alíneas 3 e 4); atribúelles ás CC.AA. as funcións que lle corresponden á Administración do Estado sobre as corporacións locais, se a transferencia é autorizada pola lexislación sobre réxime local (artigo 148.1.2º). Sen esquecer o artigo 152.3 que estipula que “mediante a agrupación de municipios limítrofes, os estatutos poderán establecer circunscricións territoriais propias que gozarán de plena personalidade xurídica”; isto non se pode considerar como unha duplicación dos termos previstos no 141.3, máxime se recordamos que apareceu por una emenda *in voce* que defendeu o Sr. Raventós polo Grupo Socialista catalán, na que se facía explícita referencia ás comarcas; retomaremos este precepto.

A organización territorial piramidal do Estado español vertebrada por este articulado parece, se facemos unha simple lectura, clara<sup>9</sup>, concisa e mesmo que non comprime moito, a non ser na estricte conservación dos límites –dificilmente mudables– das provincias, que dan o paso de poder ser alteradas regulamentariamente a ter que pasar pola estreita peneira de nada menos ca unha lei orgánica *ad hoc* para cada ocasión. Non obstante, como xa salientamos<sup>10</sup>, o proceso aínda non rematou: pendentes aínda Ceuta e Melilla, á altura de 1992 tódalas CC.AA. que non optaron no seu día pola iniciativa denominada “de privilexio” de acceso á autonomía xa poden aumentalo seu teito de competencias. Ademais, non hai que arrombar totalmente as previsións dalgúns estatutos tocante ás alteracións do territorio, como nos casos do País Vasco (artigos 2.2, 8 e 47.2), Cantabria (artigo 58), A Rioxa (artigo 44), Castela e León (disposicións adicionais sétima e oitava, e STC 89/1984, do 29 de setembro, que deixa aberto o futuro da provincia de León), Navarra (disposición adicional segunda da *Ley de reintegración y mejoramiento del régimen foral* en relación coa disposición transitoria cuarta CE), Aragón (artigo 10); e tamén do artigo 144.b da CE e correspondente disposición adicional primeira do Estatuto de autonomía an-

<sup>9</sup> Malia o trasfondo de enorme heteroxeneidade que recoñece a STC 15/88, do 10 de febreiro.

<sup>10</sup> Álvaro X. López Mira: “Unha aproximación ás variacións territoriais no marco constitucional e estatutario”, en *Revista de Estudios Provinciais* nºs 8-9, Pontevedra, Deputación Provincial, 1992, p. 12.

<sup>11</sup> Outro exemplo da excesiva rixidez constitucional, signo de desconfianza cara ás CC.AA., probablemente innecesaria, recálcao García Roca en relación co artigo 145.1, no que se causa un grave prexuízo ás posibles *rectificacións* históricas ou económico-planificadoras do mapa rexional, “y, a fortiori, cuando se sustenta un criterio tan importante, pero tan difícil de evaluar, de la esencia comunitaria como es la **entidad regional histórica** (art. 143)”. Francisco Javier García Roca: “El principio de voluntariedad autonómica: teoría y realidad constitucionales”, en *Revista de Derecho Político* nº 21, Madrid, UNED, 1984, p. 120.

<sup>12</sup> Carlos A. Pereira Menaut: *Lecciones de Teoría Constitucional*, Madrid, Edersa, 1987, 2ª ed., p. 65. No mesmo sentido, M<sup>a</sup> Victoria García-Atance: “Perfil ambivalente de la fórmula de reforma constitucional en la dialéctica permanencia-cambio” en *Revista de Derecho Político* nº 31, Madrid, UNED, 1990, pp. 143-196. Pola súa parte, Solozábal Eche-

varría, despois de aludir ó sustento da vixente Constitución na indisoluble unidade da nación española máis ca na mesma nación (artigo 2), engade que “la consagración teórica de la unidad de la nación española, tan inevitable como se quiera por motivos políticos, aparece como una manifestación entre nosotros –todavía– de la creencia en el valor taumatúrgico de la Constitución, creencia contra la que nada ha podido la repetida inobservancia de nuestros textos constitucionales, con su reducción consiguiente a papel mojado”. Juan José Solozábal Echevarría: “Sobre el modelo de organización territorial del Estado según la Constitución de 1978”, en *Revista de Derecho Político* nº 13, Madrid, UNED, 1982, p. 64.

<sup>13</sup> Aínda que Pereira Menaut destaca que, por exemplo, a Lei fundamental alemana de 1949, malia a súa rixidez, saíu a unha media de unha reforma por ano ou máis, e os avatares da súa historia política recente non eran tampouco precisamente sosegados. Cfr. Carlos A. Pereira Menaut: *Leciones, op. cit.*, p. 58.

<sup>14</sup> Cfr. Carlos Mella Villar: *A Galicia posible*, Vigo, Xerais, 1992, p. 73. Jiménez Blanco opina que utiliza-la cooperación e a coordinación como se está a facer, supón unha fraude constitucional neo-centralista: “el principio de participación de las CC.AA. en la elaboración de la política estatal es un *prius* temporal ló-

daluz, os cales poden quedar definitivamente baleiros de contido por mor dos novos camiños autodeterministas polos que se queren dirixi-los dirixentes xibraltareños, que darían cabo da súa suposta situación colonial<sup>11</sup>. Outras necesidades ou reclamacións recentes (traspaso IRPE, *Administración única...*), sen esquece-la dinámica do proceso de subsunción de España nas comunidades europeas, coadxuvan a que non sexa posible albiscar nun horizonte próximo un deseño cerrado e completo do Estado das autonomías.

Loewenstein afirmaba que mesmo a mellor constitución só é un compromiso, derivado do equilibrio que naquel momento presentaban as forzas sociais que participaron no seu nacemento representadas polos partidos políticos; e, no caso español, este equilibrio foi un alarde de acrobacias. Ademais, como subliña o profesor Pereira Menaut, seguindo a axioma política que desde Burke sostén que a mellor defensa dunha Constitución é a súa reforma frecuente e paulatina, resulta evidente que se unha Constitución está viva ten que cambiar<sup>12</sup>. No traballo que citamos antes, sinalabamos que a vixente Constitución española naceu con vocación de perpetuidade, case *orgánica*, se cadra imbuídas as mentes dos pais da patria polas circunstancias históricas que viña de atravesalo réxime político español, e mesmo non exentas dun matizado temor á ruptura total coas mesmas<sup>13</sup>. Sen embargo, e concretamente na materia que nos ocupa, cremos que existen raíces máis fondas e antigas, as cales repousan no racionalista modelo do centralismo francés mal aplicado que emanan de maneira ininterrompida os lexisladores españois desde 1812, nese pesadelo que é a historia do constitucionalismo español.

Mesmo o conciso tratamento constitucional do réxime local pode, neste sentido, suxerir un continuísmo clasicista do tema, mais tamén permite unha apertura cara a novas rotas. Agora ben, debemos inscribilo, coma outros apartados da Constitución, nunha dinámica de desenvolvemento posterior que o converteu nun sistema no que non hai nada pechado, senón no que todo se pode discutir, provocando interpretacións diverxentes segundo os casos, en función de claves político-xurídicas. Non é ningún segredo que existen graves asimetrías entre as facultades políticas e as de xestión<sup>14</sup>, e no caso do

régime (ou a Administración; aquí xa as mesmas palabras denotan un contido ideolóxico diferencial) local, o desenvolvemento dos preceptos constitucionais permite cando menos dúas lecturas: unha en que a Comunidade Autónoma o autoorganízase no seu propio territorio, atendendo ás súas peculiaridades diferenciais e ós cambios experimentados desde a Constitución de Cádiz, manténdose en pé o espírito do seu artigo 11 de realizar “unha división máis conveniente do territorio”; e outra que se inclinase por unha uniformización a cal, necesariamente, entraría en conflito coas distintas previsións estatutarias.

Non fai falta dicir que o lexislador básico estatal escolleu este último camiño, usando tódolos instrumentos xurídicos ó seu alcance, facendo excesivamente complexa a que aparenta simple estrutura constitucional; isto, na nosa opinión, e entre outras consecuencias, supón unha deformación de tódalas potencialidades de cambio e mellora que contén a Constitución sen necesidade de reformala, mesmo aínda que non fose moi valorado o sistema descentralizador plenamente autonómico (nalgúns territorios) que aquela pretendía implementar. No tema local a continuidade histórica española é evidente (mesmo o propio franquismo non supuxo ningunha ruptura); as acentuadas tendencias centralistas e uniformizadoras no funcionamento das institucións locais (por máis que a semántica legal en ocasións podería, ou poida, facer pensar outra cousa), aínda que se lles imprimisen determinadas sutilezas xurídicas, non se viron demasiado quebrantadas despois de 14 anos de operatividade constitucional, quedando máis afectada cás mesmas esenciais do autogoberno autonómico a propia instrumentación das autonomías locais, fóra por suposto de grandilocuentes afirmacións.

## 2. Lei reguladora das bases do réxime local.

Neste sentido aquela “alianza del Iusnaturalismo racionalista con la planificación política de la Ilustración denominada codificación, que perseguía realizar una nueva ordenación de la sociedad”<sup>15</sup>, ten que busca-la coalición nunha especie de readaptación do *Welfare State* his-

gico y jurídico - constitucional si se pretende luego dirigir la actividad de aquéllas mediante pautas unitarias”; ten que haber unha fase ascendente e outra descendente na coordinación; e conviría abandona-las mentalidades que levan a que en Madrid sexan recibidos determinados presidentes de CC.AA. como se fosen plenipotenciarios dun país estranxeiro, e canaliza-la súa participación na política dun Estado que, non en balde, se configura como das autonomías. Antonio Jiménez Blanco: *La relación...*, *op. cit.*, pp. 317-318.

<sup>15</sup> Alejandro Fernández Barreiro: *Las grandes familias jurídicas del mundo contemporáneo*, Pontevedra, UNED, 1975, p. 9.

pánico, ata chegar á etapa actual que, no enfoque de Pereira Menaut, representa, nos últimos anos, o máximo estatismo coñecido na historia de España<sup>16</sup>, nunha verdadeira continuidade da tradición española do *caudillismo* (que é moi anterior ó réxime franquista).

E, aínda que é verdade que na historia do constitucionalismo español “la política transcurrió siempre al margen de los textos constitucionales”<sup>17</sup>, tamén é certo que é posible identificar baixo esa inestabilidade constitucional e constituínte, “una relativa continuidad de la economía y de los presupuestos ideológicos de la clase política”<sup>18</sup>. Con esta premisa, a lectura do preámbulo da LRBRL, tan cheo de retórica grandilocuente que poucos motivos expón para xustificarlo texto legal que prologa, non sorprende cando expresa que a resolución axeitada para a tensión existente entre uniformismo e diversidade na organización local, “exige desde luego la constricción del marco general a lo estrictamente indispensable para satisfacer *el interés nacional*” –subliñamos–, intentando disimular a recentralización dos entes locais cara ó aparato organizativo central. Non sorprende, e mesmo recorda, o mellor dos hábitos parcialmente unitaristas que nos estudos histórico-políticos consideran os nacionalismos periféricos españois coma unha grave cuestión que contraría a razón de Estado; léase *o problema catalán*, *o problema vasco*, ou en xeral, *o problema rexional*, mentalidade que adoita provoca-la espiral de reacción conseguinte.

Nesta situación, ó noso ver, o significado profundo da LRBRL –complementándose coas normas que a desenvolven e coa lexislación sobre a organización periférica dos órganos centrais do Estado– *contradí o significado político do principio constitucional de autonomía* (polo menos no que respecta a algunhas CC.AA., como teremos ocasión de ver polo miúdo), incluída a das propias entidades locais. A sociedade civil, as estruturas sociais sobre as que se sobrepoñen os aparatos administrativos (administracións locais), nin se poden ver representados –como *a posteriori* analizaremos– polas deputacións provinciais, nin poden decidir sobre a continuidade da súa propia existencia xurídica como concellos. Por outra parte, dificilmente podemos considerar (cfr. *inframunicipios*) que ocupan o lugar de auténticos entes de goberno local, que lles dean satisfacción ás esixencias políticas de cada co-

<sup>16</sup> Cfr. A. C. Pereira Menaut: *Concepts of State and Regional Autonomy*, Lovaina, Jura Falconis jg. 24 (1987-88) nº 1, p. 124.

<sup>17</sup> Antonio Torres del Moral: *Constitucionalismo histórico español*, Madrid, Átomo, 1988, 2ª ed., p. 17.

<sup>18</sup> *Ibid.*, p. 16.

munidade veciñal e á, cada día máis fortemente demandada, eficaz prestación de servicios públicos. Se a Constitución o posibilita, é certo que poucas entidades locais en España escaparon da súa tradicional posición de “minusválidos administrativos” en expresión de Leguina Villa. Se cadra non sería ocioso recordar con Lucas Murillo que “las Cortes Constituyentes no se pronunciaron por un Estado de las Autonomías solamente por motivos de racionalidad y eficiencia técnica de las estructuras estatales, ni tampoco solamente por un afán democratizador que pretende acercar al ciudadano las instancias decisoras y crear nuevos niveles de participación. Junto a todos estos argumentos, los constituyentes tuvieron bien presentes las demandas de autogobierno largamente mantenidas por distintas fuerzas políticas de importante raíz popular, los sentimientos de identidad específica de comunidades culturales que no se satisfacen únicamente con potestades de ejecución”<sup>19</sup>.

Así pois, nas bases do réxime local tal como se formularon, dilúese a esencia do Estado policéntrico no que “el sujeto central, en forma ordinaria, solamente asume una cuota de poder político yuxtapuesta a la que corresponde a las CC.AA.”<sup>20</sup>, invertendo os termos, sendo xa, por iso mesmo, grave; desta forma non é de estrañar que continuamente se trasladase a instancia interpretativa decisoria ó TC –como detallaremos brevemente– en materia local, xerando como efecto xustaposto (e probablemente máis indeseable) que o poder político, reemisor inmediato da representación popular, perda en boa medida a súa caracterización en todo o xogo ideado pola Constitución de 1978; ademais de que as sentencias constitucionais lle imprimen ó sistema unha maior rixidez, xa que as súas decisións doutrinarias non poden cambiar coa mesma facilidade ca un decreto do Goberno ou unha lei do Parlamento<sup>21</sup>. Isto sen contar coa saturación que case violenta os principios funcionais do alto tribunal, da que son boa proba os case cinco anos transcorridos desde a promulgación da LRBRL ata a publicación oficial das rectificacións que se lle fixeron, vía sentenza constitucional, no BOE (11 de xaneiro de 1990)<sup>22</sup>.

Parece existir unanimidade doutrinal sobre a urxente necesidade de reformar un réxime local como o español que, non só foi historicamente alentador da tradición

<sup>19</sup> Pablo Lucas Murillo de la Cueva: “Normas programáticas, Estatutos y Autonomía Comunitaria”, en *Revista de Derecho Político*, 21, *op. cit.*, p. 29.

<sup>20</sup> Eloy García López: “El marco del Estado autonómico”, en *Revista de Derecho Político* nº 17, Madrid, UNED, 1983, p. 111.

<sup>21</sup> Cfr. Iñiqui Lagasabaster: “O papel das CC.AA. na Construción Europea”, en *Simpósio da Europa dos Estados á Europa dos Pobos*, Santiago, IGEA-CIFE, 1988.

<sup>22</sup> É ben coñecida a anécdota da resposta que lle deu un ministro de Administración Territorial ó conselleiro da Xunta de Galicia, Sr. Vázquez Portomeñe, nunha Comisión Mixta de traspaso de competencias: “si Usted no está de acuerdo, acuda al Tribunal Constitucional”; recurso que non se deixou de seguir desde aquela, ata converterse en hábito. Se comparámo-lo nivel de conflictividade centro - periferia español, co existente na RFA desde a promulgación da Lei fundamental de Bonn, onde só houbo 30 conflitos *länder*-Federación sometidos á resolución do Tribunal Federal, hai que pensar, ou que o sistema está pouco claro, ou que o recurso de inconstitucionalidade se converteu nunha arma arreboladiza das instancias políticas.

centralista e, polo tanto, incompatible cos principios cimentadores da autonomía que propugna a Constitución, senón que ademais provocou que os seus elementos substanciais se atopasen en boa medida caducos; así, por exemplo, no caso da institución central do mesmo, o municipio<sup>23</sup>, o desfase coa actual estruturación local cobre proporcións extremas, con máis de 8.000 existentes e que carecen na súa inmensa maioría dos recursos mínimos necesarios para presta-los servizos públicos que lles impón a lei a cal, deste xeito, queda baldeirada de contido, ó ser sinxelamente inaplicable polo seu distanciamento da realidade.

No caso galego, esta obsolescencia acentúase aínda máis, xa que comeza –como veremos– co propio nacemento do sistema no século pasado; e se na actualidade as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma abranguen a lexislación e a execución da “autoorganización del régimen local”<sup>24</sup>, a tendencia do lexislador básico está claramente orientada cara á continuidade fiel co pasado, ó establecer unhas bases nas que dá por suposta a existencia de dous únicos tipos homoxéneos de entidades locais, e ó dificultala creación (agás por antieconómica superposición) de calquera outras, abrangendo, mesmo, extremos propios da simple execución (por exemplo no que se refire á supresión de concellos). O estatuínte galego atende no seu deseño territorial ás manifestas diferencias espaciais e sociolóxicas da Comunidade Autónoma e declara (artigo 27.2) a taxativa exclusividade en canto ó seu propio réxime local; mais o TC puntualizou que “a orde xurídica-política establecida pola Constitución asegúralle a existencia a determinadas institucións”<sup>25</sup>. Este esquema pode chegar a orixinar unha serie de patoloxías case esquizofrénicas na armazón organizativa territorial española, en canto que, por unha parte, os imprecisos e mesmo cambiantes<sup>26</sup> límites e trazos esenciais da autonomía local apoderan ó lexislador ordinario para regula-los contornos desa autonomía<sup>27</sup>; e pola outra, o sinalamento polo TC (Sentencia do 23 de decembro de 1982) do carácter bifronte do réxime xurídico das corporacións locais, xa que concorren nel as actividades normativas dos órganos centrais do Estado e das CC.AA. (un dos apoios da LRBRL), dificulta pola súa idiosincrasia de tensionismo de competencias, “la

<sup>23</sup> Que debería prescindir de toda “veleidad iusnaturalista” (Ramón Martín Mateo: *Manual de Derecho Autonómico*, Madrid, Abella, 1988, 2ª ed., p. 323). “Principio romántico curiosamente reverdecido de forma inopinada por las fuerzas políticas emergentes”, Tomás Ramón Fernández Rodríguez: “La organización territorial del Estado y la Administración pública en la nueva Constitución”, en *Lecturas sobre la Constitución Española* vol. I, Madrid, UNED, 1978, p. 362.

<sup>24</sup> Ramón Máiz Suárez: “¿Qué es la autonomía?”, en *La Autonomía Gallega*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1978, p. 64.

<sup>25</sup> STC do 28 de xullo de 1981.

<sup>26</sup> Por exemplo no *feedback* que se pode producir entre a xestión de servizos ou execución de competencias de carácter delegable, entre as entidades provinciais ou insulares e as respectivas CC.AA.

<sup>27</sup> Cfr. Ramón Martín Mateo: *Manual de Derecho Autonómico*, op. cit., pp. 324-325.

definición de un *modo de ser* de las instituciones locales acorde con la realidad social y ecológica subyacente”<sup>28</sup>.

A cuestión ten moita transcendencia nun Estado que, territorialmente, foi deseñado de xeito complexo, e no que o réxime local non atopa o seu acomodo; ademais, neste réxime, a interpretación do TC permite (se cadra coa postura adoptada pola LRBRL non sería posible outra) fuxir da simplicidade, da economía e, consecuentemente, da funcionalidade e conseguinte eficiencia, aínda que poida parecer indesexable, como examinaremos. Do outro lado, estando convencidos da fonda verdade da máxima inglesa segundo a que *o goberno local é o mestre da democracia*, pensamos que este debería encaixar, sen forzalo, na armazón organizativa case federalista esbozada en 1978, que non sexa tan rixida que non busque a propósito violenta-la necesaria autonomía local coas condicións que interpoña o lexislador básico estatal, no papel de intermediario favorecido entre os entes locais e as súas respectivas CC.AA. Xustamente o que sae perdendo nas lides por asumir ou conservar flocos de competencias, é a propia autonomía local, ademais do mesmo vertebramento do Estado que, en ocasións, semella operar en aberta contradicción cuns mínimos fundamentos de eficacia e racionalidade<sup>29</sup>, só a cambio de pírricas victorias xurisdiccionais.

O marcado matiz uniformizador da LRBRL comeza xa coa súa excesiva amplitude, non recomendable nun texto considerado básico e que entra prolixamente en cuestións de detalle que non deberían ter máis alcance có regulamentario (e polo tanto xeralmente dereito supletorio do exclusivo das CC.AA.), e que afectan, non só á capacidade de actuación das CC.AA. no referente ás normas do seu propio réxime local, senón tamén á mesma capacidade organizativa dos entes locais. Tamén é discutible o escaso grao de consenso político alcanzado na redacción e aprobación da lei, nunha materia que a falta del non deixará de crear unha situación de continuos conflitos. Por outro lado –como salientaremos–, as numerosas excepcións que a propia lei lle recoñece ó seu carácter básico, non parecen un modelo moi apropiado cando as competencias na materia son estatutariamente as mesmas, xa que non resulta sinxelo encontrar razóns –polo menos de tipo xurídico– que avalen un maior

<sup>28</sup> Luis Morell Ocaña: *La Administración Local*, Madrid, Tecnos, 1984, p. 149.

<sup>29</sup> Por poñer un exemplo, Baena del Alcázar menciona o dato dun corenta por cento de delegados (periféricos dos órganos centrais) que teñen unha competencia supraprovincial non axustada ó territorio das CC.AA. Mariano Baena del Alcázar: “La Provincia como división territorial”, en *La Provincia*, Granada, Universidade, 1985, p. 133. E non parece inoportuno advertir sobre o uso dialéctico que algúns autores pretenden facer da “Carta Europea de Autonomía Local”, ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988 –agás nun punto moi sintomático que analizaremos con posterioridade–, como posible instrumento de defensa contra a rapina competencial das CC.AA., erguéndose o Estado no adáil da autonomía local, e iso con tódalas vaguidades do citado texto nalgún dos seus artigos (como por exemplo o 3<sup>o</sup>).

cercos á pluralidade e diversificación dunha determinada Comunidade Autónoma (o caso de Galicia) que das outras, cando a vía estatutaria determina outra cousa.

Unha última matización crítica de carácter xeral, ten que aludir á, como mínimo, confusa clasificación do artigo 3º da lei, que distingue entre entidades locais territoriais ou non (nestas cun elenco non de *numerus clausus*), intentando configura-lo territorio como elemento esencial ou como ámbito delimitador da competencia, querendo así buscar unha definición dogmática dunha categoría absolutamente imprecisa<sup>30</sup>, e que o TC aclarou no sentido de distinguir entre entidades locais necesarias e continxentes, que para nada afecta á territorialidade. Así, a antedita clasificación contrasta non só coa recollida no proxecto (artigo 4º) da lei, senón que se contradí coa territorialidade disposta para as entidades de ámbito inferior ó municipio (artigos 3.2.a, 4.2, 45) ou outras entidades territoriais distintas de concellos, provincias e illas (artigo 9) na mesma lei, e tamén nos preceptos correspondentes do texto refundido, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais. Pero, ademais disto, non lle fai ningún caso ó carácter de territorialidade que lles imprimen distintos estatutos de autonomía ós seus propios entes locais (por exemplo o caso das comarcas catalanas, asturianas ou rioxanas), e aínda poderíamos engadir que o artigo 152.3 CE –que parece non existir para o lexislador básico– permite establecer “circunscripciones territoriales propias”; e cómpre recordar aquí que a pretensión orixinaria deste precepto contiña probablemente a idea de imporlle ó lexislador central ordinario a existencia de agrupacións de concellos distintas da provincia, nas que só podería aborda-los principios básicos da súa organización e réxime xurídico<sup>31</sup> (isto percíbese no caso das comarcas, mais por vía de excepción, da propia LRRL), realizándose así as súas auténticas liñas definitivas mediante a lexislación autonómica.

Por outra parte, tocante ó carácter básico, débese precisar por adiantado que a técnica establecida polo artigo 149 CE, é a de atribuírlles ás CC.AA. que non optaron polo procedemento do 151 todo o que nel non figura explicitamente, polo que a lista de competencias incluída

<sup>30</sup> Doutrinalmente –Morell, Meilán Gil–ponse cada día máis en cuestión, xa desde a definición do concepto de **comunidades** por A. Nieto.

<sup>31</sup> Cfr. verbo disto o fundamento xurídico quinto da STC 214/89, do 21 de decembro. No mesmo sentido, Baño León sinala que “la única legislación básica es la establecida por la propia ley. El TRRL al declarar básicos una serie de preceptos que pueden incluirse sin ninguna dificultad dentro de la organización local, quebranta la prescripción contraria de la LRRL”. José María Baño León: “La ordenación de las normas reguladoras del Régimen Local”, en *Tratado de Derecho Municipal* vol. I, Madrid, Civitas, 1988, p. 348.

no artigo 148.1 non ten ningún contido vinculante para estas comunidades<sup>32</sup>. Nun texto recentemente elaborado e editado polo Ministerio para as Administracións Públicas, sinálase con claridade que “la diferencia de niveles competenciales entre las CC.AA. de Andalucía, Cataluña, Canarias, Comunidad Valenciana, Galicia y País Vasco [sen esquece-la peculiaridade de Navarra] y las restantes radica en que en las primeras su competencia abarca a todo el régimen local mientras que en las segundas se encuentra limitada a las materias concretas enunciadas en los Estatutos de Autonomía y a las expresamente atribuidas por la legislación básica del Estado en materia de régimen local”<sup>33</sup>.

Seguindo este fío, pensamos que tódalas ringleiras do artigo 149.1.18º nas que se xustifica a longa sombra das bases estatais, non conteñen, estrictamente falando, conceptos xurídico-políticos, senón máis ben de índole administrativo-funcionarial, polo que opinamos que as bases do réxime xurídico no que afecta ó local, deberían entenderse aínda nun sentido máis restrictivo có que emprega certa doutrina que a seguir examinaremos; e por suposto non compartímo-la interpretación do lexislador e a xurisprudencia constitucional na materia. Este precepto constitucional atribúelles ós órganos centrais do Estado o réxime dos funcionarios, impondo unha liña homoxeneizadora (e isto non é sen dúbida “escapismo”, como sinala o TC en Sentencia do 16 de novembro de 1986, respecto dos autores do EAC na súa regulación sobre o artigo 149.1.18º); por isto non pode haber unha traslación de conceptos, e confundir réxime (local) con administración (local), nin a Administración do Estado é o Estado, nin a Administración municipal é o mal chamado na actualidade *ayuntamiento*, por máis que os seus organismos electos teñan ó seu lado uns elementos administrativos como imprescindibles auxiliares. En ningún caso se pode considerar (e en ningún sitio se fai) un órgano político electo (presidente de Deputación, alcalde ou simple concelleiro) como administración (¿en que estraño limbo se colocarían os concelleiros que non forman parte do goberno municipal ou provincial se se exclúe o seu carácter representativo?), como funcionarios dependentes da Administración estatal (ou da local), igual que non se confunde un parlamentario cun funcionario,

<sup>32</sup> Pódese salientar tamén que practicamente ningunha comunidade autónoma limitou as súas competencias só ás comprendidas no artigo 148.1 CE.

<sup>33</sup> Luis García Hernández, coa colaboración de Ramón Vázquez Docampo: *Régimen de distribución de competencias entre el Estado y las Comunidades Autónomas. Régimen Local*, Madrid, MAP, 1991, p. 17.

por máis que os dous sexan servidores públicos<sup>34</sup>, polo menos nun réxime democrático, que non conserve demasiados residuos do seu pasado inmediato.

Neste sentido, o profesor Torres del Moral escribe que “este modo de selección de alcaldes y concejales, consistente en unas elecciones en que los diferentes partidos políticos contrastan sus programas de política municipal y en las que resultan elegidas personas con independencia de su condición de funcionarios de ese Municipio, no parece que sea un procedimiento administrativo precisamente, aunque esté extendida en los medios de comunicación la calificación de las elecciones locales como administrativas. El programa de gobierno de la mayoría será el que se aplique y no el que pudieran dictaminar unos cualificados funcionarios en nómina; todo ello con independencia de que sea bueno o malo, eficaz o ineficaz y coincidente o no con el del Gobierno de la nación o con el del Gobierno autonómico (...). Será el cuerpo electoral quien juzgue en las urnas la política municipal de la mayoría. Y, de nuevo, lo hará no atendido al principio de legalidad, que es el que rige la actividad administrativa, sino con arreglo a opiniones, ideologías, intereses y expectativas; es decir, con criterios políticos (...). El Municipio es, por consiguiente, un ente territorial de naturaleza política, y su órgano, el Ayuntamiento, lo es del Estado<sup>35</sup>, no de la Administración. Está dotado de funciones de gobierno y de administración, que ejercen el alcalde y los concejales de la mayoría democráticamente elegidos y políticamente controlados por una oposición habilitada para ello de modo igualmente político y democrático”<sup>36</sup>. O que se di serve, *mutatis mutandis*, para a provincia.

Respecto disto, a posición do TC comeza a definirse na súa Sentencia do 28 de xullo de 1981, onde se afirma que a expresión réxime xurídico non pode ser interpretada restrictivamente, senón en sentido amplo, aínda que “tampouco se pode afirmar sen máis que a expresión réxime xurídico das administracións públicas abrangue en puridade todo o dereito administrativo”. Por outro lado, “a longa enumeración de competencias exclusivas do Estado (no sentido máis restrinxido do termo) que fai o apartado primeiro do artigo 149 da Constitución está construída por referencia a determinadas materias ou ac-

<sup>34</sup> Mesmo coas CC.AA. se pode observar unha un tanto confusa asimilación das mesmas, para determinados efectos, a Administración pública na STC 69/85, do 30 de maio.

<sup>35</sup> En sentido propio, global.

<sup>36</sup> Antonio Torres del Moral: *Principios de Derecho Constitucional Español*, vol. II, Madrid, Átomo, 1988, 2ª ed., pp. 337-338.

tividades concretas do poder respecto de determinados fins sociais coa única e notable excepción precisamente do parágrafo 18, na que a referencia é xustamente a unha acción por así dicir reflexiva do Estado, isto é, á que o mesmo leva a cabo en relación co aparato administrativo que constitúe o seu instrumento normal de actuación". Entendido o Estado, nesta última mención, como globalidade da organización xurídico-política española, parece indubidable que o alto tribunal delimita con nitidez que o apartado 18 se refire á Administración pública no seu sentido máis clasicista e, polo tanto, non se pode extralimita-la concepción máis alá da faceta de organigrama administrativo das corporacións locais, e aínda isto, cos novos matices que engaden a democratización e descentralización á súa autonomía.

Na opinión de Loperena Rota, que subscribimos, esta sentenza contén "tal vez una respuesta exagerada a una ley exagerada"<sup>37</sup>, impedindo a lectura autonomista –ou se se quere *federalista*– que desde logo permite a Constitución, mais tamén envolve elementos de indefinición. Seguindo a Muñoz Machado na súa interpretación da xurisprudencia constitucional no tocante ó artigo 149.1.18º, parece claro que "deriva para el Estado una doble competencia en materia de función pública: primera competencia para regular los aspectos básicos de la situación personal de los funcionarios públicos; es decir, de la denominada relación de servicio; contenido indiscutible del régimen estatutario; y segunda competencia para regular los aspectos esenciales de *la organización de la burocracia de las Administraciones públicas* –o subliñado é noso–, pues la expresión 'régimen jurídico' contenida en el precepto constitucional no se refiere exclusivamente al procedimiento y al régimen de recursos como ha señalado el TC en su Sentencia 32/1981 de 28 de julio, y ha de entenderse incluida también en ella la regulación básica de la organización de todas las Administraciones públicas (STC de 5 de agosto de 1983: a salvo la potestad autoorganizativa de las CC.AA.). Es decir, llega hasta la fijación de los principios generales y comunes (este es el alcance de las competencias del Estado cuando se refieren a lo básico de una materia: Sentencias TC de 28 de julio de 1981, 28 de enero de 1982, 7 de abril, 20 de abril, 20 de mayo y 28 de junio de 1983, etc.) de la disciplina ju-

<sup>37</sup> Demetrio Loperena Rota: *Derecho histórico y régimen local de Navarra*, Pamplona, Gobierno de Navarra, 1988, p. 203.

rídica de las Administraciones autónomas y de la relación de empleo de los funcionarios que las sirven. De ninguna manera, a mi entender, autoriza el precepto en cuestión para que el Estado pueda imponer a las CC.AA. medidas organizativas concretas”<sup>38</sup>.

Pero quizais fose Meilán Gil o que mellor esgotou as interpretacións diverxentes do artigo 149.1.18º no relativo ó réxime local: “La LBRL se inserta en la corriente doctrinal que considera la Administración Local como Administración Pública, que se corresponde con la ideología burguesa que conforma la acción política y acaba imponiéndose como Derecho positivo en España desde los moderados. La centralización y la gradación de las Administraciones Públicas con sus tres niveles –central, provincial, municipal– garantizaba la unidad del poder (...). Precisamente esa funcionalidad del artículo citado ha enturbado, en mi opinión, lo que entiendo es concepción constituyente de los entes locales: son Administración Pública, y en ese sentido es legítimo que se entiendan englobados en el plural del artículo 149,1,18 de la CE, aunque no sean citados en él expresamente, pero *no son exclusivamente Administraciones Públicas*; como también, aún sin entidad de naturaleza, en las CC.AA. hay Administración Pública, pero, en modo alguno, se reducen a Administración Pública (...). La Constitución de 1978 obliga a un replanteamiento de esa concepción administrativizadora de las entidades locales, en lo que he denominado un auténtico ‘salto de escala’.

No se trata de avanzar un punto más en cuanto a la descentralización del Régimen Local, sino de plantearlo bajo nuevos supuestos, entre los que figura *recuperar el carácter político de las instituciones locales* con que fueron concebidas en las Cortes de Cádiz, sin, evidentemente, retrotraernos a entonces. Pienso (...) que no se han sacado todas las consecuencias –ni doctrinalmente ni por el Tribunal Constitucional, intérprete supremo de la Constitución– de la ubicación de los entes locales en el título VIII de la Constitución relativo a la organización territorial del Estado, junto a las CC.AA. y no en el IV dedicado al Gobierno y a la Administración. La nota característica de los entes locales es su carácter *representativo*, que en el caso de los municipios se expresa en el artículo 140

<sup>38</sup> Santiago Muñoz Machado: *Derecho Público de las Comunidades Autónomas*, vol. II, Madrid, Civitas, 1984, pp. 71 e 112-113.

de la Constitución con los términos de 'sufragio universal, igual, libre y directo' que coinciden con los empleados para el Congreso de los Diputados y Senado (artículos 68 y 69). Tal nota no figura en el artículo 103 de la CE dedicado a la Administración Pública que se caracteriza por la eficacia y la objetividad y es dirigida por el Gobierno (artículo 97) (...). La LBRL ha perdido la ocasión de desarrollar estas posibilidades constitucionales. No sé si intencionadamente –o por inercia– o quizás por ambos motivos se ha seguido la línea dominante de reconducir los entes locales al fenómeno, en último término unitario, de las Administraciones Públicas, aunque haya tenido que insertarlo en el esquema de un Estado compuesto. Podría afirmarse que los entes locales han sido utilizados por el legislador de la LBRL en el debate –más o menos declarado– que el Estado sostiene con las CC.AA., dada la indefinición del Estado compuesto que llamamos Estado autonómico<sup>39</sup>.

Esta lectura pouco autonomista do réxime local realizada polo lexislador básico, que referendou parcialmente –como veremos– o TC, sometida a numerosas excepcións desde o momento en que se deseñou un Estado das autonomías en que todo pode ser discutido e, consecuentemente, emendado, non impide, sen embargo, que a marxe de actuación do lexislador autonómico amparado constitucionalmente sexa aínda moi ampla; especialmente se non se limita a arremedar por simple comodidade preceptos ou mesmo enteiros paquetes lexislativos dos órganos centrais do Estado que, nestes anos, aínda arrastran conspicuas cargas de doutrinas históricas pouco axustadas á realidade social española (e á galega, en particular) en materia local. Vai depender do tempo que estas concepcións muden, mais insistimos en que lexislando para o presente e para un futuro previsible, as posibilidades normativas do –en concreto– lexislador galego, como examinaremos polo miúdo, poden con certa facilidade supera-los límites impostos, aínda que se poida temer que, coma no caso das administracións autonómicas, o camiño que se comeza a trazar non vaia polas canles político-representativas que unha auténtica autonomía –incorrectamente reducida á denominación de administrativa– dos entes locais reclama<sup>40</sup> e a Constitución avala.

<sup>39</sup> José Luis Meilán Gil: "Remodelación de los espacios locales", en *Estudios en Homenaje al Profesor Carlos G. Otero Díaz* vol. II, Santiago, Universidade, 1991, pp. 791-793. Este proceso foi unha constante desde a entrada en vigor da Constitución, e se agora adopta con claridade a manifestación que sinala Meilán e que teremos que exemplificar, tal vez a primeira e máis clara foi contrañoerlle ó protagonismo de determinadas CC.AA., a creación xeneralizada das mesmas que, deixando á marxe difíciles xustificacións do sentimento rexionalista, nin sequera se fundaban no esquema rexionalizador esbozado polo antecedente histórico inmediato da II República (cfr. Lei do 14 de xuño de 1933 relativa ó Tribunal de Garantías Constitucionais), por non falar da intermediación das provincias. Se cadra cabería aquí recordar que xa o máis lúcido Ortega político prevía esta solución: "Para el proyecto es la autonomía algo especial puesto que no lo estatuye para todos los cuadrantes españoles... que tan pronto como existan un par de regiones estatutarias, asistiremos en toda España a una pululación de demandas parejas. Resultará, pues a la postre, España ordenada íntegramente, *pero de mala manera* (subliñamos), en regiones. Mientras tanto, nos encontraremos con una España centrífuga frente a una España centrípeta; pero aún, con dos o tres regiones semi-Estados frente a España, a nuestra España. En cambio, si la Constitución crea desde luego la organización de España en regiones, ya no será la España una quien se encuentre fren-

te a frente con dos o tres regiones indóciles, sino que serán las regiones entre sí quienes se enfrenten, pudiendo de esta suerte erguirse majestuoso sobre sus diferencias el Poder nacional, integral, estatal y único soberano. Contemplad la diferencia de una solución y otra". José Ortega y Gasset, citado por José Luis Meilán Gil: "El marco jurídico constitucional de las Autonomías", en *Autonomía, Hacienda y Régimen Local en Galicia*, Santiago, Universidade, 1980, p. 22.

<sup>40</sup> Meilán Gil sinala explicitamente que "la autonomía referida a la Administración Local supone la antítesis de su tutela por la Administración del Estado, implica la administración de intereses propios y su fundamento radica en la representatividad de sus órganos de gobierno y administración, en virtud de la elección de sus titulares mediante sufragio universal (...). La autonomía, en el ámbito local es el requisito de la democracia, soporte de una auténtica descentralización, que no consiste en un traspaso de competencias de la Administración Central a una persona jurídica sólo formalmente diferente, sino que requiere en el destinatario la condición de ser una Corporación elegida democráticamente y por eso es realmente independiente". José Luis Meilán Gil: *Ibid.*, pp. 16-17.

<sup>41</sup> Santiago Muñoz Machado: "Prólogo" ó *Tratado de Derecho Municipal* vol. I, *op. cit.*, p. 14.

<sup>42</sup> *Entidade local* determinada pola agrupación de concellos e *división territorial* para

Por isto, só se pode cualificar negativamente, desde o prisma constitucional, a excesiva extensión que do básico fai a LRBRL e a autocualificación que se lle outorga de ocupante dunha "especial posición ordinamental" polo seu carácter protector da garantía institucional, malia o seu rango formal de simple lei ordinaria e aínda que non teña "renovado radicalmente las regulaciones preexistentes, sino que más bien ha forzado su conversión (...) al nuevo credo constitucional"<sup>41</sup>, o cal é difícil de crer á luz dos antecedentes de centralización e uniformismo –e isto non o pon en dúbida ninguén– nos que se pode asentar.

### 3. Provincias, deputacións, comarcas.

Só mencionar un epígrafe que intente interrelacionar estes conceptos, parece implica-la adopción de posicións belixerantes entre a doutrina española, que mesmo, nalgúns casos, acode a argumentos pouco obxectivos para a cantonal defensa das súas teses, encubriendo baixo capas de cientifismo o que, no fondo, só son situacións de puro contido ideolóxico diverxente en canto á valoración do réxime local no Estado autonómico. Pola nosa parte, salientamos aquí, a evidencia de que a actual constitucionalización da provincia e o rango de norma legal orgánica para poder modifica-los seus límites, que manifesta un pleno recoñecemento da mesma como entidade local que non ten precedentes en España, por máis que, logo, o contido de autonomía que implica a súa garantía institucional pode quedar reducido a mínimos imperceptibles, como se pode desprender do escaso aprecio que lle manifesta o artigo 141.1 CE (personalidade propia fronte á plena dos concellos), a primitiva redacción da malograda LOHAPA que a penas a mencionaba, a escasa valoración que lle outorga a LRBRL, e o feito de que numerosos estatutos de autonomía se gaben de non sentila máis ca como imposición constitucional. Esta rixidez constitucional non pode deixar de ser obxecto de crítica con base en tres tipos de motivacións:

**a. POLÍTICAS.** O polifacetismo caracterolóxico da provincia baseado no exame da Constitución<sup>42</sup> e do de-

reito autonómico<sup>43</sup>, só ten explicación desde a perspectiva histórica<sup>44</sup> dunha institución que nunca atopou total acomodo no conxunto das organizacións públicas territoriais españolas, fóra dun conxunto de manobras electorais de índole caciquil<sup>45</sup>. Aínda hoxe, en palabras de Torres del Moral, “aunque hay base constitucional para la consideración política de la Provincia, ésta aún no ha encontrado su sitio propio en el Estado autonómico vigente”, sendo ademais a entidade local “con un perfil más diluido en la Constitución y en la práctica política”<sup>46</sup>, cando non elemento que combater.

Como sinalou Martín Retortillo<sup>47</sup>, o mesmo texto constitucional experimentou neste punto unha transformación desde a fase de anteproxecto ata a redacción definitiva, xa que naquel non se estipulaba a obrigatoriedade das provincias, ó se referi-lo seu artigo 105.2 a “provincias o, en su caso, las circunscripciones que los Estatutos de autonomía establezcan mediante la agrupación de municipios...”; e, como subliña Baño León, “es quizá el empeño constitucional en asegurar un contrapeso político al poder de determinadas CC.AA. el origen de muchos equívocos que explica la difícil posición de las Diputaciones provinciales en el actual marco territorial. No es de extrañar que la imposición de un escalón territorial haya podido causar recelos entre algunas CC.AA., pues al cabo, se trata de una importante limitación a las competencias que aquéllas ostentan sobre su propio territorio. En síntesis, los problemas derivan más de la obligatoriedad de las Diputaciones provinciales en todas las CC.AA. pluriprovinciales que de la discusión sobre la necesidad de conservar la provincia como Ente local”<sup>48</sup>, xa que o que non se discute é que resulta necesario un órgano ou ente intermedio entre a Comunidade Autónoma e as pequenas unidades da convivencia local (concellos ou outras). Sen embargo, conviría non esquece-lo xogo de expectativas –aínda que de dificultoso cumprimento– que pode suscita-la substitución das deputacións por outras corporacións de carácter representativo (aspecto que non sería precisamente difícil de instaurar á vista da situación actual), como avalan o artigo 141.2 CE e o artigo 31.3 LRBRL, malia as restricións coas que quere modelar determinada doutrina este precepto, cinguíndoo, sen demasiado fundamento, unicamente a simple xustificación

o cumprimento das actividades do Estado (artigo 141.1 CE), *circunscripción territorial* nas eleccións parlamentarias (artigos 68.2 e 69.2), e entidade titular da iniciativa para a constitución de CC.AA. (artigo 143.1).

<sup>43</sup> División territorial das CC.AA. para a prestación de servizos, entidade local que presta servizos delegados e descentralizados de aquelas, e circunscripción electoral na maioría das leis autonómicas de eleccións para as súas cámaras de representación.

<sup>44</sup> Larumbe Biurrun remarca o paralelismo do artigo 141 CE co 45.II da Lei orgánica do Estado do réxime franquista. Pedro M<sup>a</sup> Larumbe Biurrun: “El territorio de las corporaciones locales: configuración y límites”, en *Tratado de Derecho Municipal* vol. I, *op. cit.*, p. 1115.

<sup>45</sup> Fixemos resón da vixencia desta afirmación no traballo titulado “Cara a unha dinámica de voto aberto en Galicia”, publicado en *Revista Encrucillada*, nº 84, Pontevedra, Irimia, 1993, pp. 369-378.

<sup>46</sup> Antonio Torres del Moral: *Principios...*, *op. cit.*, p. 338.

<sup>47</sup> S. Martín Retortillo: “Presente y futuro de las Diputaciones provinciales”, en *REDA* nº 39, 1983, p. 496. Un completo estudo do iter constituínte da provincia pode verse en M<sup>a</sup> Teresa Carballeira Rivera: *La provincia en el sistema autonómico español* (Tese de doutoramento), Santiago, Universidade, 1991, pp. 222-282.

<sup>48</sup> José M<sup>a</sup> Baño León: *La ordenación...*, *op. cit.*, p. 366. Como sinala Solozábal, “la unidad proclamada del ordenamiento jurídico, no debe hacernos olvidar que la des-

centralización efectiva de un sistema político no depende de la localización teórica de la soberanía en el mismo, ni del carácter originario o derivado de las fuentes de los ordenamientos producidos en su seno, sino de la cantidad y calidad de las decisiones jurídico-políticas tomadas por los poderes centrales o las instancias periféricas o regionales". Juan José Solozábal Echevarría: *Sobre el modelo de organización...*, op. cit., p. 72.

<sup>49</sup> Algo que admite mesmo un dos membros da Comisión Enterría. Vid. M. Sánchez Morón: "Las CC.AA. y las provincias" (comentario á sentenza do TC sobre a Lei de transferencias das deputacións catalanas á Generalitat), en *REDA* nº 32, 1982, pp. 867-878.

<sup>50</sup> Perfectamente asentada cun estilo xurídico que recorda tempos pretéritos no artigo 25.1 do TRRL.

<sup>51</sup> Anomalías territoriais que segundo Martínez Díaz xorden como consecuencia directa da división provincial de 1833 (vintetrés sinala no seu elenco), e que ó non ter sido corrixidas xeran aínda hoxe problemas de irracionalidade: por poñer un exemplo, a Providencia do 18 de setembro de 1989 do TC que suspende o anexo que inclúe o tramo do Condado de Treviño no catálogo da rede do Plan xeral de estradas do País Vasco. Gonzalo Martínez Díaz: "Génesis histórica de las provincias españolas", en *Anuario de Historia del Derecho Español*, nº 51, Madrid, Instituto Nacional de Estudios Xurídicos, 1981, pp. 589-590.

<sup>52</sup> Verbo disto, afondamos un pouco máis no noso tra-

de feitos consumados, ás CC.AA. uniprovinciais e ás insulares.

Por outra parte, non se pode deixar de sinalar que a falta de flexibilidade á hora de articula-la división provincial, de acordo coas peculiaridades –de habelas– de cada Comunidade Autónoma<sup>49</sup> que impera na Constitución, sofre determinadas variacións na súa intanxibilidade<sup>50</sup> en lexislación de rango inferior, como xa salientamos en relación cos enclaves<sup>51</sup>, ou simplemente concellos limítrofes, que fan depender da súa vontade o cambio de provincia, ou incluso a curiosa disposición do artigo 35.1 do TRRL (e 31.2 do Regulamento de poboación e demarcación das entidades locais), que non considera indispensable nin a pertenza a unha mesma provincia dos concellos que formen unha mancomunidade, nin esixe a continuidade territorial se non o requiren a natureza e fins da mancomunidade<sup>52</sup>. Probablemente poñamos atopar-la explicación na anterior regulación da alteración dos límites provinciais, que era bastante menos rixida cá que xurdiu en 1978 por vía dunha emenda defendida polo Sr. Vida Soria con nula solidez xurídica no Senado.

O carácter marcadamente político da división provincial en España remóntase á súa aparición histórica, polo que non parece casualidade que manteña a súa vixencia, con lixeiras variacións esixidas pola CE, mais sen que a concepción do "Estado" coa que xurdiu se altere de xeito considerable se atendemos á súa regulación. Se substituímo-las voces reino ou provincia pola de Comunidade Autónoma, as palabras de Muñoz Torrero na sesión do 2 de setembro de 1811, non carecen de certas connotacións de total actualidade:

"Estamos hablando como si la nación española no fuese una, sino que tuviera reynos y estados diferentes. Es menester que nos hagamos cargo que todas estas divisiones de provincias deben desaparecer, y que en la Constitución actual deben re-fundirse todas las leyes fundamentales de las demás provincias de la monarquía, especialmente que quando en ella ninguna pierde. La comisión se ha propuesto igualarlas todas; pero para esto, lejos de rebaxar los fueros por exemplo de navarros y aragoneses, ha elevado a ellos a los andaluces, caste-

llanos, etcétera, igualándolos de esta manera a todos para que juntos formen una sola familia con las mismas leyes y gobierno (...). Yo quiero que nos acordemos que formamos una sola nación, y no un agregado de varias naciones”.

Esencialmente, quizais poida percibirse aquí o trasfondo de que as opinións dos diversos sectores doutrinais semellen inconciliables ó trata-la institución provincial, aínda que na actualidade debamos soste con Morell que “la planta provincial ha de flexionar ahora, bajo el impulso de un Derecho Público que permite tener en cuenta las peculiaridades de cada nacionalidad o región (...). Tras cada uno de ellos se encuentra un propio *nomos*, un modo de ser característico en lo que se refiere a la colectividad territorial que se eleva sobre el nivel municipal, bien en lo que se refiere a su estructura y dimensiones, bien en cuanto al sentimiento de la propia autonomía”<sup>53</sup>. O mesmo autor adicióna que “la definición legal de la provincia como *agrupación de municipios* no llega a arrojar consecuencias significativas en lo que atañe a los elementos constitutivos esenciales de la provincia [territorio e poboación], a su estructura. Porque tampoco la tiene el tercero de sus elementos, la organización”<sup>54</sup>.

Pola súa parte, Calero Amor, nun documentado estudio histórico-xurídico sobre a división provincial, subliña que os seus autores “hablaban de *subdividir* los grandes reinos y provincias y, al parecer, creían estar haciéndolo; pero *subdividir* implica que la unidad superior o más extensa que se divide continúa teniendo cierta entidad, mientras que lo que estaban haciendo era simplemente dividir, es decir, desintegrar, hacer desaparecer esa unidad administrativa superior para crear de ella dos o más unidades nuevas y distintas”<sup>55</sup>; engadindo Parada que “la Corporación Provincial no perdió nunca su marca de fábrica francesa que la sujetaba a la Administración del Estado a través de la Presidencia de la Diputación”<sup>56</sup>.

Esta realidade xurídico-política subxacente segue estando presente en argumentos que se utilizan actualmente, cando se alega que cento cincuenta anos de vivencia da institución provincial lle outorgan suficiente tradición e arraigamento<sup>57</sup>, coma se os feitos consumados se xustificasen só por selo; ou o de que “en muchos

ballo citado, especialmente na funcionalidade como criterio que parece querer impoñer este precepto, por riba doutras consideracións. Álvaro X. López Mira: “Unha aproximación ás variacións...”, *op. cit.*, p. 14.

<sup>53</sup> Luis Morell Ocaña: *La Administración...*, *op. cit.*, p. 102.

<sup>54</sup> Luis Morell Ocaña: “Las Provincias”, en *Tratado de Derecho Municipal*, *op. cit.*, p. 764.

<sup>55</sup> Antonio M<sup>º</sup> Calero Amor: *La división provincial de 1833. Bases y antecedentes*, Madrid, IEAL, 1987, p. 88.

<sup>56</sup> J. R. Parada Vázquez: *Derecho Administrativo* vol. II, Madrid, Marcial Pons, 4<sup>ª</sup> ed., p. 95.

<sup>57</sup> Ramón Martín Mateo: *Manual de Derecho Autonómico*, *op. cit.*, p. 329. O mesmo argumento xa foi empregado na redacción da primeira Constitución republicana, aínda que reducindo a cifra a case cincuenta anos.

<sup>58</sup> Ramón Martín Mateo: *Manual de Derecho Administrativo*, Madrid, Trivium, 1990, 13<sup>ª</sup> ed., p. 255. Sen contar con que o aparato político-buro-

casos, los sentimientos e identidades provinciales son más fuertes que los regionales, e incluso aparecen rivalidades y emulaciones interiores que harían fracasar cualquier propósito integrativo si no se consigue ofrecer suficiente cancha a la Administración provincial<sup>58</sup>, carecen totalmente de consistencia agás se se encadran nunha determinada concepción da unidade estatal<sup>59</sup>, obstaculizando das rexións como totalidades orgánicas, aptas para a representación e defensa dos seus propios e comúns intereses.

Habería que engadir que mesmo así como se configura constitucionalmente como agrupación de concellos, a provincia non ten hoxe demasiada validez como circunscrición intermedia, “pues el término agrupación equivale a asociación, mancomunidad o federación, y la Provincia no es ninguna de estas cosas, pues únicamente es una simple división territorial, a la cual se ha concedido capacidad jurídica para gestionar y proveer de servicios a los municipios que se encuentran dentro de los límites divisionarios. Los municipios no son el elemento activo, como sucedería si nos encontrásemos ante una mancomunidad, agrupación o federación, sino los sujetos pasivos sobre los cuales recae la actuación de este ente que denominamos provincia. Ello es así, salvo en el caso de que al término agrupación le demos solamente una significación geográfica y no jurídica”<sup>60</sup>.

Pola súa parte, Carballeira Rivera, sinala a influencia do *status quo* precedente –as institucións herdadas co seu correspondente aparato burocrático– na elaboración do texto constitucional; “ello, trasladado a términos de resultado, hará que, si bien determinadas organizaciones o entes no sean garantizados o definidos con la precisión necesaria en cuanto a su operatividad o efectos en el nuevo contexto, tampoco sean ignorados o sustituidos por otras alternativas en base, justamente, a esa ignorancia de los resultados del cambio y en base, en definitiva, a la oportunidad política u organizativa de que ello así sea (...). Los intereses creados de las instituciones preexistentes, añade a la elaboración constitucional el constreñimiento de la libertad del legislador, que se ve impelido a adoptar soluciones de compromiso en temas donde la renovación primaba inicialmente. Tal es el caso de las Diputaciones provinciales, quienes, a través de los grupos

crático central procura reforzar esas rivalidades cando é preciso polo auxe rexionalista, como sucedeu en relación, por exemplo, coa Mancomunidade galega. A estratexia xa a empregaban os monarcas medievais cando outorgaban-lles privilexios a burgos e vilas, co obxecto de recortalos poderes dispersos dos señores feudais; feito que, por certo curiosamente, recorda o preámbulo da LRBRL.

<sup>59</sup> Neste sentido, a descrición histórica de Morell é ben ilustrativa. Cfr. Luis Morell Ocaña: *El Régimen Local español*, Madrid, Civitas, 1988, pp. 93-110.

<sup>60</sup> Esteve Gaja i Molist: *Comentarios a la Ley de Régimen Local*, Barcelona, Bayer Hnos., 1985, p. 61. Neste sentido, o propio TC sinala na súa Sentencia do 16 de maio de 1983, que a provincia como agrupación de concellos, “incluso puede entenderse como simple alusión a una base física, geográfica o territorial, expresión sustitutoria o equivalente a una descripción jurídica, sin más alcance que el anotado”.

no nacionalistas, logran dar contestación constitucional a sus respectivos intereses, garantizando para el futuro la pervivencia de la institución”<sup>61</sup>.

Pereira Menaut opina que “this peculiar Spanish system can be explained basically by the wish to put a brake or counter-force to the autonomous regions using for this purpose, above all, the obsolete instrument of the *Diputaciones Provinciales* as well as –on some occasions– the municipalities. For it is easy understand that neither the municipalities nor the provinces can defend their autonomy in the face of the state, which is very far away, but rather in the face of the region”, usando entre outros instrumentos os presupostos do Estado e a ‘Federación Española de Municipios y Provincias’<sup>62</sup>, sen conta-lo vello instrumento *calvosoteliano* dos funcionarios locais de habilitación nacional.

Máis recentemente, a LRBRL (artigo 117) promove a creación dunha Comisión Nacional de Administración Local, na que se establecen relacións directas entre os órganos centrais do Estado e os das administracións locais, prescindindo case completamente das CC.AA.: “poderán asistir representantes das CC.AA.”, di literalmente o precepto. Se a palpable forza das institucións preexistentes se xustifica –en parte– no momento da redacción constitucional, o desenvolvemento do sistema carece totalmente de lóxica cando se valora a desaparición das deputacións provinciais nas CC.AA. uniprovinciais, País Vasco e Illas Canarias (como estudiaremos), comparándoa coa súa imposición un tanto artificiosa noutras (especialmente Cataluña, Comunidade Valenciana e Galicia), onde non hai máis saída que acudir ó subterfuxio da coordinación que, salvada a súa existencia, induce a pensar nas CC.AA. pluriprovinciais como un pé forzado constitucional que houbo que encaixar custosamente entre as organizacións territoriais existentes con anterioridade, o que ademais de facer máis complexo o sistema, engade numerosos elementos de disfuncionalidade que se deben articular conflictualmente, pondo en boa medida en cuestión a mesma concepción esencial do Estado das autonomías e, desde logo, a súa operatividade na práctica.

Por isto subscribímola opinión de Muñoz Machado cando pensa que “la provincia es, tal y como hoy se nos presenta, un límite a la capacidad dispositiva de las CC.AA.

<sup>61</sup> M<sup>a</sup> Teresa Carballeira Rivera: *La provincia en el sistema autonómico*, op. cit., pp. 225 e 280.

<sup>62</sup> Carlos A. Pereira Menaut: *Concepts of State...*, op. cit., p. 130. Neste sentido, nunha recente reunión da FEMP (novembro de 1991), houbo unificación de criterios entre este organismo e a Administración central do Estado, para intentar converter-los concellos no terceiro esteo do Estado das autonomías, aumentando o seu nivel e número de competencias, e mesmo –en palabras do vicepresidente do Goberno–, outorgándolles unha autonomía ó estilo británico.

sobre su propio espacio territorial (...) porque no es, desde luego, razonable, que dos instancias al tiempo: la Comunidad Autónoma y el Estado, dispongan y puedan disponer contradictoriamente<sup>63</sup> sobre la Administración de un mismo espacio. Las CC.AA. pueden reestructurar todas las Administraciones locales, crear estructuras que son incompatibles con la institución provincial, pero, sin embargo, la provincia es una pieza obligada en cualquier operación de reestructuración de las CC.AA.”<sup>64</sup>. A isto habería que suma-la modulación política e disfuncional que na armazón organizativa introduce a case absoluta irresponsabilidade fiscal dunhas deputacións que carecen de imposición autónoma e que se abastecen basicamente duns fondos que proceden das participacións [que son auténticas subvencións<sup>65</sup> con tódalas distorsións e discriminacións fiscais que estas levan de seu] nos impostos do Estado (central), e que, sen lugar a dúbidas, son o mellor expoñente da cuña que se introduce en calquera operación reestructuradora que do seu propio réxime local as CC.AA. quixesen elaborar.

De calquera maneira, a bifrontidade que quere o TC, na práctica reducirase só a desigualalo rostro de Iano en dúas faces ben diferenciadas, que engrandecerán unha ou outra dependendo de conxunturas políticas (das que podería ser exemplo a disposición adicional segunda da LRBRL). Pode considerarse sintomática a fervorosa opinión dun autor como Benítez de Lugo cando escribe que “si bien las Instituciones Provinciales e Insulares han resultado las parientes pobres del mundo administrativo-territorial español en cuanto a su regulación constitucional, la nueva LBRL las sitúa en una posición que sólo hablando superficialmente se puede decir que sea postergada”<sup>66</sup>; mais nin a mesma LRBRL parece telo moi claro (por exemplo cando o seu artigo 36 relaciona as competencias propias das deputacións, non das provincias, que son as entidades locais), e desde logo a práctica orientouse en case tódalas CC.AA. por outro camiño (simultaneidade dos procesos de baleiro competencial e coordinación por parte das instancias autonómicas, e do sistemático e numantino recurso dos órganos centrais do Estado ó TC).

Se cadra non resulta incorrectamente permisivo, construír un siloxismo –que só parcialmente é aporía– con ba-

<sup>63</sup> Engadindo a dificultosa tarefa de pedirle a un inferior, a participación na coordinación da Administración local coas da Comunidade Autónoma e o Estado (artigo 31.2.b LRBRL). Ou é unha inxenuidade, ou preceptúase sen vontade de cumprimento, e non saberíamos dicir qué é peor.

<sup>64</sup> Santiago Muñoz Machado: “Las Comarcas y las Provincias”, en *La Comarca como ente territorial*, Barcelona, Generalitat de Catalunya, 1984, p. 49.

<sup>65</sup> Cfr. Alberto Génova Galván: *La Hacienda Local española*, Madrid, IEAL, 1985, p. 90.

<sup>66</sup> José Mariano Benítez de Lugo: *El Municipio y sus elementos esenciales*, Madrid, Autor, 1986, p. 69.

se na anfiboloxía que no concepto de Estado se observa na Constitución e que recalcou Torres del Moral, en referencia ó artigo 141.1 CE: se a provincia é división territorial para o cumprimento das actividades do Estado, e sendo as CC.AA. parte plenamente integrante (sen elas a Constitución perdería a súa razón de ser) do mesmo, a súa propia capacidade autoorganizativa podería despoñer absolutamente de contido o xa débil perfil das provincias, forzando así a letra da Constitución nun punto que invita a pensar na súa pronta reforma (ou cando menos nunha interpretación menos torticeira e –na nosa opinión– máis constitucional).

**b. DE RACIONALIDADE.** Algo que xa pretendía a Constitución gaditana cando se refería ó goberno interior dos pobos e das comarcas ás que daban lugar (artigo 310). Cómpre aquí mencionar brevemente os réximes que exceptúan a uniformidade que parece pretende-la LRBRL, norma que nos seus propios artigos 39, 40 e 41, e nas catro primeiras disposicións adicionais, inclúe factores diferenciais nada menos que en dez das dezasete CC.AA. actualmente existentes: as uniprovinciais con Navarra e Illas Baleares, País Vasco, Cataluña e Illas Canarias. Variada mostra do diferente significado do espazo provincial nas diversas autonomías, fronte á tantas veces mencionada rixidez do modelo constitucional. E se a isto engadímo-las posibilidades abertas por outros estatutos, con especial atención ó galego e ó valenciano, pódese deducir con facilidade que o futuro papel da institución provincial, vai quedar configurado en boa medida segundo as determinacións que adopten os lexisladores autonómicos, o que comina a oportunidade de non seguir viciando os textos constitucionais españois converténdoo en papel mollado, para impedir neste caso o aletargamento dunhas institucións que, como peso morto, só poden restar dinamismo a un esquema ó que xa lle sobran dificultades sen necesidade de buscar outras novas.

Por outro lado, podemos apuntar concisamente a alta valoración que a CE lles dá ó feito insular (só nos dous arquipélagos maiores) e ás súas circunstancias (artigo 138.1), pois se aquí o factor xeográfico foi determinante para a súa constitucionalización, tampouco se debería ter esquecido que na península hai comarcas naturais que

<sup>67</sup> Verbo disto, é significativa a desaparición da deputación nun territorio cun peso económico, demográfico e de simbolismo institucional e urbano como é o de Madrid.

<sup>68</sup> Así Guaita realiza unha descrición da “inquietante” variedade das CC.AA., que o leva a aceptar as comarcas sempre que non se instauraen artificialmente (Aurelio Guaita Martorell: “Panorama provincial de los Estatutos de Autonomía”, en *La Provincia*, *op. cit.*, pp. 312-313 e 322). Sosa Wagner opina que o mosaico territorial resulta o suficientemente diverso, como para que o lexislador constitucional tivese sido máis flexible á hora de regular a provincia (Francisco Sosa Wagner: “Los principios de la ley básica de régimen local”, en *Organización Territorial del Estado (Administración Local)* vol.

constitúen auténticos illotes na Comunidade Autónoma na que quedaron situadas, mesmo cunha modalidade lingüística (tamén protexida constitucionalmente: artigo 3) diferente, como, por exemplo, parte do Bierzo, occidente asturiano, Val de Arán (aínda que este preservado polo EAC), Cabrera Alta zamorana, etc.

Recalcar tamén que a lóxica racionalidade administrativa que levou a subsumi-las deputacións nos órganos comunitarios nas CC.AA. uniprovinciais<sup>67</sup>, debería –por idénticos motivos de evitar duplicacións ou liortas competencias domésticas– prevalecer naquelas que, tendo boa cohesión como tales, opten por un modelo propio de interiorización dos entes locais –calquera que estes sexan– do seu territorio, complemento necesario na organización das súas institucións de autogoberno (artigo 148.1 CE). Nun sentido semellante pronúnciase un importante sector da doutrina<sup>68</sup>; e non se trata de defender ás cegas unha opción antiprovincialista carente totalmente de lóxica, xa que esta solución posiblemente non sería a máis axeitada para a totalidade das CC.AA.; mais tamén a propia LRBRL conséntelles saltar por riba dos límites provinciais ás comarcas, e mesmo parece querer configura-la provincia como entidade supracomarcal (artigo 36.1.c); isto fai percibi-la necesidade dunha flexibilidade na articulación territorial que sen embargo se impide. Todo isto é sintomático se se relaciona co tratamento global da provincia na Lei básica na cal, en realidade, o apoderamento ou desapoderamento de competencias queda nas mans dos lexisladores estatal e autonómico, e case o mesmo se podería dicir dos concellos, especialmente dos pequenos que constitúen a inmensa maioría dos españois. O único criticable de xeito definido, pois, a nivel xeral, é a disfuncionalidade que unha constitucionalizada institución provincial pode provocar nalgunhas CC.AA., polo que é posible que o evidente subterfuxio da *provincia única*, formulado en Cataluña (e en menor medida en Galicia), quizais non debería ser impedido polo simple trámite dunha lei orgánica que, practicamente, nacería esgotada en si mesma, cun único e radical efecto (aínda que, como veremos, existe outro tipo de obstáculos constitucionais para esta proposta, por exemplo con relación á representación nas Cortes Xerais).

I, *op. cit.*, p. 55). Molina del Pozo incide na mesma liña, aludindo á discriminación que se pode presentar con esta inflexibilidade, e conclúe que a realidade pode chegar a impoñerse sobre a lei (Carlos F. Molina del Pozo: "Nota acerca de la provincia en cuanto ente local", en *La Provincia*, *op. cit.*, pp. 419-420). En idéntico sentido, M. Pezzi: "El Plan de Urgencia para Andalucía como base de la comarcalización del Estado andaluz", en *VIII Coloquio de Geografía* tomo II, Salamanca, Asociación de Geógrafos Españoles, 1983, pp. 587-591. Domínguez-Alcahud, cita un documento interno do PSOE do ano 1980, no que se recomenda non eliminar de xeito xeral a figura da provincia (Jesualdo Domínguez-Alcahud y Monge: *Tipología de los entes locales*, *op. cit.*, p. 73).

**c. DE EFICACIA.** Despois de que, a fins dos anos sesenta e comezos dos setenta, diversos analistas españois comezan a expresa-la imperiosa necesidade de admitir “unidades territoriales nuevas o renovadas, y de reconstruir igualmente los correspondientes sistemas de gobierno o administración”, fundamentalmente con base no “cambio rápido en la estructura y asentamiento de la población”<sup>69</sup>, e reclaman a prol de criterios económicos e xurídico-organizativos a necesidade de reformar ou actualiza-lo réxime local e de fomenta-la rexionalización, pódese dicir que só o segundo aspecto chegou a callar, pois no primeiro, case non se produciron mutacións. Nesta primeira etapa, e sen querer recorrer ó dereito comparado como apodóctico arcano de perfeccións, as tendencias xeneralizadas en case toda Europa simultanearon ámbalas vías; neste sentido, debemos puntualizar aquí que a comarca é o espacio intermedio máis difundido e non só a escala europea na que si se atopan o *county* inglés, galés, irlandés ou escandinavo, o *kreis* alemán ou o *compronsorio* italiano, probablemente por se-las áreas óptimas de carácter intermedio para a prestación de servizos que, pola súa natureza, non poden ser rexionais nin municipais<sup>70</sup>, e, ademais, porque poden servir perfectamente para a realización dunha ben deseñada articulación do espacio territorial rexional (cada un coas súas peculiaridades), ben estruturado así, tanto coas administracións superiores coma cos entes inferiores.

Este apoio de índole funcional, non debe facer esquecer que a comarca pode ser un feito sociolóxico, económico, xeográfico ou histórico, e non necesaria e simplemente xurídico. As comarcas xa existían en case toda España desde aqueles prismas, polo que a crise dos pequenos concellos só engade unha patente de conveniencia de formalización; tanto como a, cada día, crecente complexidade que están adquirindo os servizos públicos municipais (que poucos concellos poden prestar correctamente), ademais da maior mobilidade nos desprazamentos da poboación, que adoita busca-lo abastecemento de servizos nun núcleo relativamente distanciada da súa residencia; e tampouco habería que excluí-la necesidade de coordinación intra e interadministrativa actuando sobre espacios homoxéneos e comúns, e non como ata o de agora en que cada departamento (a maioría deles, en apa-

<sup>69</sup> Manuel Fraga Iribarne: *Sociedad. Región. Europa*, Madrid, Alianza Editorial, 1974, p. 67.

<sup>70</sup> Cfr. Massimo Severo Giannini: “La experiencia italiana de los entes intermedios”, en *La Comarca como ente territorial*, op. cit., pp. 9-17.

rente paradoxo, posuíndo unha organización periférica comarcal) segue o seu propio e unidireccional criterio. Por isto a diversidade relativa –como apunta Muñoz Machado– dos estatutos de autonomía podería ser moi positiva; é dicir, que se a opción comarcalizadora que aparece na case totalidade dos mesmos non foi configurada por un simplista afán mimético, senón por conexión coas liñas de reforma xeneralizadas en toda Europa, e polas mesmas necesidades que se perciben ante a obsolescencia dun réxime local español que a penas se sostén sobre unha antiga armazón xurídica, precisando axustarse ás liñas de modernidade iniciadas en 1978.

Parece, pois, necesario revisa-las categorías xurídicas, xa que, como observou Sánchez Agesta non nos debemos deixar apreixar polos conceptos se a realidade demanda algo diferente. Por isto non teñen demasiado sentido os límites normativos, un tanto maniqueos, que seguen emanando en materia local dos órganos centrais do Estado, nun atávico tesón de inercia burocrática que parece conatural ás elites que sucesivamente van ocupando as súas estruturas administrativas, independentemente da súa variada orixe. Quizais non estea de máis lembrar que o anhelo de eficacia co que intitulamos esta alínea, xa o mostraban os deputados de 1821, como se ve na resposta que Clemencín dedicaba ós que criticaban o excesivo número de provincias que se estaba presentando: “Es evidente que en una provincia pequeña los gobernados están más cerca de las autoridades, y con menos trabajo, con menos tiempo y con menos dispendio se acercan al gobierno provincial a manifestar sus necesidades y hacer sus reclamaciones”.

E cunha división que, como subliña Calero Amor, foi realizada nunha “época en que los medios de comunicación terrestre no diferían sustancialmente de los que existían en la España romana”<sup>71</sup>, encontrámonos cun debate en sede constituínte no que se institucionaliza a provincia e non se nomea directamente a comarca, e non precisamente en función de razóns de eficacia; isto malia os esforzos do Sr. Gastón de Sanz<sup>72</sup>, que nos debates en Comisión primeiro e, con posterioridade, en sesión plenaria, intentou que o artigo 141.3 da Constitución concretase que as agrupacións de concellos diferentes da provincia eran as comarcas<sup>73</sup>. A súa emenda foi rexeita-

<sup>71</sup> Antonio M<sup>a</sup> Calero Amor: *La división...*, op. cit., p. 71. No mesmo sentido, Villar y Romero: voz *Demarcación*, en Nueva Enciclopedia Jurídica. E tamén habería que engadilos cambios de índole demográfica, socioeconómica e de aumento do intervencionismo administrativo no Estado social de dereito.

<sup>72</sup> Recórdese que no artigo 105 do Anteproxecto de Constitución elaborado pola Ponencia constitucional, falábase de “provincias o circunscripciones que los Estatutos de Autonomía establezcan mediante la agrupación de municipios” (punto 2<sup>o</sup>).

<sup>73</sup> Diario de Sesións do Congreso, nº 88 do 17 de abril de 1978, e nº 112 do 18 de xullo do mesmo ano.

da por entender que se se incorporaba especificamente o termo comarca, habería que face-lo mesmo con entes locais menores de arraigamento en determinadas rexións<sup>74</sup>, e non todo pode estar na Constitución<sup>75</sup>. Sen embargo, parece obvio que o artigo 141.3 CE, e máis claramente o 152.3, cando falan de agrupacións de concellos non se refiren precisamente a parroquias ou entes semellantes de “ámbito territorial inferior al municipal” (artigo 3.2 LRRL), senón ás comarcas, ademais de que os preceptos en cuestión aluden patentemente a entes territoriais, mentres que as mancomunidades ou agrupacións forzadas de concellos se configuran cun carácter nitidamente institucional<sup>76</sup>. Isto sen esquece-las específicas mencións que a maioría dos estatutos de autonomía concretan baixo a denominación de comarca.

Podemos observar (non todo pode estar na Constitución, pero tamén é evidente que hai cousas que están de máis) cómo existe unha duplicidade normativa constitucional sobre as agrupacións de concellos distintas das provincias: o artigo 141.3 que prevé que “se podrán crear agrupaciones de municipios diferentes de la provincia” que xa ten ese carácter como entidade local, e o 152.3 segundo o que “mediante la agrupación de municipios limítrofes los Estatutos podrán establecer circunscripciones territoriales propias que gozarán de plena personalidad jurídica”.

Almau Supervía<sup>77</sup> considera que aínda que ámbolos dous preceptos sinalan cara á comarca, no primeiro caso entenderíase como entidade local, e no segundo como división interior da Comunidade Autónoma<sup>78</sup>. Entrena Cuesta pensa que, mentres que as do 141.3 dependerían da decisión do lexislador estatal, as do 152.3 “al derivar directamente de la Comunidad por la vía del Estatuto se imponen en su existencia al legislador ordinario. Que tan sólo podrá abordar los principios básicos de su organización y régimen jurídico pero sin entorpecer la creación de tales agrupaciones por aquellas CC.AA. de régimen especial que las hayan previsto como elemento integrante de su organización territorial (...). En consecuencia, la existencia de las comarcas del artículo 152.3, en cuanto sea prevista estatutariamente, forma parte del contenido de la autonomía de la Comunidad de que se trate, y se impone, por tanto, al legislador –estatal o au-

<sup>74</sup> Capdevila Cardona, en D.S.C. nº 112.

<sup>75</sup> Peces Barba e –curiosamente– Meilán Gil, en D.S.C. nº 88 do 17 de abril de 1978; aínda que este último autor, engadía a seguir da antedita afirmación que “las comarcas son una realidad innegable. Creo que, además, deben ser en la futura organización del régimen local una pieza básica y fundamental como lo han sido en Alemania”.

<sup>76</sup> En idéntico talante, probablemente erróneo, incide a LRRL.

<sup>77</sup> J. L. Almau Supervía, en Temarios Grupo A, *op. cit.*, tema 65, p. 15.

<sup>78</sup> Jorge de Esteban e Luis López Guerra, pensan que o artigo 141.3 encerra –entre outras posibilidades– a dunha organización de todo o territorio con base en unidades comarcais, e que o 152.3 se refire a unha estruturación deste tipo levada a cabo nunha concreta Comunidade Autónoma. Cfr. Jorge de Esteban-Luis López Guerra, coa colaboración de Eduardo Espín-Joaquín García Morillo: *El régimen constitucional español* vol. 2, Barcelona, Labor, 1982, p. 324.

*tonómico* (o subliñado é noso)– y a la autonomía administrativa de los municipios a cuyo territorio extiende su jurisdicción la comarca”<sup>79</sup>. É dicir, que para algunhas CC.AA. do 151, con base neste precepto, podería non existir a circunscrición provincial se así o formulasen no seu propio deseño organizativo territorial, aínda que estas tivesen que manterse para outros efectos, o que suporía, ó noso entender, unha nova distorsión no xa, por si mesmo, sobrecargado e descompensado mapa das organizacións territoriais públicas españolas; mais, se cadra, non poida haber unha solución máis sinxela se non se flexibiliza un pouco a hermenéutica que adoita caracteriza-la institución provincial como inmutable esencia do constitucionalismo español.

Hai que advertir que a interpretación exposta de Entrena –difícilmente rebatible–, que explicaría a aparente duplicidade normativa da Constitución, non é en absoluto a que adoptou a LRBRL, para a que parece non haber a menor diferenza entre os artigos 141.3 e 152.3, concibindo a comarcalización como unha única e simple agrupación de concellos. Así na casuística (para unhas bases) regulación que para a creación de comarcas establece no seu artigo 42.2, salienta o posible veto que os concellos poden opoñer á súa creación: dúas quintas partes dos concellos que se tiñan que agrupar nela, sempre que representen polo menos a metade do censo electoral do territorio correspondente; debe destacarse, así mesmo, a necesidade do informe favorable das deputacións respectivas se a comarca tivese que agrupar concellos de máis de unha provincia. Esta irrupción de concellos e deputacións nunha competencia propia –nalgúns casos exclusiva– das CC.AA. para autoorganizar o seu territorio (artigos 148.1 e 149.3 en relación co 152.3 CE), resulta difícilmente explicable se non se argalla como un sibilino intento de recorta-las súas facultades, e, desde logo, outórgalles unha peculiar e bastante incompleta interpretación ós criterios establecidos do que por competencia exclusiva sobre o réxime local se poida entender.

Xa Muñoz Machado criticou a solución da LRBRL, cando aínda se atopaba en fase de anteproxecto, cualificándoa como “la agrupación de una serie de entes incapaces para formar todos ellos un nuevo ente capaz. La alternativa es agrupación, no creación de un ente nuevo y su-

<sup>79</sup> Rafael Entrena Cuesta: “El marco constitucional para la ordenación de la comarca”, en *La Comarca...*, *op. cit.*, pp. 26-27 e 38.

presión de los que están debajo. Quiere esto decir que la alternativa comarcalizadora como se presenta en este anteproyecto de Ley estatal es una alternativa bastante similar a la tradicional de las mancomunidades municipales<sup>80</sup>, aunque quizá no caracterizada por la especialización que era propia de las mancomunidades<sup>81</sup>, sino permitiéndoles que atiendan fines generales. Esa alternativa tiene, sin embargo, una consecuencia: es que no produce una reforma drástica del régimen local en cuanto que deja perviviendo todas las estructuras locales inferiores a la propiamente comarcal<sup>82</sup>. Es decir, no se crea un ente nuevo y se suprimen los que estaban por debajo o alguno de los que estaban por debajo, sino que se crea una estructura federativa que agrupa a los municipios que están en el área que va a ser atendida por la comarca<sup>83</sup>.

No mesmo sentido, Font Llovet sinala “la tendencia a concebir la comarca no como una instancia con autonomía e identidad propias, sino como solución organizativa a determinados problemas municipales de incapacidad en la prestación de los servicios o de necesidad de coordinación y gestión conjunta de aquellos que pueden ser organizados más eficazmente a nivel supramunicipal<sup>84</sup>. Es decir, la comarca como expresión de voluntades e intereses municipales agrupados, que estaría, por así decirlo, a *disposición* de los municipios y no de otros centros de decisión pública superiores desligados a éstos (...) y que, en fin, no sería forzosamente de existencia necesaria u obligatoria en todo el territorio de una Comunidad Autónoma, sino eventual, de acuerdo con las peculiaridades de la estructura municipal en cada área geográfica”<sup>85</sup>.

Ademais diso, Prats i Catalá subliña que “la comarca dibujada por la LBRL responde a una concepción restrictiva de sus posibilidades funcionales. Del artículo 42 de esta Ley se desprende la idea de una comarca fruto de la voluntad asociativa municipal y vocada ante todo a remediar la incapacidad de los municipios agrupados a los que se renuncia a reestructurar territorialmente”, mais engadindo que “esta concepción restrictiva y limitadora de la comarca no es la que impone la LBRL al legislador autonómico sino la concepción hacia la que se le trata de orientar (...). En conclusión, la LBRL ha tratado de alentar un cierto concepto o modelo de comarca, pero no

<sup>80</sup> Ás que tamén regula a LRBRRL no seu artigo 44, do que se pode destaca-lo seu apartado 3º, polo que se poida deducir do espírito que alentou ó lexislador, xa que no mesmo, despois de dicir que serán as CC.AA. as que lexislarán sobre o procedemento de aprobación dos estatutos das mancomunidades, engade (sen que se interpoña unha simple coma para separar) aquelas normas polas que obrigatoria e imperiosamente –“en todo caso”– deberán rexerse. Claro que o primeiro inciso pódese explicar se se ten en conta que se debe a unha emenda da minoría catalana do Congreso, xa que non figuraba no anteproxecto.

<sup>81</sup> Normalmente formadas cun só obxectivo: vertedoiro de lixo, traída de augas... Aínda que cada vez máis –sobre todo nas de recente creación– estanse multiplicando e complexizando os seus fins.

<sup>82</sup> Incluídas as entidades territoriais de ámbito inferior ó municipal.

<sup>83</sup> Santiago Muñoz Machado: “Las comarcas y las provincias”, en *La Comarca...*, *op. cit.*, p. 48.

se ha decidido a imponer dicho modelo, lo que abre vías importantes a las modulaciones o incluso alternativas que los legisladores autonómicos pueden aportar al mismo”<sup>86</sup>.

É obvio que ó lexislador básico non lle gusta unha solución comarcal innovadora (a pouca eficacia das mancomunidades é en xeral recoñecida) que non respecte nos seus mínimos detalles a tradicional regulación do réxime local español, por máis que –como veremos– numerosos estatutos prevexan outra cousa, quizais polas mesmas razóns que frean a necesaria reforma en profundidade dos numerosos defectos do municipalismo decimonónico (en relación, por exemplo, cos infraconcellos e as grandes urbes), e sen optar sequera de xeito claro a que as provincias adopten ese papel como instancias intermedias. Realidade e norma legal contradínse, e non hai máis que sinalalos completos servicios mínimos que os concellos (“por sí o asociados”) deben prestar deseñados unicamente con base en tramos de poboación segundo a LRBRL (descoñecendo outras variables que incluso poden ter máis peso), coa inmediata previsión de que os mesmos poden ser dispensados; historia que sitúa o seu último capítulo en acusacións de culpabilidade ás CC.AA. por parte dos órganos centrais do Estado responsables do tema, por non teren asumido a renovación que aqueles non se atreveron a realizar e que –na súa lexislación básica– tampouco hoxe en día facilitan, polo camiño sen dúbida menos doloroso e probablemente máis eficaz do que as radicais supresións ou agrupacións por decreto (defendidas por parte da doutrina administrativista), que implica a comarcalización.

O tema sobrepasa a consideración dunha simple reforma estrutural: “es duro enfrentarse a los municipios y exponerles directamente esta penosa situación cuando se van a redactar las leyes (...). El miedo al presunto enfrentamiento suele ir acompañado por desgracia, de grandes dosis de pretensiones faltas de realismo. Se pretenden conseguir municipios autónomos y con capacidad de gestión y se pretende conseguir esto con medidas de carácter voluntario o por vía de asociacionismo como únicas alternativas ‘realistas’ a la que, al mismo tiempo, se presenta como excesivamente drástica”<sup>87</sup>. Existe deste xeito e mesmo se promociona (sen eximir ás organizacións po-

<sup>84</sup> Martín Mateo achega verbo disto unha conclusión lóxica e de certo interese: “La creación de las Comarcas no podrá suponer la pérdida por los Municipios de sus competencias en materia de servicios (artículo 26 de la Ley), lo que debe entenderse en el sentido de que pueden recuperarse estas competencias no en el de que la Comarca no pueda asumir algunos de estos servicios, lo que constituirá posiblemente su principal razón de ser”. Ramón Martín Mateo: *Manual de Derecho Administrativo*, op. cit., p. 257.

<sup>85</sup> T. Font Llovet: “Perspectivas de Organización supramunicipal”, en *Revista Autonomías*, nº 1, Barcelona, Escola d’Administració Pública de Catalunya-Institut d’Estudis Autonòmics, 1985, pp. 64 e 66.

<sup>86</sup> Joan Prats i Catalá: “La Comarca”, en *Tratado de Derecho Municipal* vol. I, op. cit., pp. 838-839.

<sup>87</sup> Fernando M<sup>a</sup> Puras Gil-Martín M<sup>a</sup> Razquin Lizarraga: “Una solución al “minifundismo” local: la Ley Foral de Administración Local de Navarra”, en *REALA* nº 250, Madrid, MAP-INAP, 1991, pp. 315-316.

líticas) “un acusado espírito de independencia, cuando no de autosuficiencia, entre los gestores municipales, del que se resiente la eficacia administrativa, la economía del gasto público y la igualdad y la solidaridad entre los ciudadanos”<sup>88</sup>.

Xa por último, temos adiantar unha breve referencia á delimitación das parroquias segundo a LRBRL, excluindo xa previamente da discusión o carácter de territorialidade que poden ter, non só pola lexislación estatal, senón polo máis elevado mandato estatutario no caso de Galicia. Pois ben, como era de agardar, as manifestacións intervencionistas a prol dos entes municipais intensifícanse na regulación do artigo 45 da Lei básica, e ademais hai que destaca-la *tabula rasa* verbo das peculiaridades organizativas territoriais que emana da súa uniformista normativa, cando no punto 1º do dito precepto fala de Administración descentralizada de núcleos de poboación separados (en correspondencia co artigo 13.2 *in principio* sobre as bases de creación de novos concellos e onde se di “núcleos de poboación territorialmente diferenciados”). É dicir que para que se poida constituír un submunicipio (empregando a correcta terminoloxía da Lei municipal catalana de 1933), é requisito indispensable a existencia dun núcleo separado de edificacións (de poboación); non pode máis que sentirse a tentación de evoca-la dispersión indefinida (maior hoxe en día do que sinalan os datos máis actualizados do *Nomenclátor*, e que aínda así radica en Galicia máis da metade dos núcleos habitados en España, é dicir, sobrepasan os 30.000) do país galego e as consecuencias que se poderían desencadear se se axusta o dictado desta lei á dita realidade, vista a suprema ignorancia do lexislador básico sobre a distribución da poboación no noroeste peninsular.

Hai que dicir que o feito, penoso en boa medida, de que o lexislador galego non cumprise aínda o mandato estatutario de redacta-la lei de organización territorial prevista no artigo 2.3 do Estatuto, ten a vantaxe de permítille rectificar antes de facela; xa que se é certo o vello aserto de von Kirchman (a LRBRL pode ser unha boa mostra) de que tres palabras do lexislador destrúen bibliotecas enteiras, o que non se pode pretender é uniformizar un réxime local coma o galego que seguiu o seu propio camiño ó longo da historia constitucional española e que

<sup>88</sup> M. Sánchez Morón: *Autonomía local. Antecedentes históricos y significado constitucional*, Madrid, Civitas, 1990, p. 20.

é un factor imprescindible da conformación de Galicia como nacionalidade; xa que –en palabras do presidente da Xunta, Sr. Fraga Iribarne– se se trata de autoidentificación, o que verdadeiramente ten que facer Galicia é definirse dunha vez, cousa para nada complicada, xa que en boa medida a súa peculiar e profunda herdanza territorial trazou o camiño.

**d. EXTRACTO.** Pensamos que os tres grupos de motivacións expostas poden subsumirse nun só: as de carácter político. Os vicios ancestrais dun Estado coma o español que –en expresión de Torres del Moral, e reflectida tamén no pensamento de Ortega e Azaña– só o foi epidermicamente, cunha invertebración raiana no patolóxico e unha organización política que nunca se modernizou (preferindo enviar gardas civís ós pobos no canto de mestres, en dicción de Santos Juliá), non se poden resolver en catorce ou quince anos, e son aínda máis problemáticos se unicamente se busca –parafraseando a Francisco Bobillo na súa definición da oligarquía finisecular do XIX nun transplante a este novo fin de século– a ausencia de calquera obxectivo á marxe da propia permanencia. E está claro que nin a Constitución de 1978, nin a LRBRL de 1985 cerraron o debate sobre a reforma do réxime local aberto en España hai máis dun cuarto de século.

Xa desde aquela, véñense repetindo ata a saciedade eivas como a do inframunicipalismo (xerado ó copia-lo modelo francés de identificación entre concello e casco urbano), no que ó redor do 80% dos máis de 8.000 existentes non superan a cifra de 2.000 habitantes, e só 110 rebordan os 50.000, e concéntranse nestes máis da metade da poboación española<sup>89</sup>. Tamén os movementos de poboación e o cambio nas estruturas de asentamento, provocaron a dislocación entre a base humana e os recursos necesarios para presta-los servicios públicos municipais (mesmo os mínimos esixidos pola lei) igualitariamente e, consecuentemente, a inadecuación das actuais demarcacións territoriais locais. Ademais, a caracterización uniformizante que tradicionalmente tivo o réxime local español, impediu mesmo gradua-las institucións municipais e provinciais (como si se fixo noutros países que seguiron o modelo francés, caso de Portugal) para adap-

<sup>89</sup> Verbo disto, a tendencia á diminución de concellos en España desviouse levemente ó incrementarse en vintecinco o seu número no período 1986-1991 (créanse 31 e desaparecen 6, pasando de 8.056 a 8.081), palpable mostra da nula previsión ou da ignorancia creativa na busca de solucións adecuadas, que virían facilitadas polo novo marco constitucional da autonomía local.

talas mellor ás distintas realidades sociais que baixo elas e antes ca elas existían.

Se o problema inframunicipalista non é pequeno, sirva o paradoxo, aínda se agrava máis o panorama se se contemplan as aproximadamente 3.000 entidades locais menores que existen; a súa inviabilidade adoita ser tamén evidente na maior parte dos casos, e a resistencia a fusionarse, agruparse ou segregarse (polo menos por estrictos motivos de eficiencia e racionalidade) resulta así mesmo manifesta, ante a impotencia do lexislador que só hipocritamente pode manter un réxime local cada día máis distanciado das realidades sociais e económicas humanas sobre as que se asenta, e é consecuentemente falseado. O feito de que as mancomunidades, consorcios e agrupacións –normalmente de escasa eficacia práctica– estean experimentando un notable aumento a nivel español –e particularmente en Galicia– cunha certa tendencia a xeneraliza-los seus fins, demostra o interese dalgunhas instancias locais; sen embargo, cremos que a pouca flexibilidade do lexislador básico na regulación do tema comarcal, vai seguir sendo impedimento decisorio para conseguirla necesaria racionalización e funcionalidade do réxime local español, no que unha entidade non pode decidir sobre a súa propia liquidación xurídica, mais si que os seus representantes (a súa Administración segundo a lexislación) poden obstar, polas razóns que consideren oportunas, a creación dunha entidade superior que, por suposto, non implicaría a súa desaparición. Aínda que non se considere o escaso respecto ás disposicións dos estatutos de autonomía, os erros do lexislador estatal non permiten pensar na posible instauración duns mecanismos locais modernos que, ó tempo, sexan profundamente democráticos.

Neste último sentido, a viciosa política de subvencións ás entidades locais –propia de sistemas políticos escasamente democratizados–, na que a determinación principal de concesión de recursos por parte de administracións superiores é o favoritismo por afinidades de cor política, non só non soluciona problemas cotiás imprescindibles das colectividades locais, senón que xera discriminacións, conflitos, ineficacias e, en definitiva, perpetuación de carencias infraestructurais que se mesturan con importantes focos de neocaciquismo. Sen esquecer,

por outra parte, a falta de coincidencia entre o asentamento da poboación e as estruturas administrativas, base de calquera acción pública, característica tanto da división municipal como da provincial<sup>90</sup>, que tan directamente afecta a Galicia que posúe –como dixemos– máis da metade das entidades de poboación censadas en España.

A estas alturas probablemente non tería graves consecuencias considera-lo axuste da estrutura xurídica (aínda que se conserve, por exemplo, a súa denominación) ás novas realidades sociais: se o municipalismo non resulta válido porque os pequenos concellos españois son cada día máis pequenos e os grandes máis grandes, é evidente que por moito que se queira forzar aquel enfaixamento, só se fará sobre o papel; ó desaxustarse realidade e dereito, soamente se conseguirá o incumprimento deste, e é entón lícito preguntarse o porqué da súa existencia como unha casca vacía que, loxicamente, terá que buscar solucións á marxe do ordenamento xurídico.

Baena del Alcázar fala de “tener en cuenta el desequilibrio que existe entre la importancia del Municipio como centro de representación política de la población y su pérdida de carácter como fuente de decisiones macroeconómicas”<sup>91</sup>. “Ese vacío operativo que los Municipios sólo formalmente cubren hoy en su inmensa mayoría, debería ser cubierto por otras instancias comunitarias de más amplio radio –comarcas, áreas metropolitanas, provincias–, cuya concreta elección debería remitirse a las CC.AA., dada la profunda diversidad existente entre unas y otras regiones del Estado (alguna de las cuales agrupa ya ocho provincias, mientras que otras son uniprovinciales), amén de su propia variedad intrínseca desde el punto de vista geográfico y económico”<sup>92</sup>. E aínda podemos citar outro desfasamento que pouco ten que ver co económico, como é o avance constitucional na democratización dos concellos (artigo 140), convivindo cun papel de índole administrativa escasamente alterado na dicción e no espírito das leis.

Resulta cando menos chocante a fondura das reformas do réxime local no contorno europeo occidental, co requisito respecto que mantiveron cara ás formas articuladas da convivencia local e a participación democrática cidadá, e as declaracións de principios de democratiza-

<sup>90</sup> Neste último aspecto, Baena del Alcázar fala de que “no sólo por la disparidad de su extensión y de sus características económicas y culturales, sino también por el número de sus Municipios. Las diferencias son extremas y van desde los 34 Municipios de Las Palmas a los 439 de Burgos en 1975. En estas entidades de segundo grado también influyen, como es lógico, las disparidades en cuanto al número y el asentamiento de la población”. Mariano Baena del Alcázar: *Curso de Ciencia de la Administración* vol. I, Madrid, Tecnos, 1985, 2ª ed., p. 324.

<sup>91</sup> *Ibid.*, p. 321.

<sup>92</sup> Tomás Ramón Fernández Rodríguez: *La organización territorial del Estado...*, *op. cit.*, p. 363.

ción e modernidade do sistema local español compatibilizadas co mantemento dunhas estruturas decimonónicas que todo o mundo recoñece como insuficientes. Algo falla. Comenzando polo desencaixe que supón a rixida constitucionalización dunha entidade de segundo grao como a provincia, en prexuízo de calquera outra opción e sabendo o necesaria que era a súa perfectibilidade; e hai que dicir que pensamos que a isto non son alleas razóns de índole electoral, ó poñer este feito en relación cos artigos 68 e 69 CE e coas leis electorais vixentes desde a instauración da democracia, mesmo descendendo á escasa sinceridade a prol da autonomía local que demostra o sistema de elección para as deputacións provinciais, que consideraremos con certa atención.

Nesta liña, non é preciso investigar atentamente para ratificar con claridade que o uniformismo e o unitarismo latentes no modelo francés, no que os entes locais son simplemente unha parte (bastante do apéndice ademais) do Estado, tremelocen nas elites políticas españolas, e fan sospeitar -por extrema que esta postura poida parecer- acerca da pouca sinceridade ou concesión forzada dun determinado momento que supuxo o Estado autonómico. Por isto, cando un ministro de Administracións Públicas manifesta -en alusión ó presidente da Generalitat de Cataluña- que “olvida la existencia de la Administración local, otro de los poderes del Estado (central); y casi siempre se olvida hasta qué punto la autonomía local se ha podido ver limitada por las pretensiones de las CC.AA.”<sup>93</sup>, máis ca unha mostra de inopinada ignorancia, percíbese un convencemento interior -subliminarmente atoado máis alá do texto constitucional- e máis fondo cás súas propias palabras.

Neste sentido, non se debe ignorar que a distorsión entre norma xurídica e realidade en materia de réxime local en España, “es lo que ocurre en otros sectores del ordenamiento, en que la superestructura normativa, oculta una realidad más amplia en beneficio de otra más limitada que subyace a aquella y que es la verdaderamente protegida. Olvidar esto, no tener en cuenta que la ley no es un valor neutro, sino el producto de una serie de intereses en juego a los que legitima; la resultante de unas fuerzas sociales dominantes, puede conducir a ejercicios de malabarismo teórico, bien ajenos a la praxis re-

<sup>93</sup> *Revista Cambio* 16 nº 1038, 14.X.91, p. 43. E non é máis ca un simple exemplo que facilmente se podería ampliar; así, recentemente, o presidente do Goberno, Felipe González, mostrou unha curiosa cultura e concepción da historia de España, ó dicir que “El Gobierno y los ayuntamientos son las instituciones más históricas y de más peso del Estado”. Toda unha declaración de principios, e non só en relación ó réxime local. Fonte: *La Voz de Galicia*, 19.IV.92.

al”<sup>94</sup>. Aí se encontra a clave interpretativa da nosa historia constitucional e local; mais acontece que despois de 1978, este difícil malabarismo insírese tamén –se cadra porque constitucionalmente non cabe outra opción máis nítida– na entraña lexislativa, e obstaculiza solucións claras que non se vexan articuladas nesa forma de política xudicializante que supón o conflito xurídico-constitucional, malia o distinto enfoque –e isto é quizais o máis grave– dunhas novas coordenadas políticas e sociais.

Moi posiblemente desde a nosa perspectiva, as razóns de xustiza constitucional e autonómica sexan as principais á hora de fundamentala argumentación de que se está perdendo un momento histórico de –se se desexa– vertebrar consistentemente o modelo español escollido en 1978, do que non poden ser desvinculadas as entidades locais. Mais as motivacións de racionalidade e eficacia –que non se poden escindir das anteriores– resultan tamén básicas para planificar un sistema de administracións coa suficiente perspectiva territorial e participativa, xa que case nunca foron postas de manifesto na práctica da acción administrativa copiada dun exemplo francés de perfectos paralelismos centrífugos, nunca reais en España (e moito menos en Galicia), onde só se xeraron desigualdades rexionais e intrarrexionais, que se deberían corrixir no actual marco do Estado autonómico (en principio moi arredado na súa ideoloxía organizativa do vixente sistema francés).

Pois “si el Estado de las Autonomías no quiere ser el heredero de los vicios del Estado centralizado, tiene que plantearse en profundidad la problemática de la vertebración territorial de sus regiones, para lograr una estructura más coherente con la sociedad que le subyace (...), en la medida en que ha de tener en cuenta cómo y cuáles son los marcos en que la convivencia regional está organizada, no sólo administrativamente, sino también en sus aspectos cultural, económico y social, en general”. Non é admisible, consecuentemente, “que cada Comunidad Autónoma se invente ahora un esquema de poderes territoriales y lo constituya en una especie de camisa de fuerza impuesta a su propia sociedad regional. Muy al contrario, ha de buscar el armazón de la vida colectiva, los niveles y estructuras que amparan y ordenan las relaciones sociales, y asentar sobre ellas las pro-

<sup>94</sup> Claudio Movilla Álvarez: “La articulación autonómica del municipio”, en *Autonomía, Hacienda y Régimen Local en Galicia*, op. cit., p. 192.

pias estruturas administrativas; por muy primitivas o inertes que sean"<sup>95</sup>. Malia as distorsións que introduce a faceta de bifrontismo estatal, á hora das decididas actuacións encóntrase na actualidade nas mans dos lexisladores autonómicos.

#### 4. Sobre o Tribunal Constitucional.

O feito de non ter citado a penas xurisprudencia constitucional, débese a estar esta incluída neste apartado específico, que se xustifica sobre todo pola decisiva importancia que as resolucións do alto intérprete da Constitución tiveron –e probablemente aínda terán– na materia que nos ocupa; importancia que vén dada pola capacidade que ten de emitir coas súas sentencias *normas paraconstitucionais*<sup>96</sup> –aínda que represivamente–, desempeñando ademais funcións de estrado superior por esa indefinible obxectividade que se supón que embarga o contido de toda a xurisprudencia constitucional. Importancia que –como atinadamente expón José Eugenio Soriano<sup>97</sup>–, no proceso de subsunción de competencias exclusivas autonómicas polos órganos centrais do Estado a través da inmersión no completo sistema xurídico das comunidades europeas, tamén lle vén dada por se-lo TC o único posible órgano que ampare minimamente o dereito das CC.AA., agás que consolide a súa xa manifesta tendencia proestatalista nunha materia internacional que se internaliza, podendo causar, ó noso entender, graves amputacións e fraudes constitucionais. Nunha recente sentenza (núm. 28/91, do 14 de febreiro), sen embargo, o Tribunal decántase pola técnica da evasión<sup>98</sup>, e favorece só a unha das partes, co cal o resultado é case idéntico.

Se a isto engadimos que xa non son poucos os autores que caracterizaron a posición do TC como a dun garante da preeminencia do Estado central sobre as rexións<sup>99</sup>, e a case paralización deste organismo, ó verse literalmente incapacitado para resolver coa necesaria présa a multitude de recursos e conflitos de competencias que se lle presentan, o que non é máis ca un reflexo do maniqueísmo dun sistema que non promove máis ca eufemisticamente a necesaria colaboración; e mesmo o perigo de que, ante esta situación, poida xurdir de acoller con xenerali-

<sup>95</sup> Luis Morell Ocaña. Citado por Jesús Leguina Villa: *Escritos sobre autonomías territoriales*, Madrid, Tecnos, 1984, p. 273.

<sup>96</sup> Mesmo GARCÍA DE ENTERRÍA chegou a falar, quizais con excesiva hipérbole, do Tribunal Constitucional como *comisionado* do poder constituínte.

<sup>97</sup> José Eugenio Soriano: "Comunidades Autónomas, Comunidades Europeas y Tribunal Constitucional", en *Revista de Derecho Político* nº 29, Madrid, UNED, 1989, pp. 9-36. Verbo disto, debemos facer notar que a Lei 47/85, do 27 de decembro, para a aplicación en España do dereito das comunidades europeas, interpreta este como normas de bases, e o seu desenvolvemento corresponderíalle ó Estado central ou ás CC.AA. en virtude das competencias por un ou outras asumidas. Sen embargo, este criterio, non foi o seguido en posteriores disposicións.

<sup>98</sup> Pois manifesta que "es evidente que ni el Tratado de Adhesión a las Comunidades Europeas ni el derecho de éstas integra, en virtud del artículo 96.1 CE el cánón de constitucionalidad bajo el que hayan de examinarse las leyes del Estado español". Fonte: *Boletín de Jurisprudencia Constitucional*, nº 119, 1991, p. 15.

<sup>99</sup> Por exemplo, Jiménez Blanco expón que, a xurisprudencia constitucional atribúe con máis frecuencia do

que sería desexable, “a la Administración del Estado competencias ejecutivas en todo el territorio nacional cuando la Constitución ha reservado a los poderes centrales tan sólo las bases o la legislación”. Antonio Jiménez Blanco: *Las relaciones...*, op. cit., p. 314. Tamén o profesor Argullol sinalou o papel transcendental que xoga nos conflitos bipartitos, e a contradicción que supón que a composición do TC sexa plenamente estatal, e considérase tema tabú calquera outra alternativa (como a integración de maxistrados das CC.AA., aínda que sexa a nivel de consulta, co que non sería necesario reforma-la Constitución). Cfr. Enrique Argullol i Murgadas: “A dialéctica Centro-Periferia no Estado Autonómico”, en *Simpósio Internacional da Europa dos Estados á Europa dos Pobos*, Santiago, IGEA-CIFE, 1988.

<sup>100</sup> Voto particular subscrito polos maxistrados don Francisco Rubio Llorente e don Luis Díez-Picazo y Ponce de León, na STC 56/86, do 13 de maio.

<sup>101</sup> Como organización global: as CC.AA. son Estado en sentido pleno e non só lato como aduce o propio TC, aínda que ás veces teña caído no anfibolóxico sentido con que emprega o vocábulo a Constitución. Non existen estas vacilacións nos modelos federais, as leis e competencias son claramente ou federais ou estatais.

dade a doutrina dos poderes implícitos a cal, en palabras de dous maxistrados do Tribunal “es difícilmente compatible con el sistema de delimitación competencial que resulta de la Constitución y de los Estatutos, que puede quedar aniquilado si se acepta el principio de que la titularidad de una determinada competencia faculta para realizar en otros campos, en materias respecto de las que no se posee competencia alguna, cuantos actos resulten necesarios para el ejercicio de la competencia propia”<sup>100</sup>.

Tanto o carácter marcadamente ambiguo duns preceptos constitucionais de directa aplicación que abren o camiño á diversidade de interpretacións, como a equivocidade do termo *competencia exclusiva*, arredor do cal se configura a repartición de competencias da Constitución e dos estatutos de autonomía, tendo que ser estes descifrados en función de aquela; e ó se-lo TC o máis alto intérprete da mesma como órgano do Estado<sup>101</sup>, quizais por iso non se optase polo criterio de representación territorial na designación dos seus membros (a diferencia dos precedentes históricos do Proxecto de Constitución Federal de 1873 e da Constitución de 1931)... Todos eles son factores que promoven que o labor do TC no tratamento que nos ocupa, e ante a relativa imprecisión no mesmo de todo o bloque da constitucionalidade, se configurase como autenticamente decisorio e definitorio. Sen necesidade de realizar un estudio exhaustivo da xa numerosa xurisprudencia que sería propio doutro traballo, case se pode inducir que o alto tribunal se erixiu, pode que non moi consecuentemente, en pre-lexislador en relación con –entre outras– a LRBRL.

Ademais, por outra parte, parece claro que o TC manifestou altibaixos no entendemento das súas glosas sobre o asunto, ó non decantarse no mesmo sentido senencia tras sentenza ou ó perderse en floeos argumentais o que, sendo permisible, non impide a posible existencia de cambios en futuras interpretacións que –quêirase ou non– non estarán exentas do azar de metamorfoses políticas noutros órganos do Estado, mudables pola súa natureza de representantes da vontade popular que, se son síntoma de cambios sociais, terán que incidir necesariamente na sensibilidade dun organismo que non se pode enterrar na trincheira do precedente, atrofiando unha

evolutiva conciencia social que é fundamento de todo dereito.

Non estraña que xa o propio TC advertise máis dunha vez, sobre o “sentido marcadamente equívoco con que el adjetivo *exclusivo* se utiliza, tanto en el texto de la Constitución como en los Estatutos de Autonomía” (sentencias do 16 de novembro de 1981 e do 2 de febreiro de 1982), polo que se dúas competencias semellantes son cualificadas como exclusivas, “están llamadas objetiva y necesariamente a ser concurrentes” (Sentencia do 28 de xaneiro de 1982). Neste sentido, consideramos que, en España, as conferencias sectoriais que propuxo o Tribunal (STC 76/83 do 5 de agosto), que son técnica bastante común nos estados federais, deberían ir unidas a outras para facelas efectivas, como a colaboración normativa e a reconversión do Senado, so pena de que no sistema autonómico, tal e como se configurou, unicamente sirvan para montar administracións sobre administracións, xa que non existe a menor correspondencia entre o probado sentido cooperativo que estas conferencias teñen e a palpable realidade española de falta total de colaboración (máis ou menos nítida segundo a Comunidade Autónoma de que se trate), á marxe do propio xogo de contrapesos políticos nada equilibrados, xa que inclinan a balanza dun lado ou do outro en función de alianzas conxunturais e inestables que, inevitablemente, sempre causan algún prexudicado, e impiden de raíz aplica-la baza da solidariedade.

Por outra parte, e neste mesmo sentido, tampouco axudan demasiado as restriccións que supoñen o mantemento de reductos de competencias mínimos da Administración periférica do Estado (especialmente as delegacións) nalgunhas CC.AA., intentando soportar como codependentes materias e entes orgánicos que non o son; iso sen contar coa insostible, en termos de recursos escasos, duplicidade que se instaurou, tema que foi obxecto de abondosa literatura que –curiosamente– parece ser unánime [na nosa doutrina González Mariñas propón a subsunción dos gobernadores civís das CC.AA. pluriprovinciais nun único organismo<sup>102</sup>, o que cremos moito máis acorde coa letra e o espírito do artigo 154 CE], e que non se soluciona simplemente coa creación da figura do delegado do Goberno como cargo sinecura, e ó que con xustiza se po-

<sup>102</sup> Pablo González Mariñas: *Galicia, ¿provincia única?*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco-PNG-PG, 1989, p. 36.

dería cualificar de *virrey*, en atinada precisión de humorismo galaico co que o bautizou Iglesias Corral.

Pois ben, dicíamos que ante a indefinición e mesmo confusiónismo do título VIII da CE, o TC foi o grande arquitecto vertebrador do esquema da organización territorial do Estado, tamén en materia local, aínda que non sempre coa claridade desexable, quizais porque a Constitución non permita outra cousa. Antes da Lei 7/85, do 2 de abril, incorrectamente chamada *de bases* (o propio TC declarou que as bases “nada tienen que ver con la delegación legislativa de la que tratan los artículos 82 y 83 de la Constitución”: Sentencia do 28 de xaneiro de 1982), inspirándoa<sup>103</sup>; despois dela, asentando a súa lectura restrictiva das competencias autonómicas, ó evita-la *interiorización* plena dos entes locais intracomunitariamente<sup>104</sup>. E ó longo destes anos, movéndose proteicamente en torno ó concepto de *bases*, e así o exemplificou García Martínez como unha alternativa pendular: STC do 28 de xullo de 1981, concepto material de bases; SSTC 32/83 do 28 de abril e 42/83 do 20 de maio, consideración formal das mesmas; SSTC 85/83 do 25 de outubro e 33/84 do 9 de marzo, volve a manexalo concepto material de bases; SSTC 80/88 do 28 de abril (en relación co uso do idioma galego na etiquetaxe e publicidade dos produtos comercializados en Galicia), 102/88 do 8 de xuño e 158/88 do 15 de setembro, opta novamente polo criterio formal que, a xuízo da autora citada, parece se-lo que se impo-  
rá no futuro<sup>105</sup>.

Recordando a concepción *federalista* anteriormente exposta, e segundo a cal o TC erraría ó realizar unha interpretación extensiva das bases do artigo 149.1.18º CE, destacaremos dous aspectos xurisprudencialmente exemplificados:

**1.** Por unha parte, ó non ter outorgado a CE unha solución diáfana á cuestión de se o réxime local debe integrarse no ámbito organizativo das CC.AA., especialmente das denominadas de primeiro grao (como vimos coa única limitación do artigo 149.1.18º), foron os estatutos de autonomía os que definiron con claridade a cuestión en sentido afirmativo: artigo 5.1 Estatuto catalán; 2.2 e 27.2 do galego; 3 a 5 do andaluz; 5 da Rioxa; 3.1 do murciano; 5 do Estatuto de Aragón; 2.2 do de Castela - A

<sup>103</sup> Cfr. por exemplo, SSTC 84/82 e 25/83 do 7 de abril; e as do 2 de febreiro e 28 de xullo de 1981.

<sup>104</sup> Por exemplo, SSTC 27/87, do 27 de febreiro; 213/88, do 11 de novembro; e 259/88, do 22 de decembro; antes de chegar á 214/89, do 21 de decembro.

<sup>105</sup> M<sup>a</sup> Asunción García Martínez: “Algunos aspectos de nueve años de jurisprudencia constitucional”, en *Diez años de desarrollo constitucional*, Revista de la Facultad de Derecho de la Universidad Complutense n<sup>o</sup> 15, Madrid, Facultade de Dereito, 1989, pp. 503-506. Ignacio de Otto opina que “con la LBRL se hace uso por primera vez de una competencia estatal cuya no utilización ha sido, como se sabe, la causa y el fundamento de la adopción de la noción material de bases por el Tribunal Constitucional”. Ignacio de Otto y Pardo: *Estudios sobre Derecho estatal y autonómico*, Madrid, Civitas, 1986, p. 103.

Mancha; 2.2 do estremeño, etc. Prodúcese entón, xa desde antes da LRBRL, un enfrontamento xordo, precisamente nun tema necesitado de fonda sinerxía, entre os defensores dunha postura se se quere máis federalizante –parecida á do sistema alemán– de *interioriza*-los entes locais e a súa regulación dentro da Comunidade Autónoma, e os partidarios de inserilos como un terceiro chanzo na organización administrativo-territorial do Estado configurado coma un todo unívoco, e semiencadrados no principio constitucional de autonomía (local). Este é, simplificando, o miolo da cuestión, dado que ningunha das dúas posicións é aclarada pola CE, e –pensamos– tampouco definitivamente polo TC. Máis aínda, consideramos que tal e como se veu enfocando o tema, case desde posicionamentos irreductibles, a aparencia que merecen é a de intentar recorta-la esencia da autonomía dos entes locais (os que sexan), e débese recalcar que o noso empeño guíase precisamente polo camiño contrario.

Exemplificando verbo diso, a STC 32/81, do 28 de xullo, ante a escasa sutileza da Lei de Cataluña núm. 6/80, do 17 de decembro, pola que se regulaba a transferencia urxente e plena das deputacións catalanas á Generalitat, e na que *de facto* desaparecían as catro deputacións provinciais de Cataluña, non deixaba moita máis marxe cá de estima-lo recurso e declara-la nulidade do fundamental da norma. Así e todo, en canto ó establecemento das bases do artigo 149.1.18º CE, o texto desta sentenza aclara que “la fijación de estas condiciones básicas no puede implicar en ningún caso el establecimiento de un régimen uniforme para todas las entidades locales de todo el Estado, sino que debe permitir opciones diversas, ya que la potestad legislativa de las CC.AA. no es en estos supuestos de carácter reglamentario. En el respeto de esas condiciones básicas, por lo tanto, las CC.AA. podrán legislar libremente”. O Tribunal sinala tres planos de potestade territorial: “La Constitución prefigura una división territorial del poder público entre entidades de distinto nivel, que son fundamentalmente el Estado, titular de la soberanía; las CC.AA., caracterizadas por la autonomía política, y las provincias y municipios, dotados de autonomía administrativa”. As tres aseveracións son atinadamente acoutadas por Torres del Moral<sup>106</sup> por:

- i. Se-lo pobo o titular da soberanía, non o Estado.

<sup>106</sup> Antonio Torres del Moral: *Principios...*, *op. cit.*, p. 321.

- ii. Pola incorrección ó contrapoñer Estado e poderes autonómicos: “así pues donde el Tribunal escribe Estado hay que leer órganos de poder generales y centrales”.
- iii. Por non ser cuestión pacífica que a autonomía das provincias e concellos sexa simplemente administrativa.

Recollendo o que é substancial nesta transcendental sentenza, parece albiscarse na doutrina do xurisprudente –se cadra provocado polo enfoque da Lei catalana–, un temor a que a arela de competencias das CC.AA. baldeie completamente o contido esencial da autonomía local, e de aí extráese a lectura das “bases del régimen jurídico de las Administraciones públicas” (incluídas as locais) do artigo 149.1.18ª CE, como se tivese que se-lo legislador estatal o seu defensor sen concesións (“reducto indisponible” di a STC 38/83, do 16 de maio, aludindo á que estamos comentando), mais engadindo que “ciertamente, no será siempre fácil la determinación de qué es lo que se ha de entender por regulación de las condiciones básicas o establecimiento de las bases del régimen jurídico, y parece imposible la definición precisa y apriorística. Las Cortes deberán establecer lo que se ha de entender por básico, y, en caso necesario, será este Tribunal el competente para decidirlo, en su calidad de intérprete supremo de la Constitución (artigo 1 LOTC)”.

Este recoñecemento do básico, xa é doutrina consolidada polo TC (cfr. por exemplo Sentencia do 28 de xaneiro de 1982), e resulta obvio que lles concede unha ampla marxe de apreciación ás Cortes nun concepto tan remitente a encadramentos, o que –por rexeitamento– delimita o campo de mobilidade dos legisladores autonómicos, que nunca poderá ser demasiado estreito, pola oscilación inmanente á noción do *básico*, e polas mesmas posibilidades cambiantes –o *feedback* que se pode autoalimentar proteicamente, ó que aludiamos– que en materia de competencias e funcións, e por suposto de organización, dispénsalles ós entes locais a LRBRL (cfr. a elasticidade dos seus artigos 2, 28, 36, etc.). E mesmo a doutrina da *garantía institucional* –“la moderna vestidura sociológica del iusnaturalismo”, en expresión de Ignacio de Otto<sup>107</sup>– como último reducto do corpo da autonomía local indispoñible polo legislador ordinario, é matizada

<sup>107</sup> Ignacio de Otto y Pardo: *Estudios...*, op. cit., p. 112.

polo TC cando aclara que “la garantía institucional no asegura un contenido concreto o un ámbito competencial determinado y fijado de una vez por todas, sino la preservación de una institución en términos reconocibles para la imagen que de la misma tiene la conciencia social en cada tiempo y lugar”.

Que as competencias autonómicas non nacen dunha lei estatal (por básica que sexa) parece claro; que a definición do básico non segue unha liña ben perfilada na xurisprudencia constitucional (cfr. Sentencia 25/83, do 7 de abril, na que se admite que a competencia básica estatal sobre réxime local pode incluír meras facultades de execución) tamén; a diferenza entre dous tipos de comunidade autónoma non é tema polémico; que os aspectos organizativos das entidades locais (excepto quizais os límites das provincias en razón da redacción do artigo 141.1 CE) pódense interiorizar en boa medida, parece admitilo o Tribunal, mesmo na Sentencia do 28 de xullo de 1981. Sobre o reducto ou núcleo de competencias, non só se pode incidir sobre a súa zona exterior, senón que ata o lexislador básico coñece a imposibilidade do seu cumprimento pola maioría de concellos, e por iso establece a excepción ou dispensa do mesmo no artigo 26.2 da LRBRL a prol da comunidade autónoma respectiva.

Todos estes asertos algo máis ca teóricos, deberían terse en conta á hora de establece-la lexislación organizativo-territorial galega, sen falsos temores a futuros intervencionismos restrictivos do valedor constitucional, malia algunha experiencia comparada de outras CC.AA. Só será cuestión de puntualización e exquisita afinación, crenndo na bondade do que se opere. Neste sentido, constituiría un grave erro caer –no tratamento de entidades locais– na teima das materias ou competencias exclusivas, xa que os antecedentes xurídico-políticos españois transmítennos a experiencia de que estas poden quedar facilmente baldeiradas de contido pola lexislación sectorial en calquera momento. E se isto sucedeu en momentos de centralismo antidemocrático da nosa historia, non sería de recibo (argumento constantemente esgrimido polas instancias centrais nunha especie de padriñado, aconsellando ou impondo que non se faga o mesmo que elas practicaron) que as CC.AA. adoptasen como

súa esa liña continuísta, pois quedaría en dúbida –aínda que non constitucionalmente– a credibilidade sobre a súa capacidade para autoorganizarse autonomamente, e poderíaselles dar parcialmente a razón ós que lles achacan a súa menoridade como xustificante de certas actuacións.

Seguindo cun acelerado repaso á xurisprudencia constitucional, mencionar que ese miolo que establece a STC 117/84, do 5 de decembro, na que se afirma que “en realidade esas CC.AA. que accedieron a la autonomía sobre la base del artículo 151 de la Constitución, reclamando y asumiendo en sus Estatutos competencias plenas en materia de régimen local *substituyen al Estado*, colocándose en su lugar, en el bloque de competencias –normativas, ejecutivas– propio del régimen local, con la única limitación del obligado respeto a la competencia del poder central para fijar los principios o criterios básicos en materia de organización y competencia general de los Entes locales”.

Outra das sentencias emblemáticas do noso tratamento é a 84/82, do 23 de decembro, que outorga carácter bifronte ó réxime xurídico das autonomías locais nalgunhas CC.AA., o que “hace imposible calificarlo de forma unívoca como *intracomunitario* o *extracomunitario*, lo que no es contradictorio con la naturaleza que a las entidades locales atribuye la Constitución, cuyo artículo 137 concibe a municipios y provincias como elementos de división y organización del territorio del Estado. Dividido y organizado, también éste, en su integridad y sin mengua de ella en las CC.AA., ambas formas de organización se superponen sin anularse, y si bien el grado superior de autonomía que es propio de las Comunidades, les otorga potencialmente un poder político y administrativo sobre los municipios y provincias que se incluyen en su territorio, éstas y aquéllos no desaparecen ni se convierten en meras divisiones territoriales para el cumplimiento de los fines de la Comunidad, *aunque puedan también cumplir esta función* –subliñamos–. Las provincias, siguen siendo (artículo 141 CE y artículo 5.4 EAC) divisiones territoriales para el cumplimiento de la actividad del Estado, y municipios y provincias, como entes dotados de personalidad jurídica propia (artículos 140 y 141 CE), pueden ser autorizados por el ordenamiento para asumir a título singular el desempeño de funciones o la gestión de

servicios que el Estado proponga transferirles o delegarles y que corresponden con su ámbito de intereses propios, definido por la Ley”.

Cínguese sobre esta sentenza, amais amén dun certo primitivismo técnico-xurídico sobre o réxime local afortunadamente mellorado despois pola xurisprudencia constitucional, e dun uso confuso e restrinxido que da expresión Estado efectúa a CE, unha etérea aureola de inaprehensibilidade. Semella de tal xeito que o carácter bifronte –que obviamente nunca poderá ter ámbalas caras iguais– dependerá da práctica das actuacións que, por pura lóxica, e malia as interferencias que lles poden supoñer as delegacións directas dos órganos centrais do Estado ós entes locais que, pola súa mesma natureza nunca poderán ser moi importantes<sup>108</sup>, saltando por riba da Comunidade Autónoma en que se localicen, tenderá en principio a reforzar-lo peso do intracomunitario, pola maior interrelación entre as competencias atribuídas ós entes locais e as propias das CC.AA., e porque estas posúen o maior número material das mesmas, ademais de que isto unido a que gozan das competencias de organización do seu espazo territorial, necesariamente debería causar que a interconexión sexa bastante máis exhaustiva cos entes que ocupan ese mesmo espazo.

A inflexión da LRBRL que, como é sabido, realiza unha interpretación pouco xenerosa coas competencias autonómicas, e pronúnciase nitidamente en contra da *interiorización*, orientada por unha “tensión dialéctica soterrada con las CC.AA.” e que “ha dejado como tarea pendiente una reforma en profundidad de la tradicional Administración Local”<sup>109</sup>, marca posteriores sentencias do TC<sup>110</sup>, que mesmo sitúan a esta norma nun nivel de alto rango que formalmente non lle corresponde –coa escusa do carácter básico exponencialmente esaxerado– fronte ós lexisladores estatal e –especialmente– autonómico; pois, todas elas, ordénanse a defende-los entes locais dun suposto *vampirismo* de competencias das CC.AA., aínda que tendo en conta que “la garantía institucional del artículo 137 de la Constitución, opera tanto frente al Estado como frente a los poderes autonómicos” (Sentencia do 11 de novembro de 1988). Por máis que na do 27 de febreiro de 1987, se faga unha xenerosa interpretación das posibilidades de coordinación, aín-

<sup>108</sup> De aí que, na actualidade, os órganos centrais do Estado defendan a descentralización de competencias nas entidades locais (léase provincias e concellos).

<sup>109</sup> José Luis Meilán Gil: *Re-modelación de los espacios locales*, op. cit., p. 796.

<sup>110</sup> SSTC 27/87, do 27 de febreiro; 213/88, do 11 de novembro; e 259/88, do 22 de decembro.

da que “constituya un límite al pleno ejercicio de las competencias constitucionales de las Corporaciones Locales”.

En canto á extensa STC 214/89, do 21 de decembro, que resolve os recursos formulados contra a LRBRL, e sobre a que volveremos ó centrarnos no réxime local –ou como quere a sentenza, “régimen jurídico de las Administraciones Locales”– específico de Galicia, dicir agora que, malia que a completa lectura da mesma require un traballo específico como sen titubeos merece a súa excesiva casuística, neste momento pensamos que chega con sinalar que, ó noso entender, continúa movéndose nuns vagarosos e indeterminados límites, sen adoptar claramente unha liña definitoria e precisa en canto ós dous posicionamentos que se poden gardar no texto constitucional, e pódese entrever nela unha certa política xurisprudencial ó servicio do caso concreto, na opinión de Meilán Gil<sup>111</sup>.

Circunscríbese a recalcar que a “garantía institucional es de carácter general y configuradora de un modelo de Estado, y eso conduce, como consecuencia obligada, a entender que corresponde al mismo<sup>112</sup> la fijación de principios o criterios básicos en materia de organización y competencia”. Segue incidindo en idéntica interpretación sobre o artigo 149.1.18º CE. E, en relación cos entes locais [comarcas, entidades *territoriais* de ámbito inferior ó municipal (*sic*), etc.] sinala que “se trata de unas Entidades con un fuerte grado de *interiorización* autonómica, por lo que, en la determinación de sus niveles competenciales, el Estado no puede sino permanecer al margen. Corresponde, pues, en exclusiva a las CC.AA. determinar y fijar las competencias de las Entidades locales que procedan a crear en sus respectivos ámbitos territoriales. Asignación de competencias que, evidentemente, conllevará una redistribución, si bien con el límite de que esta reordenación no podrá afectar al contenido competencial mínimo de estas últimas garantizado como imperativo de la autonomía local que la Constitución les reconoce”. Verbo disto, Jiménez-Blanco y Carrillo de Albornoz comenta que “la LBRRL se vería así reducida a ser una Ley de Municipios y Provincias; lo demás, y, en especial, las comarcas, quedaría en las manos exclusivas de las CC.AA. En seguida se advertirá que el razonamiento no casa bien con la realidad, porque la Entidad inter-

<sup>111</sup> José Luis Meilán Gil: *Re-modelación...*, *op. cit.*, p. 794.

<sup>112</sup> Despois duns cantos anos segue sen ser preciso o alto tribunal.

media sólo tiene pleno sentido a costa de alguna de las dos anteriores: no hay sitio para todo el mundo”<sup>113</sup>.

Como decíamos, volveremos sobre esta sentencia para expoñe-la nosa discrepancia –ou cando menos dúbida razoada– no que se refire á ponderación que realiza do artigo 27.2 da norma estatutaria galega, e as hipotéticas reducións que isto puidese supoñer para o seu cabal desenvolvemento; con todo, aquí e agora, pensamos que o fondo da argumentación do Tribunal acerca diso, non esconde máis ca un reproche a unha comunidade que non lexislou absolutamente nada sobre a materia con posterioridade ó Estatuto e, non obstante, exercita a acción de inconstitucionalidade, o que obriga ó TC a aclarar que “el Estado (órganos centrales) atiende a una exigencia fundamental, que no es otra más que la de prever un marco normativo general que venga a cubrir no sólo las consecuencias resultantes de los diferentes niveles de competencias existentes en la materia entre unas y otras Comunidades, sino también *la simple inactividad normativa...*”.

Concluiremos este punto ó fío da interpretación do último autor citado, acerca da *interiorización* ou non dos entes locais intracomunitariamente, dicindo que nesta prolongada situación de indefinición (sobre a que quizais o TC non poida concretar moito máis só co simple apoio da CE), Estado e CC.AA. van cada un polo seu lado. O primeiro opta pola lectura constitucional dos tres niveis, “pero si a la LBRL acompañamos las normas sectoriales (operación indispensable si se parte de la economía general de aquélla) llegaremos a la conclusión de que lo ha hecho sesgada y egoístamente. Baste pensar en las leyes demaniales (costas y carreteras) para darse cuenta de que hay una desconfianza absoluta hacia los municipios –quizá justificada, que esa es otra cuestión– y también de que para nada son éstos los titulares últimos de una implícita cláusula residual para la generalidad de las competencias de las Administraciones Públicas. Utilizando un símil feudal –que, en todo caso no debe interpretarse literalmente, como es obvio– pudiera decirse que el Estado busca un pacto con los Entes locales según el cual *te oprimo, pero te protejo*. Te protejo de tus enemigos naturales, que son las CC.AA., pero yo, a cambio de ello, sigo siendo el *dominus terrae* y puedo inmiscuirme allí donde quiera. Las CC.AA., por su parte,

<sup>113</sup> Antonio Jiménez-Blanco Carrillo de Albornoz: *Doctrina Constitucional sobre...*, *op. cit.*, p. 25.

<sup>114</sup> *Ibid.*, pp. 52-53.

llevan mal su antilocalismo, que en el fondo consideran algo vergonzante". Isto non impide que a lectura que do tema local fai o Estado (central) "es propia de sistemas absolutamente centralizados como el francés, aún cuando las palabras, a partir de 1982, parezcan decir otra cosa", mentres que a de internalización "es la de un esquema de pluralismo territorial sincero. Pero la propia debilidad sociológica de las CC.AA. al menos en algunos lugares de nuestra geografía, les impide jugar sus cartas abiertamente"<sup>114</sup>. Parece claro que nun caso tan caracterioloxicamente ben definido coma é o galego, as razóns desa debilidade son máis ben de intrasocioloxía das elites políticas que ata hoxe gobernaron na nacionalidade.

**2.** Por outro lado, debemos separalo tratamento da escala provincial, porque tamén o fixo implicitamente o TC (e a LRBRL), e quizais non podería ser de outra maneira en vista da súa regulación na CE.

Nunha sinxela lectura dos preceptos constitucionais, obtense o resultado de poder afirmar que a provincia ten un dobre carácter como ente territorial (artigo 141.1), mais a deputación é só un órgano *posible* do seu goberno e administración como entidade local, xa que ó fala-la Constitución dun hipotético órgano análogo (artigo 141.1), permítelles ás CC.AA. legislar sobre ese *análogos*, aínda que respectando os límites da demarcación provincial (artigo 141.1 *in fine*). Pois ben, lonxe de filias e fobias que facilmente se poden suscitar, a cuestión cabe resumila apuntando dous extremos:

- i. Esta constitucionalización da provincia e a necesidade de lei orgánica para poder modifica-los seus límites territoriais, non ten precedentes dunha magnitude semellante na súa faceta de ente local (instaurada no Estatuto provincial de 1925) en España; o que non deixa de sorprender que coincida cunha ampla descentralización rexional, e semella algo máis ca unha simple casualidade.
- ii. Sen embargo, a asunción de moitas das tradicionais competencias dos entes provinciais por parte das CC.AA., e a posibilidade aberta á creación de comarcas e, sobre todo, de supracomarcas (tal vez un pouco máis pequenas en extensión ca unha provincia), tenden a encaixar na práctica as posibili-

dades de actuación e desenvolvemento da institución provincial. Os intentos de robustecela por parte da Comisión de Expertos, ou de facela viable no novo esquema de organización territorial constitucional nos artigos 5 a 11 da caída en desgracia Lei de proceso autonómico, non tiveron case eco. Máis éxito poden logralos propósitos de coordinación previstos en bastantes estatutos e na LRBRL, aínda que a tendencia parece enfilarse cara ó fortalecemento das actuacións autonómicas en prexuízo das provinciais (tan ineficazmente como fai o Estado coa súa Administración periférica en relación coas CC.AA.); así, como sinala Sosa Wagner<sup>115</sup>, a LRBRL ampara tacitamente a unificación, feita realidade en Cataluña, dos plans provinciais de obras e servicios integrados nun único plan; e non é máis ca un exemplo.

Este, se se quere, esquema un pouco esquizofrénico, non deixou de afectarlle á doutrina do TC, que se mostra matizadamente diglósico, sen encarar directamente o problema á hora de darlle resposta, unha resposta que quizais non sexa posible. Xa desde a temperá STC 3/81, do 2 de febreiro, menciónanse os artigos 141.3 e 152.3 da Constitución, e sinala que “hay que estimar que la autonomía municipal está limitada por la posibilidad de crear agrupaciones de municipios (...). Las causas previstas para esta creación por la Ley aparecen justificadas, ya que tienden a superar la insuficiencia de medios de los Municipios (...) o a facilitar la ejecución de obras y servicios subvencionados o delegados por el Estado” (pódese ler no momento actual CC.AA.).

A STC 40/81, do 28 de xullo, non pode obviar por evidente, “la incontrastable necesidad constitucional de la provincia”, matizando que “la garantía institucional no asegura un contenido concreto...” (como xa citamos); ademais, “el texto constitucional contempla también la posibilidad (art. 141.3) de crear agrupaciones de municipios diferentes de la provincia. Es claro que estas agrupaciones, cuya autonomía no aparece constitucionalmente garantizada, pero que tienen una clara vocación autonómica correctamente confirmada en el Estatuto de Cataluña (art. 5.3)<sup>116</sup>, podrán asumir el desempeño de funciones que antes correspondían a los propios muni-

<sup>115</sup> F. Sosa Wagner: *Manual de Derecho Local*, Madrid, Tecnos, 1987, p. 128.

<sup>116</sup> Pódese comprobar que non se alude ó artigo 152.3, o que posibilitaría se cadra a deducción de consideralo excluído desta interpretación no sentido de ampliala; ou tal vez de efectuala *sensu contrario* en canto á garantía institucional, con base, sobre todo, no engadido –que non fai o 141.3– deste precepto no tocante á plena personalidade xurídica.

cipios o actuar como divisiones territoriales de la Comunidad Autónoma para el ejercicio descentralizado de las potestades propias de ésta, pero también el ejercicio de competencias que eran anteriormente competencias provinciales, con lo que por esta vía se puede producir igualmente una cierta reducción en el contenido propio de la autonomía provincial. Es obvio, en definitiva, que la aparición de nuevas *Entidades territoriales* –sublíñamos– ha de tener una honda repercusión sobre la delimitación de cuál sea el interés propio de las hasta ahora existentes y, en consecuencia, sobre su ámbito competencial. Estos procesos de cambio que la propia Constitución impone o posibilita y que manifiestamente tendrán que conducir a una estructura diferenciada no pueden llevar, sin embargo, a menos que la Constitución sea modificada<sup>117</sup>, a una desaparición de la provincia como Entidad dotada de autonomía para la gestión de sus propios intereses”.

Quizais a propia lei motivadora do recurso de inconstitucionalidade, que *de facto* abocaba a unha desaparición da institución provincial en Cataluña, provocou a excesiva aspereza no pronunciamento do Tribunal –constitucionalmente correcto ó noso entender– sobre a provincia, ó tempo que parece admitir que non ten por que ser en tódolos casos a solución máis atinada.

A STC 84/82, do 23 de decembro, parece darlle carácter de provisionalidade á provincia cando di que “las provincias, siguen siendo...”; sen embargo na 38/83, do 16 de maio, volve a insistirse nos termos da do 28 de xullo de 1981, ó confirma-la súa liña de garanti-lo núcleo ou reducto indispoñible polo lexislador, aínda que considera pouco orixinal e correcta a expresión constitucional de que, como entidade local, a provincia vén determinada “por la agrupación de municipios (...), y que incluso puede entenderse como simple alusión a una base física, geográfica y territorial, expresión sustitutoria o equivalente a una descripción jurídica, sin más alcance que el anotado”. En semellante corda de asentamento está tamén a STC 27/87, do 27 de febreiro, referente á coordinación das deputacións da Comunidade Valenciana, o que non podía ser doutro xeito despois do debilitamento da escala provincial á que induce a mesma LRBRL (cfr. artigo 36, ou o mesmo artigo 42.4), en relación xa non só coas CC.AA., senón mesmo cos concellos.

<sup>117</sup> O que, pola expresión, parece que non lle disgustaría –cando menos neste punto– ó xurisperdente constitucional.

Tocante á STC 214/89, do 21 de decembro, hai que asignarlle o engadido á relación de entes garantidos institucionalmente das Illas, incidindo o alto tribunal en que estas, provincias e municipios, deben ter “derecho a intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses, atribuyéndoles las competencias que proceda en atención a las características de la actividad pública de que se trate y a la capacidad de gestión de la Entidad local, de conformidad con los principios de descentralización y de máxima proximidad de la gestión administrativa a los ciudadanos”; doutrina realmente encomiable coma todo rosario de boas intencións, mais que non debería constituí-lo tipo de linguaxe dunha sentenza, agás que, á mantenta, se busque a ambigüidade, a indeterminación ou a irresolución.

Compartímo-la opinión de Jiménez Blanco segundo a que “por supuesto, el TC no es quien para diseñar, por sí mismo, la planta de la Administración española, pero sí le es exigible que tenga una idea clara sobre los límites exteriores entre los que se pueden mover el Estado y las CC.AA. Y esos límites externos no se han fijado en la Sentencia, porque la propia LBRL no lo había hecho difícil, al desdibujar el escalón provincial y no provocar así las argumentaciones más enérgicas de las CC.AA. El rediseño del mapa local (comarcas, fusión de municipios, etc.) depende absolutamente de la suerte que corran las Diputaciones Provinciales, y estas son las *Rebecas* de la Sentencia. Cualquiera que la analice se da cuenta de que la lucha por o en contra de la provincia es lo que explica, en lo sustancial, las tensiones del régimen local español en la década de los ochenta. Pero los recurrentes y el TC, al menos en esta ocasión, han preferido omitir todo pronunciamiento expreso al respecto, aún cuando la Sentencia, razonando sobre la Administración local en general, *parece dar ya por inexistente la provincia* –o subliñado é noso–, al entender como parámetro de constitucionalidad el art. 140 y no el 141 (...). Del art. 141, pues, ni mención, aun cuando la LBRL, en las normas enjuiciadas, se está refiriendo a todos los entes locales.

Es por todo ello que de la Sentencia no cabe esperar el efecto pacificador que, como es sabido, suele ser consecuencia de las decisiones de la justicia constitucional”<sup>118</sup>. Aínda que pareza que insistimos en demasía, temos que

<sup>118</sup> Antonio Jiménez-Blanco Carrillo de Albornoz: *Doctrina...*, *op. cit.*, pp. 51-52.

recalcar que esta postura salomónica pode que sexa inevitable<sup>119</sup> se se quere salvar pudorosamente a falta de claridade de ideas –por moi consensuais que fosen– do título VIII CE, e en xeral de todo o Estado; o confuso Estado a que deu lugar, e que foi superado por unha artificial ansia autonomista que o deixou en poucos anos sen sentido, pois non parece moi xusto falar de tendencias *federalizantes*, cando iso non pasou pola mente do constituínte, e se estas proclividades existen, amáñanse hoxe en día de forma chafulleira no ‘mercadillo’ político, e arrédase cada vez máis dunha nítida e ben definida estrutura xurídica que, se cadra, conviría pensar en comezar a reconsiderar.

### 5. Conclusións-resumo.

A relativa brevidade dos anteriores apartados dada a extensión do tema, vén imposta por ter maior importancia no obxecto do noso tratamento a consideración do dereito autonómico –especialmente o de Galicia– en materia de réxime local á vista dos parámetros constitucionais. De calquera xeito, parecía necesaria esta referencia que poderíamos intentar compendiar nuns poucos puntos, aínda a sabendas do difícil que resulta esquematizar só cos reducidos perfís examinados:

**1.º.** Aínda que é certo que non se pode operar un cambio brusco dun día para outro nunhas estruturas xurídicas definidas por máis dun século e medio de historia, tamén o é que dado o tempo e as importantes mutacións ocorridas en España desde 1978, poderíase esperar algo máis tocante á evolución e modernización dos entes locais no marco do Estado das autonomías. Neste sentido, a Constitución que fai excesivamente ríxidos os límites provinciais, permite o posterior baldeiro dos órganos de goberno e administración destas circunscricións; e, pola contra, considerando os municipios como entidade ou unidade territorial básica, facilita as súas alteracións ou supresións (artigo 148.1.2) a tódalas CC.AA., o que parece unha acumulación de contrasentidos.

Unha eséxese da mínima regulación constitucional da materia local ten que vir dada ou ben pola vontade continuísta do constituínte a este respecto, que non parece moi acorde nin coa proclamación de autonomía das en-

<sup>119</sup> Respecto disto último, debemos manifestar que parece claro que unha deputación provincial pode cambiarse por un organismo distinto (cfr. CC.AA. uniprovinciais), mais non resulta en absoluto desatinado ou inviable a supresión dunha deputación polo órgano pertinente *ad hoc* da Comunidade Autónoma na que se encadre. A mesma doutrina da garantía institucional que o TC emprega desde a Sentencia do 28 de xullo de 1981, avalaría esta tese; iso si, evitando caer no erro de identificala coa demarcación territorial provincial, onde calquera alteración de límites precisa da intervención dun órgano alleo á Comunidade Autónoma.

tidades locais, nin coa regulación electoral democrática prevista (algo máis minuciosa e tamén máis participativa para o concello); ou ben por interpreta-los silencios da norma suprema de xeito concordante co novo modelo de Estado que deseña, uns silencios elocuentes cando no capítulo II do título VIII non se encontra ningunha referencia ás relacións das entidades locais coas CC.AA., polo que hai que entender que algunhas destas están constitucionalmente capacitadas en virtude dos seus respectivos estatutos (artigo 149.3), para asumir a exclusiva regulación sobre o seu réxime local. A todo isto habería que engadir as posibilidades que contén o xa comentado artigo 152.3, que ata hoxe permanece inédito.

**2º.** Na materia que nos ocupa foi o TC máis có lexislador básico o que deseñou a xeometría xurídica local; simplificando a complexidade das súas argumentacións, teriamos que entresaca-lo carácter bifronte do réxime local español, a correcta depuración do principio de garantía institucional e a interpretación das bases do artigo 149.1.18º da Constitución.

Á volta deste último punto, hai que dicir que o propio tribunal fai nota-la súa peculiaridade en relación cos demais do artigo 149.1, pois se destes se pode predicar que enumeran competencias do Estado en sentido restrinxido –o seu aparato central–, o apartado 18º é excepción xa que o fai referido “a una acción por así decir reflexiva del Estado [entendido aquí en sentido global], esto es, a la que el mismo lleva a cabo en relación con el aparato administrativo que constituye su instrumento normal de actuación”; “en materia de régimen local, el artículo 149.1.18º CE sólo tiene el propósito de garantizar a los administrados un tratamiento común ante las Administraciones públicas utilizando una acepción estricta de dicho concepto” (Sentencia do 28 de xullo de 1981).

Prescindiendo en este momento de lo establecido en el art. 151, es evidente que la reforma de los Estatutos de las Comunidades del art. 146 CE nos sitúa ante una opción: tramitación sin limitaciones, como si se tratase de una Ley Orgánica cualquiera; o tramitación con especialidades, con autolimitaciones, que impidan modificaciones unilaterales respecto del proyecto aprobado por el Parlamento autonómico.

He dicho antes que la elección por una u otra vía tenía un evidente trasfondo político. En efecto, algunos de los autores que se han ocupado de la reforma estatutaria del art. 148.2 CE, han visto en ella un auténtico “derecho subjetivo” de las Comunidades Autónomas que las Cortes Generales debían respetar. En algún caso, este derecho se presenta como un auténtico “derecho a la ampliación”, ante el que las Cortes se verían obligadas a ratificar cualquier reforma que tuviera por objeto la ampliación de competencias de estas Comunidades “dentro del marco establecido en el artículo 149” (Martínez Sospedra: *Lecciones de Derecho Constitucional*, t. II, Madrid, 1982, págs. 81 y 82). Es evidente que, según esta concepción, la limitación del Parlamento estatal sería máxima: las Cortes no sólo no podrían modificar el proyecto, sino tampoco rechazarlo. Una variante ligeramente matizada de este planteamiento es el formulado reciente-

mente por Muñoz Machado, ya en el contexto de los Acuerdos Autonómicos de 1992, del siguiente tenor literal:

“La alternativa más autonomista podría justificarse del siguiente modo: aunque sea imprescindible la intervención de las Cortes Generales, puede reducirse su papel a la aprobación del texto de reforma propuesto. Pueden aquellas verificar la adecuación de la reforma a las prescripciones de la Constitución. Lo que no se admitiría es la posibilidad de negar la tramitación de la reforma por razones de pura oportunidad política. Visto desde esta perspectiva, el derecho a la reforma que consagra el artículo 148.2 de la Constitución, no tendría sentido si las Cortes tuvieran en su mano la posibilidad de vetarla. Por otra parte, la rebaja del poder de enmienda hasta el simple contraste con la CE, sitúa al legislador estatal justamente en el lugar en el que es común que se posicionen otros legislativos federales, con ocasión de las reformas de las Constituciones de los Estados miembros. En fin, un poder de enmienda absoluto, que alcance la totalidad del texto propuesto, y que permita rechazarlo por razones de oportunidad, negaría también la autonomía que consagra la Constitución, que se refiere materialmente a la posibilidad de alcanzar las cotas competenciales abiertas a todas las Comunidades Autónomas por el art. 149.1ª (Muñoz Machado: *Los Pactos Autonómicos de 1992: la ampliación de competencias y la reforma de los Estatutos RAP* (128) 1993, pág. 96).

Este mismo autor había mantenido años atrás una tesis algo más moderada: lo que las Cortes no podrían hacer es introducir enmiendas que “rebajasen” el Estatuto originariamente aprobado: es decir, una especie de reforma “in peius” (Muñoz Machado: *Derecho Público de las Comunidades Autónomas*, T. I, Madrid 1982, pág. 307-308).

Finalmente, otra variante –propuesta por Martín Mateo– sugiere que las Cortes sólo pueden decir “sí o no” a la reforma estatutaria: “parece –dice– que si la iniciativa parte de la Comunidad, como es normal, las Cortes Generales sólo podrán aprobar o rechazar el Estatuto propuesto... Con ocasión de la reforma únicamente pueden proceder a autorizar o desautorizar el texto propuesto por las respectivas Asambleas...” (Martín Mateo: *Manual de Derecho Autonómico*, 2ª, 1986, págs. 89-92).

Frente a esta serie de argumentos, partidarios de introducir diferentes tipos de limitaciones en la tramitación parlamentaria de las reformas, se alzan sin embargo sólidas razones en favor de la solución contraria: es decir, de una potestad ilimitada o incondicionada de las Cortes Generales en relación con el proyecto de reforma:

**a)** Los Estatutos aprobados por el mecanismo del art. 146 CE –incluido el de Castilla y León– se “tramitaron como ley” ante las Cortes Generales, sin limitación alguna en el ejercicio de la facultad de enmienda y modificación ejercitada sobre los mismos por las Cámaras.

**b)** Exceptuando el caso de Estatuto Valenciano, no hay en los Estatutos de Autonomía citados, mención alguna acerca de un procedimiento de tramitación especial, que permita alcanzar compromisos en orden a su reforma. En el caso de la Comunidad Valenciana, en efecto, se incorporó una previsión peculiar: si las Cortes Generales no aprobasen la reforma propuesta, ésta se devolvería a las Cortes Valencianas para nueva deliberación, acompañando mensaje motivado sobre el punto o puntos que hubieren ocasionado su devolución y proponiendo soluciones alternativas (art. 61. 4º del Estatuto). Una norma similar hubiere podido incluirse en los demás Estatutos –la Constitución no lo impedía–, y sin embargo no se hizo así.

**c)** La limitación del derecho de enmienda, en sus distintas formas –prohibición “in peius”, admisión sólo de enmiendas relativas a la adecuación con la Constitución– tiene inconvenientes graves, en cuanto que traslada todos los problemas al momento de la calificación de aquellas: de esta forma, lo que ordinariamente no pasa de ser un debate técnico, se convertiría en un debate político y jurídico-constitucional, de dimensiones imprevisibles. Una cosa es que la Mesa del Congreso, en el trámite de admisión del proyecto de reforma, compruebe la concurrencia de los requisitos formales exigidos por la Constitución, y otra que deba pronunciarse sobre si una determinada enmienda tiene como objeto el “control de la constitucionalidad” o presenta una intencionalidad de oportunidad política.

**d)** La limitación –todavía más intensa– a un pronunciamiento en bloque, de aceptación o rechazo, a la dis-

yuntiva del “si o no”, también presenta serias dificultades. Aparte de impedir cualquier mejora técnica del texto, da lugar a que cualquier discrepancia parcial aboque al rechazo total de la reforma. Este es, por tanto, un procedimiento que impide por completo el pacto o el compromiso político.

Probablemente todas estas razones fueron determinantes a la hora de que la Presidencia del Congreso aprobase finalmente una Resolución –de carácter general, aunque provocada fundamentalmente por el caso de Castilla y León–, de fecha 24 de enero de 1991, sobre procedimiento a seguir para la tramitación de determinadas reformas de Estatutos de Autonomía. En dicha resolución no se introducía ninguna de las limitaciones sugeridas hasta la fecha por la doctrina: las Cortes Generales tenían una potestad ilimitada de enmiendas y modificación, a través del procedimiento previsto por el Reglamento para la tramitación de las proposiciones de ley; sin embargo, para salvaguardar el derecho de las Comunidades Autónomas a no tener que soportar la imposición de una reforma contraria a sus intereses, se incluía una importante especialidad: permitir a la Asamblea de la Comunidad Autónoma cuyo Estatuto fuese objeto de reforma la retirada de la propuesta en cualquier momento de su tramitación ante la Cámara (y no “antes de la toma en consideración”, como ocurre con carácter general con las proposiciones de ley”).

Hasta aquí, las vicisitudes jurídicas y reglamentarias a que dieron lugar las primeras propuestas de reforma, y en especial el caso de Castilla y León. Con la solución adoptada, parecía que no debía existir ningún inconveniente serio a que esas propuestas fuesen tramitadas. Desde el punto de vista de las Cortes Generales, no existía riesgo alguno, ya que su capacidad para enmendar y modificar el texto era total. Desde el punto de vista de la Comunidad Autónoma, siempre existiría un derecho de retirada, si el producto resultante no era de su agrado (si bien en este caso con el inconveniente de que la retirada se asimilaba a un rechazo, a los efectos del plazo de espera para la repetición de la propuesta, fijado en cada Estatuto).

Pese a todo lo anterior, es bien conocido el final de la historia: la resolución de 1991 nunca llegó a aplicarse,

porque las propuestas de reforma quedaron paralizadas en el Congreso, sin que la Mesa decidiera sobre ellas. A pesar de que jurídicamente se daban todas las garantías para que las Cortes tramitasen la iniciativa, faltaba un elemento esencial: el acuerdo político. Con una discrepancia de fondo respecto de la ampliación competencial, la mayoría parlamentaria no estaba dispuesta a asumir el coste político de “rebajar” la propuesta autonómica; pero como tampoco lo estaba a rechazar su admisión a trámite, el resultado fue la no decisión: lo que, empleando un símil sacado del Derecho administrativo, podríamos llamar “silencio parlamentario”.

Sólo que, a diferencia de lo que ocurre en el ámbito jurídico-administrativo, la iniciativa de un órgano parlamentario en relación con una iniciativa planteada en la Cámara no tiene un cauce claro de solución. Como observa Muñoz Machado, “resulta difícil organizar un pleito constitucional contra las actitudes abusivas del legislador y más aún si la decisión adoptada consiste en negar la tramitación de la reforma. Habría que actuar ante el Tribunal Constitucional contra un vicio constitucional de omisión. En tal caso, tendría que iniciarse una acción a la que se ajusta mal el procedimiento de los recursos de inconstitucionalidad que están pensados para la revisión de las leyes, no para enjuiciar la omisión en el ejercicio de los poderes legislativos” (Muñoz Machado: *Los Pactos... vit*, pág. 96). Es evidente que lo mismo debieron pensar los autores de la iniciativa, que no plantearon acción legal alguna, limitándose a extraer toda la rentabilidad posible en forma de responsabilidad política.

En definitiva, la enseñanza de los intentos de reforma planteados entre 1988 y 1991 es clara: sin un previo acuerdo político, es impensable que pueda llevarse a buen puerto la ampliación estatutaria. Concebir ésta como un derecho subjetivo, accionable ante el Parlamento, no sólo no se ajusta a la Constitución, sino que constituye una ingenuidad. El frustrado intento de reforma del Estatuto de Castilla y León –así como las sucesivas iniciativas de otras Comunidades Autónomas– sirvió para demostrar que ésta era una cuestión en la que no era posible operar con criterios estrictamente jurídicos; la instrumentación jurídica debía ir acompañada de un gran pacto político. Rubio Llorente, en un sugestivo artículo, ha señalado que

en 1988, ante la expiración del plazo de cinco años para la reforma estatutaria, nuestro proceso constituyente se volvió a abrir; y que ante esa situación, descartada la opción de mantener el proceso constituyente indefinidamente abierto, sólo caben dos soluciones: o se consagran definitivamente las diferencias, o se llega a la equiparación competencial de todas las Comunidades Autónomas (Rubio Llorente: *Sobre la conveniencia de terminar la Constitución antes de acometer su reforma*, Claves de Razón Práctica, nº 25 (1992), págs. 10-14).

Este es el panorama ante el que se enfrentan los sujetos firmantes de los acuerdos Autonómicos de 28 de febrero de 1992, que como es bien sabido son el Gobierno hoy en funciones y los dos principales partidos con representación parlamentaria. No voy a entrar ahora en una exhaustiva descripción de estos Acuerdos; simplemente recordaré, a los efectos que ahora nos interesan, dos puntos clave de los mismos:

**a)** En cuanto al contenido de las competencias que se amplían, es evidente que estas no llegan al máximo posible y no se produce, por tanto, la equiparación con las Comunidades Autónomas del denominado "primer nivel".

**b)** En cuanto al procedimiento a seguir, éste se instrumenta a través de dos etapas: en la primera, el Gobierno se compromete a presentar, para su tramitación en 1992, un proyecto de Ley Orgánica de delegación o transferencia según el procedimiento del art. 150.2 CE (lo que ha dado lugar a la Ley orgánica 9/1992, de 23 de diciembre). En cuanto a la segunda etapa, se afirma en los Acuerdos Autonómicos que "inmediatamente después de ser aprobada y de entrar en vigor la Ley..., los partidos políticos firmantes promoverán la incorporación de la ampliación de competencias prevista en estos Acuerdos en los Estatutos de Autonomía".

Nos encontramos en este momento a mitad de camino en la ejecución de estos Acuerdos. Las Cortes Generales han aprobado esa peculiar "ley puente", provisional; su incorporación a los Estatutos de Autonomía, sin embargo, no se ha llevado todavía a cabo, entre otras cosas porque esas Cortes fueron disueltas unos meses después de dicha aprobación, y un nuevo Parlamento, con una composición política diferente, ha surgido de las ur-

nas. Es un buen momento para hacer balance de las opiniones y juicios críticos que ha merecido el proceso, y para formular alguna conclusión.

Las críticas doctrinales se han dirigido, fundamentalmente al procedimiento utilizado y, en concreto, al empleo de la Ley Orgánica prevista en el art. 150.2. Son críticas comprensibles porque es evidente que se trata de una figura que no fue pensada para servir como instrumento al servicio de la reforma estatutaria; también es claro que mientras esa reforma no se produzca se abre un período provisional en el que las competencias transferidas se encuentran sometidas al control estatal –cabe, en último extremo, la “revocación de su ejercicio”, según el art. 21 de la Ley Orgánica–, configurando una situación donde el derecho a la autonomía se halla limitado. Ahora bien, los mismos críticos de la vía unilateral de la Ley Orgánica reconocen que, una vez producida la incorporación de las competencias transferidas a los Estatutos, estas objeciones quedan enervadas y la polémica carece de sentido, al menos a efectos prácticos. Ciertamente, hubiera podido hacerse de otro modo; si lo importante era la asunción del Pacto por los Estatutos, ¿qué necesidad había de incorporar la ampliación a una Ley Orgánica previa, como con razón se pregunta Muñoz Machado? ¿No hubiese sido mejor plasmar directamente lo pactado a través de la reforma estatutaria, en lugar de llevar a cabo esa anómala modificación de los Estatutos “per remissionem”? En cualquier caso, creo que no son estos los efectos más graves de la solución elegida. Ni tampoco la pretendida provisionalidad que de ello se deriva: una vez producida la incorporación a los Estatutos, aunque sea por remisión a la Ley Orgánica, debe entenderse cumplida la previsión del art. 148 CE, y cerrado el proceso de ampliación competencial. Ni las Comunidades Autónomas podrían replantearlo “al día siguiente” –como afirma Rubio Llorente–, ni una derogación de la Ley orgánica afectaría a la vigencia de los preceptos estatutarios. (Aunque sin duda hubiera sido mejor prescindir de la Ley Orgánica prevista en el art. 150.2 CE, en lugar de desnaturalizar e instrumentalizar esta figura).

De mucho más calado es la objeción –que formula el autor citado– basada en el principio de igualdad. En efecto, la cuestión de la ampliación nos coloca ante la nece-

sidad de optar definitivamente entre un modelo autonómico en el que todas las Comunidades queden equiparadas en el nivel máximo de competencias, y otro que consagre la diferencia entre las de primer y segundo grado. Esta opción quedó, a mi juicio, abierta en el proceso constituyente.

Ahora, con ocasión de este segundo momento constituyente, es necesario decidir, completando e integrando lo que el legislador constitucional dejó pendiente. Y aquí es donde entran en juego los Acuerdos autonómicos de 1992, y su eventual consideración como convención constitucional.

Salvo error por mi parte, creo que la primera vez que se acudió a la figura de las convenciones constitucionales, en relación con el proceso autonómico, fue precisamente en relación con los acuerdos autonómicos de 31 de julio de 1981. Se trataba, en todo caso, de un comentario incidental, formulado por Vandelli, sin mayor argumentación, y citado después acriticamente por otros autores (Vid. Vandelli, *"El Ordenamiento español de las Comunidades Autónomas"*, Madrid, 1982).

No es cosa de pasar revista, en este momento, a la multitud de definiciones y clasificaciones formuladas por la doctrina relativas a esta figura. Es bien sabido que las convenciones constitucionales ocupan un lugar destacado entre las fuentes del Derecho Constitucional británico, donde han jugado un papel esencial en la adaptación de las relaciones entre Corona, Gobierno y Parlamento a las exigencias de la evolución política y social. Como señalara hace tiempo entre nosotros García Pelayo, de su importancia da idea el hecho de que en vano se trataría de encontrar en los documentos constitucionales escritos, aspectos e instituciones tan fundamentales de la vida constitucional británica como el Primer Ministro, el Gabinete, la oposición, la convocatoria anual del Parlamento, la responsabilidad política, la disolución del Parlamento, el nombramiento del Primer Ministro entre los miembros de la mayoría parlamentaria, etc. (García Pelayo, *"Derecho constitucional comparado"*, 6ª edición, Madrid, 1981, pág. 286).

La posibilidad de transplantar esta figura al Derecho Continental es algo discutido por la doctrina. En general, los autores continentales que admiten tal cosa, reco-

nocen que el significado de las convenciones constitucionales no puede ser el mismo que en el Derecho británico. Basta examinar los ejemplos propuestos por la doctrina italiana, para advertir que se trata de supuestos residuales, que no afectan a la estructura esencial de la Constitución o a las relaciones entre los órganos constitucionales. Es evidente que a mayor rigidez y pormenorización del texto constitucional, mayor dificultad para encontrar un espacio a las convenciones: de hecho, los escasos autores españoles que se han ocupado del tema no son capaces de proporcionar ejemplo alguno en relación con nuestro país (Vid. Elvira Perales: "*Las convenciones constitucionales*", REP 53 (1986), pág. 125; González Trevijano: "*La costumbre en Derecho constitucional*". Madrid, 1989, pág. 559 y ss.).

Ahora bien, todo lo anterior no sería obstáculo para calificar los Acuerdos de 1992 como una convención constitucional, si éstos reunieran los requisitos mínimos de esta figura, y cumplieran en relación con el Título VIII de nuestra Constitución alguna de las funciones tradicionalmente predicadas de las convenciones. En cuanto a esto último, puede admitirse que los Acuerdos vienen a integrar y completar una materia no suficientemente precisada en nuestra Constitución —la ya citada opción en relación con la ampliación de competencias estatutarias—; aplicando el esquema de la relación Ley-reglamento (por cierto, empleado con frecuencia por la doctrina respecto de las relaciones Constitución-convenciones constitucionales), podríamos hablar aquí de una norma convencional "*praeter legem*".

Lo que ocurre es que la utilización de una terminología jurídica puede resultar equívoca en el presente caso. En el Derecho británico, nadie cuestiona seriamente la fuerza obligatoria de la mayoría de las Convenciones constitucionales, cuya infracción encontraría una inmediata sanción política y electoral. Pero en Derecho Continental, la situación es la inversa. Lo frecuente es que las convenciones afecten a círculos restringidos, que cumplen o quebrantan la convención al margen de la voluntad de terceros sujetos. Como observa Elvira Perales, "en numerosas ocasiones prevalece esta idea de que la norma convencional únicamente vincula a los implicados por la misma" (ob. cit., pág. 118).

Esto es lo que ocurre en los Acuerdos de 1992, en los que se ha reproducido el esquema 1981, en cuanto a sujetos firmantes de los mismos: Gobierno, Partido gubernamental y principal partido de la oposición. Hoy, tras el cambio en la correlación de fuerzas políticas con representación parlamentaria, es imprevisible la actitud de otros partidos, no firmantes de los Pactos, y respecto de los que éstos fueron, literalmente, "res inter alios acta". En estas condiciones, parece un tanto excesivo elevar unos acuerdos políticos, por importantes y formalizados que sean, a la dignidad de fuente del Derecho constitucional.

Buena prueba de todo lo anterior es que, tras la aprobación de la Ley Orgánica 9/1992, la Presidencia del Congreso de los Diputados aprobó una nueva Resolución sobre el procedimiento a seguir para la tramitación de la reforma de los Estatutos de Autonomía, de fecha 17 de enero de 1993 (B.O.C.G. nº 225, serie E, 22 de marzo de 1993). En esta resolución se distingue el procedimiento ordinario, aplicable a la reforma de los Estatutos de los arts. 143, 144, 146 y Disposición Transitoria 1ª CE, del procedimiento aplicable a los del art. 151.2 CE, y de otros supuestos especiales (entre ellos, el caso de la Comunidad Valenciana). Pues bien, respecto de los primeros, se mantiene básicamente el sistema de 1991: es decir, ilimitada capacidad para introducir modificaciones, por vía de enmienda; a su vez, la Asamblea de la Comunidad autónoma cuyo Estatuto sea objeto de reforma "podrá retirar la propuesta en cualquier momento de su tramitación ante la Cámara". Ni el Parlamento estatal, ni los Parlamentos autonómicos, se encuentran jurídicamente vinculados por las previsiones de los Pactos, ni por las disposiciones de la Ley Orgánica 9/1992. Aparentemente, hemos vuelto al punto de partida, con el que se inició esta exposición. Jurídicamente, nada ha cambiado. Políticamente, existe un acuerdo entre los dos principales partidos, que antes no existía, y que garantiza la culminación del proceso iniciado en 1992. 

Juán José  
Nieto  
Montero

# Sistema de recursos contra actos tributarios dos entes locais ante a nova Lei de procedemento administrativo

Área de dereito financeiro e  
tributario. Universidade de  
Santiago de Compostela

## 1. Introducción

É o noso propósito á hora de realizármolo presente comentario perfila-lo réxime de recursos administrativos de que pode dispoñer-lo particular contra os actos tributarios dos entes locais trala promulgación da tan discutida Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para iso, estimamos necesario partirmos dunha breve aproximación ó sistema anterior á dita lei no ámbito local e, posteriormente, sinalármolos cambios que a devandita norma introduciu no tema obxecto de análise, sinaladamente a posible subsistencia do recurso de reposición na esfera dos tributos locais.

## 2. Réxime de recursos con anterioridade á Lei 30/1992<sup>1</sup>

A existencia de recursos contra os actos administrativos dictados polos entes locais veu sendo tradicional no noso dereito no marco da Lei de procedemento administrativo, como paso previo á impugnación xurisdiccional dos mesmos e necesario para esgota-la vía administrativa. Non obstante, a materia tributaria mantívose á marxe da sobredita regulación, pois nela existía, xa desde o século pasado<sup>2</sup>, e con estabilidade desde 1924, a vía económico-administrativa como modo peculiar de esgota-la vía administrativa previa ó contencioso, de xeito que o recurso administrativo ordinario era este, en tanto que o de reposición quedaba como meramente potestativo, previo en todo caso ó económico-administrativo e non ó contencioso, como era preceptivo nos demais ámbitos de actuación da Administración por esixencia da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 27 de decembro de 1956 (en diante LXCA), nos seus artigos 52 e seguintes.

Esta situación mantívose, e mesmo resultou potenciada trala Constitución española de 1978. Non obstante, coa promulgación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL), produciuse un cambio radical en tal situación, pois o seu artigo 108, cun teor literal que di que "contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais poderá formularse, ante o mesmo órgano que os dictou, o correspondente recurso de reposición; contra a denegación expresa ou tácita do dito recurso, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo", significou, ó entender da doutrina<sup>3</sup>, a supresión da vía económico-administrativa fronte ós actos tributarios das corporacións locais, pese a que a lei non o afirma de xeito concluínte.

Reduciuse, pois, con tal disposición, o réxime impugnatorio contra os actos dos entes locais en materia tributaria á existencia dun recurso de reposición seguido, de se-lo caso, de impugnación na vía xurisdiccional contenciosa.

Contra tal reforma erguéronse autorizadas voces, como a de MARTÍNEZ LAFUENTE<sup>4</sup>, no sentido de que deste

<sup>1</sup> Para un maior coñecemento da situación anterior, aquí simplemente esbozada, vid. CHECA GONZÁLEZ. "La revisión de actos administrativos tributarios en la esfera local", na obra colectiva *La reforma de las Haciendas Locales*. Vol. II. Lex Nova. Valladolid, 1991, pp. 201 ss., e especialmente pp. 245-261. E OLAÑETA FERNÁNDEZ-GRANDE. *Impugnación de tributos locales*. Tirant lo Blanch. Valencia, 1991.

<sup>2</sup> Cabe lembrarmos aquí a existencia de regulamentacións da vía económico-administrativa cando menos desde 1881 (Lei do 31 de decembro). Resultan así mesmo significativos a Lei e o Regulamento do 24 de xuño de 1885, o Regulamento provisorio do 19 de outubro de 1889 e o definitivo do 13 de outubro de 1903.

<sup>3</sup> Así, ORTÍZ DÍAZ di: "Este «directamente» refírese non ó que constitúe propiamente o recurso contencioso-administrativo directo contra as normas, senón a que se prescinde do previo económico-administrativo". En "Consideraciones sobre el régimen jurídico-administrativo de las Haciendas Locales", *Revista de Administración Local y Autonómica*, n. 227 (1985), p. 454.

<sup>4</sup> Na súa obra *La supresión de las reclamaciones económico-administrativas en las Haciendas Locales*. Instituto de Estudios Económicos. Colección Informes. Madrid, 1985.

<sup>5</sup> Vid. MARTÍNEZ LAFUENTE. *La supresión...*, cit., pp. 45 e ss.

<sup>6</sup> En *El País* do 10 de decembro de 1984. Por SEBASTIÁN

GARCÍA. Tomado de *Gaceta Fiscal*, n. 18 (1985), p. 131.

<sup>7</sup> Nese sentido, no preámbulo da LRBRL afirmase que "salta á vista a radical inadecuación do mantemento no novo e composto Estado constitucional das técnicas e as categorías cristalizadas no Estado centralista e autoritario. En particular, ese xuízo de radical obsolescencia merece predicarse das técnicas formalizadas actuables por vontade unilateral dunha das administracións e incidentes normalmente na validez ou na eficacia dos actos emanados doutra, neste sentido subordinada á anterior; técnicas que non son senón trasunto e consecuencia lóxicos da construción piramidal e xerárquica do poder administrativo, posto que a tutela á que todas elas reconducen non é senón unha categoría que expresa unha situación de forte dependencia case que xerárquica".

<sup>8</sup> Así, a S. TC 4 /1981, do 2 de febreiro, dicía expresamente: "... dadas as diversas fontes que nutren as facendas locais, así como a súa complementariedade, é aquí plenamente explicable a existencia de controles de legalidade, tanto en relación coa obtención e xestión de ingresos de carácter propio coma coa utilización dos procedentes doutras fontes".

<sup>9</sup> Fonte: GIMÉNEZ-REYNA e MONTERO LUNA. "La supresión de las reclamaciones económico-administrativas en las Haciendas Locales". En *Impuestos*, 1985/I, p. 929.

xeito se eliminaba unha vía esencialmente gratuíta para o contribuínte, ó tempo que se producía unha sobrecarga dos tribunais de Xustiza (se ben este argumento se contestou dicindo que coa creación dos xulgados do Contencioso se solucionaba o problema). A isto engádesse que o recurso se alonga no tempo, védase a posibilidade de autodefensa e, por iso, desincentívanse as reclamacións por pequenas cantidades, o que pode levarnos a roza-la vulneración das garantías establecidas no artigo 24 da Constitución<sup>5</sup>.

En igual sentido xa se manifestaban no seu momento os medios de comunicación social, afirmando, por exemplo, que "as pequenas reclamacións dos cidadáns contra os concellos quedarán na práctica sen solución se prospera no Senado a actual redacción do Proxecto de lei de bases do réxime local, na que se suprime o recurso ós tribunais económico-administrativos, órganos estatais que resoven estas reclamacións antes de que, se é o caso, pasen á xurisdicción contencioso-administrativa. A supresión produce unha indefensión práctica: mentres que o Tribunal Económico-Administrativo é gratuíto, a vía do contencioso implica uns gastos mínimos de 100.000 pesetas"<sup>6</sup>.

Como argumento xustificativo de tal reforma alegouse que o control por parte dos tribunais económico-administrativos vulneraba a autonomía municipal constitucionalmente consagrada<sup>7</sup>. Sen embargo, tal argumento revélase de escaso peso, pois xa o Tribunal Constitucional se manifestara conforme coa existencia de controles de legalidade nesta materia e da súa compatibilidade coa Constitución<sup>8</sup>. É o da autonomía municipal un argumento pouco convincente, pois tamén teñen autonomía recoñecida na nosa Constitución as comunidades autónomas e, sen embargo, as súas actuacións respecto dos tributos cedidos polo Estado son fiscalizables polos tribunais económico-administrativos estatais. Ademais, non podemos alega-la autonomía de ningunha administración para evita-los controles de legalidade sobre a súa actuación.

Con todo, a reforma prosperou, a pesar da gran transcendencia que tiñan as reclamacións relativas ás facendas locais ante os tribunais económico-administrativos, que superaban en 1983 e 1984 o 65% das causas ante os ditos órganos<sup>9</sup>.

Tal réxime consolidouse coa aparición do RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do Texto refundido do réxime local<sup>10</sup>, e nesta situación nos atopabamos cando se promulgou a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais (en diante LRFL), que derroga o Texto refundido en materia de facenda local e vén a confirma-la situación cunha remisión á LRBRL, pois o seu artigo 14.1º.4 dispón que “contra os actos das entidades locais sobre aplicación e efectividade dos tributos locais poderá formularse, ante o mesmo órgano que os dictou, o correspondente recurso de reposición a que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, previo ó contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a notificación expresa ou a exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes”.

### 3. A Lei 30/1992 e a súa influencia no sistema de recursos. Situación actual. Teses en presenza

A situación, xa en por si pouco clara, sobre todo respecto ó carácter que tiña o recurso de reposición en materia tributaria local, veu a complicarse aínda máis coa nova Lei 30/1992<sup>11</sup>, que reformou o réxime dos recursos, suprimindo o de reposición e creando o denominado recurso ordinario, semellante ó anterior recurso de alzada, e que non cabería no ámbito ó que nos referimos, pois só se dá contra actos que non esgotan a vía administrativa e precisamente con ese fin. Con isto o sistema de recursos volveuse pouco claro e, xa que logo, inseguro, xerándose unha situación que SÁNCHEZ MORÓN cualifica de “relativa indefensión práctica” en xeral e que “será máis sensible no ámbito da Administración local, xa que nela case que tódalas resolucións se adoptan por órganos que carecen de superior xerárquico”<sup>12</sup>.

Para proceder á análise da problemática dos recursos contra actos tributarios dos entes locais, procederemos a distinguir tres aspectos diferentes en canto ós mesmos; a saber: reclamacións contra actos emanados dunha corporación local no marco da súa propia actividade de xes-

<sup>10</sup> O seu artigo 192.1º declaraba: “Contra os actos das corporacións locais sobre aplicación e efectividade dos tributos locais poderán formularse ante o mesmo órgano que os dictou o correspondente recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo no prazo de un mes a contar desde a notificación expresa ou a exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes”.

<sup>11</sup> Sobre a súa aplicabilidade á Administración local non existen dúbidas. Cfr. en tal sentido os seus artigos 1 e 2.

<sup>12</sup> SÁNCHEZ MORÓN. “Recursos Administrativos”. Na obra colectiva *La nueva Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*. Tecnos. Madrid, 1993, p. 327.

tión tributaria, recursos contra actos dun órgano doutra administración pública en virtude de delegación efectuada por un ente local, e recursos contra actos dictados por órganos de xestión estatais nas materias das que o Estado se reserva a súa xestión no marco dos tributos municipais.

Procederemos, pois, no sucesivo, a considerar estas posibilidades por separado co fin de intentar clarifica-lo réxime de recursos vixente na actualidade.

### A. Actos dictados polas corporacións locais

Na análise do réxime de reclamacións contra actos emanados dunha corporación local no marco da súa actividade tributaria, temos que partir da distinción que establece a propia LRFL entre actos relativos á aplicación e efectividade dos tributos locais e actos referentes a materias presupostarias e de ordenanzas fiscais.

#### **1. Actos en materia de aplicación e efectividade de tributos locais**

##### 1.1. Incidencia da Lei 30/1992

Rexen neste tema as disposicións do devandito artigo 14.4 da LRFL, é dicir, a non existencia da vía económico-administrativa. O sistema establecido pola LRFL era, pois, o do recurso de reposición previo e, contra a resolución deste, directamente a vía contenciosa.

Isto, que non era en por si excesivamente problemático, volveuse caótico ó aparece-la Lei 30/1992, pois ó suprimi-lo réxime de recursos existentes e, en virtude da súa disposición derogatoria número 2, letra c), a non esixibilidade do recurso en vía administrativa como presuposto procesual para o acceso ó contencioso, pode facer xurdi-la dúbida de se segue existindo o recurso de reposición no marco da tributación local ou se, pola contra, tal possibilidade desapareceu.

A conclusión á que chegamos ha de pasar necesariamente pola interpretación e alcance que deamos á DA 5ª.2º da dita norma, na que afirma que "a revisión de actos en vía administrativa en materia tributaria axustarase ó disposto nos artigos 153 a 171 da Lei xeral tributaria

e disposicións dictadas en desenvolvemento e aplicación da mesma”.

Tal disposición pode interpretarse, conxuntamente coa disposición derogatoria, en tres sentidos diversos: considerar que a nova lei suprime tódolos recursos en materia tributaria local, co que a única vía de impugnación é o contencioso; entender que se reinstaura a vía económico-administrativa con recurso de reposición previo potestativo; ou concluír que subsiste o recurso de reposición contra os actos tributarios dos entes locais<sup>13</sup>.

### 1.1.1. Ausencia total de recurso

A primeira das posibilidades consiste, pois, en entender que coa regulación da Lei 30/1992 desaparece todo recurso contra os actos tributarios dos entes locais distinto da impugnación directa pola vía do contencioso-administrativo. Esta idea foi asumida por autores tales como GARCÍA DE ENTERRÍA que, pese a crítica sen ningún xénero de dúbidas, fala da “eliminación radical do recurso de reposición”, que considera “especialmente grave” na esfera local, xa que “nos asuntos cun interese económico que non exceda, quizais, de 150.000 pesetas producírase unha indefensión absoluta”<sup>14</sup>.

A mesma idea aparece máis explicitamente noutros autores, tales como SÁNCHEZ ONDAL, que se fundamenta na declaración da exposición de motivos da lei, onde se afirma que a reforma “supón establecer un só posible recurso para esgota-la vía administrativa”, idea que cristaliza no artigo 108 da Lei 30/1992, que determina que contra os actos que esgoten a vía administrativa non procede recurso ningún, agás o extraordinario de revisión. A este respecto, o artigo 109 c) establece que poñen fin á vía administrativa “as resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, a non ser que unha lei estableza o contrario”<sup>15</sup>.

Estima por iso este autor que o recurso de reposición “contradí e oponse á nova Lei”, e que a posible substitución do recurso ordinario por calquera outro tampouco sería viable se non atende a “unha finalidade común de esgota-la vía administrativa”<sup>16</sup>. Por iso, “con excepción do recurso extraordinario de revisión [...] e dos excepcionais supostos en que proceda o novo recurso or-

<sup>13</sup> En realidade, esta última posibilidade desdobraríase en tres, xa que, segundo SÁNCHEZ ONDAL, pode sosterse a existencia dun “recurso de reposición previo ó económico, mais non á reclamación económico-administrativa”, a “subsistencia dun recurso de reposición previo á vía contencioso-administrativa con carácter obrigatorio”, ou a do “recurso de reposición previo ó contencioso, mais con carácter facultativo”. En “El régimen de recursos administrativos contra actos de las corporaciones locales en materia tributaria y la Ley 30/1992”. En *Impuestos*, nº 12 (xuño de 1993), p. 10. Estimamos, pola contra, que tales distincións sobre o carácter do mencionado recurso son reconducibles a unha soa posición de partida, tal e como facemos.

<sup>14</sup> “Un punto de vista sobre la nueva Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común de 1992”. Introducción á obra colectiva *La Nueva Ley de Régimen...*, cit., p. 14. Non obstante, a pesar de considera-la supresión do recurso como un feito, polo demais criticable e criticado, tenta atopar unha posible solución en torno a unha pretendida reinstauración das reclamacións económico-administrativas na facenda local, como veremos.

<sup>15</sup> Esta idea, referida ó ámbito local, encóntrase tamén no artigo 52 da LRBRL, que di que poñen fin á vía administrativa as resolucións “do Ple-

no, os alcaldes ou presidentes e as comisións de Goberno, agás nos casos excepcionais en que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, ou cando proceda recursos ante estas nos supostos do artigo 27.2".

<sup>16</sup> SÁNCHEZ ONDAL. "El régimen de...", cit., p. 17.

<sup>17</sup> *Ibid*, p. 21.

<sup>18</sup> MARTÍN QUERALT e LOZANO SERRANO. *Curso de Derecho Financiero y Tributario*. 4ª edición. Tecnos. Madrid, 1993, p. 499.

<sup>19</sup> A mesma idea achegan MARTÍN QUERALT e LOZANO SERRANO, xa que estiman que o desexable sería a supresión de todo recurso, sempre que "se constitúan os xulgados do contencioso, se potencie a condena en custas da Administración, se flexibilice a suspensión do acto e, en fin, se adopten medidas para aumentar-la celeridade e gratuidade dos procesos xudiciais". *Curso...*, cit., p. 499.

<sup>20</sup> "Un punto de vista sobre...", cit., pp. 14 e ss.

<sup>21</sup> Pola reinstauración da reclamación económico-administrativa na facenda local tamén se manifesta, no ámbito dos principios e sen referirse á Lei 30/1992, ALBIÑANA GARCÍA-QUINTANA. "Notas para la Reforma Parcial de la Ley General Tributaria". En *Crónica Tributaria*, nº 67 (1993), p. 14. Se ben, como dixemos, non se pronuncia sobre a incidencia da Lei 30/1992, si que deixa claro que entende subsistente o recurso de reposición no ámbito local, pois cítao.

dinario, a conclusión que se desprende [...] é a improcedencia de recursos administrativos en materia tributaria local"<sup>17</sup>.

Pero se ben podemos afirmar que ó entender que o recurso desapareceu "daríasele satisfacción, tamén neste ámbito, á vella aspiración de abrir directamente o contencioso contra os actos administrativos, acelerando o control sobre eles e prescindindo da carga para o interesado"<sup>18</sup>, non podemos estimar que tal solución sexa a correcta no momento presente, xa que a situación de indefensión que se xeraría neste caso (sobre todo antes da posta en funcionamento dos xulgados do Contencioso) impón que, para non caer na vulneración do artigo 24 da Constitución (tutela xudicial efectiva), haxa que considerar subsistente o recurso<sup>19</sup>, o que estimamos que a propia Lei 30/1992 permite, como veremos.

### 1.1.2. ¿Reimplantación do económico-administrativo?

Unha segunda posibilidade consiste en afirmar que a remisión que fai a disposición adicional quinta ó réxime da Lei xeral tributaria, e en virtude da unidade administrativa que pretende establecer esta nova lei, o que fixo foi restaura-la unidade de réxime de recursos en materia tributaria, dándose neste caso nova entrada ó réxime anterior á reforma operada pola LRBRL en 1985, sendo de novo posible en materia de facendas locais a reclamación económico-administrativa con recurso de reposición potestativo previo. Tal sería a forma de esgota-la vía administrativa antes de entrar na impugnación xurisdiccional.

Esta é unha posibilidade desexable de cara ás garantías do particular, e por ela avoga o propio GARCÍA DE ENTERRÍA<sup>20</sup> que, a pesar de recoñecer que o tema é "un dos enigmas da lei", considerando que na remisión da DA 5ª "a materia non se identifica xa coa chamada «económico-administrativa», que podía entenderse que non inclúe desde 1985 os actos locais, senón coa «materia tributaria», inespecificamente, sen acepción de administracións", afirma que a tan desexable reinstauración do económico-administrativo na esfera local é posible co teor da lei<sup>21</sup>.

Consideramos que tan loable intento, se ben non forza a letra da lei, si violenta o espírito da norma, por non

dicir toda a política lexislativa dos últimos anos<sup>22</sup>. Non podemos crer que o lexislador cambiase de orientación tan radicalmente e nun tema de tal transcendencia sen facer ningunha declaración expresa en tal sentido, e que por unha mera disposición adicional se derroguen a LRBRL e maila LRFL, sobre todo porque na propia exposición de motivos, onde debería razoarse tal cambio de rumbo, afirmase todo o contrario; xa que, “por outra banda, a Administración local, da que o réxime xurídico está establecido como básico no mesmo artigo 149.1.18<sup>a</sup> da Constitución, ten unha regulación específica na súa actual Lei de bases que non ofrece ningunha dificultade de adaptación ós obxectivos desta lei e que **non esixe modificacións específicas**”. ¿Como vai o lexislador, despois de afirmar isto, cambiar dun plumazo todo o réxime instaurado en tal lei e resucita-lo anterior, que –non esquezámo-la exposición de motivos da LRBRL– se consideraba contrario á CE?

### 1.1.3. *Subsistencia do recurso de reposición*

Finalmente, a terceira posibilidade á que faciamos referencia era a subsistencia do recurso de reposición en materia tributaria local. Neste punto, expresáronse opinións en diversos sentidos, pero que, en principio, estimamos que son reconducibles a dúas solucións que cambian segundo a vía interpretativa que se siga coa DA 5<sup>a</sup>.

De entrada podemos entender, como primeira posibilidade, que a DA 5<sup>a</sup> se refire ós actos da facenda estatal, que son os que se regulan na Lei xeral tributaria, e que polo tanto, ó excluírse a Facenda local, o recurso de reposición regulado na mesma segue a sorte propia de tal método impugnatorio. É dicir, que se o recurso de reposición existente na facenda local era o preceptivo ó que se refería o artigo 52 da LXCA, ó ser derogado tal precepto, este recurso desaparecería; en tanto que se a reposición era a tradicional no ámbito tributario, é dicir, a potestativa, esta segue existindo. Enfrontámonos, pois, a dúas posibilidades: que subsista o recurso de reposición con carácter potestativo (que en todo caso sería previo ó contencioso) ou que non exista recurso ningún. Posibilidade esta última que xa cualificamos como pouco deseable.

<sup>22</sup> Na mesma liña maniféstase SÁNCHEZ ONDAL, para quen se o RD 1524/1988, do 16 de decembro, “modifica o RPREA nos seus artigos 9, 10 e 11, nos que xa non figuran os actos dictados pola Administración local como reclamables ante os tribunais económico-administrativos”, hai que entender que “o lexislador non puido querer que renacese a competencia destes tribunais sen ó tempo ordenalo pertinente para que se lles outorgase, novamente, ós mesmos competencia para coñecer das reclamacións contra actos de aplicación e efectividade de tributos locais”, o que podería levarnos ó “absurdo de que procedería unha vía de reclamación sen órgano ante o que utilizala”. “El régimen de...”, cit., p. 12.

<sup>23</sup> En *Derecho Financiero y Tributario. Parte General*. Civitas. Madrid, 1991, p. 285, onde afirmaba que “a xestión tributaria local, nas corporacións de réxime común, será impugnabile en vía contenciosa con recurso de reposición preceptivo”. Sen embargo, cando distinguía entre comunidades de réxime común e de réxime foral, parecía non ter en conta a existencia de xurisprudencia do Tribunal Supremo contraria a tal distinción na materia que nos ocupa, como por exemplo as sentencias do 3 de abril de 1990 (RA. 2883), 11 de abril de 1990 (RA. 4921), 5 de outubro de 1990 (RA. 8282) e 4 de xullo de 1991 (RA. 4960). Tal pasaxe desapareceu da 3<sup>a</sup> edición da obra (1993), pero móstrano-la con-

cepción que tiña este autor do recurso de reposición antes da Lei 30/1992.

<sup>24</sup> No seu *Manual de Formularios Relacionados con la Gestión Recaudatoria de las Corporaciones Locales*. Editorial Comares. Granada, 1992, onde di que "o recurso de reposición preceptivo, é o que se dá contra os actos de xestión tributaria das corporacións locais, e tramítase de acordo coas normas das leis de procedemento administrativo e a reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa" (pp. 142-143).

<sup>25</sup> *Curso de Derecho Financiero Español*. 12ª edición. Marcial Pons. Madrid, 1990, p. 704. Pola contra, na 15ª edición (1993), a pesar de afirmar tamén a existencia do recurso de reposición, xa non se manifesta sobre o carácter do mesmo (p. 522).

<sup>26</sup> "El recurso de reposición respecto a los actos dictados en materia de aplicación y efectividad de los tributos locales". En *Impuestos*, 1990/I, pp. 1166-1167, onde afirma que "é un recurso potestativo, posto que así se desprende dos artigos 108 e 113.1 da LRBRL".

<sup>27</sup> *Procedimientos Tributarios*. Nova Edición. Marcial Pons. Madrid, 1990, p. 338, onde di que "o recurso de reposición contra os actos das entidades locais ten, ó igual que o de réxime xeral, carácter potestativo. Pero, a diferenza deste, non é previo á reclamación económico-administrativa, senón ó recurso contencioso-administrativo".

E referíndonos ó carácter que se outorgaba ó mentado recurso, hemos de dicir que a doutrina non era pacífica. Así, había autores que sostíñan o seu carácter preceptivo, como PÉREZ ROYO<sup>23</sup> e HERNÁNDEZ MEDIALDEA<sup>24</sup>, e outros que o consideraban como meramente potestativo, na liña de FERREIRO LAPATZA<sup>25</sup>, CHECA GONZÁLEZ<sup>26</sup> e ARIAS VELASCO<sup>27</sup>.

De tal forma, a primeira interpretación posible consiste en afirmar que se o recurso era potestativo segue existindo e se, pola contra, era o preceptivo ó que se refería a LXCA, desaparecería en virtude da derogación efectuada pola Lei 30/1992. En todo caso, esta idea pódenos levar a unha rúa sen saída: está claro que a solución varía segundo a natureza que tivese o recurso, e como a LRBRL dá argumentos para defender ámbalas posicións, estaría constantemente aberta a disputa ata que non o resolvese unha disposición legal<sup>28</sup>.

De tódolos xeitos, non nos parece que sexa esta a vía de eséxese correcta para soste-la desexable subsistencia do recurso, senón que o xogo da DA 5ª é outro, xa que, tendo en conta os seus dous apartados, vemos que no primeiro se declara de aplicación subsidiaria a lei para "os procedementos administrativos en materia tributaria e, en particular, os procedementos de xestión, liquidación, comprobación, investigación e recadación dos diferentes tributos", e en cambio no segundo non fai o mesmo coa "revisión de actos en vía administrativa en materia tributaria", co que permite entender que este último aspecto queda totalmente á marxe da influencia da nova lei.

E se isto é criticable nunha lei con clara vocación de universalidade, permite, en todo caso, afirmar que o réxime de impugnación dos actos da Administración tributaria, incluída a local, permanece totalmente inalterado, facendo posible mante-la desexable subsistencia do recurso de reposición<sup>29</sup>.

<sup>28</sup> No suposto de entrar en tal vía, o RD 803/1993, do 28 de maio, en tanto confirmatorio da subsistencia do recurso, viría a confirmalo seu carácter potestativo.

<sup>29</sup> En tal sentido pronúnciase tamén PÉREZ ROYO, que estima que é "intención claramente manifestada na repetidamente citada LRXAP e PAC [...] mante-las especialidades propias do ámbito tributario no tocante ós procedementos de xestión e de revisión". En *Derecho Fi-*

Outro dos motivos que se deron para afirmar tal permanencia é a posibilidade que outorga a lei de que ese recurso para esgota-la vía administrativa “sexa o ordinario que se regula na lei ou o substitutivo que, con carácter xeral, poidan establecer outras leis”, que se regula no artigo 107.2<sup>30</sup>. Tal construción antóllasenos cando menos estraña, xa que a propia lei dispón que ese recurso debe servir, en todo caso, para poñer fin á vía administrativa, e se con ese argumento pretendemos afirmala existencia dun recurso regulado na LRBRL, non debemos esquecer que nela se prevé que o acto contra o que se interpón o dito recurso esgota a vía administrativa. É dicir, non podemos usar para poñer fin á vía administrativa un recurso que ten unha finalidade completamente distinta na lei que o regula, pois dáse contra actos que xa esgotaron a dita vía<sup>31</sup>.

Á subsistencia do recurso obxectouse dicindo que este sería exclusivamente regulado polos art. 108 LRBRL, 14 LRFL e 110 a 113 da Lei 30/1992, e que non se podería estar de acordo con isto porque supón “a «creación» dun novo recurso de reposición”<sup>32</sup>. A isto veu a contestalo lexislador, como veremos, co RD 803/1993.

Estimando, pois, por esta vía, a subsistencia do recurso de reposición, é cando cómpre dilucidar qué carácter ten este, que será, en todo caso, o que xa tiña antes da Lei 30/1992 e que, como vimos, resultaba discutido. Non obstante, pola filosofía da reforma, xa que sería chocante o feito de que fose este o único caso con recurso de reposición preceptivo previo ó contencioso (e aínda que a lei deixe fóra o campo tributario; como a propia Constitución impón que os cidadáns han de ter un tratamento igual ante tódalas administracións, pode actuar como axuda na hermenéutica) e polo carácter de carga que na conciencia social presenta o mesmo (segundo dixo GARCÍA DE ENTERRÍA<sup>33</sup>, debemos estimar que o dito recurso debe considerarse como potestativo, podendo irse, de se-lo caso, directamente á vía contenciosa. A mesma opinión manifesta agora PÉREZ ROYO, para quen se o recurso era antes da reforma preceptivo, agora ten carácter potestativo<sup>34</sup>.

Resulta, ademais, que esta solución merece “un xuízo de valor moi positivo”<sup>35</sup>, e que encontrou referendo normativo no RD 803/1993, do 28 de maio, polo que se modifican determinados procedementos tributarios, e que agora pasamos a analizar.

nanciero..., cit., 3ª edición, 1993, p. 298. A mesma idea encóntrase tamén en RUIZ-BEATO BRAVO. “¿Subsiste el recurso de reposición en el ámbito tributario local?”. En *Impuestos*, nº 19 (outubro de 1993), p. 12.

<sup>30</sup> É, por exemplo, a opinión de MARTÍN QUERALT e LOZANO SERRANO, que afirman que “a propia LRPAC dá pé para entender subsistente o recurso de reposición contra actos de xestión de tributos locais, ó constituíren estes unha materia específica dun ámbito sectorial determinado, que son as dúas condicións que xustifican, segundo o seu art. 107.2º, a previsión legal de recursos substitutivos do ordinario”. *Curso...*, cit., p. 499.

<sup>31</sup> Lémbrese o citado art. 52 LRBRL. Os mesmos MARTÍN QUERALT e LOZANO SERRANO recoñecen que “permanecen as razóns de fondo que aboarían a definitiva supresión da vía administrativa previa, así como a xurídico-formal de estar ante actos que poñen fin á vía administrativa, para os que [...] o artigo 108 LRPAC dispón o acceso directo ó contencioso, prevéndose o recurso substitutivo [...] só para os actos [...] que non poñen fin á vía administrativa, o que non é o caso dos de xestión de tributos locais”. *Curso...*, cit., p. 499.

1.2. O Real decreto 803/1993, do 28 de maio

A promulgación deste real decreto supuxo un cambio radical nas concepcións que sobre o tema que nos ocupa se viñeran producindo, xa que expresamente se refire, en dúas ocasións, ó “recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo fronte a actos dictados por entidades locais en materia de tributos locais, regulado no artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e no artigo 14.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, de facendas locais”<sup>36</sup>.

Con tal explicitación resulta evidente que para o lexislador continúa existindo o dito recurso, xa que “a disposición adicional quinta da Lei 30/1992, consciente das peculiaridades das actuacións administrativas en materia tributaria, permite que os procedementos tributarios se rexan pola súa normativa específica”, de xeito que este RD só “realiza modificacións en determinados procedementos tributarios, centrando a súa atención especialmente naqueles que” carecen “dunha regulación propia dos prazos para a súa resolución ou dos efectos da falta de resolución dentro dos prazos correspondentes” (exposición de motivos).

A inclusión do recurso de reposición entre estes procedementos responde exactamente a eses fins, segundo se desprende da resolución da Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais do Ministerio de Economía e Facenda, do 30 de abril de 1993. Entende esta dirección xeral que o recurso regulado nos artigos 108 LRBL e 14.4º LRFL “debe considerarse implicitamente declarado como subsistente pola disposición adicional 5ª, segundo apartado, da Lei 30/1992”, e dado que no tocante ós aspectos citados (prazo de resolución e efectos do silencio) non se pronunciaban estes preceptos e se viñan aplicando subsidiariamente os derogados artigos 52 a 55 LXCA, considera necesaria a súa inclusión no anteproxecto de RD<sup>37</sup>.

Esta inclusión foi desigualmente acollida pola doutrina, e, así, recibiu fortes críticas de SÁNCHEZ ONDAL, para quen “a subsistencia ou non do recurso en cuestión é evidente que non se determina por real decreto, senón que, ó tratarse dun problema de confrontación de leis, corresponde dilucidar ós tribunais de Xustiza”<sup>38</sup>, afirman-

<sup>32</sup> OLAÑETA FERNÁNDEZ-GRANDE. “Revisión de actos administrativos de gestión tributaria”. Na obra colectiva *Tratado de Derecho Financiero y Tributario Local*. Deputación de Barcelona. Marcial Pons. Madrid, 1993, p. 298.

<sup>33</sup> No seu prólogo á obra de BENÍTEZ DE LUGO Y GUILLÉN. *El recurso de reposición previo al económico-administrativo*. IEF. Madrid, 1980.

<sup>34</sup> Vid. PÉREZ ROYO. *Derecho Financiero...*, cit., 3ª edición, p. 298, onde o declara expresamente.

<sup>35</sup> RUÍZ-BEATO BRAVO. “¿Subsiste el recurso...?”, cit., p. 13. Véxanse alí as razóns que dá para tal afirmación, e que facemos nosas na súa totalidade.

<sup>36</sup> Fai estas referencias no nº 3 do seu anexo I, no que se establece un prazo máximo dun mes para resolvelo, e no nº 96 do anexo IV, no que se recollen os procedementos que deben entenderse desestimados cando non recaia resolución no prazo no que deben ser resoltos.

<sup>37</sup> Tirado de SÁNCHEZ ONDAL. “El recurso de reposición previo al contencioso-administrativo en materia tributaria local”. En *Impuestos*, nº 19 (outubro de 1993), p. 17.

<sup>38</sup> *Ibid*, p. 18.

do que se produce algo así como que “as leis vixentes non rexen porque teñen vigor as derogadas”, para concluír, respecto ó tema que nos ocupa, que “recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo non existía máis ca un, calquera que fose a materia sobre a que versara o acto contra o que se interpoñía, e a súa regulación estaba na LXCA e na LPA; derogados os seus preceptos reguladores, desapareceu por expreso desexo do lexislador [...]. Pretender resucitalo por real decreto pode ser un loable propósito, pero desafortunado no procedemento”<sup>39</sup>.

Sen embargo, outros autores, ós que nos adherimos, manifestaron a súa conformidade coa inclusión, xa que entendían que o recurso subsistía. Así, PÉREZ ROYO, para quen, “aínda que trala entrada en vigor da LRXAP e PAC se presentaron dúbidas sobre a subsistencia do mesmo, o RD 803/1993 [...] decláralo expresamente vixente. O cal, ó noso xuízo, é correcto”<sup>40</sup>, RUÍZ-BEATO BRAVO<sup>41</sup>, e HERRERA MOLINA e SERRANO ANTÓN<sup>42</sup>.

Independentemente do acerto ou non da inclusión do recurso, é dicir, da súa declaración de pervivencia, apareceu outro tipo de críticas contra o RD, que, na súa gran maioría, podemos considerar acertadas. A primeira non é outra que a xa apuntada falta de adecuación do medio para resolve-lo conflito<sup>43</sup>: un RD non pode resolver sen máis un conflito de leis. De tódolos xeitos, resulta preferible un apoio normativo que o baleiro, xa que, aínda que desde o punto de vista técnico sexa criticable, polo menos permítelle ó cidadán, que –non o esquezamos– é o principal prexudicado na maioría dos supostos, ter unha certa seguridade sobre a existencia do recurso e, ademais, sobre o seu réxime xurídico<sup>44</sup>.

Tamén se lle criticou con grande acerto a falta de precisión sobre o carácter que ten tal regulamento, xa que podería pensarse que non é outra cousa senón desenvolvemento da DA 3ª da Lei 30/1992 (“Regulamentariamente no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, levarase a efecto a adecuación á mesma das normas reguladoras dos distintos procedementos administrativos, calquera que sexa o seu rango, con específica mención dos efectos estimatorios ou desestimatorios que a falta de resolución expresa produza”). Pero tamén podería entenderse que “estamos ante un regulamento independente que *non desenvolve a Lei de procedemento, se-*

<sup>39</sup> Ibid, pp. 37-38. Non esquezamos que este autor se manifestaba pola inexistencia de recursos contra os actos tributarios dos entes locais, co que a dura crítica que verte cara ó RD ten maior xustificación.

<sup>40</sup> PÉREZ ROYO. *Derecho Financiero...*, cit., 3ª edición, pp. 297-298.

<sup>41</sup> RUÍZ-BEATO BRAVO. “¿Subsiste el recurso...?”, cit., pp. 11-13.

<sup>42</sup> HERRERA MOLINA e SERRANO ANTÓN. “El reglamento de procedimientos tributarios, ¿adaptación o huida de la Ley de Procedimiento Administrativo Común?”. En *Impuestos*, nº 19 (outubro de 1993), pp. 81-82.

<sup>43</sup> RUÍZ-BEATO BRAVO exclama ante tal procedemento: “¡As dúbidas aparecidas vanse aclarando por vía regulamentaria!”. “¿Subsiste el recurso...?”, cit., p. 11.

*nón que establece excepcións ó réxime común* en virtude do disposto na disposición adicional 5ª.1"<sup>45</sup>. Podemos afirmar, como idea válida neste sentido, que resulta complexa a opción entre estas dúas solucións, e que tal vez o máis adecuado sexa concluír, sobre todo á luz da indefinición e a ambivalencia dalgunhas pasaxes da súa exposición de motivos, que o RD "contén dous tipos de preceptos: algúns «adaptan» os procedementos tributarios á normativa supletoria da Lei de procedemento administrativo común. Outros constitúen unha sorte de «regulamento independente», que busca ampararse no carácter subsidiario da dita lei, ou en inexpressivas remisións das leis tributarias", o que en todo caso nos fai pensar que "a lexitimidade destes últimos é moi dubidosa, dadas as esixencias do principio de legalidade e o papel de «complemento indispensable» que lle corresponde ó regulamento no desenvolvemento legal"<sup>46</sup>.

En resumo, que o RD 803/1993 resulta, cando menos nalgúns dos seus aspectos, de dubidosa legalidade, que se intenta xustificar acudindo á propia Constitución como motivación das súas modificacións, coa finalidade de "posibilita-la efectiva realización do deber constitucional de contribuír". Non obstante, aínda que o medio non sexa o máis adecuado, si veu a clarifica-la subsistencia do recurso de reposición na esfera tributaria local, o cal, en atención á seguridade xurídica e á protección do cidadán, é de agradecer.

## **2. Actos dictados en materia presupostaria e de ordenanzas fiscais**

En materia de ordenanzas, dispón o artigo 19.1º da LRFL que "as ordenanzas fiscais das entidades locais a que se refire o artigo 17.3 da presente lei rexerán durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto nas mesmas, sen que caiba contra elas outro recurso que o contencioso-administrativo, que se poderá interpoñer, a partir da súa publicación no «Boletín Oficial» da Provincia, ou, se é o caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, na forma e prazos que establecen as normas da dita xurisdicción".

<sup>44</sup> Unha análise de cal poida se-lo réxime aplicable ó mesmo en SÁNCHEZ ONDAL. "El recurso de reposición...", cit., pp. 19-37.

<sup>45</sup> HERRERA MOLINA e SERRANO ANTÓN. "El Reglamento...", cit., p. 71.

<sup>46</sup> Ibid, p. 82.

Similar estilo presenta o artigo 152.1ª do mesmo corpo legal, referido á materia presupostaria, establecendo que “contra a aprobación definitiva do presuposto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da dita xurisdicción”.

Neste caso, a regulación dos artigos 52 a 55 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa esixía o esgotamento da vía administrativa previa como presuposto para a xurisdiccional. Tal esgotamento tería que se producir quer por un recurso de reposición, quer pola vía económico-administrativa (sendo neste caso posible a reposición previa con carácter potestativo). A todo isto, como a LRBRL suprimira no seu artigo 113.1º a vía económico-administrativa en materia de ordenanzas fiscais e presupostos, e pola remisión da LRFL ás normas rituais, deberíase entender que era preciso o esgotamento da vía administrativa previa a través dun recurso de reposición preceptivo<sup>47</sup>, que non sería outro có do artigo 52 da Lei xurisdiccional. Por iso, ó seren derogadas tales normas pola Lei 30/1992, debemos entender que en materia presupostaria e de ordenanzas fiscais a única posibilidade de recurso é ir directamente á vía contencioso-administrativa, sen oportunidade de acudir á vía administrativa previa.

### **B. Actos dictados por órganos doutra administración en virtude de delegación efectuada polo ente local**

O artigo 7 da LRFL permite que a xestión dos tributos municipais sexa delegada “na Comunidade Autónoma ou noutras entidades locais no territorio das cales estean integradas”. Esta posibilidade de delegación da xestión está a ser moi utilizada polos pequenos concellos, que delegan a xestión tributaria noutros entes, fundamentalmente nas deputacións provinciais<sup>48</sup>.

Diante desta realidade prevista normativamente, resulta claro que poderán realizarse actos de xestión de tributos municipais por outros entes diversos, e preséntase a dúbida de cal é o réxime de recursos que pode usarse fronte ós mesmos.

<sup>47</sup> Se ben a doutrina se manifestaba no sentido de considerar tal recurso como potestativo, e así, CHECA GONZÁLEZ. “El recurso de reposición...”, cit., p. 1166, onde cita a opinión en igual sentido de GONZÁLEZ PÉREZ e GONZÁLEZ SALINAS.

<sup>48</sup> Vid, como exemplo dos problemas de competencias, a Orde do 29 de decembro de 1993 pola que se concede a Delegación da Inspección do Imposto sobre Actividades Económicas. BOE do 1 de xaneiro de 1994.

<sup>49</sup> ZABALA RODRÍGUEZ-FORNOS. “Impugnación y revisión de los actos de gestión tributaria local”. En *Palau 14-RVHP*, nº 7 (1989), p. 133.

<sup>50</sup> *Ibidem*

<sup>51</sup> A mesma idea aparece en MARTÍN QUERALT e SERRANO LOZANO, que escriben que “os actos de xestión catastral do IBI e os de formación da matrícula do IAE, que lle competen ó Estado, sométense a reclamación económico-administrativa [...], pero tamén os de xestión tributaria dos tributos locais cando esta se desenvolve polo Estado en virtude de delegación (art. 7.3ª LFL)”. *Curso...*, cit., p. 499. Resulta obvio que se cando a delegación é no Estado, segue o réxime impugnatorio do ente que en realidade xestiona, o mesmo debe ocorrer cando a

delegación se fai en favor doutro ente distinto.

<sup>52</sup> Vid. artigos 78 e 92 da dita lei.

<sup>53</sup> Vid. disposicións transitorias 8ª e 9ª da Lei 21/1993, do 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1994, que reiteran a devandita prórroga a non ser que os entes locais implicados notifiquen antes do 1 de marzo de 1994 "a súa vontade de asumiren directamente esta xestión".

<sup>54</sup> Para o IAE regulábase no artigo 92.1.1º da LRFL, pero foi confirmado con maior claridade pola Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, que no seu artigo 8.1. 6º modifica o artigo 92 da LRFL, ó que lle engade un parágrafo 4º, que pasa a afirmar tallantemente que "en todo caso, o coñecemento das reclamacións que se interpoñan contra actos de xestión censual dictados pola Administración tributaria do Estado a que se refire o parágrafo primeiro do apartado 1 deste artigo, así como os actos de igual natureza dictados en virtude da delegación prevista no parágrafo terceiro do mesmo apartado, corresponderalles ós tribunais económico-administrativos do Estado".

O artigo 7.3º da propia norma tenta resolve-lo problema, e di no seu inciso final: "Os actos de xestión que se realicen no exercicio da dita delegación serán impugnables de acordo co procedemento que corresponda ó ente xestor, e, en último termo, ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa". Intento que non vai máis alá diso, de tentar dar unha solución, pois inmediatamente xorde a dúbida de cal sexa o ente xestor, "¿titular da xestión tributaria ou xestor das competencias delegadas?"<sup>49</sup>. Non resulta doado clarear esta cuestión. ZABALA RODRÍGUEZ-FORNOS inclínase a pensar que a referencia é ó ente delegante, e engade que "non cabe esquecer, por outra banda, o principio de que os actos dictados por delegación se consideran emitidos pola entidade delegante, mesmo para os efectos de establecer se esgotan a vía administrativa"<sup>50</sup>.

Non obstante, debido á referencia que a LRFL fai ó réxime impugnatorio correspondente ó ente xestor como posibilidade distinta do réxime que ela mesma establece para os entes locais, e ademais pola propia redacción da lei no sobredito precepto, que tras remitir ó réxime ordinario fai referencia ó réxime impugnatorio do ente xestor, inclinámonos a pensar que tal ente será o que efectivamente xestione, e non o delegante, postura que pode entenderse apoiada pola redacción legal, pois xestor, en definitiva, significa que xestiona, que actúa, o que neste caso fai o ente delegado<sup>51</sup>.

### ***C. Actos dictados pola administración do Estado en virtude da reserva efectuada sobre determinados aspectos da xestión dos tributos municipais***

Na propia LRFL o Estado reservou para si a xestión catastral no imposto sobre bens inmobles e a xestión censual no imposto sobre actividades económicas<sup>52</sup>. A esta reserva é á que nos referimos, e non á efectuada sobre o resto da xestión dos devanditos tributos pola DTª da FRFL, que ten un carácter marcadamente temporal, xa que se fixo inicialmente para un prazo de dous anos, aínda que este se prorrogou pola Lei de presupostos xerais do Estado.<sup>53</sup>

Os actos dictados no dito ámbito seguen o réxime anterior e a súa fiscalización correspóndelles ós tribunais económico-administrativos do Estado, segundo consta expresamente nos artigos 78.1.3º e 92 da propia LRFL<sup>54</sup>.

Nestes casos, o réxime anterior a 1985 subsiste, con reclamación económico-administrativa e recurso de reposición previo de carácter potestativo. Non afecta, xa que logo, a isto a nova Lei 30/1992, tanto pola exclusión da materia tributaria pola disposición adicional quinta, como polo xogo do artigo 107.4º da mesma.

É este, pois, o único aspecto dos relacionados cos actos tributarios dos entes locais no que subsiste o réxime de fiscalización polos tribunais económico-administrativos, que sería o desexable para todo o ámbito tributario, xa que, de existir un control, é preferible que sexa por órganos especializados como son estes, e non pola mesma administración que dictou o acto.

#### **4. Conclusión**

Unha vez analizado o panorama dos recursos existentes contra os actos dos entes locais en materia tributaria ante a nova Lei 30/1992, convén facer unha recapitulación das conclusións ás que chegamos no presente estudio.

Así, no tocante ós actos dictados polos entes locais en materia de aplicación e efectividade de tributos, concluímos que segue a existi-lo recurso de reposición como posibilidade previa á vía xurisdiccional, se ben con carácter meramente potestativo, como ademais referendou o RD 803/1992, aínda que sen segui-la vía axeitada.

En materia de ordenanzas fiscais e de presupostos, pola contra, entendemos que a única posibilidade é o acceso directo á xurisdicción contenciosa, sen vía administrativa previa. En canto ós actos dictados por outra administración en virtude de delegación, coidamos que o réxime impugnatorio é o que sexa propio do ente que dictou o acto, é dicir, do que sexa efectivamente xestor. E no referente á xestión catastral e da matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas, en tanto seguen en mans do Estado, o réxime de impugnación non é outro que o clásico do ámbito tributario, é dicir, o recurso de reposición potestativo como previo á vía económico-administrativa, que irá seguida, de se-lo caso, da xurisdiccional.

Tal vez non fose tan grave o feito da supresión da reposición coma a imposibilidade de control por órganos especializados, como son neste caso os tribunais económico-administrativos. Todo isto, sen embargo, podería quedar perfectamente superado cun correcto funcionamento da vía xurisdiccional, que é a que en definitiva garante os dereitos dos cidadáns e controla a actividade administrativa. Tal solución pasa pola posta en funcionamento dos xulgados do contencioso, tan necesarios para o bo funcionamento da Administración de Xustiza nesta materia e en moitas outras.

Sen embargo, co anteriormente exposto cremos que queda claro que o sistema de recursos administrativos deseñado polas últimas leis aparecidas en relación co ámbito tributario local, unidas á Lei 30/1992, peca cando menos de falta de claridade, permitindo a convivencia de solucións diversas, que o único que poden acarrexarlle ó contribuínte é inseguridade xurídica diante da dúbida de cal é o réxime de recursos no caso concreto que lle afecta. Inseguridade que se estende ós mesmos operadores da Administración, o que fai necesario un pronunciamento expreso en tan complexo panorama sobre cal é en realidade o sistema aplicable (neste sentido tampouco abunda co RD 803/1993, pois aínda que aclara algunhas dúbidas, deixa vixentes situacións moi variadas), sendo conveniente que este sexa en todo caso un só, e non unha pluralidade de réximes. Isto pode levar a preguntarnos, con RUÍZ-BEATO BRAVO, se “¿tan difícil é establecer unha regulación unitaria e xeral para tódalas administracións, sen tantas especialidades e remisións a lexislacións específicas e sectoriais?”<sup>55</sup>.

En tanto non comecen a funciona-los xulgados do contencioso, e ante o panorama actual, o que se produce é un caso claro de desincentivación ó recurso, que roza a vulneración do artigo 24 da Constitución española e unha sobrecarga dos tribunais, ós que cada vez lles é máis difícil conseguir “xulgar e facer executa-lo xulgado” no marco dun “proceso sen dilacións indebidas” que intenta garanti-la nosa carta magna.📌

<sup>55</sup> RUÍZ-BEATO BRAVO. “¿Subsiste el recurso...?”, cit., p. 14.





**X**URISPRUDENCIA



Ana María  
Blanco  
Nespereira

Bolseira da  
EGAP

## A suspensión do outorgamento de licencias derivada da aprobación inicial do plano: A xurisprudencia do Tribunal Supremo

### 1. *Consideracións previas.* *Concepto e natureza*

O Real decreto lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, grazas ó cal se aprobou o Texto refundido da lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, mantén as dúas clases de suspensión, facultativa e *ope legis*, da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei do solo de 1956<sup>1</sup>.

A suspensión do outorgamento de licencias é unha medida preventiva<sup>2</sup> prevista coa finalidade de salvagardalo futuro plan no que este modifique o réxime urbanístico vixente. Así, esta medida comporta unha importante limitación no exercicio das facultades dominicais; de aí que as normas que regulan esta figura deban interpretarse restrictivamente<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> A Lei 19/1975, do 2 de maio, introduciu como novidade a suspensión *ope legis* do outorgamento de licencias derivada da aprobación inicial dun plano.

<sup>2</sup> SSTS do 28 de setembro de 1982 (R. 5518), 26 de abril de 1985 (R. 4745), 14 de outubro de 1986 (R. 7660), 17 de marzo de 1989 (R. 2235), 6 de setembro de 1982 (R. 5518).

<sup>3</sup> SSTS do 16 de novembro de 1976, 16 de xuño de 1977, 19 de xaneiro de 1980 (R. 1798), 22 de setembro de 1982 (R. 5518).

A medida, amais de preventiva, é automática<sup>4</sup>, limitada tanto espacial<sup>5</sup> como materialmente<sup>6</sup>, e suxeita a publicidade formal<sup>7</sup>.

Efectivamente, o Tribunal Supremo afirma a este respecto:

“... a suspensión temporal do outorgamento daquela, que ten como teleoloxía, fundamento e efecto precisamente facer impracticable o outorgamento das demandas aínda non concedidas ou que se demandasen durante a vixencia do acordo suspensivo, se é que o proxectado non se acomodaba integramente ás previsións do novo plan, para evitar a existencia de edificacións que quedarían fóra de ordenación cando nin sequera se realizasen, coa conseguinte permisión de situacións cualificadas de aberrantes pola sentenza desta sala do 18 de decembro de 1979 (R. 2732), ese remedio legal ten como finalidade impedir que se realicen obras susceptibles de serviren de obstáculo ó ulterior desenvolvemento do planeamento mediante o outorgamento das licencias que contraveñan a nova ordenación...”<sup>8</sup>.

En definitiva, o que vén a dici-lo Tribunal Supremo é que a razón de ser da suspensión do outorgamento de licencias é axeita-la actividade urbanística actuante ó proceso de formación planificador, evitando contradicións insalvables nos períodos de transición da normativa planificadora.

Por outra banda, e para os efectos que aquí nos interesan, debemos referirnos á estreita relación existente entre o acto de aprobación inicial e a suspensión de outorgamento de licencias, de modo que non se pode separar esta daquela. Pero esta afirmación non implica a imposibilidade de diferencia-la suspensión do acto de aprobación inicial.

Así, a Sentencia do Tribunal Supremo do 18 de marzo de 1985 (R. 1675) afirma:

“... distínguese perfectamente entre o acto de aprobación inicial dun instrumento de planeamento e o acto suspensivo de concesións de licencias que se deriva del”.

Cómpre abrir aquí unha paréntese para explica-la relación entre a suspensión *ope legis* e a aprobación inicial do planeamento.

<sup>4</sup> O automatismo, ó xuízo do profesor MEILÁN GIL –criterio que comparto–, é correcto se se identifica con suspensión por forza de lei. A aprobación “por si só”, sen necesidade de pondera-la conveniencia e oportunidade da suspensión en función das circunstancias, produce suspensión.

É certo que a suspensión, continúa dicindo, é un “efecto consecuencia” da aprobación inicial; pero resulta discutible, por equívoco, que a suspensión neste caso non é un acto engadido ó de aprobación inicial. Resulta correcta a afirmación se con isto se quere dicir que, a diferencia da suspensión facultativa, aquí non cómpre adoptar un acordo para que se produza a suspensión.

<sup>5</sup> SSTs do 28 de marzo de 1985 (R. 1675), 16 de xullo de 1986, (R. 5109), e 6 de marzo de 1991 (R. 1976)

<sup>6</sup> SSTs do 10 de maio de 1982 (R. 3154), 22 de xullo de 1982 (R. 4089), e 24 de maio de 1985 (R. 4773).

<sup>7</sup> SSTs do 28 de setembro de 1982 (R. 5518), 25 de xuño de 1986 (R. 4885), 16 de xullo de 1986 (R. 5109), e 28 de marzo de 1989 (R. 2423)

<sup>8</sup> SSTs do 3 de febreiro de 1978 (R. 566), 27 de outubro de 1979 (R. 3543), 15 de abril de 1981 (R. 1850), 3 e 22 de febreiro de 1982 (R. 833 e 1616), 26 de setembro de 1988 (R. 7263), e 13 de marzo de 1984 (R. 1328).

É claro que a validez da suspensión depende da do acto principal, é dicir, da aprobación inicial. E que a invalidez deste acto tamén inflúe na invalidez da suspensión.

Deste modo, se o acto de aprobación inicial é nulo de pleno dereito, resulta evidente que a suspensión tamén o será. Pero pode suceder que, sendo válida a aprobación inicial, non o sexa a suspensión en si mesma.

Todo isto significa que a suspensión *ope legis* opera en relación coa aprobación inicial, concibida esta como acto determinante da mesma; por isto, a suspensión queda vinculada ó tantas veces referido acto de aprobación inicial do plan.

Por último, debemos referirnos á concepción do Tribunal Supremo sobre a natureza xurídica da suspensión do outorgamento de licencias:

“... a natureza xurídica atribuíble ós actos de suspensión non é a de disposicións ou actos normativos, senón a de actos aplicativos de contido concretos e efectos xerais polos seus destinatarios, posto que os actos de suspensión non innovan, creando novas normas, o ordenamento xurídico, senón que aparecen dictados en aplicación de preceptos xa existentes (...), nin ven reforzada a súa vixencia co seu cumprimento, pois se consomen a través da súa aplicación...” (S. Tribunal Supremo do 7 de xullo de 1982, R. 5351)<sup>9</sup>.

Dito noutras palabras, o acordo municipal de suspensión de licencias non ten finalidade normativa nin crea dereito: é mera aplicación e cumprimento da Lei do solo.

## 2. *Ámbito da suspensión*

### 1. *Ámbito obxectivo.*

No estudio deste ámbito, é preciso analiza-los instrumentos de planeamento que poden determina-la suspensión e mailas clases de licencias que se ven afectadas.

No primeiro aspecto, o art. 102 da Lei do solo enumera os seguintes:

<sup>9</sup> SSTs do 8 de marzo de 1989 (R. 1107), 27 de febreiro de 1974 (R. 1118), 12 de novembro de 1975 (R. 4355), 3 de xuño de 1981 (R. 2505), 19 de xaneiro de 1980 (R. 1798), e 16 de febreiro de 1981 (R. 1396).

- Plans xerais municipais.
- Normas subsidiarias do planeamento municipal.
- Plans parciais.
- Plans especiais.
- Estudios de detalle.

Polo tanto, non procede a suspensión cando se aborda o planeamento a nivel superior ó Plan xeral municipal, nin con respecto ós programas de actuación urbanística, nin ós proxectos de delimitación do solo urbano.

Na Sentencia do 4 de decembro de 1984 (R. 6628) aséntase esta doutrina respecto do último instrumento de planeamento citado:

“... tales “proxectos de delimitación do solo urbano” non están abranguidos no caso que contempla o artigo 27.3, nin ten por tanto o efecto suspensivo de licencias que o mesmo dispón”<sup>10</sup>.

A pesar do exposto, unha sentenza do Tribunal Supremo do 31 de marzo de 1981 admite a suspensión no suposto de modificación dun plan comarcal.

Agora ben, non existe razón ningunha para non admiti-la suspensión do outorgamento de licencias nos planos de iniciativa particular<sup>11</sup>.

Polo que se refire ó segundo aspecto –licencias obxecto do acordo de suspensión do seu outorgamento–, a devandita Lei do solo inclúe as de parcelación, edificación e demolición. Pero, exclúense as licencias de reforma “salvo que, pola transcendencia desta, sexa equiparable a unha reedificación do edificio non xustificada en razóns de urxencia, ou supoña aumento do volume edificado” (art. 118 do Regulamento de planeamento).

Así, o antedito precepto ampliou as que figuraban no art. 27 da Lei 19/1975, do 2 de maio, ó se referir a un tipo de licencias, as de demolición, que non estaban incluídas no citado artigo.

En efecto, o art. 27 unicamente se refería ás “licencias de parcelamento de terreos e edificación”. O art. 118 do Regulamento de planeamento, sen embargo, incluía as licencias de demolición. Neste sentido pronunciou se constantemente a xurisprudencia:

“... é que se non se entendesen abranguidas no citado precepto da Lei do solo as licencias de demo-

<sup>10</sup> STS do 14 de marzo de 1989 (R. 2080). Hoxe debe entenderse referida ó art. 102 da Lei do solo.

<sup>11</sup> GONZÁLEZ PÉREZ afirma a este respecto que debe admitirse este suposto “xa que onde a lei non distingue non debemos distinguir”.

lición quedaría baleira de contido a medida preventiva regulada nel cando se pretendese acomete-lo estudio ou modificación dun plano..." (S. Tribunal Supremo do 24 de maio de 1985, R. 4773)<sup>12</sup>.

Na actualidade, a determinación das licencias obxecto de suspensión de outorgamento non presenta problema ningún, en tanto que o obxecto desta medida preventiva está previsto expresamente no art. 102 alínea 2ª da Lei do solo, obxecto que coincide plenamente co art. 118 do Regulamento de planeamento.

### 2. Ámbito subxectivo.

No exame do ámbito subxectivo cómpre estudia-lo órgano competente para acorda-la suspensión do outorgamento de licencias, xa que tal competencia lle corresponde ó órgano a quen a lei atribúe a aprobación inicial e provisional do plano de que se trata. Comunmente será competente o concello.

Efectivamente, o noso máis alto tribunal afirma:

"... a competencia para a suspensión do outorgamento de licencias de edificación nunha zona determinada (...) correspóndelles sempre e en tódolos casos ós concellos"<sup>13</sup>.

### 3. Ámbito espacial.

De conformidade coa interpretación literal do art. 102, alínea 3ª da vixente Lei do solo, entendo que é necesaria a determinación concreta e expresa das zonas ou áreas afectadas pola suspensión do outorgamento de licencias<sup>14</sup>.

E así tamén o entenderon algunhas sentencias do Tribunal Supremo:

"... para que tal suspensión opere, é preciso que (...) coa publicación do acordo polo que se somete á información pública o plano aprobado inicialmente, se expresen as zonas do territorio obxecto de planeamento afectadas pola suspensión do outorgamento de licencias" (STS do 28 de marzo de 1985, R. 1675)<sup>15</sup>.

Hai que ter en conta, ademais, que o Tribunal Supremo considera que se trata dun requisito esencial:

<sup>12</sup> SSTs do 10 de maio de 1982 (R. 3154), 22 de xullo de 1983 (R. 4089), e 3 de maio de 1988 (R. 3463)

<sup>13</sup> STS do 20 de xullo de 1980 (R. 6066)

<sup>14</sup> O artigo 102. 3 di:

"A suspensión á que se refire o número 1 extingúese, en todo caso, no prazo de un ano. De se producir dentro dese prazo o acordo de aprobación inicial, a suspensión manterase para as áreas que teñan novas determinacións de planeamento que supoñan modificación da ordenación urbanística e os seus efectos extingúense definitivamente transcorridos dous anos desde o acordo de suspensión adoptado para estudia-lo planeamento ou a súa reforma. Se a aprobación inicial se produce unha vez transcorrido o prazo do ano, a suspensión derivada desta aprobación inicial terá tamén a duración máxima de un ano. Se con anterioridade ó acordo de aprobación inicial non se suspendese o outorgamento de licencias conforme ó disposto no número 1 deste artigo, a suspensión determinada pola dita aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos. En calquera caso, a suspensión extingúese coa aprobación definitiva do planeamento.

<sup>15</sup> SSTs do 19 de xaneiro de 1980 (R. 1798), 29 de marzo de 1983 (R. 445), e 29 de abril de 1986 (R. 2980).

“... no acordo de suspensión de licencias debe especificarse necesariamente cal é o ámbito territorial ó que a suspensión afecte, requisito considerado como esencial pola xurisprudencia deste tribunal” (STS do 29 de abril de 1986, R. 2980)<sup>16</sup>.

Non obstante o exposto, dalgunha das afirmacións do Tribunal Supremo podería inferirse que non é necesaria a determinación, no caso de suspensión derivada da aprobación inicial do plano.

Vexámolo.

“... sen que a determinación das zonas do territorio afectadas, no acordo polo que o plano inicialmente aprobado se somete á información pública (...) sexa un requisito de validez da suspensión automática (...) debe entenderse, aínda cando non se fixen as zonas, que a suspensión afecta a todo o territorio obxecto de ordenación, sempre que as novas determinacións supoñan modificación do réxime vixente” (STS do 16 de xullo de 1984, R. 5578).

Así pois, fronte ó criterio xeneralizado da esencialidade da determinación expresa das áreas afectadas pola suspensión, existe unha xurisprudencia illada que entende que a suspensión abrangue todo o territorio cando non se determinan áreas concretas.

Agora ben, na actualidade non cabe a menor dúbida sobre a necesidade da determinación “expresa” das áreas afectadas pola suspensión. Corrobora esta afirmación o disposto no art. 102 alínea 2ª da Lei do solo.

Como consecuencia do exposto, e a xeito de conclusión, entendo que a ausencia da determinación expresa das áreas afectadas levaría consigo a ineficacia da mesma e, polo tanto, o outorgamento de licencias conforme á ordenación urbanística vixente. Ademais, resulta, ó meu xuízo, excesiva a interpretación da devandita sentenza con data do 16 de xullo de 1984, no sentido de entender que a suspensión abrangue todo o territorio cando o plano non determina as áreas ou zonas afectadas.

Noutra orde de cousas, dado que, segundo se expuxo, a determinación debe ser expresa, e como dispón o art. 102 da Lei do solo, a medida afecta ás áreas en que se vaia producir modificación do réxime urbanístico, procede estudiala problemática que xera o feito de que se inclúan

<sup>16</sup> STS do 7 de decembro de 1982 (R. 7949).

(17) Profesor MEILÁN GIL.

nas áreas afectadas pola suspensión zonas sobre as que o plano non contén novas determinacións, e viceversa, que non se inclúen zonas nas que o novo plano modifica o réxime urbanístico.

No primeiro caso, non hai efectos suspensivos, e os particulares poden facer vale-los seus dereitos mediante os oportunos recursos. No segundo caso, a solución dependerá da consideración que se lle outorgue ó requisito de determinación expresa.

En concreto, e como quedou exposto, entendo que se trata dun requisito esencial e, por tanto, determinante da eficacia da suspensión. Cando menos, seguindo unha opinión, a carga de probar que existe contraposición entre a solicitude e o novo planeamento como fundamento da denegación da licenza débelle corresponder á corporación local. As solicitudes deben ser admitidas para o seu posterior exame. E o particular ten que ser indemnizado<sup>17</sup>.

### 3. *Impugnación da suspensión*

O acordo de aprobación inicial é un acto de trámite, e como tal non susceptible de ser impugnado; sen embargo, si o é en canto determinante da suspensión do outorgamento de licencias, xa que tal medida incide no patrimonio dos administrados, polo que non pode quedar sen a debida protección xurisdiccional.

A invalidez da suspensión do outorgamento de licencias pode te-la súa causa na invalidez da aprobación inicial; neste caso será esta a que deba impugnarse, xa que a súa impugnación producirá efectos sobre aquela.

Pero pode ocorrer que a aprobación inicial sexa conforme a dereito e, sen embargo, non o sexa a suspensión en si mesma. Neste caso, a impugnación procede contra a propia suspensión, con independencia da aprobación inicial do plano.

Con esta formulación, considero que non é admisible de forma xeneralizada a afirmación mantida polo Tribunal Supremo na súa sentenza con data do 16 de febreiro de 1986 (R. 1396):

“... resulta obvia a imposibilidade de impugna-la suspensión de modo independente ata que o referido plano parcial, automaticamente determinante dos efectos suspensivos, sexa de seu impugnabile coa aprobación definitiva”.

Fronte a este criterio, o mesmo tribunal recoñeceu en diversas sentencias a posibilidade de impugna-la suspensión do outorgamento de licencias, amparada na súa consideración de acto administrativo autónomo:

“... o acordo de suspensión en termos xerais é susceptible de impugnación a través dos recursos administrativos e, se é o caso, contencioso-administrativos admisibles, toda vez que se trata dun acto administrativo autónomo, que producirá efectos xurídicos materiais...”<sup>18</sup>.

En definitiva, é acto autónomo o previsto no parágrafo primeiro do art. 102 alínea 1ª da Lei do solo, que dispón que os órganos competentes para a aprobación inicial e provisional dos planos xerais municipais, normas subsidiarias do planeamento municipal, planos parciais, planos especiais ou estudos de detalle, “poderán acordala suspensión do outorgamento de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados”. É claro, pois, que o acto de suspensión é autónomo e, por isto, recorrible.

Polo tanto, e a xeito de conclusión, pola transcendencia do acto, é incuestionable a posibilidade de impugnación. A aprobación inicial non será impugnabile en canto acto de trámite que non impide a continuación do procedemento; pero si no aspecto de suspensión do outorgamento de licencias<sup>19</sup>.

#### 4. Duración da medida preventiva e publicación do acordo

O artigo 102 alínea 3ª da Lei do solo<sup>20</sup> dispón que no caso de que a suspensión sexa facultativa, é dicir, coa finalidade de estudia-la formación ou reforma do plano, a duración máxima é de un ano computado de data a data a partir do día da publicación no BOP<sup>21</sup>. No caso de que

<sup>18</sup> SSTS do 28 de marzo de 1985 (R. 1675), 26 de abril de 1985 (R. 4745), 15 de xullo de 1985 (R. 5693), e 16 de xullo de 1986 (R. 5109).

<sup>19</sup> J. A. GARCÍA-TREVIJANO GARNICA, *La impugnación de los actos administrativos de trámite*, Madrid, 1993, p. 237.

<sup>20</sup> Artigo 102.3 da Lei do solo.

<sup>21</sup> Artigo 48, alínea 4ª, parágrafo 2ª da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

“Os restantes prazos hanse contar a partir do día da notificación ou publicación do correspondente acto salvo que nel se dispoña outra cousa”.

a suspensión sexa *ope legis* e non houberse suspensión potestativa, a máxima prevista é de dous anos computados de data a data desde o día da publicación no BOP do anuncio de apertura do trámite de información pública.

Agora ben, dous son os supostos que se presentan. Por unha banda, que se acordase suspensión previa á aprobación inicial, e que esta se producise antes de transcorrer un ano. Neste caso, a suspensión manterase ata dous anos desde o primeiro acordo.

Por outra banda, que logo de se acordar suspensión previa a súa duración se esgotase no momento en que ten lugar a aprobación inicial. Neste caso, a suspensión derivada da aprobación inicial terá a duración máxima de un ano.

Por último, a suspensión extínguese, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento. É requisito indispensable da extinción da suspensión a publicación da vixencia do plano, de conformidade ó disposto no art. 131 da Lei do solo<sup>22</sup>.

Polo que respecta á publicación, hai que comezar dicindo que a eficacia dun acordo de suspensión por razón da aprobación inicial dun plano se produce desde o momento da publicación. Así pois, este requisito é imprescindible.

O Tribunal Supremo afirma:

“... a eficacia dun acordo xeral de suspensión de outorgamento de licencias por razón da aprobación dun plano ... debe producirse desde o momento da publicación” (STS do 14 de outubro de 1981, R. 4152)<sup>23</sup>.

Ademais, no acordo de sometemento á información pública deben determinarse as áreas ou zonas afectadas pola suspensión. O Tribunal Supremo contempla na súa doutrina esta esixencia.

Vexámolo.

“... coa publicación do acordo polo que se somete á información pública o plano aprobado inicialmente, exprésanse as zonas do territorio obxecto de planeamento afectados pola suspensión de outorgamento de licencias” (STS do 28 de marzo de 1985, R. 1675)<sup>24</sup>.

<sup>22</sup> Artigo 131 da Lei do solo: “Os planos, normas complementarias e subsidiarias, programas de actuación urbanística, estudos de detalle, proxectos e catálogos serán inmediatamente executivos unha vez publicada a súa aprobación definitiva, sen prexuízo do disposto no artigo 124”.

<sup>23</sup> SSTS do 28 de setembro de 1982 (R. 5518), 18 de marzo de 1985 (R. 1675), 25 de xuño de 1986 (R. 4885), 16 de xullo de 1986 (R. 5109), 28 de marzo de 1989 (R. 2423), e 31 de xullo de 1991 (R. 6712).

<sup>24</sup> SSTS do 28 de setembro de 1982 (R. 5518), 16 de xullo de 1986 (R. 5109), e 31 de xullo de 1991 (R. 6712).

## 5. Reiteración da suspensión

O artigo 102 alínea 5ª da Lei do solo dispón textualmente:

“Extinguidos os efectos da suspensión en calquera dos casos previstos, non se poderán acordar novas suspensións no prazo de cinco anos por idéntica finalidade”<sup>25</sup>.

Segundo unha opinión<sup>26</sup>, que comparto, a referencia no mencionado precepto ó “acordo” lévanos a concluír que non soamente a publicación, senón tamén a mesma adopción do acordo de suspensión debe ser posterior á decadencia dese prazo de cinco anos. En caso contrario, o acordo ou a suspensión resultante da aprobación inicial serían nulos de pleno dereito por incompetencia manifesta (art. 62.1b LRX-PAC).

O problema, por conseguinte, é determina-lo alcance da expresión “idéntica finalidade”. O artigo 122 do Regulamento de planeamento de 1978, no seu inciso final, ofrece unha definición desta expresión:

“Non se entenderá como idéntica finalidade a redacción dun plan de normas, programa ou estudio de detalle, ou a súa revisión ou modificación, con distinta natureza có que motivou a primeira suspensión”.

En particular, dous son os aspectos que debemos someter a análise, para determinármolo alcance desta expresión xurídica. Por unha parte, a identidade de zona; e por outra, a identidade de fin.

En canto ó primeiro aspecto, resulta evidente que a prohibición se refire á mesma zona que sufriu unha suspensión anterior, pois para outras zonas non ten sentido esta prohibición, dado que se trataría do primeiro uso desta medida preventiva.

Así, o Tribunal Supremo dixo:

“... non se pode afirmar que os dous acordos en cuestión tivesen idéntica finalidade, pois (...) non afectaron ó mesmo número de rúas” (STS do 16 de marzo de 1988, R. 2173)<sup>27</sup>.

Polo que respecta ó segundo aspecto, hai que dicir que non todo uso reiterado da suspensión está prohibido, se-

<sup>25</sup> Idéntica prohibición establecía o artigo 8, alínea 4ª do real decreto-lei. Non así os arts. 127 da Lei do solo de 1975 e 117 do Regulamento de planeamento, que concretaban a prohibición na suspensión acordada con anterioridade á aprobación inicial, aprobación facultativa.

<sup>26</sup> GARCÍA DE ENTERRÍA e PAREJO ALFONSO: *Lecciones de Derecho Urbanístico*, p. 338.

<sup>27</sup> STS do 31 de decembro de 1983 (R. 6956).

nón simplemente aquelas suspensións que persigan idéntica finalidade ca unha anterior. ¿E que se entende por idéntica?

A sentenza do Tribunal Supremo con data do 28 de setembro de 1982 (R. 5518) formula unha definición clara e precisa deste concepto:

“Identidade fai referencia a cualidade de idéntico, é enteiramente igual, podendo establecerse a relación de identidade entre dúas entidades cando teñen as mesmas propiedades, e por isto son indiscernibles ou indistinguibles. Conxugando ámbolos dous termos, existiría idéntica finalidade se os termos das respectivas intencións e os obxectivos pretendidos por ámbolos axentes nas súas respectivas accións, resultan de imposible discernimento, isto é, se entre ámbalas intencións e obxectivos resultan superpostos e acoutan un mesmo ámbito de realidade”<sup>28</sup>.

Por máis abastamento, é importante traer a colación a doutrina xurisprudencial elaborada nesta materia.

Así, o Tribunal Supremo, na Sentencia do 11 de decembro de 1984 (R. 6535), afirma:

“... sendo planos de distinta natureza, non existe idéntica finalidade en ámbalas dúas suspensións, que é o vedado pola norma”.

Agora ben, esta afirmación débese completar con outra do mesmo tribunal:

“... a diversidade de natureza ha de ser axuizada e valorada non en función dunha mera cualificación nominal ou semántica dos respectivos planeamentos, senón da efectiva realidade da distinta ordenación proxectada ou en revisión ou modificación, pois non cabe esquecer que a potestade de suspensión é, en definitiva, unha potestade excepcional en canto limitadora do exercicio de facultades que, en principio, son conformes coa ordenación urbanística ó tempo en que se pretende actualas, e por isto, a dita potestade debe ser obxecto dunha interpretación estricta, cando non restrictiva, en canto ás posibilidades de exercicio” (STS do 28 de setembro de 1982, R. 5518)<sup>29</sup>.

<sup>28</sup> SSTS do 6 de outubro de 1983 (R. 5069), 12 de abril de 1985 (R. 2202), e 19 de decembro de 1989 (R. 9212).

<sup>29</sup> SSTS do 15 de novembro de 1983 (R. 6012), e 16 de xuño de 1982 (R. 48089).

O que debe interpretarse no sentido de que é preciso examina-las posibles identidades e diferencias que concorren nas dúas motivacións ordenadoras de ámbalas suspensión.

Como consecuencia de todo o exposto, e como conclusión, non existe idéntica finalidade se os planos son de distinta natureza, entendendo esta coas restricións determinadas pola xurisprudencia.

## 6. Indemnización

Os peticionarios de licencias solicitadas con anterioridade á publicación da suspensión terán dereito a seren indemnizados do custo oficial dos proxectos, e á devolución, de se-lo caso, das taxas municipais (art. 102.5 LS).

Agora ben, este dereito será exercitable nos casos en que a única obxección para o outorgamento de licencias sexa o acordo de suspensión, é dicir, naqueles supostos en que a licencia tivese que ser concedida se non existise este acordo.

O noso máis alto tribunal pronunciouse a este respecto:

“... o dereito a indemnización (...) en modo ningún é tan incondicional e absoluto que resulte automático polo simple feito de que o outorgamento de licencias se encontre suspendido, senón que, contrariamente, o dito dereito efectivamente nace se se ten previamente o de obter a licencia ou, o que é igual, cando, de non existir o acordo de suspensión, a mesma indubidablemente terá que concederse” (STS do 13 de decembro de 1983, R. 6337<sup>30</sup>).

Cómpre ter en conta, ademais, que os conceptos constitutivos da indemnización foron determinados de forma taxativa polo devandito artigo 102.

Vexamos que di o Tribunal Supremo:

“... a indemnización ... prodúcese en termos moi taxativos e estrictos, polo que non resulta admisible a súa interpretación extensiva nin analóxica” (STS do 3 de outubro de 1984, R. 5594)<sup>31</sup>.

Por conseguinte, é inadmisibles ampliar a indemnización a conceptos non incluídos no dito precepto da Lei do solo. 

<sup>30</sup> STS do 7 de xullo de 1987 (R. 6861).

<sup>31</sup> SSTs do 22 de maio de 1984 (R. 3122), e 7 de xullo de 1987 (R. 6861).

Gonzalo A.  
Barrio  
García

## Comentario xurisprudencial

á STC 254/1993, do 20 de xullo  
de 1993 (BOE do 18 de agosto)

Bolseiro da  
EGAP

*A consolidación da eficacia directa dos dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución.*

*O caso do **habeas data**.*

A tardanza no desenvolvemento lexislativo dalgúns dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución provocou dúbidas sobre a súa efectividade real e concreta, obrigando ó Tribunal Constitucional a clarificar a situación existente destes dereitos e a súa aplicación directa.

O comentario a esta sentenza xorde como consecuencia da indefinición de un destes dereitos, concretamente do artigo 18.

## *Antecedentes*

O amparo ten a súa causa nunha petición deducida ante o gobernador civil, en canto máximo representante permanente do Goberno na provincia, na que se solicitaba o seguinte:

■ Que se lle comunique se a Administración do Estado ou calquera organismo dela dependente dispón de ficheiros automatizados onde figuren os meus datos de carácter persoal.

■ Que en caso afirmativo se me indique a finalidade principal dos ditos ficheiros, a autoridade que os controla e a súa residencia habitual.

■ Que se me comuniquen os datos existentes nos ditos ficheiros referidos á miña persoa, de forma intelixente e sen demora.

Unha vez esgotada a vía administrativa sen que a Administración se pronunciase explicitamente sobre a cuestión, e dado que a denegación se produce por silencio administrativo, interpúxose recurso contencioso administrativo que foi desestimado pola Audiencia Territorial de Pamplona e posteriormente polo Tribunal Supremo. Posteriormente recorreuse en amparo ó entender que a dita denegación vulneraba os dereitos fundamentais recollidos no artigo 18 da CE.

## *Desenvolvemento*

Para centrar mellor o estado da cuestión é conveniente ter en conta que no momento da petición non se promulgara aínda a Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal, polo que a análise da posible vulneración dese dereito debe partir e ter como base a propia Constitución.

Outro elemento fundamental que cómpre destacar é a existencia do Convenio do Consello de Europa para a protección das persoas con respecto ó tratamento automatizado de datos de carácter persoal, feito en Estrasburgo o 28 de xaneiro de 1981 e ratificado por instrumento

do 27 de xaneiro de 1984 (publicado no BOE do 15 de novembro de 1985), no que explicitamente se fai constar que o convenio entrou en vigor de forma xeral e para España o 1 de outubro de 1985, tras ser ratificado por cinco estados contratantes, de conformidade co establecido no seu artigo 22.2.

Pero non será desde a aplicación directa deste convenio da que se vai deriva-la forza deste dereito fundamental, e isto polas razóns que nos dá o mesmo tribunal:

“A alegación fundada no artigo 96.1 da CE para razoar que o efecto vinculante que este precepto constitucional lle recoñece ós tratados permite facer valedos dereitos recollidos no artigo 8 do Convenio de protección de datos, suscita unha cuestión allea ó recurso de amparo, polas razóns expostas polas SSTC 49/1988, fundamento xurídico 14; 47/1990, fundamento xurídico 5.

A adecuación dunha norma legal ou dunha disposición ou actuación dos poderes públicos ó preceptuado por un tratado internacional, e por conseguinte se as autoridades españolas cumpriron ou non os compromisos derivados dun acordo internacional, son cuestións que en si mesmas consideradas resultan indiferentes para aseguraren a protección dos dereitos fundamentais comprendidos no artigo 53.2, que é o fin ó que serve a xurisdicción deste tribunal no ámbito do recurso de amparo.”

Aínda que non por isto este tratado internacional deixa de ter importancia en canto, en virtude do artigo 10.2 da CE, serve para configura-lo sentido e o alcance dos dereitos recollidos na Constitución<sup>1</sup>.

Por isto, o que neste comentario queremos destacar é o recoñecemento que nesta sentenza se produce da forza vinculante dos dereitos fundamentais *ex constitutione* sen necesidade de ulterior desenvolvemento lexislativo, posto que se ben este aspecto non é novidade en canto que a aplicación directa ou a eficacia práctica da Constitución foi declarada e recoñecida anteriormente polo tribunal<sup>2</sup>, neste caso cobra novamente relevancia tanto polas peculiaridades propias do artigo 18.4 da CE ó remitirse para o seu desenvolvemento a unha lei posterior, pola xustificada necesidade dunha axeitada protección

<sup>1</sup> Vid. STC 38/1981, f. x. 3º e 4º.

<sup>2</sup> Véxase STC 81/1982, f. x. 2º (...). Non pode “de ningún modo esquecerse a eficacia directa e inmediata que a Constitución ten como norma suprema do ordenamento xurídico sen necesidade de esperar a que resulte desenvolvida polo lexislador ordinario no que concerne ós dereitos fundamentais e liberdades públicas...”. No mesmo sentido, SSTC 16/1982 e 22/1984, f. x. 3º.

fronte ás intromisións na nosa intimidade realizadas mediante medios informáticos, como pola condena á Administración a unha obriga de facer; neste último sentido é concluínte o tribunal ó centra-la cuestión en “se o actor tiña ou non dereito en virtude do artigo 18.4 a que a Administración lle subministrase a información que solicitaba. Se ten dereito a ela, é deber de tódolos poderes públicos poñer-las medios organizativos e materiais necesarios para procurarlle”.

Tamén é relevante salienta-la crítica do Tribunal Constitucional á técnica administrativa do silencio empregada ante esta solicitude, e así di o fundamento xurídico terceiro:

“A Administración non pode verse beneficiada polo incumprimento da súa obriga de resolver sempre expresamente, ó non dar resposta ningunha á solicitude do cidadán nin sobre a petición presentada, nin sobre a eventual incompetencia do órgano administrativo interpelado, e forzar a aquel a acudir ós tribunais en termos que poderían infrinxir-lo dereito fundamental que enuncia o artigo 24.1 da CE.”

Entrando propiamente no comentario, cómpre partir do artigo 18.4 da CE para analiza-la súa aplicación directa ó caso que se analiza. Así di o seu teor literal:

A lei limitará o uso da informática para garantir-lo honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

A propia sentenza contén unha explicación do porqué da constitucionalización deste precepto, argumentación na que se percibe a doutrina presentada por Pérez Luño acerca deste dereito. Así, dise que:

“A nosa Constitución incorporou unha nova garantía constitucional como forma de resposta a unha nova forma de ameaza concreta á dignidade e ós dereitos da persoa, de forma en último termo non moi diferente a como foron orixinándose e incorporándose historicamente os distintos dereitos fundamentais. Neste caso estamos ante un instituto de garantía doutros dereitos, fundamentalmente o honor e a intimidade, pero tamén dun instituto que é, en si mesmo, un dereito ou liberdade fundamental, o dereito á liberdade fronte a potenciais agresións

á dignidade e á liberdade da persoa procedentes dun uso ilexítimo do tratamento mecanizado de datos, o que a Constitución chama 'a informática'."

Doutrinalmente e seguindo a Pérez Luño, a protección informática engóbase dentro da "terceira xeración", de dereitos humanos complementando tanto as liberdades de signo individual coma os dereitos económicos, sociais e culturais. Deste xeito, os dereitos e liberdades da terceira xeración preséntanse como unha resposta ó fenómeno da denominada contaminación das liberdades (*liberties' pollution*), termo co que algúns sectores da teoría social anglosaxona aluden á erosión e degradación que afecta os dereitos fundamentais ante determinados usos das novas tecnoloxías<sup>3</sup>.

Visto o ámbito necesitado de protección, é dicir, qué é o que se protexe e por que se fai, quédanos agora analiza-lo cómo, formularnos daquela o verdadeiro quid da cuestión, de se a aplicación dun dereito fundamental necesita para ser plenamente eficaz un desenvolvemento lexislativo.

Sobre este punto o tribunal pronúnciase da seguinte forma:

"Aínda na hipótese de que un dereito constitucional requira unha *interpositio legislatoris* para o seu desenvolvemento e plena eficacia, a nosa xurisprudencia nega que o seu recoñecemento pola Constitución non teña outra consecuencia que a de establecer un mandato dirixido ó lexislador sen virtualidade para amparar por si mesmo pretensións individuais, de xeito que só sexa esixible cando o lexislador o chegue a desenvolver. Os dereitos e liberdades fundamentais vinculan a tódolos poderes públicos e son orixe inmediata de dereitos e obrigas, e non meros principios programáticos. Este principio xeral de aplicabilidade inmediata non sofre máis excepcións que as que impoña a propia Constitución, expresamente ou ben pola natureza da norma. (STC 15/1982, f. x. 8<sup>o</sup>).

Cando se opera cunha reserva de configuración legal, é posible que o mandato constitucional non teña, ata que a regulación se produza, máis ca un mínimo contido, que se verá desenvolvido e comple-

<sup>3</sup> Cfr. A. E. Pérez Luño, *Intimidad y protección de datos personales: del Habeas Corpus al Habeas Data, Estudios sobre el derecho a la intimidad*, Tecnos, Madrid, 1992, páx. 37.

tado polo lexislador. Pero de aquí non se pode deducir sen máis (como fai o avogado do Estado) que os dereitos a obter información exercitados polo demandante de amparo non forman parte do contido mínimo que consagra o artigo 18 da CE, con eficacia directa, e que deben ser protexidos por tódolos poderes públicos e, en último termo, por este tribunal a través do amparo (art. 53 da CE). (F. X. 6º)".

Por tanto, a cuestión central é determinar cal é o contido mínimo, provisional, en ausencia de desenvolvemento lexislativo do mesmo.

"Un primeiro elemento, o máis 'elemental' dese contido é, sen dúbida, negativo, respondendo ó enunciado literal do dereito. O uso da informática encontra o seu límite no respecto ó honor e á intimidade das persoas e no pleno exercicio dos seus dereitos. Agora ben, a efectividade dese dereito pode requirir inescusablemente dalgunha garantía complementaria, e é aquí onde poden vir en auxilio interpretativo os tratados e convenios internacionais sobre esta materia suscritos por España. Pois, como sinala o Ministerio fiscal, a garantía da intimidade adopta hoxe un contido positivo en forma de dereito de control sobre os datos relativos á propia persoa. A chamada liberdade informática é, así tamén, dereito a controla-lo uso dos mesmos datos insertos nun programa informático (*habeas data*)".

Refírese aquí a sentenza ó *habeas data* que se define seguindo a Pérez Luño, na facultade das persoas de coñecer e controlaren as informacións que lles concernen procesadas en bancos informáticos<sup>4</sup>. E esta garantía de protección da nosa intimidade faise no momento actual necesaria debido a que "cada cidadán fichado nun banco de datos está exposto a unha vixilancia continua e inadvertida, que afecta potencialmente incluso ós aspectos máis sensibles da súa vida privada"<sup>5</sup>.

Co desenvolvemento de modernas técnicas informáticas pode exercerse un silencioso pero eficaz control da nosa vida persoal máis íntima e privada, polo que, como antes dixemos, ante ese desenvolvemento técnico e ante a posible contaminación ou desvirtuación do dereito fundamental á intimidade faise necesario un plus de pro-

<sup>4</sup> Pérez Luño, op. cit., páx. 40.

<sup>5</sup> Cfr. Pérez Luño, op. cit., páx. 38.

tección proporcionado polo *habeas data* –derivado do artigo 18 da CE– e aplicable directamente sen que se requira como requisito necesario de aplicación unha *interpositio legislatoris*; en canto á Constitución por si mesma debe te-la forza abonda para garantirmos ese dereito fundamental. É precisamente nos países máis avanzados tecnoloxicamente onde, paralelamente a este desenvolvemento tecnolóxico, se produce un reforzamento das garantías xurídicas á intimidade. Así, xa en 1928 a Supreme Court norteamericana se refería á intimidade como o dereito máis apreciado polos homes civilizados (“the right most valued by civilized men”), e en 1971 un informe elaborado polo Younger Committee on Privacy británico afirma que a opinión pública dos países desenvolvidos sitúa o respecto á vida privada nun lugar prioritario das súas aspiracións de protección dos dereitos humanos<sup>6</sup>.

Non é de estrañar por tanto que o Tribunal Constitucional chegue á conclusión de que

“A protección da intimidade dos cidadáns require que estes poidan coñecer-la existencia e os trazos daqueles ficheiros automatizados onde as administracións públicas conserven datos de carácter persoal que lles concernen, así como cales son eses datos persoais en poder das autoridades”.

Máis adiante continúa:

“Esta constatación elemental de que os datos persoais que almacena a Administración son utilizados polas autoridades e os seus servicios impide aceptala tese de que o dereito fundamental á intimidade esgota o seu contido en facultades puramente negativas de exclusión. As facultades precisas para coñecer-la existencia, os fins e os responsables dos ficheiros automatizados dependentes dunha Administración pública onde constan datos persoais dun cidadán son absolutamente necesarias para que os intereses protexidos polo artigo 18 da CE e que dan vida ó dereito fundamental á intimidade resulten real e efectivamente protexidos” (F. X. 7º).

Xa que logo, recoñécese o amparo.

Gabada a doutrina que senta a sentenza, déixanos, nembargantes, certo sabor amargo o voto particular de don Miguel Rodríguez-Piñero y Bravo-Ferrer. Disinte do

<sup>6</sup> Cfr. A. E. Pérez Luño, *Derechos humanos, Estado de Derecho y Constitución*, 3ª ed., Tecnos, Madrid, páxs. 317 e ss.

parecer da maioría no sentido que en casos como o do *habeas data* se trata de dereitos e facultades de carácter complementario ou instrumental respecto ó dereito á intimidade, e que certamente lles impoñen cargas ós poderes públicos, pero esta imposición debe vir dada mediante un desenvolvemento lexislativo, tanto substantivo como procesual, para que o dereito acade a súa plena efectividade.

Así mesmo critica a excesiva importancia que o convenio tivo para a concesión do amparo.

“O Convenio do Consello de Europa do 28 de xaneiro de 1981 non pode face-las veces da lexislación á que remite o artigo 28.4 da CE (sic); dictar esta lexislación é, para as Cortes, un imperativo constitucional, pero a súa omisión non podía dar lugar á habilitación pola Administración ou polos tribunais de procedementos extralexislativos, de incerta configuración, que permitisen satisfacer pretensións positivas das que a ordenación só lle corresponde ó lexislador. Semellante carencia de lei –xa paliada– só permitiría amparar, eventualmente, a negativa da persoa a subministrar determinados datos á Administración en tanto non fose articulada a garantía do citado artigo 18.4 pero nunca crear unha obriga de facer para a Administración, sen base lexislativa ningunha”.

Sen embargo, consideramos que o que xustifica esa protección non é a existencia do convenio senón o propio contido esencial do artigo 18 da CE, interpretado pola vía do art. 10.2 da CE, de forma que a lei orgánica posterior non fai máis que darlle cumprimento a un mandato constitucional que obriga a ese desenvolvemento lexislativo, pero a protección do dereito á intimidade tiña xa eficacia *ex constitutione*.

De entende-lo contrario, a existencia de determinados dereitos fundamentais non terían eficacia a pesar de estaren recoñecidos constitucionalmente, e terían que agardar un desenvolvemento lexislativo, co que a Constitución sería un mero texto de principios retóricos, declaracións de intencións, pero a súa xuridicidade quedaría reducida ata que non se producise o desenvolvemento lexislativo.

Dependeríase daquela excesivamente da *voluntas legislatoris* á hora de que este desenvolvese o dereito fundamental en cuestión, e se se producise un atraso (como é neste caso) ou, xa máis forzadamente, unha clara intención de incumprimento do mandato constitucional, o cidadán non contaría con medios de facer efectivos os seus dereitos, impedido como está de acudir ó amparo constitucional ó non se recoñece-la inconstitucionalidade por omisión<sup>7</sup> como vía de obrigar á promulgación de leis esixidas constitucionalmente e, non debemos esquecer que foi precisamente esta unha construción positivista para garanti-la primacía da constitución fronte á lei. O propio Tribunal Constitucional definiu esta figura na Sentencia 74/1987, do 25 de maio:

“A inconstitucionalidade por omisión só existe cando a Constitución lle impón ó lexislador a necesidade de dictar normas de desenvolvemento constitucional e o lexislador non o fai”.

Respecto á consideración dese dereito desde unha vertente pasiva, de ampara-la negativa a subministrar datos á Administración, pero non activa, de control dos que esta ten, debemos ter en conta que o que se debe protexer non é só o comunicar datos á Administración, senón o uso que deles pode facer, polo que se fai necesario saber cal é a información persoal que esta ten, para poder logo controla-lo seu uso; así, esta é unha esixencia derivada da propia evolución dos dereitos fundamentais que obriga non a un mero respecto senón a un quefacer activo para logra-lo seu efectivo cumprimento.

Así mesmo, o acceso dos cidadáns ós arquivos e rexistros adiministrativos garántese constitucionalmente no artigo 105.b), que permite literalmente o acceso dos cidadáns a eles, agás no que afecte á seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos e a intimidación das persoas; ese acceso supera a consideración dun dereito subxectivo para acadar-las notas propias dun principio obxectivo do funcionamento da Administración pública, relacionándoo ademais con outros principios constitucionais como o da transparencia administrativa que debe guiar toda a vida dos poderes públicos (art. 105 da CE)<sup>8</sup> e o do control da actividade administrativa (art. 106 da CE), principios derivados todos eles do sometemento pleno da Administración pública á lei e ó dereito.

<sup>7</sup> En cambio o Tribunal Constitucional portugués pode declarar un incumprimento constitucional “Por omisión das medidas legislativas necesarias para facer efectivas as normas constitucionais” (art. 283.1 da Constitución portuguesa), e cando iso ocorra porao en coñecemento do órgano lexislativamente competente (art. 283.2).

<sup>8</sup> Vid. neste sentido A. Embid Irujo, *El Derecho de acceso a los registros administrativos*, páx. 101 e 102. *La nueva Lei del régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común*. VV.AA. Directores: J. Leguina Villa e M. Sánchez Morán, Tecnos, Madrid, 1993.

Respecto á última crítica á sentenza realizada por este maxistrado, refírese á excesiva importancia que se lle deu a este convenio para resolve-lo recurso, e así cita a STC 84/1989:

“Unha cousa é que os convenios internacionais a que se refire o dito precepto (art. 10.2) teñan que presidi-la interpretación dos preceptos constitucionais relativos ós dereitos fundamentais e outra moi distinta é erixi-las ditas normas internacionais en norma fundamental que puidese substanciar exclusivamente unha pretensión de amparo”.

Continúa o razoamento da seguinte forma:

“E isto é o que sucede no presente caso, no que o convenio non se utiliza meramente, fronte ó que se di, como unha fonte interpretativa que contribúe á mellor interpretación do contido dos dereitos (STC 64/91, f.x. 4º a), senón como elemento de integración ante a demora no desenvolvemento legislativo do precepto constitucional, para o desenvolvemento do cal desde logo habería de servir de pauta, aínda que non de canon autónomo de validez, o contido do dito convenio”.

Consideramos, non obstante, que o convenio en cuestión si tivo incidencia para a resolución do caso, pero esta foi complementaria, xa que a verdadeira forza vén dada polo propio artigo 18.4 da CE, que engloba a protección directa e activa á necesidade actual de control da intimidade fronte a determinados avances tecnolóxicos que poden afectar á nosa vida privada.

En definitiva, a forza vinculante dos preceptos constitucionais nos que se conteñen dereitos fundamentais quedou reforzada tras esta sentenza, obrigando á Administración a un quefacer activo e a organiza-los medios técnicos e persoais precisos para a súa real prestación, superando a tradicional visión abstencionista e de mero respecto destes dereitos.

Xa para concluír, cabe formular unha reflexión, e é se sería posible un pronunciamento xurisprudencial como o comentado respecto ós dereitos contidos no capítulo terceiro do título primeiro da Constitución (“Dos principios rectores da vida social e económica”). Quizais o mellor que se ten dito sobre eles se conteña noutra senten-

cia, esta vez do Tribunal Supremo, do 9 de maio de 1986 –relator González Navarro– cando aclara:

“Este mandato (...), pese a estar incluído dentro dos principios rectores de política social e económica, non é unha mera norma programática que limite a súa eficacia ó campo da retórica política ou da estéril semántica dunha declaración demagóxica. Porque como xa precisou hai anos o Tribunal Supremo norteamericano, no caso *Trop versus Duller*, “as declaracións da Constitución nin son adaxios gastados polo tempo, nin un contrasinal baleiro de sentido. Son os principios vitais, vivos, que outorgan e limitan os poderes de goberno da nosa nación. Son regulacións de Goberno”. E esta doutrina, aínda que establecida por un tribunal estranxeiro con referencia á Constitución do seu país, e perfectamente pode ser trasladado ó noso ámbito para subliñar-lo sentido dos artigos 9.1 e da disposición derogatoria da Constitución española. De maneira que ese artigo 49, coma tódolos demais desa rúbrica, coma a totalidade dos que integran a Constitución, ten valor normativo e vincula os poderes públicos, en cadansúa esfera, a facelos eficazmente operativos”.





**C**RÓNICA  
PARLAMENTARIA



Baldomero  
Cores  
Trasmonte

## **A Lei 12/1993, do 29 de xullo, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia**

Lerado do Parlamento de  
Galicia.

### **I**

#### **A ciencia e os poderes públicos**

##### ***1. As políticas públicas da ciencia e da tecnoloxía e as políticas científicas***

As políticas públicas sobre as ciencias e a tecnoloxía xustificáanse na práctica pola necesidade da innovación científica e da aplicación tecnolóxica para o cumprimento de determinadas metas do sistema político, pola complexidade da creación do coñecemento científico, polas necesidades de institucionalización e de organización colectiva da indagación do coñecemento e das operacións científicas e tecnolóxicas. Moi axiña, xa na primeira revolución industrial, foi emerxendo a conciencia de que

as políticas públicas esixían unha política científica ou unha política do coñecemento científico. Desde fases iniciais nas que dominaba a investigación individual, ata complexos procesos de institucionalización ós que o coñecemento científico se foi sometendo, a innovación, a invención ou o descubrimento foron cada vez máis difíciles de controlar e de desenvolver sen axuda da comunidade política<sup>1</sup>.

Os vínculos entre as ciencias e a tecnoloxía fan aínda máis conveniente a intervención dos poderes públicos nos países sen a suficiente tradición científica. A aplicación tecnolóxica do coñecemento, ben do coñecemento obtido por ciencias puras ou ciencias aplicadas, faise complexo e difícil sen a colaboración de equipos, entidades diversas, operadores técnicos diferentes. A introducción de custosas máquinas e de equipos nos procesos de aplicación da ciencia á realidade social, constitúen unha parte importante da súa complexidade das relacións entre ciencia e tecnoloxía. Os problemas presentados pola transferencia de tecnoloxía entre os distintos países, mediante procesos de difusión formalmente establecidos, amparados por normas internacionais de respecto á creación intelectual ou industrial, aínda fan máis complexo os procesos de institucionalización da ciencia e da tecnoloxía.

O interese político da ciencia e da tecnoloxía emerxe das funcións sociais, culturais, socio-biolóxicas, tecnolóxicas, económicas que o propio coñecemento científico ou a aplicación técnica poden producir, na medida en que coincida coas metas globais formalizadas polo sistema político. Non sempre os intereses políticos e os intereses da comunidade científica ou dos investigadores coinciden, pois, máis ben, en moitos casos, predominan intereses paralelos ou diverxentes entre os códigos políticos e o "ethos" científico. As actitudes da comunidade política polo uso da enerxía atómica ou da investigación xenética, para fins non pacíficos ou para a creación dunha convivencia mellor, revelan, por exemplo, en que medida a comunidade científica e as metas do sistema político, interpretadas cando menos polos titulares dos roles de autoridade, non coinciden en moitos casos, algunhas veces transcendentales ou dramáticos<sup>2</sup>.

A participación dos poderes públicos nas políticas públicas relacionadas coa ciencia e coa tecnoloxía poden es-

<sup>1</sup> Robert K. MERTON: *La sociología de la ciencia*. Alianza Universidad. Madrid, 1985, 2 tomos; Mario BUNGE: *Sudociencia e ideología*. Alianza Universidad. Madrid, 1989; León OLIVE: *Conocimiento, sociedad y realidad*, Fondo de Cultura Económica. México, 1988.

<sup>2</sup> Teresa GONZÁLEZ DE LA FE e Xesús SÁNCHEZ NAVARRO: *Las sociologías del conocimiento científico*. "Leis", 43-88, pp. 75-124; COMISIÓN INTERMINISTERIAL DE CIENCIA Y TECNOLOGÍA: *Plan Nacional de Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico*, Ministerio de Educación e Ciencia. Madrid, 1988; FUNDACIÓN PRIMERO DE MAYO: *Ciencia y cambio tecnológico en España*, Madrid, 1990.

tenderse por un espectro ideolóxico que vai desde políticas de máxima abstención, dificilmente utilizable nos procesos modernos de creación científica, ata formas de intervención absoluta do poder político no control e nas aplicacións do coñecemento científico, nos que o sistema político se atribúe a titularidade do monopolio da investigación científica, cando menos en determinados campos. Entre ámbolos dous extremos, os sistemas políticos poden formula-las súas políticas utilizando axentes de mediación científica, que, dun xeito institucional, seleccionen, filtren, estimulen ou disuadan sobre as políticas para seguir por unha comunidade no desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía. Entre sistemas políticos que seguen políticas orientativas ata fórmulas de intervención directa nos procesos científicos existen diferentes modelos de participación dos poderes públicos na investigación científica e no desenvolvemento tecnolóxico<sup>3</sup>.

Dun modo xeral, a conexión entre a ciencia e a tecnoloxía co sistema político pode presentarse ben cando aquelas son parte del ou forman parte do seu ambiente político. Como parte do sistema político, está integrado polas decisións e fixación de metas colectivas sobre aspectos da ciencia e da tecnoloxía. O réxime político, os paradigmas ideolóxicos, os organismos de coordinación, de fomento ou de orientación da cultura, da ciencia e da tecnoloxía, as metas que se propoñen, a súa modernización, son parte das metas políticas dunha comunidade. Os movementos antisistémicos permiten coñecer algunhas das formas como unha preocupación social pasa a ser unha parte da axenda política e logo unha parte das metas do sistema político.

Como ambiente político, á súa vez, a ciencia e a tecnoloxía manteñen co sistema político estreitas relacións, e constitúen a base de moitas decisións que afectan á vida política. Como parte do sistema político, constitúen o núcleo dunha serie de decisións políticas e de políticas públicas que teñen como base a cultura, a ciencia e a tecnoloxía, e integran os programas das forzas políticas e as orientacións de determinadas políticas institucionais. Como parte do complexo institucional do sistema social, constitúen o ambiente do sistema político, con efectos bidireccionais entre si.

A preocupación das políticas públicas polo desenvol-

<sup>3</sup> Baldomero CORES TRASMONTE: *Teoría política e comunicación social*. Tórculo Edicións. Santiago de Compostela, 1993; Giuseppe LUMIA: *Principios de teoría e ideología del derecho*. Editorial Debate. Madrid, 1986.

vemento científico e técnico, na medida en que a ciencia e a técnica son poderosos instrumentos de desenvolvemento social, concrétese, ás veces, non sempre, en normas constitucionais e nas demais normas do ordenamento xurídico dun determinado sistema político. Unha análise socio-xurídica das normas xurídicas en que cristalizan algúns tipos de decisións na comunidade social, poden axudar a recoñece-lo xeito como unha comunidade expresa a súa preocupación pola ciencia e pola tecnoloxía. Ó longo do proceso de creación da norma, ás veces cando se observa en relación con outros elementos do sistema político, ás veces inferidos das súas propias expresións, pode ollarse o contido do interese e das preocupacións pola ciencia e pola tecnoloxía e as súas implicacións ideolóxicas ou políticas<sup>4</sup>.

A ciencia e a tecnoloxía poden ser obxecto de atención polos textos constitucionais e polas normas que deles se deriven, é dicir, de normas primarias ou secundarias que acoutan a ciencia ou a tecnoloxía desde moi diferentes aspectos, xa que se trata de materias nas que están implicados moitos sectores da realidade social. Sen embargo, a preocupación pola constitucionalización da ciencia só se remonta ás constitucións que emerxeron despois da II guerra mundial, con algunha que outra excepción. En contra dos silencios das constitucións clásicas, das constitucións do século XIX sobre todo, as constitucións posteriores foron dándolle pousada nos seus textos, unhas veces como materia de acción para os poderes públicos en xeral e outras veces, mediante normas de competencia, co fin de distribuí-las competencias que sobre a ciencia debían te-los poderes central e periféricos nos sistemas políticos compostos ou descentralizados.

A constitucionalización da ciencia e da tecnoloxía, como expresión das metas que o poder constituínte pretende sobre a materia, definen, en boa parte, o papel que se lle asigna ó sistema político en materia científica ou tecnolóxica. Para os constituíntes dun sistema político, a ciencia pode ser motivo de atención como programa para alcanzar, como utopía, incluso, como incentivo, como forma de coordinación de esforzos ou como asignación de tarefas a órganos concretos. Por iso, os constituíntes, polo menos nas constitucións modernas, e xa incluso nalgunhas máis clásicas, quixeron acoller nos tex-

<sup>4</sup> Baldomero CORES TRASMÓNTE: "A Lei de educación e promoción de adultos de Galicia". *Revista Galega de Administración Pública*, número 3, Santiago de Compostela.

tos constitucionais aquelas aspiracións e aqueles esforzos que os operadores políticos podían e debían facer a prol do fomento, da organización e do estímulo do coñecemento científico. Os poderes constituíntes dos distintos pobos foron incorporando a ciencia á actividade dos poderes públicos. Conscientes da necesidade de incorporala actividade dos operadores privados, individual ou institucionalmente, tamén xustificaron a necesidade da actuación dos poderes públicos na actividade científica, de acordo co modelo ideolóxico e as posibilidades de cada un deles.

A constitucionalización científica oríentase cara á ordenación da ciencia dentro dos procesos de dirección social, á asegurar ou garanti-la liberdade da ciencia e da creación científica ou a promove-la participación dos poderes públicos no fomento da creación e da institucionalización da ciencia. Existe como mandato, en función das liberdades-oposición, para garanti-la liberdade científica, e como aspecto programático, xa que expresa a aspiración do desenvolvemento científico. Tamén pode expresa-la finalidade e o destino da ciencia. A inclusión da ciencia como obxecto constitucional dependerá, polo tanto, da ideoloxía predominante, da fórmula política e dos ideais que, a longo ou a curto prazo, pretenda unha comunidade política expresar como modelo de participación no desenvolvemento científico. Existen constitucións que regulan a liberdade da ciencia, outras impoñenlles ós poderes públicos a intervención na creación científica.

As constitucións, polo xeral, utilizan programaticamente o desexo de fomento e desenvolvemento da ciencia. Pero, ademais, os sistemas compostos poden utiliza-la materia para distribuíla entre os poderes verticais que o compoñen. A Constitución italiana, do 27 de decembro de 1947, no artigo 9, di que “a República promoverá o desenvolvemento da cultura e da investigación científica e técnica”. A Lei federal de Bonn, do 23 de maio de 1949, no artigo 5,3) di que “a arte e a ciencia, e a investigación e o ensino son libres. A liberdade de ensino non exime da fidelidade á Constitución”. A Constitución da República portuguesa, do 2 de abril de 1976, recolle tanto a idea de fomento coma a de liberdade. No artigo 42, dedicado á liberdade de creación cultural, no parágrafo 2, di que será libre a creación intelectual, artística e

científica, e sinala no segundo que esta liberdade comprende o dereito á invención, produción e divulgación de obras científicas, literarias ou artísticas, e inclúe a protección legal dos dereitos de autor. Dentro desas tendencias constitucionais, a Constitución española de 1978 ofreceu unha preocupación científica como promoción polos poderes públicos e como regulación dun réxime de distribución de competencias entre os poderes verticais que compoñen o sistema político global.

A preocupación constitucional pola ciencia pode limitarse a fixa-los obxectivos ou proclama-las liberdades necesarias para o desenvolvemento da investigación científica. Pero, ademais, nos sistemas políticos unitarios ou centralizados, a distribución de competencias ou de atribucións entre os órganos encargados da administración científica, o fomento ou aquelas actividades dos poderes públicos están directamente vinculadas ó poder existente, central, aínda que pode estar máis ou menos delegado ou descentralizado. Pode existir descentralización funcional, autonomía institucional, pero a decisión final correspóndelle ó poder central.

A regulación da ciencia e da tecnoloxía, xa dentro do marco constitucional, ten, tamén, importantes manifestacións nas distintas normas dos ordenamentos xurídicos. No ordenamento xurídico español, en desenvolvemento dos preceptos constitucionais, aprobouse a Lei estatal 13/86, do 14 de abril, baixo o título de Lei de fomento e coordinación xeral da investigación, así como o Plan nacional de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico de 1988 que dela se deriva, e que foi publicado no Boletín Oficial das Cortes Xerais, Congreso dos Deputados, III Lexislatura, número 86, do 23 de marzo de 1988.

A incidencia da Constitución de 1978 e da Lei estatal 13/86 sobre o sistema político galego concreouse directamente en dúas leis sucesivamente aprobadas polo Parlamento de Galicia con moi pouca diferenza de tempo entre elas. A primeira, a Lei 8/88, do 18 de xullo, foi aprobada baixo o nome de Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia. A segunda, a Lei 12/1993, do 29 de xullo, foi aprobada baixo a denominación de fomento da investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia. Pero, non se trata de dúas leis comple-

mentarias, que se estenden ámbalas dúas á regulación do obxecto científico, senón de dúas leis sucesivas, xa que a segunda derogou expresamente á primeira, por entende-lo lexislador que o seu ámbito material restrinxía as posibilidades científicas e tecnolóxicas ó reducilas á planificación científica e tecnolóxica.

## **2. A Constitución española de 1978, a ciencia e a tecnoloxía**

A Constitución española de 1978 refírese á ciencia en dous apartados específicos. Por un lado, no artigo 44.2 tenta orienta-los poderes públicos cara á promoción da ciencia<sup>5</sup>. Por outro lado, nos artigos 148 e 149 precisa, en normas de competencia, unha repartición de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Outras materias, como a propiedade industrial ou a intelectual, a transferencia de tecnoloxía, por exemplo, completan o marco de interese pola ciencia e polo seu desenvolvemento, así como polo desenvolvemento da tecnoloxía. Ollemos polo miúdo cada un dos preceptos constitucionais sobre a ciencia e a tecnoloxía.

No artigo 44.2, di que os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Do artigo despréndense, literalmente, conceptos de alto contido xurídico, como o referente a un concepto amplo dos poderes públicos, a unha idea non menos ampla de promoción, dificilmente reducible á idea administrativa de fomento, e ó interese xeral, elemento de distinción para a repartición de competencias entre os poderes verticais central e periféricos. O mandato constitucional está dirixido ós poderes públicos, sen especificar ningún deles dun xeito concreto. Na STC 35/1983, do 11 de maio, a noción de “poderes públicos” que utiliza a nosa Constitución (artigos 9, 27, 39 a 41, 44 a 51, 53 e outros) serve como concepto xenérico que inclúe todos aqueles entes (e os seus órganos) que exercen un poder de imperio, derivado da soberanía do Estado e procedente, en consecuencia, a través dunha mediación máis ou menos longa, do propio pobo. Esta noción non é sen dúbida coincidente coa de

<sup>5</sup> Xavier GÁLVEZ: *Artículo 44*. “Comentarios a la Constitución”, dirixida por Fernando Garrido Faya e outros. Cívitas. Madrid, 1980; Antonio TORRES DEL MORAL: *Artículo 44*. El derecho a la cultura y fomento de la ciencia. “Comentarios a las Leyes Políticas”, dirixida por Oscar Alzaga. Editorial Revista de Derecho Privado. Tomo IV. Madrid, 1984; do mesmo: *Principios de derecho constitucional español*. Servicio de Publicacións da facultade de Dereito da Universidade Complutense. Madrid, 1992, pp. 586-90.

servicio público, pero o “público” establece entre ambas unha conexión que tampouco cabe descoñecer, pois as funcións cualificadas como servicios públicos quedan colocadas por iso, con independencia de cal sexa o título (autorización, concesión, etc.) que fai posible a súa prestación, nunha especial relación de dependencia respecto dos “poderes públicos”. As comunidades autónomas son poderes públicos, dotados de potestade lexislativa e executiva, de acordo cos seus estatutos de autonomía.

Como un Estado descentralizado politicamente, no que existe unha repartición de competencias entre o poder central e os poderes autonómicos, a Constitución española de 1978 ofrece tamén regras de distribución de atribucións entre os políticos verticais en materia científica e tecnoloxía. O Estado autonómico, creado pola Constitución de 1978, unitario, pero politicamente altamente descentralizado, distribuíu as competencias dos poderes públicos en materia de ciencia e tecnoloxía. No artigo 148.1. 17 facultou ás comunidades autónomas para asumir competencias en materia de fomento da investigación. No artigo 149.1. 15 reservou para o Estado o fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

A creación de rexistros especiais polas leis autonómicas foi obxecto de debate en algún momento. A polémica rematou con diversas sentencias do Tribunal Constitucional, nas que afirmou a diferenza existente entre estes rexistros administrativos de ámbito autonómico e os rexistros privados, ós que se refire o artigo. 149.1.8 da Constitución de 1978, xa que a competencia sobre eles é exclusiva do Estado. Como se di na Sentencia 71/83, do 29 de xullo de 1983, os rexistros ós que se refire o devandito artigo da Constitución son os referentes fundamentalmente a materias de dereito privado como se infire do seu contexto e non a outros rexistros que, como o catálogo, aínda que teñan repercusións nese campo do dereito, teñen por obxecto materias alleas a el como é un aspecto da lexislación sobre montes. Na Sentencia 87/85, do 16 de xullo de 1985, malia o rexistro xeral de ámbito nacional de tipo sanitario, nada impide a posibilidade de que se creen rexistros propios no seo da administración sanitaria daquelas comunidades autónomas que teña competencias na materia.

A Lei 8/88 creou un Rexistro de Centros e de Investigadores no seu artigo 24, a cargo do Consello Galego de Investigación Científica e Técnica, co fin de identifica-las institucións e persoas, para calquera acción concertada ou de fortalecemento das mesmas, fomenta-la difusión de coñecementos e informar sobre a marca da investigación. A Lei 12/93, no capítulo VIII, crea un Rexistro de Centros e Institucións de Investigación e de Investigadores, destinado a identifica-las persoas e as institucións e coñece-los centros na súa estrutura, organización e preparación para calquera acción concertada ou de fortalecemento dos mesmos. Primeiro a Lei do 88 e logo a xa vixente de 1993 establecen, pois, un rexistro de efectos restrinxidos, do que non se di que sexa sequera público, se ben na Lei do 88 dicíase que era rexistro administrativo o que indicaba a súa publicidade, cousa que tampouco se lle pode negar ó de 1993, pero sempre limitado

a aqueles aspectos esixidos estrictamente pola disposición legal. Unha certificación expedida polo rexistro, por exemplo, soamente poderá conter calquera daqueles extremos que a propia lei regula.

A lei impónlle-lo deber ás institucións de inscribirse no rexistro, o que constitúe unha obriga xurídica neste caso, xa que a súa omisión pode significar a exclusión dos beneficios dos plans. Tamén se establece a obriga para os investigadores, se ben a Lei de 1988 referíase ós investigadores que realicen a súa función en institucións públicas ou privadas, teñan ou non conexión con algún plan, mentres que a Lei de 1993 especifica que, ademais, desenvolvan a súa actividade investigadora de acordo con algún dos programas incluídos no Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Parece, pois, que o requisito de rexistrar refírese de modo moi concreto a unha investigación concreta, se ben é de supoñer que a mesma teña carácter máis duradeiro e con algún que outro atranco de caducidade para establecer regulamentariamente.

## VIII

### **A formación externa e a eficacia da Lei**

#### ***1. Os elementos da formación externa da Lei***

No itinerario lexislativo, despois da súa perfección, que se acaba co cumprimento dos trámites no seo do parlamento, comeza a derradeira fase para a integración no ordenamento xurídico, mediante o proceso de formación externa, para que a lei sexa eficaz. Por medio da sanción, da promulgación e da publicación a lei faise eficaz e acada a súa obrigatoriedade no seo do ordenamento xurídico. De tódolos xeitos, cada vez se fai máis difícil dis-

tinguir, por exemplo, a sanción da promulgación e a promulgación da publicación, xa que normalmente se inclúen as tres nun mesmo acto, o que fai pensar a algúns tratadistas sobre a conveniencia de separalos cando menos formalmente. A sanción como fórmula de aceptación da perfección, a promulgación como fórmula de integración e a publicación como forma de comunicación pública<sup>19</sup>.

No sistema constitucional español existen modelos diversos sobre a titularidade de cada un deles, segundo se lle asigne ó poder lexislativo, ó poder real ou ó poder presidencial. Na monarquía constitucional española foi usual que a sanción real e a promulgación, así como a publicación emanasen do monarca. Iniciou esta práctica a Constitución de 1812, sinalando no artigo 142 que El Rei ten a sanción das leis, para o que tiña que usa-la fórmula: "Publíquese como lei". Despois da sanción, no artigo 154 e seguintes, a Constitución incluía a promulgación solemne, de acordo coa longa fórmula prevista no artigo 155, e mándanlles ás autoridades que cumpran e fagan cumprila lei e executala en tódalas súas partes, e ordénanlle ó secretario de despacho respectivo disposicións para imprimir, publicar e circula-la mesma. No artigo 46 da Constitución de 1837 resumíuse a materia coa fórmula de que "El Rei sanciona e promulga as leis", artigo que practicamente foi incluído nas constitucións que se foron aprobando co tempo dentro do réxime caracterizado pola monarquía constitucional.

Nos sistemas republicanos dividiuse a sanción da promulgación. No artigo 82 da Constitución republicana federal de 1873 atribuíuselle ó presidente da República federal a competencia para promulgar, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación definitiva, as leis que decretasen e sancionasen as Cortes, agás cando as Cortes declarasen a promulgación urxente. Cando existise discrepancia sobre a promulgación das leis entre o Senado e o Congreso, o presidente estaba facultado para facerlle a este último as observacións que xulgase necesarias, xa que aquel tiña facultades especiais en materia de dereitos da personalidade humana entre outros. Na Constitución de 1931, pola súa banda, a sanción estaba atribuída constitucionalmente ás Cortes, mentres que a promulgación pertencía ó poder presidencial.

<sup>19</sup> Javier SALAS: "Promulgación y publicación de las leyes". En *La calidad de las Leyes*, pp. 283-296; Carles VIVER PI-SUNYER: "Sanción, promulgación y orden de publicación". En Gretel: *Curso...*, pp. 103-114; Pablo SALVADOR CODERCH: *La publicación de las leyes*. Gretel: *Curso...*, pp. 201-230; Xoán Xosé SOLOZABAN ECHEVARRÍA: "Sanción, promulgación y mandato de publicación de las leyes". En *El Parlamento y sus transformaciones actuales*, citado, pp. 176-185.

A Constitución española de 1978 asentou na Coroa as distintas fases de elaboración externa da lei. Definida a forma de goberno como unha monarquía parlamentaria, atribuíronselle a El Rei a sanción, a promulgación e a orde de publicación das leis, sen especificar realmente de que leis se trataba. O artigo 91 fixou estas obrigas do monarca en termos imperativos, sinalando que El Rei sancionará no prazo de quince días as leis aprobadas polas Cortes Xerais, e as promulgará e ordenará a súa inmediata publicación.

Como a elaboración das leis, do capítulo segundo, está dentro do título III da Constitución, das Cortes Xerais, parece referirse exclusivamente ás leis estatais, se ben no artigo 62, a), con carácter xeral, atribúeselle a El Rei a sanción e a promulgación das leis, sen excepción segundo se desprende da literalidade do texto. Os estatutos de autonomía, aprobados ó abeiro da Constitución de 1978, interpretaron amplamente estes artigos, e asignáronlles ós presidentes das comunidades autónomas as facultades de promulgación e de publicación das leis autonómicas, se ben cumprindo estes mandatos en nome de El Rei. No artigo 13.1 do Estatuto de autonomía para Galicia de 1981, por exemplo, dispónse que as leis de Galicia serán promulgadas en nome de El Rei polo presidente da Xunta, e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

As fórmulas utilizadas para a promulgación das leis autonómicas son diversas, indo desde expresións arcaicas ata outras máis sinxelas. A fórmula utilizada pola Lei da ciencia galega para a promulgación da lei foi a seguinte:

“Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El Rei, a Lei de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia”.

Así mesmo, os estatutos de autonomía atribúenlles ós presidentes dos gobernos autonómicos a competencia para ordena-la publicación das leis autonómicas. No caso de Galicia, o artigo 13.2 dispón expresamente que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Ofi-

cial do Estado. Máis de dous meses, case tres meses despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, que se produciu o 23 de agosto de 1993, publicouna o Boletín Oficial do Estado no número 272, do 12 de novembro de 1993. Demasiado tempo para un trámite tan simple e unha lei que, como tantas outras autonómicas, ten moi pouco articulado e pode incluírse facilmente en calquera número. Se a media que estableceramos con motivo do comentario da Lei de adultos era de dous meses de tardanza, todo o que pase desa media ou que se acerque de abondo significa un longo atraso nunha lei que pode ter consecuencias fóra de Galicia e que hai que probar axeitadamente se non se publica entre tanto no Boletín Oficial do Estado.

A atribución da promulgación e da publicación xustifícase pola condición que ten o presidente da Comunidade Autónoma de representante ordinario do Estado, do que é xefe, precisamente El Rei. Por eso, non é correcta a interpretación que fai a Lei da Xunta de Galicia e do seu presidente, cando lle atribúe as facultades de promulgación e de publicación no Boletín Oficial do Estado por se-lo representante supremo da Comunidade Autónoma. Pode atribuírse esta condición con respecto á publicación no Diario Oficial da Comunidade Autónoma, e incluso isto pode discutirse, dado que a vixencia da lei se produce coa publicación no mesmo, pero non, polo menos, a facultade de publicación nun órgano oficial do poder central.

Así como para o cumprimento do requisito da sanción, El Rei ten que facelo dentro dos quince días, a promulgación e a publicación non teñen prazo constitucionalmente establecido. Do mesmo xeito, non existen prazos para a promulgación e a orde de publicación por parte dos presidentes dos executivos autonómicos. No caso da Lei 12/93, da ciencia galega, a lei foi aprobada o 29 de xullo, pero non se publicou logo no Diario Oficial de Galicia ata o día 23 de agosto de 1993.

Na lexislación estatal, debido ó carácter irresponsable de El Rei, a sanción, a promulgación e a orde de publicación teñen que ir necesariamente referendados polo ministro ou polo presidente do Goberno, de acordo co previsto nos artigos 56.3, 64 e 65.2 da Constitución española de 1978. En cambio, como o presidente da Co-

munidade Autónoma é responsable dos seus actos, e non está amparado máis que polo privilexio de aforamento e de non retención ou detención agás en caso de flagrante delicto, non existe a institución do referendo.

Tampouco existe a posibilidade de veto presidencial ou rexio ás leis aprobadas polos parlamentos español e autonómicos. As facultades de El Rei, atribuídas no artigo 91, son de cumprimento obrigatorio, sen posibilidade de suspensión ningunha, como sucede noutras constitucións. Do mesmo xeito, con respecto á promulgación, que se fai en nome de El Rei, tampouco poden ofrecer resistencia os presidentes das comunidades autónomas, se ben poden atrasala súa publicación por non esixírselle un prazo dentro do que deba cumprila súa obriga estatutaria. O sistema é moi diferente do establecido, por exemplo, pola Constitución de 1978 e, de acordo coa mesma, co sistema seguido polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1936.

## ***2. A vixencia ou a existencia da Lei no ordenamento xurídico***

A integración final da lei e das súas disposicións no ordenamento xurídico prodúcese coa súa entrada en vigor. Xa perfecta, válida e eficaz, aínda que as terminoloxías varían moito neste aspecto, ten que completarse o itinerario lexislativo coa existencia real da lei e das súas disposicións mediante os efectos, mandatos e preceptos, que nelas se especifican. Cumpridos, polo tanto, os trámites correspondentes á formación interna no seo do Parlamento e ós da súa formación externa, ben polo Parlamento ou ben polo executivo, segundo os sistemas xurídico-políticos, a lei ten que entrar en vigor, para que poida, finalmente, aplicarse a cada caso concreto nos termos nela previstos. A vixencia, pois, non é unha parte da formación externa da lei, senón un efecto de integración no ordenamento xurídico para que cumpran os fins propostos na mesma<sup>20</sup>.

As fórmulas utilizadas para determina-la vixencia dunha lei ou das súas disposicións varían de acordo coa institucionalización das súas previsións nos distintos siste-

mas xurídicos. Concretamente, no ordenamento xurídico español é de aplicación o previsto no artigo 2.1 do Código civil, no que se preceptúa que as leis entrarán en vigor ós vinte días da súa completa publicación no Boletín Oficial do Estado, se nelas non se dispón outra cousa. Aínda que está formulado o precepto en sentido indirecto, consta de dous elementos ben diferentes, xa que, dun xeito xeral, corresponde á lei en cada caso defini-lo prazo de entrada en vigor, ben total ou ben parcialmente, sen que teña ningunha limitación temporal neste aspecto. Daquela, para o caso de que a lei non conteña previsión ningunha sobre a entrada en vigor, entrará en xogo o prazo dos vinte días a partir da súa completa publicación<sup>20</sup>.

A Lei 12/1983 contén unha cláusula de vixencia, como a disposición derradeira segunda, na que di que a presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. En cambio, a Lei 8/1988 non contiña ningunha cláusula de vixencia, polo que a *vacatio legis* era a establecida con carácter supletorio polo artigo 2.1 do Código civil, é dicir, o prazo de vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. A Lei 8/1988 foi, realmente, un exemplo de lei perfecta, válida, eficaz e vixente, pero que non se chegou a desenvolver na práctica, de maneira que, como xa vimos, gran parte do debate na formación interna da lei 12/93 consistiu en afirma-la necesidade de enchela de contido, mediante o seu desenvolvemento regulamentario e a constitucións dos órganos previstos nela, sen necesidade de ter que aprobar unha nova lei.

O artigo 2.1 do Código civil inicia o momento do cómputo da *vacatio legis* a partir da completa publicación no Boletín Oficial do Estado. Pero, esta disposición refírese ás leis estatais. Os estatutos de autonomía, para resolve-los problemas que puidese presenta-la vixencia das leis autonómicas, incorporaron previsións sobre a materia, e así, no artigo 13.2 do Estatuto de autonomía para Galicia de 1981 faise constar que para os efectos da súa entrada en vigor das leis galegas se tomará en conta a data de publicación no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo de que, a efectos de coñecemento xeral, e polo tanto, co fin de resolve-los problemas que puidese presenta-lo descoñecemento da norma, mediante o principio de **ju-**

<sup>20</sup> Xosé CASTAN TOBEÑAS: *Derecho civil español, común y foral*. T.I. Madrid, 1984; Luís DIEZ-PICAZO e Antonio GULLÓN: *Sistema de derecho civil*. Volume I. Tecnos. Madrid, 1987.

ra novit curia, tamén se publique no Boletín Oficial do Estado.

A “frase completa publicación” utilizada polo artigo 2.1 do Código civil presenta o problema da publicación da lei en xornais oficiais sucesivos e do comezo da vixencia da lei cando ten que se acudir á corrección de erros da propia lei en xornais posteriores. Despois de publicada a Lei 12/93 no Diario Oficial de Galicia o día 23 de agosto de 1993, publicou a Presidencia da Xunta unha corrección de erros, consistente nas datas que figuran impropriamente na lei. Unha delas referíase á data da lei, que figura publicada como “Lei 12/1993, do 29 de xullo,...” e debía dicir “Lei 12/1993, do 6 de agosto,...”. A outra referíase á data da propia lei, xa que dicía “Santiago de Compostela, 29 de xullo...” e debía dicir “Santiago de Compostela, 6 de agosto...”. As primeiras leis galegas coñecéronse pola data de aprobación parlamentaria e non pola data de promulgación, pero logo cambiouse o sistema, polo que, seguindo coa liña trazada, efectivamente a corrección de erros era correcta.

O problema, sen embargo, consiste en saber se o prazo de vixencia da lei, á vista destas correccións, debía iniciarse desde o 23 de agosto, data de publicación da lei, ou desde o 7 de setembro, data de publicación dos erros advertidos. Aínda que, en realidade, nesta lei non ten efectos prácticos a situación, noutras leis, sobre todo as que crean dereitos subxectivos ou aquelas que definen dereitos específicos a particulares, podería ser importante a cuestión. En calquera caso, a efectos formais, cabe dicir que os erros non eran propios da lei, polo que non afectan ó significado do previsto no artigo 2.1 do Código civil, senón soamente á formación externa da lei nun caso, como é o da promulgación, e outro a un erro material, corrixible de oficio sen dificultade, tal como preveñen as normas vixentes do procedemento administrativo.

En pura técnica lexislativa, a obriga ou a competencia, segundo como se vexa, para a corrección de erros correspóndelle ó órgano ó que lle fosen imputables, seguindo principios de pura técnica lexislativa. Cando se trata de correccións de fondo, que afecten ó texto e ó sentido da lei, será ó propio Parlamento ó que corresponderá salvalo erro advertido, utilizando os procedementos que

corresponden á iniciativa das leis. En cambio, cando os erros son materiais, de impresión ou de publicación, como trámites administrativos, poden ser corrixidos durante o procedemento seguido para a súa publicación e a súa impresión<sup>21</sup>.

## VIII

### **O control parlamentario da memoria do Plan de investigación científica**

A intervención dos parlamentos, ademais da aprobación das leis de ciencia e tecnoloxía, pode estenderse ó control ou a algún outro tipo de intervención sobre a elaboración e o desenvolvemento dos plans de investigación científica. As fórmulas utilizadas polo lexislador estatal e o lexislador galego de 1993 foron diferentes. O lexislador estatal, na disposición adicional primeira da Lei 13/86, para os efectos do previsto no artigo 6.1 e sen prexuízo do que dispoña o Regulamento das Cortes Xerais, constituíu unha Comisión Mixta do Congreso e o Senado para coñece-lo Plan de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico, e da memoria anual sobre o seu desenvolvemento. A Lei galega 8/1988 acolleu practicamente o mesmo texto, na súa disposición adicional primeira. Creábase unha comisión parlamentaria para o seguimento do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia. Para os efectos do previsto no artigo 8.2, e sen prexuízo do que dispoña o Regulamento do Parlamento autónomo, constituirase unha comisión para coñecer e segui-lo Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia, así como a Memoria anual á que se fai mención no citado artigo. O matiz conceptual, xa que na lei galega se engadía o seguimento, parece ir englobado na idea de coñecemento.

<sup>21</sup> GRETEL: *La forma de las leyes*. Bosch. Barcelona, 1986, pp. 285-290.

En cumprimento do previsto na disposición adicional primeira da lei estatal, o Goberno presentou no Congreso dos Deputados o Plan nacional de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico e foi publicado no Boletín Oficial das Cortes Xerais, Congreso dos Deputados, na III lexislatura, número 86, do 23 de marzo de 1988. A Ponencia emitiu o seu informe e foi publicado no mesmo órgano o día 24 de xuño de 1988, emitindo o seu dictame a comisión o 27 de xuño de 1988. Na práctica, o control do mesmo significou a presenza das autoridades do plan en distintas ocasións, pero non existe un novo plan senón unha prórroga tácita.

A Lei galega de 1993 segue unha liña diferente. O artigo 8 dispón que a memoria da comisión, elaborada pola comisión, aprobada pola Xunta de Galicia, seralle "remitida posteriormente ó Parlamento de Galicia para o seu coñecemento". A diferenza reside en que mentres que a lei estatal e a galega de 1988 coinciden no coñecemento, e aínda no seguimento do plan, a lei de 1993 reduce a esixencia a un coñecemento por parte do Parlamento. A recepción da memoria polos grupos parlamentarios pode, en calquera caso, significala presentación de iniciativas de control parlamentario, como interpelacións ou preguntas, ou de orientación política, como proposicións de lei.

Pero, ademais da toma de coñecemento da memoria, o Parlamento de Galicia ten algunhas fórmulas máis para vixialo cumprimento do plan e dos seus programas. Así mesmo, o control pode estenderse a todas aquelas disposicións derivadas da execución da propia lei, tal como se dispón na disposición derradeira primeira, na que se di literalmente que se autoriza á Xunta de Galicia para dicar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente lei, precepto que terá que ser utilizado amplamente, dado que a lei deixou aberto un amplo campo para a normación secundaria, aspecto que, así mesmo, foi obxecto de crítica durante a formación interna do texto legal. O título VIII do Regulamento da Cámara galega ten varias fórmulas que, no futuro se poderán utilizar para ter algún coñecemento ou seguimento do Plan. O artigo 140 faculta á Xunta de Galicia para remitir comunicacións para o seu debate. O artigo 142 di que se a Xunta de Galicia remite un programa ou

un plan requirindo o pronunciamento do Parlamento, a Mesa ordenará o seu envío á comisión competente, que, en principio, podería se-la 4, de Educación e Cultura, aínda que ben se puidese crear unha especial. O artigo 143, ademais, faculta á Xunta para comparecer ante a comisión para realizar unha sesión informativa. O artigo 144, ademais, faculta á Xunta ou á Mesa-Xunta de Portavoces para comparece-los responsables do plan ante o pleno ou calquera das comisións para informar sobre un asunto determinado. 

### Bibliografía

- Ramón MARTÍN MATEO: *Manual de Derecho Autonómico*. Instituto de Estudios de Administración Local. Madrid, 1984.
- Santiago MUÑOZ MACHADO: *Derecho público de las Comunidades Autónomas*. Civitas. T. II. Madrid, 1984.
- Eliseo AJA e outros: *El sistema jurídico de las Comunidades Autónomas*. Tecnos. Madrid, 1985.
- Enrique ÁLVAREZ CONDE: *Las Comunidades Autónomas*. Editora Nacional. Madrid, 1980.





**C**RÓNICA  
ADMINISTRATIVA



Ana María  
Blanco  
Nespereira

## Forum internacional para a administración pública

Bolseira da  
EGAP

(EGAP, Santiago de Compostela,  
2 e 3 de setembro de 1993)

Os pasados días 2 e 3 de setembro de 1993 tivo lugar na Escola Galega de Administración Pública o “Forum Internacional para a Administración Pública”, coa participación de seis escolas.

O contido do Forum dividiuse en dúas partes intimamente relacionadas:

- Exposición dos distintos sistemas de ensino.
- Métodos e perspectivas na formación de funcionarios.

### **1. Exposición dos distintos sistemas de ensino.**

O primeiro relatorio foi pronunciado polo representante da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), D. MANUEL BRAÑA.

O relator comezou a súa exposición referíndose ó nacemento desta Escola, afirmando que se ben a preocupación pola súa formación xorde no ano 1982, non se crea por decreto do Parlamento galego ata o ano 1987.

Nace como un centro público de formación, coa consideración xurídica de organismo autónomo, dependente da consellería rexional, con funcións públicas. Así, fundamentalmente, é un centro de formación dos funcionarios que acaban de acceder á Administración, de actualización dos que xa están e de preparación para o ascenso profesional.

Así mesmo, ten competencias en materia de selección de persoal e colabora coa consellería ou Goberno rexional na organización e desenvolvemento das probas selectivas, reguladoras do acceso á función pública.

Tamén é centro de investigación e documentación. Como centro de investigación, dedícase ó estudio de temas relacionados coa Administración pública: dereito público e ciencias da Administración, e á formación de investigadores mediante a convocatoria de axudas ou bolsas. Como centro de documentación, recolle información dos devanditos temas para alumnos e profesores.

Doutra banda, referiuse á competencia recoñecida á EGAP en materia de normalización do galego na Administración e a súa promoción.

A seguir, o relator analizou a organización da EGAP:

■ Órganos superiores: Consello de Dirección e director. O primeiro está integrado polo presidente rexional, altos cargos desta, profesores, representantes da Administración local e representantes das organizacións sindicais.

■ Os departamentos, encargados de:

- organizar actividades para a Administración rexional.
- organizar actividades para outras administracións.
- investigación, documentación e publicación.
- xestión económica, persoal e mantemento do edificio.

Pasando a estudar a actividade desenvolvida pola EGAP, Manuel Braña enumera as materia obxecto de formación:

■ dereito público, concretamente administrativo, e, en especial, o procedemento administrativo.

■ materias de xestión pública, técnicas de dirección, xestión presupostaria e persoal.

■ tamén, temas de información e comunicación para mellora-la atención ó público.

■ así mesmo, informática.

■ e, por último, galego.

Os contidos das materias referidas adáptanse ós distintos niveis que presenta a función pública. Estes niveis fíxanse en función da titulación:

A. Superior

B. Diplomatura

C. Bacharelato

D. Graduado escolar

E. Certificado de escolaridade.

Os nosos cursos, dixo o representante da EGAP, son de curta duración, dado que os funcionarios deben compatibiliza-lo seu traballo coa súa formación. Así, a duración media o pasado ano foi de corenta horas.

Pola súa parte, os plans de formación elabóranse tendo en conta as prioridades da Xunta de Galicia, as peticións da consellería e as suxestións dos alumnos ó final de cada curso, así como por observacións da propia EGAP.

Para rematar, Manuel Braña referiuse á metodoloxía empregada pola EGAP na formación dos funcionarios públicos, que cualificou de práctica e participativa.

O seguinte relator foi o representante da *Fachhochschule für Öffentliche Verwaltung Ludwigsburg*. Comezou a súa intervención cunha breve referencia histórica. A devandita escola naceu no ano 1887, cunha formación de cinco meses puramente teórica. Durante máis de cen anos a nosa escola –dixo– foise desenvolvendo, de xeito que cada vez se fai máis difícil innovar, dado que a tradición é unha ganancia, máis tamén unha carga.

A seguir, o relator pasou a estudar-la estruturación dun dos cinco niveis (o máis importante) que integran o sistema no seu país, dividíndoo en dous bloques ou seccións:

■ Unha primeira sección, integrada por seiscentas trinta horas de estudio específico. Isto quere dicir que o estudante recibe unha educación teórica adicional á práctica que exerce, por exemplo, no concello.

■ E unha segunda sección, que é puramente teórica e que ten unha duración de dous anos.

Por outra banda, referiuse a catro das facultades que integran o sistema educativo da Administración do seu país, detallando as materias que se dispensan en cada unha delas:

■ Primeira facultade:

- Dereito oficial.
- Dereito da Administración xeral.
- Dereito da construción.
- Dereito de servizo oficial.
- Dereito social.

■ Segunda facultade:

- Administración e individuo.
- Sociedade e política.
- Organización persoal desde o punto de vista xurídico.
- Técnicas da información e da comunicación.
- Planificación e decisión.
- Economía da empresa aplicada á Administración.
- Economía nacional.
- Estatística.

■ Terceira facultade:

- Dereito comunal e constitucional.
- Dereito financeiro.
- Dereito dos ingresos públicos.
- Contabilidade estatal.

■ Cuarta facultade:

- Dereito civil.
- Dereito de recompensa de danos.
- Dereito de familia.
- Dereito de incumprimento de ordes e penalizacións.
- Propiedade e herdanza.
- Proceso civil.

Á vista do exposto, é obvio -dixo o relator- que o campo da formación dos estudantes é excesivamente amplo, o que xera o problema de que tanta teoría non pode ser levada á práctica, e, así, teoría e práctica non se funden, como deberan, nunha unidade.

Para concluír, o relator fixo unha brevísima referencia á reforma que pretende implantarse no seu país:

- Un curso preliminar teórico.
- Un curso práctico nesta escola.
- Outro curso de práctica integral.
- E, finalmente, outro curso teórico na escola.

O terceiro relator foi o representante da **Erasmushogeschool. Brussels**, que comezou referíndose ó nacemento do Instituto Erasmus no ano 1838, a raíz da aprobación do Estatuto dos funcionarios.

A seguir, referiuse á estrutura do devandito instituto, afirmando que na actualidade conta con tres departamentos perfectamente diferenciados:

- Linguas.
- Ciencias comerciais.
- Ciencias administrativas.

Inmediatamente despois, pasou a se referir á formación dos funcionarios, dicindo que o principio que rexe na Administración belga e flamenga é o de que todo o mundo debe ter a posibilidade de ingresar no servizo público. É esta a razón de que non existan escolas específicas, dado que nese caso se esixiría un determinado/específico nivel de coñecemento/estudios.

En definitiva, os exames de acceso á Administración pública están abertos a tódolos niveis de estudos.

Para rematar, o relator fixo alusión á importancia que teñen as ciencias internacionais, razón pola cal o instituto que el representa se comprometeu ó seu ensino.

O cuarto relator, o representante da **Thorbecke Akademie. Leeuwarden**, principiou a súa intervención aludindo ó recente nacemento da escola, pois data do ano 1986.

Ata esa data, en Holanda non se dispensaba unha educación específica para a xestión pública. Sen embargo, na actualidade, os funcionarios holandeses estudian durante catro anos nun nivel equiparable ó universitario, se

ben o programa educativo é diferente. O dito programa é o que se expón a seguir:

- O primeiro ano é práctico.
- O segundo ano trabállase con proxectos de investigación.
- O terceiro ano a metade é práctico e a outra metade teórico.
- E no cuarto ano, durante medio ano os estudantes completan e finalizan a súa educación na escola e durante a outra metade realizan prácticas.

Cada ano estrutúrase en cursos de corenta horas cada un, cun total de de mil cincocentas oitenta horas.

Finalmente o representante da Thorbecke Akademie enumerou as tres cualidades que debe ter todo funcionario da Administración holandesa:

1. Aptitude: deben ser creativos, responsables e capaces de non frustrarse.
2. Posuí-la formación axeitada para manter unha actitude específica na Administración.
3. Estar capacitados socialmente e domina-la lingua. Así mesmo, deben estar capacitados para relativizaren os problemas e para tomaren decisións cando haxa dificultades sociopolíticas para facelo, e, por último, han de ser capaces para atopar solucións rápidas ós problemas.

Con esta formulación, chega á conclusión de que os funcionarios da academia que representa poden resolver con facilidade tódolos problemas que se lles presentan, mentres que os estudantes universitarios deben aprender a facelo despois de saíren da universidade.

O seguinte conferenciante foi o representante da **Államigazgatási Főiskola. Budapest.**

En Hungría a Administración pública é unha parte da Administración do Estado, que ten como tarefa primordial a preparación dos funcionarios.

A xuízo do relator, resulta especialmente característico e digno de mención que en todo o país a única escola ou academia que existe é a que el representa. Así, a súa escola satisfai tódalas esixencias da Administración do seu país.

Agora ben, existen outras facultades que teñen a posibilidade de preparar estudantes para o seu acceso á Ad-

ministración pública; de feito, para acceder ó nivel superior dentro da Administración precísase o diploma dunha desas facultades.

Para concluír, o relator referiuse ós proxectos de futuro, concedéndolle unha especial relevancia á necesidade de incluír na formación dos funcionarios do seu país o estudo de disciplinas relativas á Comunidade Europea.

O derradeiro conferenciante da primeira parte do Forum foi o representante do **Istituto Regionale Lombardo di Formazione per l'Amministrazione Pubblica (IREF)**. Milano.

O IREF foi creado no ano 1981 polo Consello Rexional da Lombardía coa finalidade de formar e actualiza-los funcionarios.

O programa anual, aprobado polo devandito consello artículase en función das necesidades que o instituto observa, así como polas suxestións e pedimentos referidos de diversas institucións e en atención ás propostas formuladas polos coordinadores das áreas didácticas.

En concreto, a actividade do IREF organízase en áreas didácticas que se corresponden cos campos máis variados, de tal xeito que a súa formación combina a práctica e maila teoría.

Por outra banda, o conferenciante referiuse brevemente á xestión do tantas veces mentado instituto, que corresponde a un Consello Directivo elixido polo Consello Rexional e integrado por quince persoas. Este consello é o órgano competente para aproba-los presupostos do IREF, así como as liñas programáticas e a posta ó día dos funcionarios.

Tamén está provisto dun corpo consultivo, que é o Comité Científico, integrado por nove persoas.

Para rematar, o relator fixo unha breve alusión á historia da formación desta Academia.

## ***2. Métodos e perspectivas na formación de funcionarios***

O primeiro relatorio da segunda parte do Forum correu a cargo do director da **Escola Galega de Administración Pública**, D. XAIME RODRÍGUEZ-ARANA.

Para Rodríguez-Arana, a Administración pública é, entre outras cousas, unha organización composta de persoas que xestionan intereses colectivos. Así, o artigo 103 da Constitución española dispón que “a Administración pública serve con obxectividade ós intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desagregación e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ó dereito”. Xa que logo, os funcionarios públicos realizan fundamentalmente unha tarefa de contido público. De aí que, na función pública as consideracións éticas ou deontolóxicas constitúan algo connatural e que, en definitiva, supoñan un lóxico crecemento na calidade do labor constitucional da propia Administración.

Nunha palabra –prosegue dicindo–, “a ética é a ciencia do servizo público e, quizais por iso, non teñen o auténtico talante do servizo público”.

Pois ben –afirma o representante da EGAP–, “os cidadáns esperan dos funcionarios lealdade institucional, eficacia, sensibilidade ante os dereitos fundamentais e ante tantos outros valores que traducen a noción do servizo. Por iso, cando sae á luz pública algún exemplo menos positivo, a conmoción social é maior que cando os medios de comunicación relatan algún escándalo no que se ve involucrado algún personaxe do sector privado. E aínda que casos de corrupción sempre os houbo e sempre os haberá, do que se trata é de que a conciencia ética da función pública asuma o papel de protagonismo que lle corresponde e que pouco e pouco vaian quedando illados os desgraciados modelos de conducta que entraron en certos ambientes da Administración”.

Tomando como base estes presupostos, o relator considera imprescindible que a ética pública, entendida como ciencia do moralmente axeitado ó servizo público, sexa explicada a tódolos funcionarios públicos. Iso si, a través de programas eminentemente prácticos, dirixidos por membros do servizo público que se caracterizaran por unha traxectoria irreprochable e que apunten condicións docentes.

Por todo isto, a EGAP puxo en marcha o pasado ano uns programas que teñen como obxectivo o de inculcarlles ós funcionarios públicos o concepto básico de ética pública.

Polo que se refire ó método, trátase dun método empírico-especulativo, en canto que ciencia teórico-práctica. Así, a experiencia moral da propia conciencia do funcionario e da sociedade, os valores e ideais do funcionario en canto que servidor público e o seu sentido do deber, constitúen os puntos de partida da ética pública.

Noutra orde de cousas, o relator sinalou que a ética pública se concibe como unha ciencia con contido universal e obxectivo, con orientacións morais dominadas pola noción de servizo público. Na súa opinión, a ética pública non pode ser unha ética de situación, xa que non son as circunstancias as que presiden a actuación do funcionario, senón a forza creadora da noción do servizo público.

Para rematar, o director da EGAP manifesta a súa crenza en que a formación en ética pública é un tema clave no desenvolvemento futuro das administracións públicas. Demostrouse que a súa inclusión en cursos previos ó ingreso na Administración pública produce importantes resultados, pois aumenta a sensibilidade e o entendemento cara ás cuestións éticas por parte dos futuros funcionarios.

Nos nosos días, a apelación á necesidade de introducir criterios éticos nos distintos aspectos da vida humana é, ó seu parecer, algo asumido por moita xente.

O representante da *Fachhichschule für Öffentliche Verwaltung Ludwigsburg* titula o seu relatorio "Métodos de ensino na nosa escola". Comezou a súa intervención manifestando que a escola que el representa traballa como escola especializada desde hai vinte anos, con obxectivos e métodos propios. Moitos destes obxectivos foron cambiando, especialmente os que aparecen nos presupostos xurídicos.

O conferenciante dividiu a súa exposición en tres partes perfectamente diferenciadas:

**1.** Descrición dos principios que teñen como obxectivos, e que son catro:

- a) O estudo da súa escola non ten como obxectivo a ciencia pola ciencia en si mesma, senón co obxectivo da práctica. Así pois, contido e método deben ofrecerse a partir da base científica, pero sempre reflectindo a práctica.

- b)** Saber pensar é máis importante ca saber moito.
- c)** A validez no exercicio profesional dos seus titulados valorarase non pola súa sabedoría, senón pola súa aptitude. É por isto que deben atinxi-lo obxectivo de que os seus funcionarios sexan creativos e que estean preparados para o traballo en equipo.
- d)** O principio da boa relación co cidadán, un concepto que, ó seu entender, engloba tres facetas:
- ▮ Disponibilidade para axudar ós cidadáns.
  - ▮ Participación, pois o cidadán non é un obxecto da Administración, senón un colaborador.
  - ▮ Transparencia na súa actuación.

Para rematar esta primeira parte, o representante da citada escola afirmou que para poder atinxir estes obxectivos profesores e estudantes deben traballar conxuntamente, en colaboración.

**2.** A práctica da súa escola. As leccións maxistras están completamente prohibidas, dado que degradan o estudante á categoría de simple oínte.

Así, o seu principal e primeiro obxectivo é a clase por seminarios, dado que esta é a forma clásica de transmisión de coñecementos. Os seminarios constan dunha media de trinta estudantes, a súa duración é de vintecatro horas por semana durante trinta e seis semanas, e o método empregado é o das conversas didácticas.

A seguir, o relator pasou a expoñer-las formas de traballo intensivo na súa escola:

1. Seminarios. Os estudantes deben presentar un traballo escrito e defende-las súas teses en público.
2. Exames e exercicios.
3. Prácticas en mantemento de conversación e técnicas de conferencias, que teñen por obxecto que os funcionarios saiban resolver oralmente os problemas que lles presentan os cidadáns.
4. Prácticas en ordenadores persoais.
5. Coloquios intensivos.
6. Estudos autodirixidos.

### 3. *Valoración do estado actual e reflexións para unha reforma*

Como punto de partida, o conferenciante manifesta a súa satisfacción polos resultados obtidos, e declara que a formación que transmiten ós seus estudantes, futuros funcionarios, é a axeitada e correcta.

Mais tamén son críticos, porque saben que o mellor é inimigo do bo e que sempre hai algo mellor. Por iso, é necesario realizar certas reformas:

1. Reducción da materia.
2. Máis sesións de traballo intensivo e máis prácticas.
3. Potencia-las materias opcionais obrigatorias.

Para rematar, o relator referiuse brevemente á necesidade de que os funcionarios se inicien en temas tales coma o coñecemento do mundo internacional ou do medio ambiente.

O seguinte conferenciante foi o representante da **Erasmushogeschool. Brussels**, que dividiu a súa exposición en oito partes.

Comezou facendo un brevísimoo repaso da historia do nacemento da Administración da súa comunidade, para pasar a falar da organización da estrutura da Comunidade flamenga, afirmando a este respecto que o que se necesita na Administración é menos burocracia e máis eficiencia.

Pola súa parte, a Administración divídese en departamentos horizontais e verticais. Existen, concretamente, seis departamentos, dous dos cales desempeñan unha función coordinadora, os denominados departamentos horizontais, e os outros catro, chamados departamentos verticais, que teñen encomendada a función de ofrecer servizo ó cidadán. Así, son departamentos verticais educación, benestar, economía e emprego e medio ambiente e infraestrutura.

A seguir, pasou a referirse á terceira parte do seu relatorio: a formación. Esta sección é a que se encarga de elaborar e desenvolve-la programación da formación dos funcionarios flamengos.

A cuarta parte ou punto da exposición foi o das principais liñas da formación, que resumiu en dous principios claros e concisos:

1. Operatividade flexible e moderna.

2. Considerar que os cidadáns son clientes da Administración.

Por outra banda, referiuse ós propósitos da formación e ós responsables da mesma. A este respecto formulou dúas consideracións: que a formación nunca contribúe ó cambio cultural, o cal é esencial, e que, para poder formar-los futuros funcionarios, primeiro deben coñecerse as necesidades que xera a súa formación.

A seguir, pasou a referirse, moi brevemente, ós representantes departamentais, considerados como os elos de unión entre cada departamento e a sección de formación, para concluí-la súa exposición cunha afirmación clara e contundente: “en todo caso, o método de traballo debe ser democrático e descentralizador”.

O cuarto conferenciante foi o representante da **Thorbecke Akademie. Leeuwarden**, que se limitou a expoñe-lo plan de estudos ou programa dispensado na escola por el representada.

Así, a duración do programa é de catro anos e a súa estrutura é a que se expón a seguir a xeito de esquema:

■ Durante o primeiro curso os estudantes, futuros funcionarios públicos, adquiren coñecementos básicos nas seguintes áreas:

- Coñecemento do servizo público e xeito de resolvelos problemas que se lles presenten.
- Xestión legal e dereito.
- Xestión operativa, financeira e de recursos humanos.
- Xestión da información.

Ó remataren este curso os estudantes teñen que elixir algunha das seguintes opcións:

- Política pública.
- Xestión.
- Asuntos públicos.

■ O segundo ano é unha progresión e especialización na opción elixida.

■ No terceiro ano os alumnos dedican medio ano á realización de prácticas e o outro medio á especialización (teoría/coñecementos especializados).

■ E, finalmente, o cuarto ano é práctico.

Por outra banda, e para concluí-la súa exposición, referiuse ás dúas posibilidades que coroan a formación dos seus funcionarios:

1. Un *Master*, de nova creación no seu país, que consiste na realización de dous anos fóra do país, coa obriga de presentar un traballo para obter un diploma avalado pola Escola de Administración Pública de Leeuwarden.

2. Acudir un quinto ano á universidade.

O quinto relator foi o representante da **Ällamigazgatäsi Föiskola. Budapest.**

Hungría atópase nun período de cambios, de transición, e a sombra do pasado permanecerá aínda durante certo tempo na súa Administración pública. O que se está intentando –manifesta o relator– é levar a cabo unha reforma fructífera, consistente no desenvolvemento da Administración por riba das institucións fundamentais.

Por outra banda, e tocante ós asuntos que aquí nos interesan, o relator analizou a estrutura do seu método de formación dos funcionarios.

Así, as súas ensinanzas baséanse no dereito civil, concedéndolle certa primacía ó dereito do traballo (ampliado nun 30%).

En concreto, o primeiro semestre está dedicado ó estudio do papel do Estado na economía libre, e ó dereito de propiedade e inmobiliario.

No segundo semestre dispénsanse clases sobre recoñecemento de débedas e indemnación de danos e proceso civil.

E finalmente, no terceiro trimestre o estudio céntrase, durante a primeira metade, en convenios individuais/contratos, e, durante a segunda metade, en dereito de familia, hereditario e protección industrial.

As clases, naturalmente, complementáanse con prácticas.

Finalizados os tres semestres, os alumnos teñen que se someter a un exame especial que deben aprobar.

O derradeiro relator foi o representante do **Istituto Regionale Lombardo di Formazione per l'Amministrazione Pubblica. Milano.**

O relator centrou a súa exposición en dous aspectos. Por unha banda, na entrada en funcionamento (novembro do presente ano) da recén creada Escola Permanente de Alta Administración, e por outra no *Master de Xestión Pública* (así mesmo de recente creación).

Polo que se refire á primeira, o seu obxectivo primordial é ofrecer novas formas de xestión pública, para o que se intentará atopar novas formas de relación coa universidade. Para iso deberá:

- Estender cultura de innovación e cambio.
- Poñer en marcha un proceso de innovación operativa da Administración pública.
- Asegura-la autonomía da xestión e a xestión da autonomía.
- E, por último, fomenta-la transparencia na relación cos cidadáns.

No tocante ó *Master de Xestión Pública*, o seu contido circunscríbese a tres aspectos substanciais:

1. Antecedentes, contextos e criterios.
2. Lóxica e instrumentos.
3. Coñecemento analítico da Administración. 

Carlos Alberto  
Amoedo  
Souto

## Seminario bilateral hispano-alemán sobre reforma administrativa

Bolseiro da  
EGAP

(EGAP, Santiago de Compostela,  
20 e 21 de setembro de 1993)

Vén de realizarse en Santiago de Compostela durante os días 20 e 21 de setembro, un seminario bilateral hispano-alemán de suxerente título: Reforma administrativa. Organizado pola Escola Galega de Administración Pública en colaboración coa Escola Superior de Administración Pública de Ludwisgburg *-land* de Baden-Württemberg-, este seminario enmárcase nunha serie de fructíferos contactos e colaboracións mutuas, iniciadas no ano 1992, entre varias escolas superiores europeas de Administración pública, animadas polo interese común que supón o contraste de puntos de vista e o relatorio das experiencias propias desenvolvidas no eido das diversas organizacións estatais respectivas no que se refire ó afondamento no propio auto-coñecemento e na realidade dos diversos entes administrativos, consonte coa misión formativa de toda escola superior.

E, desde logo, cabe afirmar que estes obxectivos foron plenamente acadados no decurso do seminario tanto pola variedade de perspectivas empregadas á hora de analizarlo tema da reforma administrativa, como pola riqueza e fondura das bagaxes xurídicas achegadas polos profesores alemáns e galegos –quen, dito sexa de pasada, non ficaron atrás respecto dos seus colegas xermanos na cualidade dos seus traballos–. Non podía ser doutro xeito, dada a ampla experiencia alemana na intención de procurar vehementemente unha administración áxil, eficaz, neutra, moderna e ó servizo do cidadán, como quedou de manifesto largamente no seminario, experiencia en boa medida condicionada polo alto grao de harmonía e esforzo común existente entre os diversos entes federativos do Estado xermano; e dadas, tamén, as penetrantes contribucións dos profesores da Universidade compostelá, dirixidas a pór de relevo diversos aspectos do significado e alcance dos máis recentes intentos de reforma administrativa no noso Estado e, que dúbida cabe, tamén no noso país.

Así, comezando xa coa sucinta exposición dos contidos do seminario, xa desde o primeiro relatorio, presentado polo profesor e vicerrector da Escola Superior de Administración Pública de Ludwigsburg, Thomas Schad, foron introducidos motivos temáticos que despois habían de ser recorrentes nas distintas intervencións e coloquios. Temas que, como a influencia territorial que comporta a incorporación de cinco novos *länder* á República Federal de Alemaña na súa estrutura federal e estatal, e o axeitamento das dimensións desta e da racionalización dos chamados poderes comunais territoriais –*kreise* e municipios–, amosan un evidente paralelismo de interese para o noso ámbito. E para o mesmo, non menos interese suscita a delimitación de competencias entre a Federación e os *länder*, os cales, deste xeito, posúen un número –e máis importante, unha cualidade sobranceira– de competencias maiores que, ademais, resultan fornecidas polo principio de subsidiariedade constitucionalmente establecido a prol del, en canto que afirma o art. 30 da *Grundgesetz* de 1949 que tódalas funcións estatais son propias dos *länder* mentres a Lei fundamental non dispoña o contrario expresamente en favor do *Bund*.

Ó mesmo tempo, esta posición preponderante dos *länder* é realzada por unha auténtica –calquera mentalidade

política española decatarse do que este adxectivo quere denotar— participación destes na elaboración dos produtos normativos federais. Mesmo para fóra deste ámbito, o principio de subsidiariedade xoga rexamente no eido da execución administrativa, de maneira que esta actividade recae en liña de principio nos *länder*, incluíndo o que atinxe á execución das leis federais. Refléctese isto claramente no deseño administrativo, relatado miúdo polo profesor Schad, dos órganos administrativos directos, indirectos e especiais, e no alcance das figuras dos *kreise* e municipios como entes con autonomía e competencias constitucionalmente garantidas sobre materias de persoal, organización propias, orzamentos, planificación e potestade normativa de seu. Especialmente interesante para os esforzos galegos de conformación dun plan de comarcalización parece a demarcación do *kreis* como ente supramunicipal que asume funcións municipais cunha prestación que reborda as capacidades do ámbito estritamente profesional.

O segundo relatorio correspondeulle a unha das voces científicas máis destacadas do dereito público galego, Pablo González Mariñas, quen disertou penetrantemente sobre aqueles aspectos da nova Lei de procedemento administrativo común 30/92 que ó seu modo de ver inciden máis claramente nas dimensións reformadoras —e alén da simple modernización das estruturas e quefaceres administrativos— enunciados neste corpo normativo. Porque, na súa opinión, boa parte dos novos dereitos e propósitos contidos na lei non deixan de seren meramente nominais, polo menos na medida en que a súa efectiva aplicación non se vexa acompañada por unha decidida modernización administrativa; e, para corroborar esta tese, apóiase nunha lúcida análise do art. 35, precepto que establece os dereitos dos cidadáns fronte ó procedemento administrativo, pondo de manifesto ata que punto é inútil o voluntarismo xurídico reformador de non se ver complementado por unha decidida e progresiva modernización administrativa e material das administracións públicas. Así, cabe sinalar, para este autor, unha contraposición entre aqueles dereitos inmediatamente eficaces e esixibles polo cidadán —alíneas a), c), e), e j) do art. 35— e uns, en principio, esperanzadores e novos dereitos das alíneas b), f), g), i) e h) que ven condicionada a súa vir-

tualidade ós ritmos de modernización administrativa. Por último, dedícanos unhas reflexións atinadas ó feito da non inclusión no elenco de dereitos dos administrados de dereitos como o de solicita-lo cumprimento dos prazos e a intercomunicación dos rexistros administrativos.

A contribución achegada por Ana María Pita Grandal, profesora de dereito financeiro e tributario da Universidade compostelá, versou sobre os problemas suscitados pola creación da Axencia Estatal de Administración Tributaria como ente administrativo autónomo, tratando de responder á pregunta do porqué desta fuxida –ou, en palabras de Garrido Falla, “apostasía”– dos entes tributarios do dereito administrativo común, así como do seu acomodo a parámetros constitucionais.

O cuarto relatorio foi exposto polo profesor Konrad Faiß, da Escola Superior de Ludwigsburg. Achega este profesor unha análise dos mecanismos financeiros propios do Estado federal alemán; ponse de relevo a unión existente entre as potestades-función adscritas constitucionalmente a cada nivel territorial e as potestades de ingreso-gastos ou orzamentarias destinadas a satisfacer aquelas, como consecuencia do principio “quen gasta, paga”. Mais tamén subliñando, non obstante, a existencia de complexos mecanismos distributivos e de subvención articulados entre os diversos entes territoriais en función de acadar unhas mínimas condicións de igualdade económica e de benestar. Deste modo cabe destacar que o sistema de dotación financeira dos distintos entes é mixto, presentando tanto trazos do chamado “sistema de participación” –“*tiennsystem*”– coma do “sistema de agrupamento” –“*verbundsystem*”–. Pola actualidade que presenta este tema quizais sexa conveniente indicar que a participación de *länder* e municipios no imposto sobre a renda e os salarios, o máis potente dos tributos alemáns, reborda o 60% do total. A adscrición das diversas figuras impositivas a cada sistema devandito e o seu entrepartimento entre os distintos niveis territoriais configuran un complexo e progresivo sistema fiscal que debe ser estudado no noso país como exemplo de federalización eficiente dos ingresos e dos gastos públicos.

Pola súa parte, o profesor Konrad Freiher Von Rotberg dedicou o seu tempo a enumera-los feitos máis importantes dos diversos procesos de reforma territorial e fun-

cional habidos en Baden-Würtemberg nos últimos anos. No primeiro aspecto fíxose fincapé, alén das reformas implicadas pola incorporación ó *Bund* de cinco novos *länder*, nos fluxos e refluxos das medidas de reordenación dos *kreise* e os municipios tendentes a adquirir unha maior eficacia e virtualidade funcionais, ensaiadas no decurso dos anos setenta, medidas que procuraron harmonizalo obxectivo de acadar unha maior eficacia no servizo cos aspectos de identificación cidadá con estes entes administrativos, auténticas bases da distribución vertical do poder propia do federalismo. Ora ben, non deixou de sinalalo relator os problemas destes procesos reformistas aglutinadores, entre os que destacan o aumento de gastos, a relación periferia-cidade e a ausencia de proximidade ó cidadán, para a solución destes apuntouse cara á introducción da chamada “emenda de democratización” como instrumento de fornecemento da participación dos cidadáns na vida e decisións municipais. En similar sentido camiña a reforma funcional dos quefaceres encomendados ós distintos poderes, salientando a potencialidade do principio de subsidiariedade e da delegación administrativa como verdadeiros mandados constitucionais –tema este tamén esencial na actual encrucillada do desenvolvemento do Estado español das autonomías–, que se ven reforzados, ademais, polas dificultades de traspasar ou baleirar competencias en sentido inverso –isto é, cara arriba–, cautelosamente impedidas polas institucións federais e do *land*.

Por último, Jaime Bouzada Romero, inspector xeral de Servizos da Xunta de Galicia expuxo os principais puntos sobre os que actualmente pivota o proceso de reforma administrativa emprendido no seo da Administración autonómica a prol de dotar esta dun servizo áxil, profesional, moderno e eficaz: regularización da función pública galega, elaboración dun sistema de xestión de procedementos administrativos –estandarización da xestión–, por último, elaboración dun sistema descentralizado de información administrativa de libre acceso a prol dos administrados. 



Francisco Javier  
Cancela  
Rodríguez

## Xornada sobre o Proxecto de lei da reforma da función pública

Bolseiro |

(EGAP, Santiago de Compostela,  
26 de novembro de 1993)

 O día 26 de novembro de 1993 tivo lugar no salón de actos da Escola Galega de Administración Pública, sita en Santiago de Compostela, unha Xornada de estudo do Proxecto de lei de reforma do réxime xurídico da función pública.

O obxectivo da xornada foi a análise técnico-xurídica e a valoración global do proxecto, o cal radica na actual situación económica que demanda a adopción de diversas medidas legislativas que contribúan ó cabal cumprimento dos obxectivos económicos previstos na Lei dos presupostos xerais do Estado para 1994, e así, o proxecto prevé dota-las administracións públicas dos instrumentos necesarios para levar a cabo unha axeitada reordenación do persoal ó seu servizo mediante a modificación

da Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública.

O principal instrumento que se regula no Proxecto de lei –aprobado en Consello de Ministros o día 8 de outubro de 1993– é o de pór en marcha uns plans que adecúen correctamente os recursos humanos con que xa conta a Administración ás necesidades reais e ó volume de traballo de cada ministerio ou organismo, de xeito que se renda máis, se mellore a organización e principalmente se lexitime o traballo do empregado público ante a sociedade.

O acto da inauguración estivo presidido polo director da escola e catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña, D. XAIME RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, que manifestou a súa satisfacción pola realización desta xornada que responde, ademais de á mesma función que ten a escola de formar mediante cursos, seminarios ou conferencias ós distintos empregados públicos, á relevancia e expectación que suscita o tema de debate entre o persoal ó servizo das administracións públicas.

O coordinador da xornada, D. PABLO GONZÁLEZ MARINHAS, profesor titular de dereito administrativo da Universidade de Santiago, presentou ós relatores que expoñían os seus respectivos puntos de vista acerca do proxecto. Tamén adiantou as súas dúbidas sobre se o procedemento de urxencia polo que se tramita é o máis correcto debido á enorme transcendencia que ten unha nova regulación para os funcionarios.

A sesión matinal abriuna D. RAMÓN PARADA VÁZQUEZ, catedrático de dereito administrativo da UNED, co relatorio titulado “A reforma e o seu encaixe nos modelos de función pública e de relacións laborais da empresa privada”.

As primeiras palabras que pronunciou revelaron a súa intención de aclara-lo verdadeiro alcance e significado deste novo proxecto de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, que considerou de principio algo confuso.

Este proxecto –dixo o relator– é a terceira reforma socialista da función pública. A primeira realizouse mediante a LMRFP de 1984, que foi matizada polo Tribunal Constitucional en 1988<sup>1</sup>. Esas reformas reflectiron unha po-

<sup>1</sup> Froito disto foi a Lei 23/88, do 28 de xullo, de modificación da Lei 30/84, do 2 de agosto.

lítica anticorporativa e unha liña *laboralizante* das relacións funcionarias, ó mesmo tempo que un aumento do poder discrecional do poder político no manexo da función pública e unha introducción dos sindicatos nas relacións das administracións públicas.

Sen embargo, o proxecto hoxe estudado responde a un contorno diferente como é a catastrófica situación económica que padece o país: débeda pública elevada, descenso dos ingresos fiscais e incremento dos gastos públicos. Esta situación obedece tanto a causas esóxenas coma internas como: a falta de competitividade fronte a outros países que producen con menores custos, o incremento do tamaño das administracións públicas e a creación doutras (as autonómicas) e a diminución do control que exercía a Administración do Estado sobre os entes municipais ó recoñecerse o dogma da autonomía municipal mediante unha sentenza do Tribunal Constitucional.

Ante este estado de cousas, o Goberno reacciona nunha dobre fronte:

a) No sector privado reformando a lexislación laboral cunhas medidas dramáticas co fin de reduci-los custos laborais, mesmo mediante a redución de empregos. Entre as medidas apuntou a simplificación dos atrancos ós expedientes de regulación de emprego, o abaratamento do despedimento e a promoción dos empregos temporais en precario (contratos de aprendizaxe).

b) No sector público situou entre outras medidas o Proxecto de reforma da función pública. En especial os denominados plans de emprego das administracións públicas que se xustifican, indicou o profesor Parada, na propia exposición de motivos do proxecto, cando di que no marco da función pública é necesario articular medidas que, a partir da racionalización e axuste da estrutura das organizacións administrativas, melloren o rendemento dos recursos humanos da propia administración sometendo a súa planificación e xestión a procesos dotados de maior axilidade e eficacia, optimizando así os custos de persoal. E, á dita finalidade responden os plans de emprego que se configuran como instrumentos esenciais para a presentación global das políticas de recursos humanos das distintas organizacións administrativas e que tratan de adecua-lo mercado interno de traballo ás nece-

sidades reais da administración para incrementa-la súa eficiencia.

Nese contexto –sinalou o relator– regúlanse no proxecto novas figuras como a reasignación de efectivos e a situación administrativa da expectativa de destino, ou a nova modalidade de excedencia forzosa, que combinan tanto medidas para situa-los efectivos de persoal dispoñibles nas áreas ou sectores necesitados deles coma outras en materia de retribucións e de provisión de postos de traballo para os funcionarios afectados pola reasignación de efectivos, acordes co tradicional principio de estabilidade no emprego da función pública.

Esta exposición de motivos foi relacionada polo profesor Parada coa cuestión de se o proxecto respectaba ou non o principio de inamovibilidade no emprego dos funcionarios públicos. Fixo primeiro un repaso histórico acerca da existencia ou non deste principio nas bases do sistema constitucional, sinalando que só se atopa referido ós xuíces e maxistrados. Xa Argüelles na constitución das Cortes de Cádiz en 1812 diferenciou entre os maxistrados e os demais empregados públicos, dicindo que só sobre estes últimos recae o poder de traslación ou mobilidade do Goberno. Mais a partir da metade do século XIX, o principio xudicial de inamovibilidade aplícase tamén ó resto de funcionarios, sobre todo polo desenvolvemento do modelo de corpos especiais, afirmando así a propiedade do emprego; só causas penais ou disciplinarias xustificadas farían que os empregados públicos perdesen o seu dereito á inamovibilidade.

Esta regra de inamovibilidade –indicou o Sr. Parada– non se recolle na actual Constitución de 1978, aínda que nesta se prevé a función pública de tal xeito que esta se configura como unha garantía institucional dos funcionarios con rango constitucional e non se perde se non é por causas xustificadas. Ó seu entender resulta lóxico que teña ese rango, porque o poder político non pode manipular as administracións públicas e a función pública ó seu antollo, nin debe xogar co sistema de provisión de postos de traballo.

Finalizou esta breve introducción dicindo que o proxecto é constitucional porque respecta ese principio tradicional da inamovibilidade funcional, aínda que pa-

ralelamente incida nos postos de traballo a través dos plans de emprego.

A seguir, pasou a desenvolver en detalle algunhas disposicións do proxecto, comezando cos ditos plans de emprego. Dixo que esta figura de organización administrativa ten unha natureza xurídica regulamentaria atendendo ó seu contido e é susceptible de impugnación ante a xurisdicción contencioso-administrativa. Estes plans poden comprender distintas medidas de ordenación (previsións sobre modificacións de estruturas organizativas e de postos de traballo, reasignacións de efectivos de persoal, necesidades adicionais de recursos humanos,...) as cales respectarán en todo caso o conxunto dos dereitos dos funcionarios.

Sinalou ademais que a figura da excedencia forzosa se afasta ou se atrasa para o funcionariado, xa que se arbitran no proxecto novas alternativas para evitar chegar a ela. É así que na súa opinión o emprego público resulta máis seguro có privado. A continuación falou do novo apartado g) do art. 20.1 da Lei 30/84, que regula a reasignación de efectivos, que trata de destinar a outro posto de traballo os funcionarios, ós que un plan de emprego suprimiu o seu posto segundo uns criterios obxectivos e abertos concretados en cada plan, de xeito que afirmou que nunca procederá un plan de emprego que implique unha redución total dos postos de traballo.

En particular, no ámbito da Administración xeral do Estado, o procedemento anterior pode discorrer por varios momentos. En principio, o funcionario ó que lle afecta un plan de emprego pasará a disposición do ministro respectivo durante un prazo máximo de catro meses contados a partir da supresión do posto; a reasignación ministerial terá carácter obrigatorio para postos do mesmo municipio e voluntario para os de distinto e percibiranse as retribucións totais do posto que se desempeñaba. No caso de que o funcionario non atope outro posto no ámbito ministerial no que estivese destinado, pasará a disposición do Ministerio para as Administracións Públicas durante un prazo de tres meses, o que pode reasignalo a postos doutros ministerios percibindo as retribucións do posto que ocupaba. Se transcorridos eses sete meses o funcionario non obtén ningún posto, adscribírase ó MAP na situación de expectativa de destino, na que

poderá estar un ano, e este departamento poderá reasignalo a postos de similares características doutros ministerios, con carácter obrigatorio cando se sitúen na mesma provincia e voluntario se é en distinta. Por último, se non consegue un posto durante ese ano e sete meses ou incumpre algunha das obrigas que determina o proxecto para os que se atopen en expectativa de destino<sup>2</sup>, pasará á situación de excedencia forzosa.

Os que se atopen na situación anterior –indicou o profesor– terán dereito a percibi-las retribucións básicas e, de se-lo caso, as prestacións familiares por fillo ó seu cargo e terán incompatibilidade para desempeñar calquera posto público mais non privado.

Máis adiante, abordou as dúas medidas complementarias que recolle o proxecto nos seus arts. 18 e 21:

■ O primeiro establece que os funcionarios que se atopen a disposición do ministro ou do MAP ou nas situacións de expectativa de destino ou de excedencia forzosa, como consecuencia dun plan de emprego, poderán optar por pasar á situación de excedencia voluntaria incentivada. Esta nova figura, que acorda o MAP (ou o órgano competente da Administración de que se trate), poderá durar cinco anos, transcorridos os cales, se non se solicita o reingreso, pasarán á situación de excedencia voluntaria por interese particular. A excedencia voluntaria incentivada é incompatible co desempeño dun posto no sector público baixo ningún tipo de relación funcional ou contractual, sexa esta de natureza laboral ou administrativa.

■ O segundo prevé que os funcionarios afectados por un proceso de reasignación de efectivos que se atopen en expectativa de destino ou en excedencia forzosa, como consecuencia dun plan de emprego, poderán solicita-la xubilación forzosa incentivada, nas condicións establecidas no réxime de Seguridade Social en que se encadren. Requírense 60 anos de idade e 30 de servicios. Tamén precisou que os que se acollan a este tipo de xubilación terán dereito a precibir unha indemnización única e alzada que determinará o Goberno segundo as circunstancias que establece o proxecto.

Como conclusións o profesor Parada dixo que era difícil que as administracións públicas utilizasen estes no-

<sup>2</sup> O funcionario que se atope en expectativa de destino verase obrigado a: 1º Aceptalo destino nun posto de características similares ó que desempeñaba que lle ofrezan na provincia onde estivese destinado. 2º Participar nos concursos para postos axeitados ó seu corpo, escala ou categoría, situados na provincia onde estivese destinado. 3º Participar nos cursos de capacitación ós que se lle convoque.

vos instrumentos xurídicos, dado que existiría unha forte resistencia por parte dos funcionarios e dos sindicatos, o que orixinaría un enorme custo político; e que realmente estas medidas non implicarán un aforro substancial do déficit do sector público, porque son demasiado xenerosas. Á parte diso, engadiu que esta reforma a penas ía ser operativa pola indubidable escaseza de medios económicos para financiala.

Na charla deixou ben claro que os plans de emprego público como norma regulamentaria do MAP son impugnables ante a xurisdicción contencioso-administrativa. Outra cuestión que aclarou foi que a exclusión deste sistema dos funcionarios docentes se atopa na liña de privilexio de que gozan como consecuencia da autonomía universitaria, recalcando que está totalmente inxustificando o mantemento dese sistema de privilexio, porque a docencia é un servizo público financiado con fondos públicos. Tamén comentou que esta lei ó final non terá unha aplicación real, xa que a única intención do Goberno ó establecer estas medidas no sector público é xustificalas dramáticas medidas que adopta no sector privado. E, por último, considerou o Sr. Parada que os principios de imparcialidade e eficacia non se albiscan no proxecto; o primeiro, amais de retroceder no seu momento coa reforma de 1984, ó romperse a profesionalidade ou confianza que existía nos funcionarios pola recuperación do poder pola clase política, pérdese agora máis cos plans de emprego; e o segundo tampouco se atopa, porque o que procura o proxecto é reducir custos e non aumenta-la eficacia.

A seguinte intervención correspondeulle a PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS, que disertou sobre “Plans de emprego, reasignación de efectivos, novas situacións administrativas e outros instrumentos xurídicos do Proxecto de lei de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego”.

O relator –despois de recordar unha cita de F. Garrido Falla na que este, ante o tema da natureza xurídica administrativa ou laboral da relación do funcionario coa Administración, se opón radicalmente á tese do funcionario “traballador da Administración”– comezou sinalando a tendencia a configurar hoxe un sistema de función pública moi próximo ou case asimilado ó modelo de relacións laborais propio da empresa privada e afasta-

do das prescricións constitucionais do art. 103, tan conectadas á garantía de neutralidade ou imparcialidade dos funcionarios públicos.

Limitouse a considerar previamente dous aspectos que entendeu relevantes non só para a configuración da función pública, senón tamén para unha mellor valoración das disposicións concretas que introduce o proxecto en estudio:

**A)** Dunha banda, referiuse ó tratamento que a xurisprudencia dá ultimamente á dualidade do persoal existente nas administracións públicas (estatutario e laboral).

Tanto o Tribunal Constitucional coma o legislador trataron de establecer uns criterios diferenciadores para acomoda-la coexistencia deses dous tipos de persoal (e as súas consecuencias) coas prescricións constitucionais; mais a práctica administrativa tendeu a posibilita-lo acceso do persoal laboral a determinadas características propias do réxime estatutario funcional, especialmente polo que se refire á permanencia no posto.

Con todo, o Tribunal Supremo adoptou unha posición que revela as inconcrecións legais, a conflictividade que provoca a coexistencia deses dous colectivos de persoal e os esforzos por contrarrestar aquela tendencia co marco constitucional e legal, tratando de evitar, en último extremo, a desnaturalización da relación contractual e da súa transformación de “laboral-temporal” en “definitiva-funcional”.

O profesor concretou os criterios que o Tribunal Supremo mantén sobre o marco normativo vixente<sup>3</sup> en aplicación casuística do réxime normal de incorporación de traballadores ás administracións públicas:

**a.** As administracións públicas poden acudir á contratación laboral por tempo certo respectando as esixencias da súa normativa e dada a súa propia natureza, estalles vedado amplia-lo seu cadro de persoal sen o cumprimento das disposicións específicas reguladoras do acceso á función pública.

**b.** A continuidade na prestación de servicios correspondente a un contrato laboral por certo tempo, concluído o seu termo ou as súas prórrogas, non se pode reputar constitutiva de fraude de lei, pois, para isto precisaríase acreditar que se perseguía un fin prohibido po-

<sup>3</sup> O art. 15 do Estatuto dos traballadores e outras normas específicas e, sobre todo, o art. 19 da Lei 30/84. Este último artigo, que ten carácter básico, di que as administracións públicas seleccionarán o seu persoal, xa sexa funcionario, xa laboral, de acordo coa súa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan en todo caso os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

lo ordenamento xurídico. En cambio, a fraude consumaríase se convertesen os contratos temporais en indefinidos.

c. Non é posible pretender unha alteración da natureza contractual (de temporal en definitiva) pola inactividade administrativa de non cancelala ó seu termo. E moito menos pretende-la integración do traballador no marco funcional.

Finalmente indicou neste aspecto que esta doutrina do Tribunal Supremo se ratificou en polo menos dúas sentencias para a unificación de doutrina<sup>4</sup>.

**B)** Doutra banda, destacou o paulatino desgaste lexislativo das características propias do réxime estatutario, é dicir, a *despublificación* ou *laboralización* progresiva dos funcionarios; sinalou que o significativo é que este proceso –aberto xa pola lexislación funcional de 1964 e consagrado pola Lei 30/84– parece concluír con este proxecto de reforma do réxime xurídico da función pública, xa que introduce unhas modificacións substantivas que seguen esa liña de progresiva laboralización.

O Sr. Mariñas para chegar á anterior conclusión analizou non tódalas disposicións do proxecto senón só os arts. 18, 20.1, 29, 30 e 34 da Lei 30/84 por se-los máis trascendentais para a súa liña argumental e, ó tempo, salientou que o proxecto dá ás súas normas (agás ó art. 30.4 e á disposición adicional vinteunha) o carácter de bases do réxime estatutario dos funcionarios, o que na súa opinión lles provocará problemas non só ós funcionarios docentes e sanitarios senón sobre todo ós locais.

**1º.** A nova redacción do art. 18 da Lei 30/84 establece –indicou o profesor– que os plans de emprego, referidos tanto a persoal funcionario coma laboral, conterán tódalas actuacións por desenvolver para a óptima utilización dos recursos humanos no ámbito a que afecten, que pode ser un ministerio ou varios, ou organismos autónomos ou áreas administrativas concretas. Así, estimou que estes plans se elevan como o centro do sistema e o seu auténtico alcance compróbase nas propias previsións e medidas que poden conter, que van desde reasignacións de efectivos de persoal ata calquera outro tipo de medidas relacionadas cos obxectivos do plan de emprego de que se trate.

<sup>4</sup> En concreto, as sentencias son do 18 de marzo de 1991 e do 19 de maio de 1992.

En concreto, dixo que, como un plan de emprego pode conter previsións<sup>5</sup> de modificación de estruturas orgánicas e de relacións de postos de traballo e como debe ser aprobado polo MAP, unha simple orde ministerial pode alterar esas estruturas e relacións dando así a entrada a posibles alteracións arbitrarias. Á parte sinalou que non se prevé intervención sindical ningunha na aprobación do propio plan.

Apuntou que o plan pode suspender as incorporacións de persoal externo ó ámbito ou sector afectado, tanto as derivadas de oferta de emprego coma de procesos de mobilidade. Isto –estimou o Sr. Mariñas– reduce a mobilidade e conculca o tradicional dereito de tódolos funcionarios a optar a tódalas prazas vacantes.

Por último, enumerou como medidas claramente restrictivas ou agresivas que pode conter o plan as seguintes: as medidas específicas de promoción interna (pechan a posibilidade da “carreira administrativa”), a prestación de servizos a tempo parcial e a autorización de concursos de provisión limitados ó persoal dos sectores que se determinen.

2º. O novo apartado g) do art.20.1 permítelles ós funcionarios ós que un plan de emprego lles suprimise o seu posto ser destinados a outro polo procedemento de reasignación de efectivos; o profesor Mariñas advertiu da imprecisión técnica deste parágrafo ó non regula-lo xogo deste procedemento de reasignación e do concurso. Tamén se referiu ós criterios obxectivos aplicables que se deben relacionar coas aptitudes, formación, experiencia e antigüidade, sendo esta fórmula aberta e de discrecional valoración. O precepto recolle as indemnizacións que debe percibi-lo funcionario trasladado.

Logo fixo referencia ás fases en que se produciría a reasignación. A primeira efectuaríase no prazo máximo de catro meses<sup>6</sup> e tería carácter obrigatorio para postos do mesmo municipio<sup>7</sup> e voluntario para os que radicasen en distintos, os que en todo caso serían de similares características, funcións e retribucións ós desempeñados ata entón. Na seguinte fase, se o funcionario non obtivese posto, no prazo máximo de tres meses poderá ser reasignado a postos doutros ministerios percibindo as retribucións do posto anterior. Por fin, na última, se aín-

<sup>5</sup> O anteproxecto era máis directo, xa que o termo **previsións** non figuraba.

<sup>6</sup> O anteproxecto fixaba seis meses.

<sup>7</sup> O anteproxecto dicía localidade.

da non lograse posto, o funcionario adscribirase ó MAP, nunha relación de postos en reasignación, en situación de expectativa de destino, e poderá reasígnalo a postos doutros ministerios, con carácter obrigatorio se o posto radica na mesma provincia ou voluntario se radica en distinta.

3º. O proxecto engade os apartados 5 e 6 ó art. 29 da Lei de medidas.

O primeiro regula a situación de expectativa de destino en que queda o funcionario que agarda unha reasignación xerada por un plan de emprego que suprimiu o seu posto. Este funcionario percibirá as retribucións básicas, o complemento de destino do seu grao persoal e o 50% do complemento específico do posto que ocupaba<sup>8</sup>; a duración máxima desta situación administrativa sería de un ano, transcorrido o cal, pasará á situación de excedencia forzosa.

O Sr. Mariñas precisou que a Administración pretende con este precepto introduci-lo despedimento e considerou difícil conciliálo coas afirmacións do Plan de modernización das administracións públicas cando este se propón que hai que fuxir dunha administración de pura imposición de potestades para configurar unha administración participativa.

O apartado 6 do art. 29 engade unha nova modalidade de excedencia forzosa que só se produce para os funcionarios que se atopen na terceira fase de reasignación cando non existise ningunha vacante na provincia. Aquí falou da configuración dunha excedencia forzosa agravada respecto do réxime hoxe vixente e inxusta para o funcionario.

O proxecto por outra banda contén a regulación de tres medidas complementarias que -segundo a exposición de motivos- flexibilizan o marco xurídico da función pública:

▶ A primeira é a excedencia voluntaria incentivada (art. 29.7º da Lei 30/84) á que se acollen, se a Administración o acepta, os funcionarios que se atopen en primeira ou segunda fase de reasignación. E terán dereito a isto, á súa vontade, os que estean en expectativa de destino ou en excedencia forzosa como consecuencia dun plan de emprego.

<sup>8</sup> O anteproxecto establecía que os funcionarios en expectativa de destino percibirían as retribucións básicas, o grao persoal consolidado e o 25% do complemento específico correspondente ó posto que desempeñaban.

Os que estean nesta situación terán dereito a percibir unha mensualidade correspondente ó último posto desempeñado por cada ano completo de servizos efectivos (excluíndo os pagamentos extraordinarios<sup>9</sup> e o complemento de produtividade) e sen que nunca poidan percibir máis de doce mensualidades. E, a duración é forzosa de cinco anos, o que –ó entender do relator– resulta abusivo, xa que lle corta ó funcionario a posibilidade de pedir en calquera momento o reingreso ó servizo activo, con dereito a obtelo se existise vacante.

► A segunda medida complementaria que sinalou foi a xubilación anticipada incentivada. O art. 34 establece que poderán solicitala os funcionarios afectados por un proceso de reasignación de efectivos que estean en expectativa de destino ou en excedencia forzosa, como consecuencia dun plan de emprego, nas condicións establecidas no réxime da Seguridade Social en que se encadren<sup>10</sup>, sempre que teñan cumpridos 60 anos de idade e 30 anos de servizos<sup>11</sup>.

Doutra banda, estes funcionarios terán dereito a percibir, por unha vez, unha indemnización que fixará o Goberno segundo a idade e as retribucións íntegras correspondentes á última mensualidade completa que tivese dereito a percibir (con exclusión, de se-lo caso, dos complementos específico e de produtividade) e referida a doce mensualidades. Aquí –apuntou o relator– debería se-la lei máis precisa na determinación indemnizadora, porque existe unha excesiva discrecionalidade gubernamental.

► Finalmente, a última medida que abordou foi a que recolle o apartado 4 do art. 30, que trata do cesamento progresivo de actividades.

Os funcionarios ós que lles falten menos de cinco anos para cumprir-la idade de xubilación forzosa poderán reducir-la súa xornada laboral ata un medio, coa conseguinte redución de retribucións que se determine regulamentariamente. A dita redución tamén poderán solicitala e obtela, de xeito temporal, aqueles funcionarios que a precisen en procesos de recuperación por razón de enfermidade.

En calquera caso, engadiu que o proxecto deixa en mans da Administración o seu outorgamento, xa que este se condiciona ás necesidades do servizo<sup>12</sup>.

<sup>9</sup> O anteproxecto non excluía os pagamentos extraordinarios.

<sup>10</sup> O anteproxecto era máis claro, xa que dicía que os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas, terían dereito a que o período de tempo que lles faltase para cumprirlos 65 anos se computase como efectivamente prestado para o cálculo da pensión de xubilación; sen que este aboamento puidese, en todo caso, exceder de cinco anos incluídos os aboamentos especiais que lles corresponden en virtude de disposicións legais específicas.

<sup>11</sup> O anteproxecto fixaba 15 anos de servizos.

<sup>12</sup> No anteproxecto figuraba como un dereito dos funcionarios.

Xa para rematar, o relator fixo unhas consideracións finais sobre o proxecto en cuestión:

► Encadrou o proxecto no “cambio da cultura administrativa” centrado na consecución de resultados e no equilibrio da relación custo-beneficio como elemento referencial básico, na *desxuridificación* progresiva do funcionamento da Administración, na optimización dos custos de persoal e na redución do tamaño de sector público.

► O feito de que estas disposicións sobre a función pública se incorporen a un proxecto global de medidas fiscais e de reforma do réxime da protección por desemprego amosa a súa finalidade última.

► E ese obxectivo último require unha instrumental desnaturalización do réxime estatutario funcional que, xa non se ve como garantía das funcións públicas que os funcionarios serven, senón como un privilexio e unha mostra desa cultura xurídica que entorpece a eficacia.

O profesor Mariñas ve como un feito case definitivo a laboralización da función pública. Sen embargo, a extensión e aplicación de mecanismos propios do mundo laboral ó ámbito da función pública levan consigo riscos de discrecionalidade, sendo así o prezo dunha suposta eficacia inaceptable. Por isto, inclínouse pola robusteza do “bo dereito vello” axustado á eficacia, mais non ignorante da garantía e da especificidade xurídica que require todo o que atinxe ás funcións públicas.

No coloquio o tema que máis preocupou ós asistentes foi o da nova modalidade de excedencia forzosa, que se cualificou como un despedimento camuflado. Tamén se comentou que esta reforma da función pública acelera a laboralización dos funcionarios, considerándoa como unha chantaxe da Administración, xa que a esta lle resulta máis cómodo manexar persoal laboral. En definitiva, o relator conclúe dicindo que hai que esperar ós regulamentos que desenvolvan este novo réxime da función pública para concretar así o seu verdadeiro alcance.

Xa pola tarde, o terceiro relatorio titulado “A reforma e o réxime estatutario da función pública”, correu a cargo de D. LUCIANO PAREJO ALFONSO, catedrático de dereito administrativo da Universidade Carlos III de Madrid, que fixo –antes de analiza-lo texto do proxecto– unhas reflexións preliminares acerca da articulación destas medidas.

Comezou a súa exposición sinalando que o modelo de función pública tradicional descansaba nunha imaxe da Administración como mera aplicadora do dereito. Isto reflectía, por riba dun principio de estabilidade da organización administrativa e do Estado limitado, a incardinación do funcionario na Administración como un verdadeiro actuante da función pública.

Este sistema, dixo o relator, sufriu a súa primeira crise a partir da reforma de 1964 coa expansión dos corpos xerais, a emersión da patrimonialización do funcionario e o inicio dun lento proceso de degradación da función pública. Este proceso coincide cunha expansión do aparato do Estado a través dunha Administración que, xa non se limita a aplica-lo dereito, senón que presta os seus servizos de distinta forma.

Así mesmo a Administración frágmentase en sectores cunha difícil interrelación entre eles. Ámbolos fenómenos de expansión e fragmentación están na base do achegamento que a normativa regulamentaria da función pública realiza á que rexe as relacións laborais na empresa privada. Ó mesmo tempo, aquela non evoluciona na medida na que a Administración espalla a súa actividade en distintos sectores.

Máis adiante, en 1984, o funcionario non pode exercer función pública; só os rexistradores e os xuíces son capaces de vincular á Administración na que se integran. Introdúcese o novo concepto de posto de traballo, instaurándose un modelo que responde a uns principios contradictorios, como son: a pertenza a un corpo ou escala e o establecemento dunha organización administrativa baseada no sistema de postos de traballo.

Entre tanto, o Estado sufriu transformacións relevantes como a crise do modelo de crecemento económico indefinido e a expansión limitada do sector público. E neste contexto é no que o relator inseriu o proxecto a debate.

Tras esas primeiras reflexións pasou a expor en detalle os distintos pormenores do proxecto de lei.

En primeiro termo, dixo que o proxecto introduce novos instrumentos de xestión de persoal, idénticos tanto para persoal funcionario coma laboral, como son os plans de emprego, que se elaborarán de acordo coas directrices de política de persoal deseñadas polo Goberno. Tamén

precisou que outra figura típica como é a oferta de emprego público verá transformada a súa función pola incidencia destes plans. Por conseguinte, con respecto a estas dúas figuras comentou o seguinte:

**A)** Os plans de emprego, á vista do art. 18 da Lei de medidas, son un instrumento case laboral de reconversión aplicable á organización administrativa e a súa regulación é básica e, por tanto, vinculante para as comunidades autónomas. O seu impacto non está totalmente acoutado no proxecto, xa que este prevé unha cláusula residual como é que os plans poderán conter outras medidas que procedan en relación cos obxectivos dos mesmos. O seu fin institucional é a óptima utilización dos recursos humanos, de tal xeito que os considerou como uns mecanismos de xestión conxuntural daqueles integrados nunha estrutura administrativa. O seu ámbito –indicou o relator– non se define, polo que o xestor da política de persoal ten á súa disposición un instrumento eficaz que lle permite deseña-la reorganización tanto a nivel micro coma macro, é dicir, localizadamente nuns determinados ámbitos ou cunha maior amplitude.

En particular, sinalou que estes plans poden ter un diverso contido. Así pois, poden integrar unha política de persoal dentro dunha determinada política organizativa; poden modifica-las estruturas organizativas e os postos de traballo, creando deste xeito un buraco negro ou zona de ordenación especial dentro da política de persoal, é dicir, crean un réxime excepcional e transitorio para parte do persoal ó servizo da Administración; poden acoutar e conxelar unha organización administrativa, impedindo as seleccións e ingresos de novo persoal, tanto desde fóra da Administración (oferta de emprego público) coma desde outra (procesos de mobilidade); poden reasigna-los efectivos de persoal e facer que realicen cursos de formación e capacitación para reciclalos á nova organización administrativa; e tamén poden traer consecuencias para o réxime xeral de promoción interna e reduci-la xornada laboral.

**B)** Os plans de emprego desprazan a oferta de emprego público,<sup>13</sup> xa que lles dan a esta un papel residual de renovación do persoal ó dicir que serán obxecto da mesma as necesidades de recursos humanos que non se podan cubrir cos efectivos de persoal existentes na propia

<sup>13</sup> Os plans de emprego son aprobados polo MAP, tralo informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda e a iniciativa do ministerio ou organismo afectado ou, conxuntamente dos ministerios para as Administracións Públicas e de Economía e Facenda.

A oferta de emprego é aprobada polo Goberno a proposta do MAP.

Administración. A oferta de emprego límitase só, por tanto, ós procesos externos da Administración.

É por isto que o relator destacou que a nova regulación implica, como consecuencias importantes: a desaparición da necesidade de incluí-las prazas vacantes na oferta de emprego e a obriga de convocatoria anual da mesma.

En segundo lugar, o Sr. Parejo afirmou que o proceso de reconversión administrativa aberto por un plan de emprego pode suprimir postos de traballo, o que supón que ós funcionarios afectados se lles debe destinar a outros postos que resulten da nova organización; eses postos determinaríanse aplicando uns criterios obxectivos relacionados cuns aspectos que se especificarán no plan respectivo. Este proceso producirase en tres fases:

1<sup>a</sup>. Esta primeira fase será xestionada polo ministerio ou polo organismo onde estivese destinado o funcionario, e aquel ten catro meses para acomoda-los funcionarios dentro do ámbito do mesmo nun posto similar. Ese acomodo terá un carácter obrigatorio ou voluntario segundo que o posto radique no mesmo ou en distinto municipio.

2<sup>a</sup>. Transcorridos eses catro meses sen recolocación ministerial, o xestor da política xeral, o MAP, deberá nun prazo de tres meses asignalos a postos doutros ministerios ou organismos nas mesmas condicións que na primeira fase.

3<sup>a</sup>. Se, tralas anteriores fases, os funcionarios non obtivesen os postos, crearase unha "bolsa de funcionarios" no MAP na que estes se atoparán na situación de expectativa de destino. O MAP poderá "sacalos da bolsa" e asignalos a postos de similares características doutros ministerios ou organismos, cun carácter obrigatorio ou voluntario segundo que aqueles se sitúen na mesma provincia ou en distinta.

Os funcionarios nesta fase estarán en expectativa de destino –apuntou o relator– durante un ano e terán dereito ás retribucións básicas e ós complementos de destino e específico (neste caso só o 50%), amais de estar obrigados a aceptar os destinos en postos similares que se lles ofrezan na mesma provincia e a participar nos concursos e cursos que se convoquen. Para o resto dos efectos esta situación equipárase á de servizo activo.

Tamén indicou que se o funcionario en expectativa de destino non obtivese ningún posto de traballo durante o período máximo ou incumpra calquera das obrigas anteriormente mencionadas, declararáselle de oficio en situación de excedencia forzosa. Os que se atopen nesta situación estarán suxeitos ás mesmas obrigas cós que están en expectativa de destino, mais polo que se refire á obriga de participar nos concursos o seguimento é máis específico, xa que o proxecto prevé unicamente os que “lles sexan notificados”. Ademais, conxélase a posibilidade de desempeñar algún posto no sector público non como funcionario nin como laboral nin como contratado administrativo; o profesor Parejo pareceu apreciar aquí unha forma de legaliza-lo contrato administrativo de persoal.

No caso de que o funcionario en excedencia forzosa incumpra algunha desas obrigas, sinalou que pasará á situación de excedencia voluntaria por interese particular. O que se atope nesta última situación perderá a condición de funcionario se non pide o reingreso ó servizo activo dentro do novo prazo de quince anos<sup>14</sup>.

Por último, o relator –tras analizar brevemente as medidas complementarias que recolle o proxecto como a excedencia voluntaria incentivada, a posibilidade de reduci-la xornada laboral e un mecanismo propiamente laboral como é a xubilación anticipada incentivada– conclúe cunhas consideracións acerca do sistema adoptado:

**Primeira.** Dixo que cando menos constitúe un intento de responder á complexidade da xestión administrativa que require a ensamblaxe de varios aspectos como a organización, a xestión presupostaria e os recursos humanos.

**Segunda.** Contén unhas medidas parciais sen un plan de conxunto que nos leve a un sistema de principios claros que permita realizar unha verdadeira política de persoal.

Na charla o conferenciante precisou que a nova modalidade de excedencia forzosa non se pode considerar coma un despedimento encuberto, senón que se trata máis ben dunha laboralización na que o proxecto prevé unha indemnización por cambio de residencia, aínda que a considerou irrisoria como sucede na mesma empresa privada. Aclarou que o transvasamento de funcionarios

<sup>14</sup> O relator aclarou que a excedencia voluntaria por interese particular non está ligada ós plans de emprego e só poderá declararse se se completaron cinco anos de servizos efectivos desde o acceso ó corpo ou escala ou desde o reingreso e nela non se permanecerá menos de dous anos continuados, nin máis do número de anos equivalente ós que o funcionario acredite que prestou en calquera das administracións, cun máximo de quince.

como consecuencia dun plan de emprego non afecta ás comunidades autónomas porque existan nelas vacantes, agás que haxa entre ámbalas dúas administracións, a estatal e a autonómica, un convenio voluntario ou que medie un previo consentimento da autonómica.

O derradeiro relatorio da xornada correspondeulle a D. DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, que disertou sobre: "A política de función pública en tempos de axuste. O equilibrio necesario".

Precisou que non ía reflexionar sobre a literalidade do proxecto, senón que analizaría a posición da Xunta de Galicia fronte ó proceso de reforma da función pública e como debería se-la normativa resultante para que respondese ás esixencias substanciais que debe ter hoxe en día a Administración pública.

Primeiramente tivo en conta o marco conceptual no que se desenvolvería dicindo que nas administracións públicas, ó ter como finalidade facer efectivo o interese xeral, determinou nelas unhas peculiares características organizativas e unhas específicas relacións internas entre o seu persoal administrativo e os seus elementos dirixentes. Indicou que tódalas administracións públicas se estruturaron desde unha perspectiva fundamentalmente xurídica a través dunha organización de tipo piramidal na que distinguiu unhas grandes áreas organizativas –as consellerías nas administracións autonómicas e os ministerios na Administración central– que responden ó principio de competencia, porque cada unha destas áreas ten asignadas unhas funcións ou competencias de carácter legal e uns niveis –direccións xerais, subdireccións, servicios, seccións, negociados– que darán cumprimento a aqueles fins.

Por outra banda, destacou que nunca ata agora se estudou a Administración desde unha óptica empresarial coa que se sitúan naquela tódolos elementos que concorren na empresa privada: o obxecto, os medios tanto persoais coma materiais, o produto lanzado, o custo e, en definitiva, as actividades que permitan mante-lo produto que lanza adiante. Sen embargo, apuntou que a organización administrativa descoñeceu desde sempre na realidade a súa compoñente material, sinalando que existe

unha opacidade case absoluta no que se refire ó produto que se obtén na Administración e tamén ó volume cuantitativo de traballo realizado nas distintas unidades administrativas, e así, indicou que se produce o fenómeno de que competencialmente dúas áreas organizativas do mesmo rango e cos mesmos efectivos poidan ter unha, moito traballo, e a outra, menos. É así que na súa opinión a Administración descoñece os elementos materiais e persoais que de feito emprega para obter unha determinada unidade de servizo público neste caso, que é o produto que lanza ó mercado. Isto determinou ineficiencias no funcionamento da Administración e é unha das causas estruturais que implican que a Administración sexa vista polos cidadáns como unha organización que desenvolve as súas actividades de costas á realidade.

Neste contexto xeral e como consecuencia do carácter singular que teñen as administracións públicas como garantes do interese xeral e monopolizadoras da prestación de servizos –sinalou o relator– suscitouse a regulación das relacións internas entre as persoas que integran a organización e os propios elementos dirixentes. Nas empresas privadas, existe unha liberdade absoluta do titular da empresa. Na Administración pública, desde o século XIX fundamentalmente, estrutúrase o sistema de garantías con respecto ó funcionario coa finalidade de preservar un elemento substancial: a organización administrativa como garante do interese xeral ten un conxunto de privilexios superiores que exerce sobre o cidadán para facer efectivo ese interese xeral e como eses poderes non se exercen de xeito abstracto, senón a través de persoas concretas investidas de autoridade para que estas actúen con equidade, establécese certo sistema de garantías que pretende evita-la arbitrariedade e a influencia de decisións políticas na actuación daquelas. E esta é a orixe da inamobilidade funcional, do carácter permanente da función administrativa e, en definitiva, da estabilidade no emprego público.

Por outra parte, tamén comentou os sistemas de acceso á Administración dicindo que fronte a unha empresa privada na que o sistema de acceso é irrelevante, porque a empresa que actúa no mercado se está mal estruturada e mal organizada, é o propio mercado o que se encarga de afastala; a Administración pública, que actúa

coactivamente sobre o sistema e ten unha permanencia garantida polo seu poder político, ten que establecer un distinto modelo de acceso, que é o principio de mérito e capacidade a través de sistemas selectivos que se enriquecerán posteriormente co principio de rixidez na estrutura da organización e nos instrumentos internos da mesma. Sinalou que o principio ou a defensa do status funcional para evitar excesivas presións políticas fai máis ríxida a organización administrativa e convértea nunha organización que moi dificilmente poderá adaptarse ás necesidades da sociedade á que ten que atender.

As organizacións sindicais, por outra banda, dixo que asumen o liderado das persoas que traballan ó servizo da Administración e fronte á concepción de que o réxime funcional nacía da lei e se sometía á mesma, pouco a pouco establécese unha organización sindical que tenta forza-lo réxime estatutario e trocalo nun réxime de pacto ou convenio colectivo e tamén introduce modelos ou rixideces adicionais no funcionamento do sistema.

Como consecuencia de todo isto atopamos –sinalou o Sr. conselleiro– unha situación actual caracterizada por un contorno e unha realidade. Referiuse á crise do sistema económico motivada inicialmente por unha crise enerxética nos anos 70 e actualmente por unha profunda crise tecnolóxica na que os países emerxentes do leste de Asia subtráenlle-los mercados ás economías occidentais provocando unha revisión dos sistemas productivos de Occidente. Isto trae como resultado unha crise tecnolóxica e de estratexia que produce como elemento residual un paro crecente nas sociedades occidentais. Nesta estrutura de paro atopamos unha Administración na que o principio de estabilidade no emprego rexe como unha situación de privilexio e na que as rixideces e os sistemas de xogo internos dan a sensación de que as organizacións públicas non queren entrar nunha análise de eficacia e eficiencia do seu funcionamento. Nesta situación prodúcense circunstancias concretas que deterioran a figura funcional, á parte do contorno social que é o elemento máis presionante sobre a estabilidade interna da Administración, como a materialización da conxelación salarial e do proxecto de lei obxecto desta xornada.

O Sr. Dositeo Rodríguez desenvolveu a seguir a problemática da función pública desde a Administración au-

tonómica de Galicia, considerando necesario establecer un novo modelo de Administración. Este modelo deberá pasar por un condicionante como é a modernización tecnolóxica da Administración, asumindo esta a informática como unha técnica de xestión ordinaria sobre a que repousará o sistema funcional. Constatou que isto determinará para a organización administrativa, en primeiro lugar, unha transparencia do traballo administrativo fronte ó cidadán, en especial no referido ós expedientes administrativos, e unha transparencia no traballo do funcionario fronte ós superiores xerárquicos; e en segundo lugar, un incremento notable da produtividade administrativa que, unido á circunstancia de que a Administración por primeira vez pode coñecer en concreto a carga de cada unidade administrativa, provocará unha reestructuración interna do persoal máis axeitada.

Tamén dixo que as administracións deben axustar continuamente a súa estrutura e organización ós cambios tecnolóxicos e ás novas necesidades reais do sistema. Este axuste debe ir unido necesariamente en épocas de reconversión á necesaria estancidade das administracións públicas que sufran un proceso de innovación tecnolóxica desta natureza, porque esta estancidade é indispensable para garantir que o proceso de reaxuste interno non se vexa afectado por correntes externas que impliquen a transferencia de efectivos dunhas a outras administracións. Polo tanto, unha Administración en reconversión precisa cerrar temporalmente os seus cadros e liñas de entrada, facer unha análise da súa situación e comezar a reaxustalas súas estruturas para adaptalas ás necesidades reais do traballo e ás innovacións tecnolóxicas. É así que na súa opinión un axuste desta índole se debe facer de xeito gradual no tempo, negociado ata o máximo posible e non traumático. En concreción, este proceso esixiría, á parte do concepto de estancidade, as seguintes medidas:

■ A introducción da mobilidade na que distinguiu a funcional e a xeográfica. A primeira considerouna como un dereito da Administración para colocar ó funcionario por necesidades reais da propia organización administrativa noutro posto de idéntica natureza situado na mesma localidade. A segunda considerouna incorrecta, porque é absolutamente inadmisíbel que a Administra-

ción impoña a súa posición de superioridade sobre o empregado público, sendo necesario pois a participación activa deste no proceso.

■ Esta mobilidade funcional iría acompañada, amais de polas xubilacións anticipadas, pola reasignación de efectivos de persoal. A Administración debe destinar ás novas áreas de xestión o persoal ordinario que está de máis noutras áreas e esta readscrición farase efectiva sen traumas e cunha razoable cohesión social, debendo ser transparente para os funcionarios a través do diálogo coas organizacións sindicais.

Hai que chegar a un punto correcto de diálogo e análise –apuntou o Sr. conselleiro– en función de que se parta do principio de que o gasto administrativo é por si mesmo improductivo e inútil para o sistema económico, recalcando que ningún sistema público pode permitirse pagar un empregado que non cumpra coas súas tarefas: o empregado que teña esa actitude, ademais de ser intolerable e socialmente inadmisibile, despreza a súa propia organización.

É necesario restablecer –dixo o relator– a imaxe da Administración como unha organización eficiente ó servizo do cidadán e, ó mesmo tempo, dinamiza-la súa organización a través dun continuo proceso de motivación interna. Para isto, propuxo a introducción do que denominou “motivación activa”, que consiste na valoración obxectiva do rendemento mediante un órgano específico. A Administración conseguirá así sabe-lo traballo realizado por cada unidade administrativa a través do informe obxectivo dun órgano técnico, a Inspección Xeral de Servizos, con audiencia da unidade e con xuízo final dunha comisión independente na que existirá unha representación dos funcionarios.

Finalmente –antes de declarar clausurada a xornada– suxeriu chegar a un modelo de Administración pública flexible, reducido no posible mais que cumpra todos os seus obxectivos, adecuado ás necesidades, eficaz e socialmente motivado mediante unhas medidas non traumáticas e o necesario diálogo sindical, respectando en todo caso os dereitos subxectivos básicos como os económicos e os de radicación, que fagan das administracións públicas unhas organizacións eficientes. 



**B**IBLIOGRAFÍA E  
**R**ECENSIONÍS



*La Comunidad Europea, la  
instancia regional y la  
organización administrativa  
de los Estados miembros.*

Javier  
Barnes  
Vázquez

Civitas, 1993

A presente obra, da cal é coordinador o profesor JAVIER BARNES VÁZQUEZ, é o resultado do I Seminario de dereito administrativo comparado realizado en Sevilla no outono de 1991. O libro recolle os relatorios dos expertos que participaron no seminario sobre o tema das relacións entre a Comunidade Europea (CE) e a instancia rexional. Este libro constitúe unha achega importante ó estudio da cuestión tanto pola variedade de sistemas de organización analizados (estados federais, autonomías, rexións, estados unitarios) coma pola actualidade do exame que realiza das innovacións introducidas polo Tratado de Maastricht con incidencia en materia rexional (principio de subsidiariedade, Comité das Rexións...).

A obra estrutúrase en torno a dous núcleos: a) a creación e execución do dereito comunitario nos estados compostos: Alemaña, Bélxica, España e Italia; e b) a incidencia da Comunidade sobre a organización administrativa de Francia e Gran Bretaña, dous estados que serven de contrapunto dos anteriormente citados no que se refire á súa organización territorial. Ponlle peche ó libro o estudio do seu coordinador Javier Barnes sobre a influencia do principio de subsidiariedade nas relacións entre as distintas administracións públicas e moi especialmente na instancia rexional.

A primeira parte comeza co estudio dos estados compostos e en concreto coa contribución de RAINER HOFMANN sobre Alemaña, o Estado europeo que ata o momento, como é natural debido á súa estrutura federal, máis ten avanzado na participación "rexional" na creación e execución do dereito comunitario. No ámbito da creación do dereito comunitario sinala o autor a participación, a nivel interno, dos *länder* no Consello Federal (Bundesrat) que ten que ser informado de tódolos proxectos da Comunidade Europea e que emite a este respecto, nas materias de competencia exclusiva dos *länder*, pronunciamentos vinculantes para o Goberno, salvo razóns superiores de política exterior e de integración. Os *länder* vense, sen embargo, obrigados a intervir no nivel comunitario para defende-la distribución interna de competencias. Neste sentido conseguen a creación da figura de observador dos *länder* (reforzada na Acta Única Europea) e crean "Bureaux de Liasons" en Bruxelas que exercen de "lobbies" ante as institucións comunitarias. Así mesmo impulsan a construción dunha Europa das rexións mediante a realización de conferencias rexionais que reivindicán cuestións hoxe en parte satisfeitas polo Tratado de Maastricht (principio de subsidiariedade, Consello Rexional...). En canto á participación na execución do dereito comunitario o autor destaca a obriga de transposición de directivas e a de aplica-los regulamentos que afectan a materias de competencia dos *länder* mesmo se estes non puideron intervir na súa elaboración.

Ó estudio sobre Alemaña segue a análise sobre o caso belga realizada por HERMANN-JOSEPH BLANKE. O autor fai un exhaustivo repaso do que el denomina a "estructura rexional dobre" de Bélxica: comunidades lingüísticas (francesa, flamenga, alemana) e rexións (Flandes, Valonia, Bruxelas-capital) e das competencias de cada unha delas. A pesar do ca-

rácter recente do estudio, a cambiante situación de Bélxica fai que os acordos asinados neste ano modifícase a situación que se describe creando un Estado federal en toda regra e por conseguinte provocando posiblemente cambios no ámbito de relacións coa Comunidade.

A situación do Estado español é abordada en dúas contribucións. A. LÓPEZ CASTILLO fai unha análise do sistema de distribución de competencias dos artigos 148 e 149 da Constitución española facendo especial fincapé na capacidade da que dispón o Estado para fagocitar as competencias autonómicas a través de títulos como a planificación económica, política exterior e internacional. A superposición do plano supranacional sobre o plano interno, con independencia da distribución interna de competencias, provoca problemas que non son resoltos nin moito menos polo Senado desde a súa posición de cámara de representación territorial polo que o autor insiste na necesidade de establecer mecanismos de cooperación para evitar un "baldeirado de competencias" das comunidades autónomas (CCAA). Así mesmo o autor analiza o fenómeno de apertura de oficinas de representación das comunidades autónomas ante a CE e o seu "status legal". Tamén sinala a negativa do Estado español á presenza dun observador das CCAA na súa representación permanente en Bruxelas como mecanismo de intervención na creación do dereito comunitario (D.CE). No ámbito de execución do D.CE ademais dos problemas comúns ós demais países, o autor destaca os problemas existentes pola actuación expansiva do Estado e a redución da intervención das CCAA polo carácter excesivamente técnico e detallado da normativa.

O relatorio español vai seguido por unha comunicación na que E. GAMERO CASADO fai un exame detallado dos distintos esquemas adoptados polas CCAA para organizar as políticas comunitarias.

O relatorio de M.P. CHITI estudia a situación de Italia, o menos descentralizado dos catro estados mencionados ata agora. Italia coñeceu nos anos 1987 a 1989 a creación dun novo sistema de articulación das políticas comunitarias que ten como obxectivos: unha relación máis equilibrada entre o Parlamento e o Goberno, a elaboración dunha lei comunitaria anual, unha coordinación máis eficaz entre as administracións implicadas e a concreción das formas de parti-

cipación das rexións. As rexións no caso italiano só teñen competencia, no que ás directivas se refire, nas materias que teñen transferidas, se o Estado as fixo súas mediante unha lei.

Pecha a primeira parte o estudio comparativo entre as estruturas destes catro países de HERMANN-JOSEF BLANKE, no que o autor defende a necesidade de participación das "rexións" na formación da vontade dos estados na esfera da súa competencia. BLANKE considera que só Alemaña articulou un mecanismo deste tipo, e en Bélxica as tendencias van neste sentido. Pola contra en España non hai establecida unha cooperación eficaz entre os dous niveis nin están deseñados os mecanismos necesarios para que as CCAA poidan contribuír á configuración das decisións estatais. Aínda é máis feble a participación das rexións nos temas comunitarios en Italia.

Xa na segunda parte da obra contrástase a realidade destes estados compostos coa realidade de Francia e Gran Bretaña.

No caso francés J. BOULOIS fai un repaso dos órganos encargados de intervir na elaboración do D.CE. e sinala a insuficiencia da coordinación entre as distintas autoridades na execución do D.CE así como a falta de intervención das administracións subestatais na aplicación por vía normativa do D.CE.

O estudio sobre Gran Bretaña de ANDREW LE SUEUR e FRANCIS SNYDER analiza a influencia do D.CE nas diferentes instancias administrativas e resalta a importancia que se lle dá á coordinación entre os distintos departamentos. Por último estudian a escasa influencia do D.CE na Administración local.

Cerra o libro o estudio, interesante e de grande actualidade, de J. BARNES sobre o principio de subsidiariedade e as rexións europeas. A subsidiariedade non é un principio de distribución de competencias senón de execución destas, é dicir, de gradación das xa atribuídas. Coa aceptación deste principio pode haber problemas para determinar nas materias concorrentes cal é a Administración que pode responder de xeito máis eficaz ó desenvolvemento das políticas comunitarias. O autor sinala que o principio non constitúe un problema maior para a Comunidade, nin tampouco posiblemente para os estados membros que poden defende-los seus intereses ante a Comunidade. Pola contra a cuestión é proble-

## **B**IBLIOGRAFÍA E **R**ECENSIONES

mática nas relacións competenciais Comunidade-rexións tanto porque estas non son interlocutores directos no seu seo, como porque os órganos comunitarios van incidir con maior penetración, a resultados do Tratado de Maastricht, sobre competencias tipicamente rexionais: cultura, educación, política rexional, sanidade, medio ambiente.

En definitiva, a actualidade de debates como o da subsidiariedade e o das, aínda febles, innovacións introducidas polo Tratado de Maastricht na cuestión rexional fan desta obra unha achega sumamente interesante e actualizada neste ámbito. Así mesmo a amplitude e variedade de casos estudados permiten un achegamento profundo e enriquecedor á problemática rexional no ámbito comunitario. O/a lector/a con interese no tema dispón ademais de exhaustivos anexos documentais con lexislación e xurisprudencia e unha detallada bibliografía que facilitan un coñecemento máis profundo da cuestión. Nun momento en que o debate autonómico segue aberto no Estado español é de agardar que o libro contribúa a ofrecer solucións para resolver-lo problema, que sinalan varios autores, da falta de articulación de mecanismos de intervención das comunidades autónomas na creación e execución do dereito comunitario. 

M<sup>o</sup> da Alba Nogueira López



*La conflictivitat competencial.  
L'aplicació del dret comunitari  
a Espanya*

Cèlia  
Díaz i Pardo

Institut d'Estudis Autonòmics, Barcelona, 1993.

**A** obra que nos ocupa constitúe unha interesante análise da conflictividade de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas con motivo da integración do dereito comunitario. A autora, Cèlia Díaz i Pardo, centra o seu traballo na aplicación e execución da normativa comunitaria, ou fase “descendente”, facendo ademais un detallado exame da xurisprudencia máis recente do Tribunal Constitucional.

O libro estrutúrase en cinco partes, estudando a primeira delas a singularidade do dereito comunitario e o dereito interno. A segunda parte, columna vertebral do traballo, aborda a cuestión da execución interna da normativa comunitaria e a distribución de competencias, e vese complementada polo estudio recollido nos capítulos tres e catro sobre os conflitos pendentes e as sentencias recaídas no Tribunal Constitucional. Na quinta parte faise unha breve presentación da problemática da participación das comunidades autónomas no proceso de decisión comunitario ou fase “ascendente” do dereito comunitario.

O primeiro capítulo sinala a singularidade do dereito comunitario con respecto ó dereito internacional. A autora destaca como peculiaridades: a **primacía** do dereito da Comunidade Europea sobre o dereito interno, cunha obriga de respecto desta primacía non só para o lexislador senón tamén para o xuíz ordinario; o **efecto directo** das normas comunitarias que conteñen unha obriga clara, precisa e incondicional, as cales poden ser invocadas polos cidadáns e institucións sen necesidade de mecanismos de transposición; o **principio de autonomía institucional** que implica a liberdade para escolle-lo procedemento e os órganos internos de execución; o **carácter cambiante das competencias comunitarias** debido a que non se delimitan mediante un sistema obxectivo, cumprindo ademais o artigo 235 do Tratado de Roma o papel dunha “cláusula de imprevisión” que permite ampliacións de competencias, o cal ocasiona unha diminución paralela das competencias internas (polo xeral das autonómicas).

O segundo capítulo aborda o tema central da obra: a execución interna do dereito comunitario e a distribución de competencias. Nel, faise en primeiro lugar un repaso sobre a titularidade da execución comunitaria para despois examinala tensión entre a repartición de competencias e o cumprimento das obrigas de dereito derivado.

En canto á **titularidade**, non hai unha instancia competente concreta para aplica-lo dereito comunitario. Segundo a autora a aplicación da normativa comunitaria non encaixaría no concepto de “relacións internacionais”, reservado en exclusiva ó Estado pola Constitución, que debe ser interpretado restrictivamente; pola contra facer valer ese título como habilitación equivalería a ampliar radicalmente as competencias estatais (recentralización). Neste sentido o Tribunal Constitucional sinala a inexistencia dun título habilitante específico pero apunta como criterio constante para resolver conflitos a distribución material de competencias que realiza o bloque constitucional. Así mesmo na STC 252/88 apúntase que “o único que as directivas impoñen neste punto é (...) que a Administración central sexa o interlocutor único da CEE no que toca ó efectivo cumprimento das determinacións comunitarias, pero esta é unha esixencia que (...) poderá ser satisfeita a través de fórmulas e expedientes diversos, e non só (...) mediante o exercicio directo e exclusivo pola Administración do Estado...”

Por outra banda a **tensión** entre a **repartición de competencias** e o **cumprimento** das obrigas de dereito derivado sitúa a autora ante tres tipos de problemas:

■ Definir que é “materia exterior”, cuestión esta controvertida debido á competencia exclusiva do Estado na materia. A título de exemplo, a autora salienta a opinión de A. MANGAS no sentido de que os conceptos de exportación e importación non poden ser invocados como competencia exclusiva do Estado, por formar parte do comercio “exterior”, cando se pretende configurar un “mercado interior”. Poderíase falar en cambio de intercambios intracomunitarios e só serían válidos os conceptos citados con respecto a terceiros países. Neste sentido o TC na STC 236/1991 pronúnciase en contra da invocación sistemática da prevalencia do comercio exterior e afirma a natureza diversa de comercio exterior e intracomunitario.

■ O carácter expansivo dos títulos xenéricos favorables ó Estado. A utilización de títulos, por parte do Estado, como a ordenación xeral da economía, a coordinación da actividade económica ou a normación básica para limitar ou influír na lexislación autonómica.

■ A esixencia de cumprimento das obrigas fai que o Estado, en coherencia coa súa competencia exclusiva sobre as relacións internacionais, se erixa en garante da execución da normativa comunitaria. Isto pode ocasionar que o Goberno central intente asumir competencias que non lle corresponden baixo o pretexto de asegura-lo correcto cumprimento das obrigas. A STC 79/1992 declarou a este respecto que “unha responsabilidade xurídica “ad extra” da Administración do Estado non xustifica a asunción dunha competencia que non lle corresponde, aínda que tampouco lle impide repercutir “ad intra” sobre as administracións públicas autonómicas a responsabilidade que en cada caso proceda”.

A autora analiza tamén os medios de control de que dispón o Estado para garanti-la aplicación polas comunidades autónomas do dereito comunitario.

O capítulo dous complétase cun exame no capítulo terceiro dos conflitos pendentes, a maior parte deles sobre materias de agricultura e gandería como lóxica consecuencia de se-la PAC o campo onde a política comunitaria é máis prolífica.

Na cuarta parte da obra a autora continúa o estudo da xurisprudencia examinando as sentencias recaídas das que,

despois de facer un percorrido en detalle polo seu contido, extrae uns principios consolidados polo TC na materia. O cerne desta xurisprudencia constitúe o principio de que as normas para a resolución de conflitos son as de dereito interno que establecen a distribución de competencias entre Estado e comunidades autónomas. Neste sentido, nin o Estado nin as comunidades autónomas poden considerar alterado o seu propio ámbito de competencias. Máis aínda, a STC 79/1992 afirma: "O Estado non pode ampararse por principio da súa competencia exclusiva sobre as relacións internacionais para estende-lo seu ámbito de competencias a toda actividade que constituía desenvolvemento, execución ou aplicación dos convenios e tratados internacionais. Se así fose, dada a progresiva ampliación da esfera material de intervención da CE, produciríase un baldeirado notable da área de competencias que a Constitución e os estatutos atribúen ás comunidades autónomas". Como peche deste conxunto de principios a autora sinala que tampouco cabe ignorar "a necesidade de proporcionarlle ó Goberno os instrumentos indispensables para desempeña-la función que lle atribúe o artigo 93 da Constitución española" (STC 252/88).

Xa no último capítulo C. DÍAZ I PARDO fai un breve repaso sobre o tema da participación das comunidades autónomas no proceso de decisión comunitario. A autora destaca as reflexións dalgúns autores no sentido de que a integración europea favorece os gobernos centrais na medida en que son estes os que representan ós estados membros no Consello e exercen un poder normativo sobre cuestións que eran competencias autonómicas. O baldeirado de competencias vese agravado polo excesivo detalle da normativa comunitaria e pola ampliación do abano de competencias da CEE.

A autora apunta os mecanismos de colaboración "ascendente" ensaiados ata o presente, fundamentalmente a Conferencia sectorial para asuntos relacionados coas comunidades europeas (1988) que chega a acordos de coordinación en materia de axudas públicas e en materia de intervención das comunidades autónomas nas actuacións do Estado en procedementos precontenciosos da CE. Por último, a maioría dos autores sinalan a necesidade de que a obriga de execución vaia acompañada dunha intervención na elaboración da normativa e consideran dúas posibilidades: a adopción de posicións comúns que manter polo Estado ante a CE; a participación na representación estatal.

## **B**IBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

En definitiva, esta obra é unha interesante contribución para o estudo dos conflitos de competencias que orixina a aplicación do dereito comunitario. O exhaustivo exame que se fai sobre a xurisprudencia máis recente contribúe a dar a coñece-las tendencias doutriniais do Tribunal Constitucional na materia. A autora, desde un punto de vista autonomista, apunta os principais puntos de conflito e sinala os problemas de integración no dereito interno que está ocasionando a execución do dereito comunitario. 

M<sup>o</sup> da Alba Nogueira López



*Derecho de petición y  
derecho de queja.*

Isaac  
Ibáñez  
García

Ed. Dykinson S.L., Madrid, 1993.

**N**un Estado de Dereito gran parte das iniciativas cívicas desembocan e ultímanse no exercicio de dereitos políticos, e entre eles o de petición, que posibilitan, no plano obxectivo, a garantía da lexitimación do poder, ó tempo que no subxectivo condicionan e delimitan as experiencias máis decisivas na vida social dos cidadáns. É así que, se considerámo-los dereitos políticos no vértice das liberdades públicas, aparecen como instrumento de articulación interna da orde democrática do Estado de Dereito, mentres que se os consideramos desde o punto de vista dos cidadáns representan unha progresiva ampliación da súa consciencia e actividade política.

O autor recolle a doutrina sobre a decadencia do dereito de petición, indicando que non sobrevén pola introdución de novas e mellores vías para a reparación dos dereitos individuais violados –como parte daquela entende–, senón que a auténtica razón desa decadencia está na confusión do dito dereito como un dereito omnicompreensivo –propio de épocas pretéritas– e non como un verdadeiro dereito político.

Estima como punto de partida máis acorde coa verdadeira natureza do dereito de petición o de conceptualo como un dereito de participación cidadán, máis que coma un instrumento de defensa de dereitos, e é nela onde baseará o estudo sobre este dereito fundamental e político, do que podemos dividi-los seus dezasete capítulos en cinco partes.

Na primeira parte expóñense as nocións conceptuais dos dereitos de petición e de queixa e un catálogo das manifestacións de ámbolos dous.

Respecto da primeira cuestión, o dereito de petición defínese como aquel que ten o cidadán activo de expresa-las súas opinións ó corpo lexislativo, ó rei ou ós administradores públicos sobre asuntos de administración ou de organización; mentres que a queixa consistiría no dereito de recorrer que ten todo home que ve lesionados os seus intereses particulares por unha autoridade calquera ou por un individuo. Disto resulta que a petición é un dereito exclusivo do cidadán e, en cambio, a queixa é o dereito que a tódolos homes lles corresponde, sen necesidade de tomar en consideración para recibila ou resolvela a existencia política do que a presenta.

O libro contén, entre o obxecto posible das peticións, as peticións de interese privado, as denuncias de interese público, as propostas de interese público e as exposicións. O autor considera os dous primeiros casos manifestacións do dereito de queixa, mentres que o resto constitúen peticións en sentido estricto.

A segunda parte da obra comprende o relacionado co dereito de petición desde o punto de vista legal e xurisprudencial.

Xa na Constitución francesa de 1791 -relata o autor- se incluíu entre os dereitos naturais e civís a liberdade de dirixir-lles ás autoridades constituídas peticións asinadas individualmente, e tamén se consignou na Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán de 1793, que non chegou a aplicarse. A consecuencia de todo isto, e aínda que na Decla-

ración de Dereitos do Home de 1789 non figurase tal dereito, este pasou ó dereito constitucional cun recoñecemento practicamente universal.

En concreto, pártese da lexislación preconstitucional como a Lei 92/60, do 22 de decembro, que desenvolve o dereito de petición recoñecido no art. 21 do *Fuero de los Españoles* de 1945 (derogado expresamente pola actual Constitución), da que I. Ibáñez di que é claramente inconstitucional ó recoñecer só o dereito de petición individual e non colectivo, polo que a entende derogada. Tamén se refire a este dereito a Lei do procedemento administrativo do 17 de xullo de 1958 no seu artigo 70 (hoxe derogado expresamente pola Lei 30/92, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), aínda que o artigo 34 se relaciona con ese dereito, ó tratar das oficinas de iniciativas e reclamacións, encargadas de recibir, estudar e fomenta-las iniciativas dos funcionarios e do público conducentes á mellora da estrutura e do funcionamento dos servizos administrativos. E, por último, o artigo 39 da Lei do réxime xurídico da Administración do Estado, do 26 de xullo de 1957, regula as peticións, mais quedou derogado expresamente pola LRX e PAC de 1992<sup>1</sup>.

A seguir, considérase o actual artigo 29<sup>2</sup>, que regula o dereito de petición, da Constitución vixente<sup>3</sup> como un dos preceptos constitucionais de máis difícil desenvolvemento legal. O artigo en cuestión establece no seu parágrafo primeiro que tódolos españois terán o dereito de petición individual e colectivo, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei. A xuízo do autor, resulta paradoxal que ós poucos anos de vixencia da Constitución de 1978 se regulase o exercicio da iniciativa lexislativa popular mediante a Lei Orgánica 3/84, do 28 de marzo, e aínda hoxe se atope falto de desenvolvemento un dereito, como o de petición, moito máis accesible e utilizado polos españois.

O autor enumera os esforzos infructuosos que realizou tendentes a conseguilo desenvolvemento legal do artigo 29 da Constitución, ata chegar a propoñer un borrador de anteproxecto de Lei Orgánica reguladora da forma e efectos do dereito de petición. Con este anteproxecto perseguía o desenvolvemento en España dun dereito de petición propio dun Estado moderno, no que se distinguisen as peticións-queixa, propias dos dereitos subxectivos e referidas ás denuncias

<sup>1</sup> Podemos dicir, ó noso parecer, que o dereito de petición no dereito administrativo se configura nestes momentos cos arts. 30, 35 k), 38.4, 42, 43, 44.5, 53, 54 e 70 da LRX e PAC de 1992.

<sup>2</sup> No anteproxecto da Constitución, no seu art. 29.1, dicíase que tódolos españois terán o dereito de petición ou reclamación persoal ou colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.

<sup>3</sup> No libro relaciónanse os artigos das anteriores constitucións que recoñecían o dereito de petición: os arts. 3 da de 1837, 3 da de 1845, 17 da de 1869, 3 da de 1876 e 35 da de 1931.

do anormal funcionamento dos servicios públicos, das peticións en sentido estricto ou políticas. Para as primeiras –precisa o autor– existe a institución do Defensor do Pobo e órganos similares das comunidades autónomas; as segundas débense tramitar por órganos políticos (Parlamento, Consello de Ministros, Presidente do Goberno, Ministros...).

Polo demais, examínase o artigo 77 da Constitución, precepto complementario do artigo 29, xa que contempla o exercicio do dereito de petición ante as Cortes. O artigo 77 prevé no seu parágrafo primeiro que as cámaras poderán recibir peticións individuais e colectivas, sempre por escrito, quedando prohibida a presentación directa por manifestacións cidadás; e no seu parágrafo segundo que as cámaras poderán remitirlle as peticións que reciban ó Goberno, o cal estará obrigado a explicarse sobre o seu contido, sempre que as cámaras o esixan. Este artigo ten o seu desenvolvemento nos regulamentos das dúas cámaras lexislativas, o Congreso dos Deputados e o Senado, cunha diferenza substancial deste último respecto ó primeiro: a Comisión de Peticións do Senado ou, senón, calquera grupo parlamentario poderá elevar ó Pleno do Senado unha moción que asuma o contido dunha petición, polo que esta posibilidade lle permite ó Senado promover unha “acción política” con respecto ás peticións recibidas.

Nos estatutos de autonomía das comunidades autónomas existe unha regulación similar á do artigo 77 da Constitución, en canto a que as súas asembleas lexislativas poderán recibir peticións individuais e colectivas, que serán examinadas polas comisións correspondentes, segundo os seus respectivos regulamentos.

A continuación, indica o autor o tratamento do dereito de petición por parte da xurisprudencia. Entre as sentencias do Tribunal Supremo que recolle, destaca unha que declara que o exercicio do dereito de petición obriga á Administración á cal se dirixa a petición a evacuar unha resolución decisoria que estime ou denegue a mesma, pois no caso contrario o dereito constitucionalmente establecido quedaría baleiro de contido e vulneraríase o artigo do texto constitucional relativo á eficacia dos dereitos fundamentais (art. 53.1 CE).

Por outra banda, o libro contén o segundo parágrafo do artigo 29 da Constitución, que establece que os membros das Forzas ou institutos armados ou dos corpos sometidos á dis-

ciplina militar poderán exercer-lo dereito de petición só individualmente, e de acordo co disposto na súa lexislación específica. A este respecto, o autor realiza dúas matizacións: 1ª. As peticións destes suxeitos poderán presentarse en forma colectiva en canto actúen como cidadáns e as súas peticións non afecten ó ámbito da súa actuación profesional<sup>4</sup>. En caso contrario, o dereito só poderán exercelo individualmente. 2ª. O dereito de petición nas Forzas Armadas regúlase por unhas disposicións anteriores á Constitución<sup>5</sup>, que non resultan inconstitucionais.

Á parte, dedícanse unhas liñas ó Servicio de Comunicación cos Cidadáns da Presidencia do Goberno, que ten como función estudar tódalas cartas que se reciban, a fin de responder de xeito obxectivo e veraz á diversidade de preguntas ou reclamacións que efectúen os cidadáns directamente ó presidente do Goberno. Como resultado da súa creación en 1982, o Goberno remitiu ás Cortes Xerais numerosos proxectos de lei que, ó seren aprobados por estas e convertidos en leis, solucionaron moitos problemas que os cidadáns suscitaron ó presidente<sup>6</sup>.

Na cuarta parte analízanse as regulacións deste dereito noutros ámbitos. Así, sinálase que na maioría das constituicións vixentes se recoñece con distinta terminoloxía o dereito de petición, tanto en réximes políticos democráticos coma en réximes carentes de liberdades. Nestes últimos é obvio que o dereito de petición é obxecto dun recoñecemento simplemente nominal, pois este dereito é inherente a un sistema democrático no que exista, ademais do dereito de petición, unha "liberdade de petición".

O artigo 57 do Regulamento da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa recoñece e regula o dereito de petición á mesma, que deberá versar sobre as actividades do propio consello, segundo as disposicións do seu estatuto. O dito artigo establece un trámite que o autor estima fastidioso para os peticionarios, como é que o seu asinamento se realice de acordo coa lexislación interna do país de residencia.

O dereito de petición nas comunidades europeas non se recoñeceu nos tratados constitutivos, senón que a súa orixe se remonta ó Regulamento da Asemblea Común da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro de 1953. O recoñecemento pleno do dereito produciuse en maio de 1981, mediante unha modificación do Regulamento do Parlamento

<sup>4</sup> Artigo 11 do seu Borrador de anteproxecto de lei orgánica reguladora da forma e efectos do dereito de petición.

<sup>5</sup> A regulación específica comprende o art. 199 das reais ordenanzas das Forzas Armadas, aprobado pola Lei 85/78, do 28 de decembro, e o Decreto 93/72, do 18 de xaneiro.

<sup>6</sup> Como casos máis notables recollémo-la creación de prestacións non contributivas para os que non acrediten cotizacións suficientes para ter dereito a prestación contributiva ou o establecemento da asistencia sanitaria da Seguridade Social ás persoas sen recursos económicos suficientes.

Europeo, que dedica o seu capítulo XIV ás peticións. Así, o seu artigo 128 prevé que todo cidadán da comunidade terá dereito a presentar por escrito, a título individual ou con outros cidadáns, solicitudes ou queixas (peticións) ó Parlamento europeo, sempre que incidan no ámbito de actividades das comunidades europeas. O autor describe o procedemento de traballo da Comisión de Peticións do Parlamento europeo e subliña que mediante as peticións dos cidadáns, o Parlamento escoita a súa opinión pública e ós pobos que representa: as peticións son a un tempo un sinal e o medio de contribuír ó funcionamento democrático da comunidade.

Agora, no Tratado da Unión Europea, feito en Maastricht o 7 de febreiro de 1992, exprésase que calquera cidadán da unión, así como calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, terá dereito a presentarlle ó Parlamento europeo, individualmente ou asociado con outros cidadáns ou persoas, unha petición sobre un asunto propio dos ámbitos de actuación da comunidade que lle afecte directamente. O autor afirma, en primeiro lugar, que non estaría de máis supedita-lo recoñecemento do dereito de petición, no caso de non nacionais residentes, ó principio de reciprocidade e, en segundo lugar, que a actual redacción do tratado suporá a falta de operatividade da Comisión de Peticións do Parlamento europeo, pois, ó recoñece-lo dereito de petición nos asuntos que afecten directamente ó peticionario, reconduce este dereito ás queixas, para as que se creou no tratado o Defensor do Pobo europeo; esta redacción supón, ó seu xuízo, un retroceso no recoñecemento do dereito respecto ó disposto no Regulamento do Parlamento europeo, xa que só recoñece as denominadas peticións-queixa.

Por último, o autor aborda a figura do defensor do pobo como un instrumento específico establecido nos estados modernos para a defensa dos dereitos e intereses subxectivos.

En España, esta institución, á que ten acceso directo o cidadán, prevese no artigo 54 da Constitución e regúlase na Lei orgánica 3/81, do 6 de abril. En concreto, terá a misión de colaborar á reforma da Administración a través principalmente da recepción de queixas dos cidadáns en relación coa conducta daquela. Para a institución –nun informe remitido ás Cortes Xerais en 1983– considérase “queixa” aquela pretensión formulada ó defensor por unha persoa indivi-

dual ou colectiva que, amosando un interese lexítimo, solicita a súa intervención para que se esclareza un acto ou unha resolución dunha Administración pública, dos seus axentes e autoridades administrativas, así coma nos casos de actuacións realizadas con ocasión de servicios prestados por particulares en virtude de acto administrativo habilitante, sempre que calquera dos feitos denunciados presuntamente vulneren o título I da Constitución ou se desvíen do previsto no seu artigo 103.1. O autor desenvolve o procedemento<sup>7</sup> a seguir unha vez recibida a queixa, a cal –precisa– discorrerá a través dun procedemento áxil, gratuíto, rápido e flexible, e non suspenderá os prazos para a interposición dos recursos que procedan na vía administrativa ou xurisdiccional. Ademais, engade que o defensor do pobo estatal –xa que tamén existe nas comunidades autónomas<sup>8</sup>– ten lexitimación activa para interpoñer-las recursos de inconstitucionalidade e de amparo, de oficio ou a instancia de parte, para contribuír así a unha maior garantía da supremacía da Constitución. Suscita I. Ibáñez a necesidade de reformala actual LO do defensor do pobo para que este poida ter máis competencias como alto comisionado das Cortes Xerais que é.

Por outro lado, o Tratado da Unión Europea regula a figura do defensor do pobo comunitario. O seu artigo 138E establece que o Parlamento europeo nomeará un defensor do pobo, que estará facultado para recibir-las reclamacións de calquera cidadán da unión ou de calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, relativas a casos de mala administración na acción das institucións ou órganos comunitarios, con exclusión do Tribunal de Xustiza e do Tribunal de Primeira Instancia no exercicio das súas funcións xurisdiccionais substantivas. O autor sinala que a iniciativa para a creación dun “ombudsman europeo” se baseou principalmente en obter unha plena fiscalización da actuación diaria da Administración comunitaria, investigando e emendando todas ou a maioría das irregularidades no referente á tutela dos dereitos dos cidadáns europeos.

Nas derradeiras páxinas contense un útil cadro comparativo sobre as comisións de peticións e as institucións dos defensores do pobo nos estados membros da CE, onde se relacionan distintos aspectos: os fundamentos xurídicos, as competencias, os destinatarios, os solicitantes e os informes a que houbese lugar.

<sup>7</sup> O funcionamento da institución réxese polo Regulamento de organización e funcionamento aprobado polas Mesas do Congreso e do Senado, por proposta do defensor, na reunión conxunta realizada o 6 de abril de 1993.

<sup>8</sup> O art. 14 do Estatuto de autonomía de Galicia prevé o valedor do Pobo.

En suma, este estudio achegará ó lector o dereito de petición, dereito fundamental e político da Europa dos cidadáns, para que o coñeza, e servirá tamén para que os estados o fomenten realizando os esforzos necesarios para o seu pleno recoñecemento, pois este dereito é un vínculo fundamental dos cidadáns coas institucións democráticas. 

Francisco Javier Cancela Rodríguez

*La cuestión de  
inconstitucionalidad.*

**Andrés  
Ribas  
Maura**

Ed. Civitas, Madrid, 1991.

**N**esta obra faise unha análise da cuestión de inconstitucionalidade, instrumento que permite a calquera xuíz ou tribunal ordinario solicitar ante o Tribunal Constitucional a declaración de inconstitucionalidade dunha norma legal, se se cumpren determinados requisitos. A ampla lexitimación, así como a non limitación temporal para a súa utilización, fixeron pensar que este instrumento se había converter nun medio habitual do control de inconstitucionalidade das normas legais. Non obstante, a realidade puxo de manifesto que esta previsión non se cumpriu, mais a súa utilización produciu a declaración de inconstitucionalidade de normas legais en casos de especial transcendencia para a organización do Estado e para tódolos cidadáns. Os motivos de tan reducido uso, como di o propio autor, non son analizados neste estudio, nin é o seu propósito especular sobre as posi-

bles causas. Por iso, non perde este instrumento a súa virtualidade nin é necesario insistir sobre a importancia do seu estudio, no que vai ser imprescindible a análise da doutrina do Tribunal Constitucional, polo que ó longo da obra se fará continuamente referencia á mesma.

No inicio do estudio, o autor trata, despois de facer unha breve introducción histórica onde se mostra a orixe e evolución dos sistemas de control de constitucionalidade das leis, do regulamento e natureza xurídica da cuestión de inconstitucionalidade. Polo que se refire á súa **natureza xurídica** pode contemplarse, basicamente, desde dous puntos de vista diversos aínda que compatibles e complementarios:

- *a orixe*, que é procesual; trátase dunha cuestión de carácter prexudicial devolutiva, característica esta última que se configura como un presuposto indeclinable para a existencia mesma da cuestión. Este requisito é destacado polo Tribunal Constitucional, esixindo, aínda máis, a necesaria pendencia do proceso principal durante toda a tramitación e ata a resolución do xuízo constitucional, pois, doutro xeito, a extinción sen sentenza do proceso no que se suscitou a cuestión significa a decadencia sobrevida dos presupostos de apertura do proceso constitucional e tamén a súa extinción por falta de obxecto.

- *o obxecto*; dende este punto de vista, a cuestión de inconstitucionalidade concíbese como un instrumento máis de control de constitucionalidade das leis, polo que a súa finalidade derradeira é a mesma cá do recurso: asegurar que a actuación do lexislador se manteña dentro dos límites establecidos pola Constitución.

A primeira parte da obra introdúcenos en dúas cuestións fundamentais: a lexitimación na cuestión de inconstitucionalidade e o papel das partes litigantes no proceso *a quo*.

**A lexitimación** ou facultade de expoñer as cuestións ante o Tribunal Constitucional correspóndelle en exclusiva e con carácter irrevisable ó órgano xudicial que estea coñecendo un caso concreto. Agora ben, son varios os requisitos esixidos pola Constitución e a Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional para o exercicio desta prerrogativa xudicial:

- O órgano xudicial que suscita a cuestión debe coñecer, nun proceso, a resolución dun caso concreto e da validez da norma aplicable depende a resolución do caso. É ne-

cesario, así mesmo, que o órgano que presenta a cuestión sexa o competente para a resolución do proceso principal, e polo tanto, debe pronunciarse en principio sobre o fondo do litixio.

■ Forza de lei da norma ou normas que se cuestionan.

■ Contradicción, segundo o criterio do órgano xudicial, da norma con determinados proceptos constitucionais.

Estes dous últimos requisitos, que o son tamén da lexitimación, refírense ás distintas condicións que se predicán do obxecto do control nas cuestións de inconstitucionalidade.

Estes condicionantes, como di o Tribunal Constitucional, teñen como razón de ser a necesidade de asegurar que as cuestións sirvan estrictamente á súa finalidade; de aí a existencia dun control de admisibilidade polo mesmo para verificalo cumprimento daqueles.

Polo que se refire ós efectos da lexitimación xudicial, límitábase á mera presentación da cuestión ante o Tribunal Constitucional, sen posibilidade de comparecer e presentar novas alegacións no proceso constitucional subseguinte, de aí que algúns autores consideren que non se trata propiamente dunha lexitimación, opinión que non comparte Andrés Ribas Maura.

**O papel das partes litigantes** analízao o autor de xeito que nos decatamos de que a configuración da cuestión de inconstitucionalidade como un instrumento do que a utilización depende da exclusiva vontade do órgano xudicial non supón unha minusvaloración do papel que lles corresponde no proceso *a quo*.

O autor chega á conclusión de que o recoñecemento da “instancia de parte” na exposición das cuestións de inconstitucionalidade non ten outro carácter máis có dunha denuncia que non obriga ó xuíz a suscitá-la cuestión ante o supremo intérprete da Constitución.

Tal restricción da lexitimación das partes recibiu considerables críticas pola doutrina; afirmouse, entre outros argumentos, que supón unha negación do dereito de acceso á xustiza. Sen embargo, nin a Constitución nin o artigo 35.1 da LOTC permiten outra interpretación, e así o confirmou a análise que fixo do dito artigo o Tribunal Constitucional. Aínda máis, podemos dicir que a “instancia” das partes non provoca a apertura do trámite ou incidente previo previsto no

artigo 35.2 da LOTC para presenta-la cuestión, e tampouco a necesaria contestación expresa e explícita do órgano xudicial á pretensión das partes, xa que a mera aplicación da norma supón unha contestación en sentido negativo das súas pretensións.

As partes van intervir sempre que se produza o incidente previo á presentación da cuestión (artigo 35.2 da LOTC, incidente que só se abrirá cando o órgano xudicial teña un inicial “xuízo de posible inconstitucionalidade”). Este trámite procesual inexcusable ten unha considerable importancia, pois cumpre un dobre obxectivo:

■ Por un lado, a “salvagarda do principio de contradición”, aínda que a xurisprudencia do Tribunal Constitucional determinou que non é necesario que se produza a efectiva intervención das partes, senón que abonda que sexan “citadas en forma” e dispuxeran do prazo común, xunto co Ministerio fiscal, de dez días para formularen as súas alegacións. A xuízo do autor, faise un excesivo uso do principio xeral de antiformalismo en canto ó momento do cumprimento do trámite previsto no artigo 35.2.

■ Por outra banda, poñer ó dispor do xuíz un medio que lle permita coñecer a opinión dos suxeitos interesados co fin de facilita-la súa reflexión sobre a conveniencia ou non de proceder á apertura do dito proceso constitucional.

No capítulo terceiro faise un exame do **obxecto de control** da cuestión de inconstitucionalidade, analizándose cada un dos requisitos necesarios para a súa presentación. Saliéntanse os problemas que propoñen cada un deles e as diferencias que existen coa outra vía procesual de control de constitucionalidade das leis, como é o recurso.

Segundo o esquema descrito no apartado anterior, tres son os requisitos que se poden distinguir:

**1º.** Norma con rango de lei; neste punto non existen diferencias co obxecto de control no recurso, xa que a declaración de inconstitucionalidade, promovible vía recurso ou vía cuestión, pode afectar ás mesmas normas.

A falta de rango ou forza de lei impide suscita-la cuestión, incluso na hipótese de que, polo seu contido material, a norma deba revesti-la categoría formal de lei. A relación das normas susceptibles de cuestión de inconstitucionalidade recóllese no artigo 27.2 da LOTC, destacando o problema que presenta o control dos decretos lexislativos.

A Constitución e maila LOTC parecen permitir que o mesmo o realicen tamén os tribunais ordinarios. A doutrina neste punto aparece dividida; un sector é partidario da doutrina do *ultra vires*, é dicir, ós xuíces e tribunais correspóndelles apreciar se houbo un exceso no exercicio da delegación, resolvendo non conferir valor de lei naquilo no que se exceda o decreto legislativo.

Esta interpretación foi acollida polo Tribunal Constitucional, precisando que o control debe facerse baseándose en criterios estritamente xurídico-constitucionais; e nel deberá determinarse tanto se os preceptos cuestionados son, por razón do seu contido, contrarios á Constitución, como se se respectaron os requisitos formais para o exercicio da potestade legislativa pola vía delegada.

O autor, sen embargo, opina que é máis conforme co sistema de xurisdicción constitucional creado pola Constitución de 1978 e co principio de seguridade xurídica a interpretación que mantén o profesor Ignacio de Otto (“os tribunais ordinarios só poden inaplicar os decretos legislativos cando estes carecen patentemente incluso de aparencia de tales”). É por iso polo que Andrés Ribas Maura sostén que, xurdida a dúbida de constitucionalidade ante un decreto legislativo, o xuíz ordinario debe optar pola presentación da cuestión e a conseguinte implicación temporal do mesmo.

**2º.** Norma contradictoria cos preceptos constitucionais; á diferencia co previsto no recurso de inconstitucionalidade, na presentación da cuestión o órgano xudicial debe exteriorizalo razoamento que o move a cuestionala constitucionalidade.

A LOTC dálles ás argumentacións o carácter de requisito de admisibilidade, polo que a cuestión pode rexeitarse no trámite previo de admisión cando falten os ditos argumentos ou o seu contido sexa “notoriamente infundado” (exemplo deste último é a presentación dunha cuestión baseándose unicamente en motivos de forma no caso da lexislación preconstitucional).

O control da fundamentación de inconstitucionalidade non pasa de ser, na fase de admisión, practicamente un exame formal: a constatación da existencia dos argumentos do órgano xudicial.

O Tribunal dálles, neste tema, unha ampla marxe de flexibilidade a estes; procura, na base do principio de antifor-

malismo, entrar a xulgar sobre o fondo do asunto en interese da depuración obxectiva do ordenamento (na práctica, son contados os casos de inadmisión por falta notoria de fundamento).

A apreciación xudicial acerca da inconstitucionalidade das normas atópase ante un suposto especial no caso da lexislación preconstitucional: o problema é determinar cal é a normativa que hai que entender derogada e o papel dos órganos xudiciais e mailo Tribunal Constitucional nesta determinación.

Neste caso pódese concluír que queda nas mans dos xuíces e tribunais aplicar directamente o carácter superior e posterior da Constitución, ou “no caso de dúbida”, suscita-la cuestión ante o supremo intérprete da mesma.

**3º.** Norma aplicable ó caso e da que dependa a decisión xudicial; este requisito é unha condición consubstancial coa propia natureza da cuestión de inconstitucionalidade.

O Tribunal Constitucional, baseándose en principios xerais de antiformalismo na súa actuación e de interese na depuración obxectiva do ordenamento, fai unha interpretación flexible do vocábulo *fallo* (a decisión), ó entender que significa “pronunciamento decisivo ou imperativo dunha resolución xudicial, trátase de materia de fondo ou procesual” e adopte tanto a forma dunha sentenza definitiva coma a dunha resolución interlocutoria. Agora ben, o órgano xudicial exporá cal é, en concreto, a resolución que debe dictar e respecto da que se cumpre a condición de depender da norma legal cuestionada.

En canto ós requisitos de aplicabilidade e dependencia da norma legal (este último tamén denominado pola xurisprudencia constitucional “xuízo de relevancia”), é algo que lle compete decidir ó órgano xudicial.

O tribunal está obrigado a examinar e controlar en todo caso **o xuízo de relevancia** efectuado polo xuíz, xa que se trata dunha condición procesual que afecta de xeito esencial á presentación válida de toda cuestión. A intensidade deste control non poderá entrar no fondo, senón que se limitará a comprobar que existe a “aparencia de que tal fundamentación sexa procedente”, mais na práctica este control foi máis grande, e bastantes máis os casos de rexeitamento da cuestión de inconstitucionalidade por ausencia ou defectos do xuízo de relevancia.

Pola contra, segundo o Tribunal Constitucional, a inaplicabilidade da norma non provoca a inadmisión da cuestión, sempre que se cumpra o requisito da relevancia, posibilidade que se producirá nas disposicións transitorias e nas normas sobre a produción xurídica.

Na seguinte alínea, na análise da cuestión de inconstitucionalidade, faise referencia ós distintos trámites necesarios para a súa exposición e resolución. Para efectos sistemáticos, o autor distingue tres fases:

**1ª. Tramitación e presentación** polo órgano xudicial. Pódense destacar as críticas unánimes da doutrina ante a confusa redacción do inciso final do artigo 163 da Constitución; segundo este, os efectos producidos pola presentación da cuestión “en ningún caso serán suspensivos”.

A literalidade de tal dicción supoñía que a exposición da cuestión non había paralizar o proceso *a quo* no que xurdiu, producíndose así unha importante incongruencia coa propia natureza xurídica da cuestión de inconstitucionalidade. Sen embargo, esta contradicción foi superada pola LOTC mediante unha redacción que pretende respectar o espírito do texto constitucional: evita os efectos dilatorios.

Así, no seu artigo 35.2 establece que a cuestión só poderá suscitarse “unha vez concluído o procedemento e dentro do prazo para dictar sentenza”, é dicir, establécese como unha especie de cláusula de seguridade ante a obriga de suspender a decisión do proceso e agarda-la necesaria resolución do Tribunal Constitucional.

Sen embargo, a xurisprudencia constitucional flexibilizou en gran medida este requisito temporal, en primeiro lugar porque a existencia da conclusión do procedemento hai que entendela referida a calquera resolución interlocutoria, e non só á sentenza final. En segundo lugar, o Tribunal Constitucional admite, incluso respecto á sentenza definitiva, a presentación prematura en virtude dun principio de economía procesual, cando a ulterior tramitación resulte irrelevante desde o punto de vista da cuestión de inconstitucionalidade.

Polo tanto, o límite temporal inicial pódese situar practicamente dende o inicio do procedemento; en canto ó límite temporal final, este queda aberto ata o mesmo momento da decisión ou da votación da decisión no caso de órganos procesuais compostos, aínda que sen esquecer a súa posibilidade xa na fase de execución.

**2ª. Tramitación polo Tribunal Constitucional.** Non difire, en esencia, da realizada no caso do recurso de inconstitucionalidade. Tres son as etapas nesta tramitación:

a) "Trámite de admisión" no que o tribunal comprobará que non falten as condicións procesuais para suscitá-la cuestión ou que esta non sexa notoriamente infundada.

Esta fase ten carácter potestativo porque a verificación das distintas condicións de procedibilidade, e, en consecuencia, o posible rexeitamento da cuestión por motivos de "forma" pode facerse na sentenza. A xuízo do autor, esta posibilidade debe utilizarse restrictivamente e con suma prudencia, debido ós importantes efectos dilatorios que se producen no proceso a quo; de feito, o Tribunal Constitucional fai un uso limitado de tal posibilidade.

b) Unha vez admitida a cuestión de inconstitucionalidade, normalmente mediante providencia, o procedemento continuará coa fase de comparecencia e formulación das alegacións polos distintos órganos do Estado e, no caso de afectar a unha norma legal dunha Comunidade Autónoma, polos seus órganos legislativo e executivo.

c) Sentencia do Tribunal Constitucional, concluído o trámite de alegacións e no prazo de quince días, prorrogables ata trinta, tras resolución motivada.

Xunto a estas dúas fases, poden unírselles dous incidentes comúns nas cuestións de inconstitucionalidade:

■ a acumulación, que procederá cando exista unha conexión de obxectos que xustifiquen a unidade de tramitación e decisión, trala audiencia previa dos comparecentes no proceso.

■ a suspensión do proceso, que se adoptará cando, aínda dándose a conexión obxectiva que xustifica a acumulación, a súa tramitación e aprobación provocaría unha dilación excesiva na conclusión do proceso xa iniciado; e, ademais, tendo en conta que a sentenza do proceso xa iniciado producirá efectos nas cuestións nas que a tramitación se suspende.

**3ª. A resolución** de toda cuestión de inconstitucionalidade admitida a trámite producirase, normalmente, mediante sentenza. Sen embargo, é posible a extinción mediante auto que terá lugar por dous motivos: porque a norma legal controvertida foi anulada en sentenza posterior á admisión

da cuestión, ou por desaparición ou extinción sen sentenza do proceso *a quo* que deu orixe á cuestión, ou decadencia sobrevida dos presupostos de apertura do proceso constitucional.

Os efectos da sentenza variarán, segundo sexa o sentido da mesma: desestimación por razón de forma ("non procede pronunciarse") ou de fondo, ou estimación, sexa parcial ou total.

Como efecto xeral de calquera sentenza, xunto co valor da cousa xulgada, o artigo 38.3 da LOTC establece que o órgano xudicial proponente quedará vinculado pola sentenza desde que tivese coñecemento dela, o que o Tribunal Constitucional fará con carácter inmediato, para os efectos da resolución do proceso *a quo*.

Cando a sentenza sexa estimatoria da inconstitucionalidade alegada polo órgano xudicial e produza a anulación da norma legal, non se admitirá calquera outra cuestión que insista sobre o mesmo obxecto.

Se a sentenza é desestimatoria, xorde o problema de se é posible a reiteración de novas cuestións sobre o mesmo obxecto. A LOTC deixa á apreciación do Tribunal a admisibilidade ou non da cuestión. Deste xeito, aínda que pode rexeita-la admisión dunha cuestión baseándose nunha resolución desestimatoria anterior, non se ve estrictamente vinculado polos seus propios precedentes variando a súa anterior interpretación se considera que existen causas ou elementos que o xustifiquen.

Neste punto suscítese a problemática da relación entre as cuestións de inconstitucionalidade e as sentencias nos procesos de control de constitucionalidade na vía de recurso. O Tribunal Constitucional avoga pola normal compatibilidade dos dous medios de control, de xeito que a imposibilidade de novos recursos sobre unha mesma norma e fundados na infracción de idéntico precepto constitucional, cando xa foron desestimados, non obstaculiza a posibilidade de cuestións que incidan sobre o mesmo obxecto, posibilitándose unha interpretación constitucional evolutiva que adapte o texto ós feitos históricos e sociais cambiantes, colaborando así á permanencia da Constitución.

Xa para rematar, o autor recolle no derradeiro capítulo un apéndice de xurisprudencia constitucional que nos permitirá apreciar a aplicación práctica da cuestión de inconstitu-

cionalidade, e concluír que a aplicación diaria da lexislación polos xuíces e tribunais non ten suscitado moita controversia, sobre todo se se compara coa producida polo desenvolvemento normativo do Estado autonómico. 

REGAP 

M<sup>o</sup> Jordana Meruéndano Lira

*La caducidad en el derecho  
administrativo español.*

Jaime  
Rodríguez-Arana  
Muñoz

Ed. Montecorvo, Madrid, 1993.

Jaime Rodríguez-Arana Muñoz reflecte neste libro a estrutura e o funcionamento da institución da **caducidade**, a través da súa inserción teórica en distintas figuras da práctica administrativa.

Partindo da base da caducidade civil, entendida como “o fenómeno polo que, co transcurso de certo tempo que a lei ou os particulares fixan para o exercicio dun dereito, este se extingue”, agroma a primeira nota fundamental que define a caducidade administrativa: o seu carácter non automático, pois, á diferenza da caducidade civil, a súa efectiva concorrencia depende da Administración como servidora dos intereses xerais.

A caducidade pódese referir, no ámbito administrativo, á extinción de dereitos que nacen cunha vida predetermina-

da ou a unha forma de extinción do procedemento administrativo por paralización imputable ó interesado (art. 92 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

A declaración pública da Administración pola que estima finalizado o procedemento baséase na presunta vontade dos interesados de abandonalo (tese subxectiva) e na necesidade de evita-la súa dilación indebida (tese obxectiva).

A caducidade, é dicir, a declaración que –de non existir interese xeral– paraliza o procedemento por causa imputable ó interesado que, requirido pola Administración, permanece inactivo, predícase, en primeiro lugar, das concesións de servizos públicos (incumprimento declarado discrecionalmente pola Administración, polo concesionario dalgunha das condicións “esenciais” previstas no prego de concesión), e leva consigo a fin da concesión e a súa consecvente reversión, agás pedimento de prórroga en tempo ou rehabilitación ulterior. En segundo lugar, das concesións e autorizacións do dominio público, actos administrativos necesitados de aceptación, como consecuencia do incumprimento con culpa, declarado pola Administración, das obrigas esenciais do concesionario e a non consecución, subxacente, do interese público (a doutrina engadirá outras causas posteriormente, como a perda do obxecto concedido, a modificación das súas cualidades intrínsecas, etc.), caracterizando esta figura xurídico-administrativa cun matiz sancionador, contradictorio (audiencia do interesado para a corrección xurídica da declaración expresa de caducidade), e desencadeando, entre outras, as seguintes consecuencias: extinción da concesión e as obrigas e dereitos derivados da mesma, recuperación pola Administración do dereito de uso e aproveitamento concedido, reversión –en casos concretos– das instalacións construídas polo concesionario, inhabilitación do concesionario e perda da fianza constitutiva. A caducidade pode evitarse se a Administración prorroga o prazo para a execución de obras ou se rehabilita –discrecionalmente– a concesión. Do seo deste prisma xeral vanse reflectindo diferentes figuras administrativas de carácter especial. Así, a caducidade de concesións e autorizacións mineiras, que pode emanar polo esgotamento da mina, pola chegada do termo final ou pola renuncia e incumprimento grave das obrigas do concesionario; a caducidade en materia de hidrocarburos, como consecuencia do incumprimento das obrigas esenciais do concesionario; a ca-

ducidade das concesións e autorizacións de dominio público marítimo-terrestre, "que se produce como consecuencia de incumprimentos que afecten ó contido esencial do interese público inserido en toda concesión de dominio público (non realización das obras no prazo previsto, non pagamento do canon ou taxas no prazo superior a un por ano, alteración da finalidade do título, etc.); a caducidade de concesións de terras destinadas a constituíren explotacións familiares ou comunitarias; a caducidade das concesións e autorizacións de augas, por incumprimento de calquera das condicións esenciais ou prazos nelas previstos (Lei de augas).

En terceiro lugar, analízase a caducidade das licencias administrativas, que se producen "polo mero transcurso do tempo, independentemente das circunstancias subxectivas do titular e da súa actuación máis ou menos negligente", e de onde podemos extrae-las seguintes características básicas: matiz sancionador; declaración, tralo procedemento, pola Administración; relativa imputabilidade ó autor; posibilidade de ampliación do prazo establecido, a través da prórroga; interpretación restrictiva, etc.

E, finalmente, en cuarto lugar, faise unha referencia á caducidade do recurso contencioso-administrativo, que se produce como consecuencia da inactividade do demandante como efecto da non presentación en prazo da demanda contenciosa.

En definitiva, atopamos neste libro unha vía factible e documentada que se abre paso polo angosto e ensarillado panorama xurídico da **caducidade administrativa**, unha institución que produce a cesación da eficacia do negocio xurídico sobre o que se proxecta, e que persegue, ante todo, a predominancia da orde pública e da seguridade xurídica. O autor recada, na súa procura xurídica, numerosa xurisprudencia e cualificada doutrina administrativa e civil, analiza institutos xurídicos que van desde a concreción das concesións do servizo de subministracións de gas por canalización ou de estacións de servizo e de televisión privada á xeral modulación que a institución da caducidade recibe na literatura xurídica española, pasando por lúcidas referencias ás concesións de afloramento de augas en Canarias, á caducidade de licencias urbanísticas (cunha mención especial á Lei do 25 de xullo de 1990 e ó Texto refundido do 26 de xuño de 1992) ou á regulación de concesións de licencias de taxis e far-

macias; un estudio pormenorizado que, lonxe de redundar na tantas veces tratada institución xurídica da caducidade, ofrece un novo enfoque para o seu estudio e regulación, todo o cal vén “confirmar de novo o carácter relativista e movedido das institucións xurídico-administrativas”. 

Lorenzo Mellado Ruíz

## *Normas para a presentación de orixinais*

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo de se-lo caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores, polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
- 8 Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolle-ranse ó final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:  
**Libros:**  
AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.  
**Artigos:**  
AUTOR (ano): "Título do artigo", en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.  
Nos casos de máis de un traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).  
As citas, nas notas de páxina, referenciaranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.
12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, a tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixilas probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:  
**Revista Galega de  
Administración Pública**  
EGAP. Fontiñas, s/n  
15703 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.





CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA